MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións do orzamento para o exercicio de 2024 en relación có de 2023, elabórase a presente memoria.

Introdución

O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento dun 4,19 por cento, que si nos PXE se establece a compensación da liquidación negativa na PTE do exercicio de 2020, poderíase elevar a un 6,5 por cento (5.189.518€); permitíndonos compensar, na medida das nosas escasas posibilidades, a previsión de caída do consumo e inversión do sector privado.

Para a súa elaboración non podemos contar coa información que, en anos anteriores, ofrecíanos o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado; así consideramos que os ingresos para o próximo exercicio que recibiremos do Estado serán os que estamos a recibir no actual exercicio (o detalle figura no análise comparativa cos do exercicio anterior); así resulta que os ingresos a conta que recibiremos do Estado experimentan un incremento sobre as previsións iniciais de 2023 entorno ao 3 por cento e as retribucións dos empregados experimentarán un incremento do 2 por cento, podendo acadar outro 0,5 por cento en función das variacións do IPC harmonizado durante o exercicio de 2024. Estas porcentaxes aplicaranse sobre as retribucións de 2023 incrementadas nun 0,5 por cento da paga compensatoria do incremento do IPC en 2023, ao que se deberá engadir outro 0,5 por cento se ao finalizar 2023 se acada o nivel de PIB estipulado, previo recoñecemento legal por parte do Estado.

De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1º das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024 está integrado polos orzamentos:

- Da Deputación 189.283.429 €
- Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería 630.617 €
- Do Consorcio provincial C. Incendios 3.992.300 €
- Consorcio Deza – Tabeirós 1.188.738 €
- O Consolidado **193.157.062 €**

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

En relación cos ingresos do orzamento de Deputación podemos destacar:

- O incremento dos ingresos totais por importe de 7.649.534 € (4,21%),
- O incremento dos recursos correntes por importe de 9.427.925 € (5,27%)
- Aforro neto é de 52.109.989 €, diminúe en 3.769.161 € (6,75%), como consecuencia do incremento dos gastos correntes (13.437.919 €).

En relación cos gastos do orzamento de Deputación podemos destacar:

- O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 7.649.534 € (4,21%)
- Incremento do gasto corrente en 13.437.919 € (10,96%)
- Os investimentos (cap. VI e VII) diminúen 5.532.552 € (-9,46%)

En relación co endebedamento podemos destacar:

- Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
- O endebedamento inicial é de 25.000.000 €.
- O endebedamento final será de 25.000.000 €.
- A carga absoluta e relativa (xuros + amortización/dereitos correntes) prevista será de 0 €.

En relación coa solvencia consolidada da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto acada a cifra de 52.140.549€, diminúe en 4.010.293 € en relación co do ano anterior (-7,14%), como consecuencia do aumento dos gastos correntes, a pesares do incremento dos ingresos correntes.
- O aforro neto acada a cifra de 52.140.549 €, diminúe 3.769.460 € (-6,74%), e representa o 27,15% dos recursos correntes.
- A débeda viva o inicio do exercicio será de 25.000.000 €, non se amortiza nada, quedando ao final do exercicio unha débeda de 25.000.000€.
- A débeda viva sobre os recursos correntes será ó final do exercicio do 13,02 por cento.

Finalidades ás que se destinan os créditos orzamento consolidado da Deputación.

Este orzamento recolle os compromisos de gasto adquiridos no exercicio de 2024 e anteriores pendentes de execución. Asimesmo, o orzamento dota os créditos necesarios para atender aos seguintes programas de gasto:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
	DÉBEDA PÚBLICA	250.835 €	65.002 €	-185.833 €	-74,09%
	AREA DE GASTO 0 "DÉBEDA PÚBLICA"	**250.835 €**	**65.002 €**	-185.833 €	-74,09%
1360	SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENCIOS	5.343.485 €	5.405.826 €	62.341 €	1,17%
	POLÍTICA DE GASTO 13 "SEGURIDADE E MOVILIDADE CIDADAN"	*5.343.485 €*	*5.405.826 €*	*62.341 €*	*1,17%*
1516	PROMOCIÓN DE SOLO	246.184 €	336.184 €	90.000 €	36,56%
	POLÍTICA DE GASTO 15 "VIVENDA E URBANISMO" (IPESPO)	246.184 €	336.184 €	90.000 €	36,56%
1621	RECOLLIDA DE LIXO	3.000 €	11.000 €	8.000 €	266,67%
1623	RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS (PROGRAMA COMPOSTAXE)	1.709.206 €	1.234.706 €	-474.500 €	-27,76%
1650	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	210.370 €	210.370 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 16 "BENESTAR COMUNITARIO"	*1.922.576 €*	*1.456.076 €*	*-466.500 €*	*-24,26%*
1700	ADMON. MEDIO AMBIENTE	94.086 €	94.086 €	0 €	0,00%
1705	ADMON. MEDIO AMBIENTE - RECOLLIDA DE ANIMALES	751.000 €	731.500 €	-19.500 €	-2,60%
1708	ADMON. MEDIO AMBIENTE - BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROS	0 €	188.848 €	188.848 €	100,00%
1720	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	178.000 €	103.000 €	-75.000 €	-42,13%
	POLÍTICA DE GASTO 17 "MEDIO AMBIENTE"	*1.023.086 €*	*1.117.434 €*	*94.348 €*	*9,22%*
	AREA DE GASTO 1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	**8.535.331 €**	**8.315.520 €**	-219.811 €	-2,58%
2110	PENSIÓNS	202 €	202 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 21 "PENSIÓNS"	202 €	202 €	0 €	0,00%
2210	OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS	744.700 €	744.700 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 22 "OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS"	744.700 €	744.700 €	0 €	0,00%
2310	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	0 €	654.184 €	654.184 €	100,00%
2311	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -ACCIÓN SOCIAL	1.838.935 €	1.796.851 €	-42.084 €	-2,29%
2312	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -PROMOCIÓN SOCIAL	12.584.288 €	13.102.292 €	518.004 €	4,12%
2313	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -A PERSONAS DEPENDIENTES	3.959.349 €	4.568.098 €	608.749 €	15,37%
2315	ASISTENCIA SOCIAL - IGUALDADE	2.125.277 €	1.658.848 €	-466.429 €	-21,95%
2317	ASISTENCIA SOCIAL - LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO M. RURAL	0 €	21.624 €	21.624 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 23 "SERVICIOS SOCIALES E PROMOCIÓN SOCIAL"	20.507.849 €	21.801.897 €	1.294.048 €	6,31%
2410	FOMENTO DE EMPLEO	2.503.152 €	2.212.433 €	-290.719 €	-11,61%
2411	FOMENTO DE EMPLEO - DEPOEMPRENDE	86.945 €	96.351 €	9.406 €	10,82%
2412	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTOS UE. E MOZOS	100.000 €	100.000 €	0 €	0,00%
2427	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_21-23	107.402 €	0 €	-107.402 €	-100,00%
2428	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_22-24	79.686 €	79.686 €	0 €	0,00%
2429	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_23-25	0 €	138.216 €	138.216 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 24 "FOMENTO DE EMPREGO"	2.877.185 €	2.626.686 €	-250.499 €	-8,71%
	AREA DE GASTO 2ª ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	**24.129.936 €**	**25.173.485 €**	1.043.549 €	4,32%

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
3243	FUNCIONMENTO CENTRO DE ENSINANZA ESCOLA DE CANTEIROS	764.625 €	0 €	-764.625 €	-100,00%
3260	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN	599.001 €	611.001 €	12.000 €	2,00%
3261	*SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - F. ESCOLA DE ENFERMERÍA*	603.575 €	630.617 €	27.042 €	4,48%
	POLÍTICA DE GASTO 32 "EDUCACIÓN"	1.967.201 €	1.241.618 €	0 €	100,00%
3300	ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA	481.762 €	527.442 €	45.680 €	9,48%
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	22.000 €	22.000 €	0 €	0,00%
3322	ARQUIVOS.	2.601.479 €	2.021.068 €	-580.411 €	-22,31%
3330	EQUIPAMENTOS CULTURALES E MUSEOS	9.531.619 €	9.745.298 €	213.679 €	2,24%
3340	PROMOCIÓN CULTURAL	4.592.677 €	5.297.895 €	705.218 €	15,36%
3341	PROMOCIÓN CULTURAL: BIENAL DE ARTE	0 €	100.000 €	100.000 €	100,00%
3344	PROMOCIÓN CULTURAL, PROX. AUDIOVISUAIS	45.730 €	0 €	-45.730 €	-100,00%
3360	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO SOUTOMAIOR	730.454 €	1.070.698 €	340.244 €	46,58%
3361	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	114.010 €	131.010 €	17.000 €	14,91%
3362	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - CASTRODEZA E PAZO LIÑARES	178.003 €	208.799 €	30.796 €	17,30%
3363	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO DE SOBROSO	256.012 €	477.155 €	221.143 €	86,38%
3370	INSTALACIÓNS DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE (C. LANZADA)	536.078 €	504.557 €	-31.521 €	-5,88%
	POLÍTICA DE GASTO 33 "CULTURA"	19.089.824 €	20.105.922 €	1.016.098 €	5,32%
3400	ADMINISTRACIÓN XERAL DO DEPORTE	793.899 €	849.066 €	55.167 €	6,95%
3410	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	3.849.404 €	4.608.102 €	758.698 €	19,71%
3420	INSTALACIONS DEPORTIVAS	143.501 €	2.646.500 €	2.502.999 €	1744,24%
	POLÍTICA DE GASTO 34 "DEPORTE"	4.786.804 €	8.103.668 €	3.316.864 €	69,29%
	AREA DE GASTO 3ª PRODUCC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	**25.843.829 €**	**29.451.208 €**	3.607.379 €	13,96%
4100	ADMON. XERAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.322.099 €	2.417.336 €	95.237 €	4,10%
4120	MELLORA DAS ESTRUCTURAS AGROPECUARIAS E DOS SIST. PRODUCTIVOS	1.348.669 €	1.504.033 €	155.364 €	11,52%
4123	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA	2.530.328 €	2.914.785 €	384.457 €	15,19%
4125	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: VITICULTURA	0 €	16.022 €	16.022 €	100,00%
4140	ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE	14.000 €	14.000 €	0 €	0,00%
4150	PROTECCION E DESENROLO DOS RECURSOS PESQUEIROS	250.000 €	250.000 €	0 €	0,00%
4190	OUTRAS ACTUACIÓNS EN AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	490.000 €	422.000 €	-68.000 €	-13,88%
	POLÍTICA DE GASTO 41 "AGRICULTURA, GANDERIA E PESCA"	*6.955.096 €*	*7.538.176 €*	*583.080 €*	*8,38%*
4200	ADMINISTRACIÓN XERAL DA INDUSTRIA E ENERXIA	5.500 €	5.500 €	0 €	0,00%
4251	FOMENTO COMUNIDADES ENERXÉTICAS	0 €	147.881 €	147.881 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 42 "INDUSTRIA E ENERXÍA"	*5.500 €*	*153.381 €*	*147.881 €*	*2688,75%*
4315	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL I"	0 €	20.000 €	20.000 €	100,00%
4316	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL II"	0 €	20.000 €	20.000 €	100,00%
4320	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	2.786.959 €	3.147.036 €	360.077 €	12,92%

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2023.	2024.	DIFERENZA	% VARIACIÓN
4321	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA-TURISMO ACCESIBLE (POUSADAS)	50.001 €	224.002 €	174.001 €	348,00%
4324	TURISMO NOS CAMIÑOS_DEZA	827.000 €	173.670 €	-653.330 €	-79,00%
4325	TURISMO, TERRA ENTRE RIOS	535.000 €	143.220 €	-391.780 €	-73,23%
4330	DESENROLO EMPRESARIAL (VIVEIROS)	311.267 €	465.250 €	153.983 €	49,47%
4331	DESENROLO EMPRESARIAL (CENTRO DE APOIO EMPRRESARIAL)	24.240 €	24.240 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 43 "COMERCIO, TURISMO E PEQUENAS E M. EMPRESAS"	*4.534.467 €*	*4.217.418 €*	*-317.049 €*	*-6,99%*
4500	ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS	1.732.179 €	1.680.632 €	-51.547 €	-2,98%
4530	CARRETERAS	19.919.919 €	16.484.782 €	-3.435.137 €	-17,24%
4590	OUTRAS INFRAESTRUTURAS	0 €	2.050.000 €	2.050.000 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 45 "INFRAESTRUCTURAS"	*21.652.098 €*	*20.215.415 €*	*-1.436.683 €*	*-6,64%*
4630	INVESTIGACIÓN CIENTIFICA, TÉCNICA E APLICADA	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 46 "INVESTIGACIÓN, DESENROLO E INNOVACIÓN"	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	AREA DE GASTO 4ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	**33.152.161 €**	**32.129.390 €**	-1.022.771 €	-3,09%
9120	ORGANOS DE GOBERNO	3.385.147 €	3.157.060 €	-228.087 €	-6,74%
	POLÍTICA DE GASTO 91 "ÓRGANOS DE GOBERNO"	*3.385.147 €*	*3.157.060 €*	*-228.087 €*	*-6,74%*
9200	ADMINISTRACIÓN XERAL	11.252.024 €	11.749.422 €	497.398 €	4,42%
9220	COORD. E ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DAS ENT. LOCALES (COTAS FEMP E FEGAMP)	110.000 €	110.000 €	0 €	0,00%
9225	COORDINACIÓN E ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	775.755 €	908.704 €	132.949 €	17,14%
9240	PARTICIPACIÓN CIDADÁN	1.247.438 €	1.300.217 €	52.779 €	4,23%
9260	COMUNICACIÓNS INTERNAS (TIC)	6.609.288 €	6.367.171 €	-242.117 €	-3,66%
9290	IMPREVISTOS, SITUACIÓNS TRANSITORIAS E CONTINXENCIAS DE EXECUCIÓN	1.003.000 €	1.003.000 €	0 €	0,00%
	POLÍTICA DE GASTO 92 "SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL"	*20.997.505 €*	*21.438.514 €*	*441.009 €*	*2,10%*
9310	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL	1.887.952 €	2.187.902 €	299.950 €	15,89%
9320	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO (ORAL)	10.474.141 €	10.791.351 €	317.210 €	3,03%
9330	XESTIÓN DO PATRIMONIO	373.850 €	513.850 €	140.000 €	37,45%
9340	XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA	345.821 €	450.640 €	104.819 €	30,31%
	POLÍTICA DE GASTO 93 "ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA"	*13.081.764 €*	*13.943.743 €*	*861.979 €*	*6,59%*
942	TRANSF. A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES /PLAN COOPERACIÓN CONCELLOS: 2023	55.575.894 €	59.123.638 €	3.547.744 €	6,38%
9431	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	435.001 €	245.001 €	-190.000 €	-43,68%
9434	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	0 €	114.502 €	114.502 €	100,00%
	POLÍTICA DE GASTO 94 "TRANSFERENCIAS A OUTRAS ADMON. PÚBLICAS"	*56.010.895 €*	*59.483.141 €*	*3.472.246 €*	*6,20%*
	AREA DE GASTO 9ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	**93.475.311 €**	**98.022.458 €**	4.547.147 €	4,86%
TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO (DEPUTACIÓN + F. E. ENFERMERIA+ CONSORCIO PROVINCIAL + CONSORCIO DEZA-TABEIROS)…		**185.387.403 €**	**193.157.062 €**	7.769.659 €	4,19%

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

Con este orzamento trátase de:

- Manter coa calidade adecuada, durante o exercicio de 2024, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade a Deputación. Asimesmo, tamén se dota crédito para facer fronte ao gasto de novos servizos e actividades que se pretenden acometer no próximo exercicio.
- Asistir económica e tecnicamente aos concellos por un importe total de 66.001.722,00 €, dos cales 29.094.022 € son para axudas de natureza corrente e 36.907.700,00 € son para axudas de natureza de capital (investimento).
- Axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia (13.671.200 €) mediante subvencións e axudas correntes e de capital.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de gastos

En materia de gastos o orzamento **consolidado** da Deputación podemos destacar:

- Os créditos para gastos do capítulo I (gastos de persoal) acadan a cifra de 56.935.140 €, experimentando un incremento de 1.904.739 € (3,46%). Este crecemento débese basicamente ao incremento do 1% non previsto no presuposto de 2023 e ao 2% de incremento para o exercicio de 2024 e a outras pequenas variacións nos cadros e relación de postos de traballo que se explican no informe da xefa do Servicio de RRHH e Formación.
- Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) acadan a cifra de 42.020.147 €, experimentando un incremento de 1.471.089 € (3,63%), como consecuencia do incremento de prezos.
- Os créditos para gastos do capítulo III (gastos financeiros) acadan a cifra de 150.103 € (dos cales 0 € son dos xuros da débeda e o resto xuros de demora), polo que experimentan un incremento de 45.001 € (42,82%).
- Os créditos para gastos do capítulo IV (transferencias correntes) acadan a cifra de 39.785.223 €, increméntanse en 10.137.514 € (34,19%), como consecuencia de incrementar en as axudas para gasto corrente dos concellos.
- Os créditos para gatos do capítulo V (Fondo de continxencia) acadan a cifra de 1.003.000 €, é unha esixencia da LOEPSF para facer fronte a gastos imprevistos e imprevisibles, e non experimenta ningunha variación.
- Os créditos para gastos do capítulo VI (investimentos reais) acadan a cifra de 13.098.349 €, experimentan unha diminución de 3.838.650 € (-22,66%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VII (transferencias de capital) acadan a cifra de 39.892.700 €, diminúe en 1.694.201 € (-4,07%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VIII (variación de activos financeiros) non experimentan variación significativa.
- Os créditos para gastos do capítulo IX (variación de pasivos financeiros) acadan a cifra de 0 €, diminuíndo en 240.833 € (-100%), como consecuencia diminución das amortizacións ordinarias.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de ingresos

En materia de ingresos do orzamento xeral **consolidado** da Deputación podemos destacar:

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

- Capítulo I (Impostos directos), estímanse para este capítulo uns dereitos a liquidar de 16.492.234€, experimentando un crecemento de 2.573.935 € (18,49%), xa que se espera recadar mais de acordo co que estamos recibindo actualmente.

- Capítulo II (Impostos indirectos), estímanse para este capítulo uns dereitos a liquidar de 14.651.024 €, o que representa unha diminución de 269.935 € (-1,81%), en base ao que estamos recibindo actualmente do IVE e Impostos especiais.

- Capítulo III (Taxas e outros ingresos), estímanse, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 14.877.028 €, polo que experimenta un incremento de 325.827 € (2,24%), como consecuencia duns maiores ingresos esperados de taxas, prezos públicos e outros conceptos.

- Capítulo IV (Transferencias correntes), estímanse neste capítulo uns ingresos de 143.398.470 €, experimentando un aumento de 4.539.744 € (3,27%), como consecuencia do que estamos recibindo actualmente da PTE, do Fondo Complementario e do financiamento de fondos europeos, etc.

- Capítulo V (Ingresos patrimoniais), estímanse neste capítulo uns dereitos a liquidar de 2.615.406 €, é dicir, que experimenta un aumento de 2.378.479 € (1.003,89%), debido a unha maior recadación pola subida dos xuros que pagan os bancos polos excedentes de tesourería.

- Capítulo VI (alleamento de investimentos reais), estímanse para este capítulo uns dereitos a liquidar de 850.500 €, experimenta unha diminución de 150.000 € (-14,99%).

- Capítulo VII (Transferencias de capital), espéranse uns ingresos de 0 €, en función de convenios cos concellos e de axudas de fondos europeos xa concedidas.

- Capítulo IX (Variacións de pasivos financeiros), as previsións non varían ao non preverse ningunha operación de crédito igual co ano anterior, como consecuencia de non ser necesario o financiamento do orzamento con endebedamento, dándose así cumprimento o principio de estabilidade orzamentario e de déficit cero.

Evolución do endebedamento

A débeda neta consolidada da Deputación, en termos absolutos, diminuirá en 240.833€.

A carga financeira da deputación (xuros e amortización) experimentará unha diminución de 240.833€ (-100%) como consecuencia da redución natural da amortización no actual exercicio e a non disposición dos préstamos de 25 millóns concertado en 2021. En termos relativos pasa do 0,13 ao 0,00 por cento dos recursos correntes.

O endebedamento previsto para o exercicio de 2024 presenta a seguinte estrutura:

○ Débeda inicial consolidada	25.000.000€
○ Crecemento débeda Deputación	0,00€
○ Amortización débeda consolidada	0,00€
▪ Total débeda final	25.000.000€

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto e co obxecto de poder atender ás diversas obrigacións da competencia provincial, e dado que este se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias, hónrome en lle propoñer ó Pleno a aprobación do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2024 está integrado por:

- O orzamento da Deputación, por importe de 189.283.429€.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 630.617€
- O orzamento do Consorcio P. contra incendios, por importe 3.992.300€.
- O orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós 1.188.738€.

- Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:
  - En ingresos---------- 193.157.062 €
  - En gastos ---------- 193.157.062 €
- Das bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación da Escola U. de Enfermería e a dos Consorcios.
- Dos cadros de funcionarios, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral e eventual da Deputación, da Fundación E. U. E. e dos consorcios.
- Do Anexo de investimentos para o exercicio 2024.
- Do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2023-2025.

No acordo de aprobación inicial haberá de recollerse, para cada un dos orzamentos indicados, o resumo por capítulos dos seus estados de ingresos e gastos.

O PRESIDENTE,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):WLXPM6RYD9LYHZZ4

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PARA 2024

En cumprimento do disposto no artigo 168.1,e) del R.D. Lex. 2/2004, de 5 demarzo (T.L.R.H.L.) e o artigo 18.1,e) do R.D. 500/90, de 20 de abril (RP), e co obxecto de explicar as bases empregadas para avaliar os ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento, elabórase o seguinte informe:

ESTRUCTURA

No desenvolvemento deste informe seguiremos a seguinte estructura:

1.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos.
2.- Estudo do financiamento do orzamento.
3.- Suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servicios e a efectiva nivelación do orzamento.
4.- Estudo do endebedamento.

1. BASES EMPREGADAS PARA A AVALIACIÓN DOS INGRESOS DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

O estudio das bases empregadas para a avaliación dos ingresos farémolo por capítulos e para aqueles conceptos máis significativos:

Capítulo I. Impostos directos (cesión recadación IRPF e recargo IAE)

Estímanse para este capítulo uns dereitos a liquidar de 16.492.234 euros, aumentando en 2.573.935 € (18,49%), en función do que se está ingresando neste exercicio xa que non temos información do proxecto de PXE/2024.
Así mesmo, tamén se ten en conta a información da recadación do recargo provincial sobre o IAE no actual exercicio.

Capítulo II. Impostos indirectos (cesión recadación IVE e Impostos Especiais)

Estímanse para este capítulo, uns dereitos a liquidar de 14.651.024 euros, o que representa unha caída de -269.935 € (-1,81%), en base ao que se está a ingresar neste exercicio e non ter información do proxecto de PXE/2024.

Capítulo III. Taxas e outros ingresos

Estímanse, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 12.437.404 euros, experimentando un incremento de 205.703 € (1,68%), como consecuencia dunha maior recadación esperada de diversas taxas e prezos públicos.
A avaliación dos dereitos que se prevén liquidar nos distintos conceptos que integran este capítulo efectuouse, entre outros, en base aos seguintes criterios:

- Tendo en conta a información subministrada polo estado de execución do orzamento de 2023.
- Tendo en conta os dereitos que se esperan liquidar no transcurso do exercicio, segundo as tarifas de taxas e prezos públicos vixentes.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

Capítulo IV. Transferencias correntes

Estímanse neste capítulo uns dereitos a liquidar de 141.964.563€, polo que experimenta un aumento de 4.539.744€ (3,30%), debido basicamente ao Fondo Complementario de Financiamento que estamos recibindo neste exercicio e carecer de información do proxecto de PXE/2024 e á aportación de fondos Europeos e de outras AAPP.

Estes datos obtéñense:

- Pola recadación actual xa que non temos información do PLPXE/2024.
- A Previsión de transferencias doutros entes públicos.
- A información relativa a outros compromisos de ingreso.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Estímanse neste capítulo uns dereitos a liquidar de 2.387.704€, experimentando un aumento de 2.150.878€ (908,21%), como consecuencia basicamente da mellora dos tipos de interese que nos pagan os bancos polos excedentes de tesourería.

OUTROS INGRESOS

- A evolución dos dereitos que se poden liquidar polos distintos conceptos que integran os restantes capítulos (VI a IX) faise en base a contratos ou compromisos firmes de ingreso, basicamente doutras administracións públicas, previstas para o exercicio de 2024. Así cabe destacar:
  - No capítulo VI, estímanse neste capítulo uns dereitos a liquidar de 850.500€, experimentando unha diminución de 150.000€, como consecuencia da estimación de ingresos procedentes da venta de parcelas e dereitos de superficie no Polígono Outeda – Curro en Barro.
  - No capítulo VII non se espera ningún ingreso.

2. ESTUDO DO FINANCIAMENTO DO ORZAMENTO XERAL CONOLIDADO DA DEPUTACIÓN

O financiamento dos créditos do estado de gastos do orzamento xeral consolidado será a que se sinala de seguido:

- **Dereitos que se esperan liquidar no exercicio**

Capítulo I. Impostos directos	16.492.234
Capítulo II. Impostos Indirectos	14.651.024
Capítulo III. Taxas e outros ingresos	14.877.028
Capítulo IV. Transferencias correntes	143.398.470
Capítulo V Ingresos patrimoniais	2.615.406
Total ingresos correntes	**192.034.162**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

Capítulo VI. Alleamentos de investimentos reais	850.500
Capítulo VII. Transferencias de capital	0
Total ingresos por operacións de capital non financeiras	**850.500**
Capítulo VIII. Variación de activos financeiros	272.400
Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros	0
Total ingresos operacións de capital financeiros	**272.400**
Total ingresos operacións de capital	**1.122.900**
TOTAL INGRESOS EXERCICIO	**193.157.062**

- **Obrigas que se prevén recoñecer no exercicio**

Capítulo I. Gastos de persoal	56.935.141
Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos	42.020.147
Capítulo III. Gastos financeiros	150.103
Capítulo IV. Transferencias correntes	39.785.222
Capítulo V. Fondo de continxencia	1.003.000
Total gastos operacións correntes	**139.893.613**
Capítulo VI. Inversións reais	13.098.349
Capítulo VII. Transferencias de capital	39.892.700
Total gastos operacións de capital non financeiras	**52.991.049**
Capítulo VIII. Variación activos financeiros	272.400
Capítulo IX. Variación pasivos financeiros	0

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

Total Gastos operacións de capital financeiras	272.400
Total gastos operacións de capital	53.263.449
TOTAL GASTOS EXERCICIO	193.157.062

Os ingresos correntes son suficientes para financiar os gastos correntes e a amortización anual da débeda correspondentes ó exercicio:

Ingresos correntes	192.034.162
Gastos correntes	139.893.613

Aforro bruto	52.140.549
- Variación pasivos financeiros (Amortización préstamos)	0
Aforro neto	52.140.549
- Variación de activos financeiros (gastos)	272.400
Resto para financiamento operacións de capital non financeiras	51.868.149
- Resto ingresos (Capítulos: 6,7 e 8)	1.122.900
Total recursos	52.991.049
- Resto gastos (Capítulos: 6 e 7)	52.991.049
Diferenza	0

As variacións cuantitativas aparecen reflectidas nos estados de gastos e ingresos, nos informes de recursos humanos e na memoria da Presidencia comparándoas coas do exercicio anterior.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO

De acordo co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sotibilidade Financeira, enténdese por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC). De acordo cos criterios do SEC podemos afirmar que os orzamentos da Deputación, a Fundación Escola Universitaria de Enfermería, os orzamentos dos Consorcios para a prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento e o Consolidado.

Esta situación acredítase cos seguintes datos do orzamento xeral consolidado:

- Ingresos non financeiros consolidados (Cap. 1 a 7 de ingresos)	192.884.662 euros
- Gastos non financeiros consolidados (Cap. 1 a 7 de gastos)	192.884.662 euros
- Capacidade (+)/necesidade (-)	+0 euros

Os ingresos non financeiros son suficientes para financiar os gastos non financeiros, non sendo necesario acudir ó crédito para financiar os gastos do orzamento xeral consolidado; o endebedamento neto non experimenta variación, cumpríndose, deste xeito, coa principio da estabilidade orzamentaria e do límite da débeda.

4. SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS

Os créditos consignados nas distintas partidas do orzamento de gastos son suficientes para facer fronte ás obrigas (créditos recoñecidos e gastos comprometidos en exercicios anteriores, carga financeira, etc.).
Así mesmo, esta Presidencia estima suficientes os créditos consignados no proxecto de orzamento para facer fronte ós gastos de funcionamento dos servizos; isto, claro está, non significa que durante o proceso de execución do orzamento non sexa preciso acudir a tramitar expedientes de modificación de créditos.

O orzamento xeral consolidado preséntase equilibrado, pois tanto o proxecto de orzamento de gastos coma o de ingresos suman un importe de 193.157.062 euros.

5. ESTUDO DO ENDEBEDAMENTO CONSOLIDADO

Conforme vimos en apartados anteriores, non é necesario acudirmos a operación de crédito para financiar os investimentos do exercicio.

A carga financeira consolidada, en termos orzamentarios, para o exercicio será:

- Carga financeira en termos absolutos (xuros e amortizacións)	0
- Carga financeira consolidada en termos relativos	0,00%
- % débeda viva en relación cos recursos correntes	13,02%

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W5W4EAW0S65JK4Y1

Evolución da débeda a finais do exercicio será:

-	Débeda inicial do exercicio (pendente de dispor)	25.000.000
-	Incremento débeda	0
-	Amortización débeda	0
-	Débeda pendente de amortizar ó final do exercicio	25.000.000

O PRESIDENTE,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024, emítese o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7/85, de 2 de abril (LRBRL).
2. Artigos 162 a 171 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.d. 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP.
4. Artigos 2 a 23 do R.d. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
6. Artigo 20.28 da Lei 37/92, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE)
7. artigo 3.1, a) do RD 1619/2012, de 30 de novembro, Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (RF)

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Estrutura orzamentaria.

Todos os orzamentos que integran o orzamento xeral da Deputación se formulan segundo a estrutura orzamentaria regulada na referida Lei 39/1988, desenvolvida pola orde de EHA/3565/2008, de 3 de decembro, de aplicación obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2010 e as súas modificacións posteriores.

Tamén se ten en conta o previsto no R.D. 500/90, coñecido como "Regulamento orzamentario", polo que o que subscribe considera que tanto o orzamento xeral como as bases de execución cumpren con carácter xeral ámbalas dúas normas.

Equilibrio orzamentario.

O orzamento xeral consolidado da Deputación preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 193.157.062 € e, se ademais temos en conta que non se necesita financialo con endebedamento, pódese afirmar que cumpre co requisito do déficit cero.

Capacidade de aforro a curto e longo prazo.

Os ingresos correntes consolidados experimentan un crecemento de 9.548.050 € (5,23%), sendo suficientes para facer fronte aos gastos correntes e permiten un aforro neto orzamentario consolidado que se cifra en 52.140.549 €. Este aforro diminúe 3.769.460 €, é dicir, a capacidade da Deputación para o financiamento de investimentos empeora, pero podería ser mellor se non aumentara tanto o gasto corrente (+13.558.343€).

Tendo en conta a situación económica actual e a previsible para os próximos anos, faise necesario, para evitar que a solvencia da Deputación vexase comprometida e se poida manter no tempo, controlar o crecemento dos gastos correntes estruturais, e seguir coa redución do endebedamento, xa que os ingresos van caer a medio e longo prazo. Así mesmo, é imprescindible non acometer investimentos que xeren moito gasto corrente e limitar ó máximo a realización de gastos plurianuais.

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):XMEXB3TNQZPK9CNA

Suficiencia dos créditos para gastos.

As dotacións para facer fronte os compromisos adquiridos estímanse suficientes en función das previsións que se teñen para unha execución normal do orzamento, sen prexuízo de tramitar expedientes de modificación do orzamento durante o exercicio se fose necesario.

Gatos de persoal.

Os créditos para gastos consolidados de persoal da Deputación e os seus organismos aumentan en 1.904.739€ (3,46%), este incremento débese basicamente ao incremento do 1% do ano 2023, non contemplado no presuposto de 2023, e ao incremento do 2% previsto para 2024, das retribucións para o próximo exercicio, e a pequenas variacións nos cadros e relacións de postos de traballo, cuxo detalle figura na proposta de variacións e no informe de Recursos Humanos e Formación.

Realismo das previsións de ingresos.

Conforme se explica na memoria e no informe económico-financeiro, as previsións de ingresos dos distintos conceptos que integran o estado de ingresos considero que son realizables, de modo que se garante a existencia de liquidez para poder facer fronte ás obrigas coa debida prontitude, e evitar un incremento dos custos dos bens e servizos que se compran. Asimesmo, evítase a reclamación de intereses por demora no pagamento.

Bases de execución do orzamento.

As bases de execución do orzamento considero que se axustan, en termos xerais, á normativa que nelas se desenvolve.

Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

Como para financiar este orzamento non é necesario aumentar o endebedamento da Deputación, o endebedamento diminúe en 240.833€, o mesmo cumpre o requisito da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

CONCLUSIÓN

Como consecuencia do exposto, infórmase **favorablemente** o orzamento xeral da Deputación para o ano 2024.

O INTERVENTOR,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):XMEXB3TNQZPK9CNA

BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL ANO 2024

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Capítulo único.- Natureza das bases e ámbito de aplicación

Base 1ª.- Normas legais e regulamentarias

A actividade económico-financeira da Deputación Provincial e da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería (en adiante Fundación) axustarase ó previsto nas normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a citada actividade no ámbito das corporacións locais e polas presentes bases de execución do orzamento, acordos emanados dos distintos órganos da Corporación e da Fundación, así coma as instrucións que poida dar a Intervención no exercicio das súas funcións e competencias.

Base 2ª.- Ámbito de aplicación

Estas bases serán aplicables á actividade económico-financeira da Deputación Provincial e da Fundación en todo aquelo que non estea regulado nas súas bases específicas.

A vixencia temporal destas bases coincide coa do orzamento xeral, é dicir, exercicio de 2024 e, no seu caso, prórroga.

Base 3ª.- Interpretación

A Presidencia resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases, previo informe de Secretaría e Intervención, segundo proceda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

TÍTULO II.- O ORZAMENTO E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Capítulo I.- Contido e aprobación dos orzamentos

Base 4ª.- Estrutura orzamentaria

O orzamento xeral da Deputación para o exercicio do ano 2024 presentarase de conformidade coa estrutura orzamentaria prevista na orde de EHA/3565/2008, de 3 de decembro.

En consecuencia, os créditos do estado de gastos presentaranse co seguinte detalle:

a) Para o orzamento da Deputación Provincial:

- Clasificación orgánica. A nivel de centro xestor (tres díxitos)
- Clasificación por programas. A nivel de programas de gasto (catro díxitos)
- Clasificación económica. A nivel de conceptos (tres díxitos), sen prexuízo do seu desenvolvemento en subconceptos.

b) Para a Fundación:

- Clasificación orgánica: a nivel de centro xestor (tres díxitos)
- Clasificación por programas: a nivel de programas (catro díxitos)
- Clasificación económica: a nivel de concepto (tres díxitos), sen prexuízo do seu desenvolvemento en subconceptos.

A conxunción da clasificación orgánica, por programas e económica ao nivel de desenvolvemento indicado define a aplicación orzamentaria do orzamento da Deputación e da Fundación, sen prexuízo dun maior desenvolvemento da súa clasificación económica para efectos contables.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

As previsións do estado de ingresos do orzamento da Deputación presentaranse co seguinte detalle:

a) Clasificación orgánica: A nivel de centro xestor.

b) Clasificación económica: A nivel de subconceptos.

As previsións do estado de ingresos do orzamento da Fundación presentarase como mínimo a nivel de concepto.

Base 5ª.- Contido do orzamento xeral

1.- No orzamento xeral da Deputación intégranse:

- O orzamento da Deputación.
- O orzamento da Fundación.

2.- O expediente do orzamento conterá os seguintes documentos:

a) Orzamento xeral:

- Estado de consolidación do orzamento da Deputación co da Fundación.
- As bases de execución do orzamento.
- Informe de Intervención.

b) Orzamento da Deputación provincial e da Fundación:

- Estado de gastos e ingresos.
- Memoria da Presidencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Liquidación do orzamento de 2022 e avance de polo menos os seis primeiros meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos.
- Informe económico-financeiro.

Capítulo II.- Dos créditos do orzamento de gastos

Base 6ª.- Vinculacións xurídicas

Os créditos autorizados no estado de gastos do orzamento teñen carácter limitativo e vinculante, non podendo adquirirse compromisos de gasto por unha contía superior a estes, sendo nulos de pleno dereito os actos, resolucións ou acordos que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades ás que haxa lugar.

Para efectos do previsto no parágrafo anterior e en virtude do disposto no artigo 28 do R.D. 500/90, de 20 de abril (R.P.), establécense os seguintes vínculos:

- Clasificación orgánica. É vinculante a nivel de centro xestor (3 díxitos), coas excepcións que se indicarán.
- Clasificación por programas. É vinculante a nivel de políticas de gasto (2 díxitos), coas excepcións que se indiquen.
- Clasificación económica. É vinculante a nivel de artigo (2 díxitos), excepto para os conceptos 130 e 131, para os que a vinculación establécese a nivel de concepto.
- Non obstante o indicado anteriormente, as aplicacións 131 "Laboral temporal", 160.01 "Seguridade Social laboral temporal", 150.00 "Produtividade", 151.00 "Gratificacións", 230.20 "Axudas de custo" e 231.20 "Desprazamentos", decláranse vinculadas consigo mesmas con independencia das clasificacións orgánica e por programas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Serán vinculantes en si mesmos **os créditos dos proxecto de gasto de acordo coa regra** 23 da I.C. modelo normal de contabilidade local e os **do fondo de continxencia**.

En todo caso, e tanto para a Deputación coma para a Fundación, terán carácter vinculante ó nivel de desagregación co que aparezan no estado de gastos:

- os créditos **declarados ampliables,**
- os que establezan **subvencións nominativas** de conformidade co establecido nos artigos 43 e 44 da L.X.O,
- os créditos destinados a **"atencións protocolarias e representativas" (226.01)**
- os **destinados a publicidade (226.02**) nas aplicacións dos distintos centros xestores (coa únicas excepcións das aplicacións de Comunicación Institucional e as correspondentes con proxectos europeos), debendo contar en todo momento, con consignación axeitada e suficiente, ben sexa inicial ou previa modificación autorizada polo Pleno.

Creación de aplicacións orzamentarias. Cando, existindo dotación orzamentaria para unha ou varias aplicacións orzamentarias, se pretenda imputar gastos a outras aplicacións dentro do mesmo nivel de vinculación que non figuren na contabilidade do seguimento do orzamento de gastos por non contar con dotación orzamentaria, o centro xestor solicitaralle á oficina de intervención a creación da correspondente aplicación orzamentaria sen necesidade de efectuar un expediente de modificación orzamentaria.

Base 7ª.- Normas comúns ás modificacións orzamentarias

Cando se teña que realizar un gasto para o cal non exista crédito suficiente na aplicación orzamentaria ou na bolsa de vinculación, tramitarase un expediente de modificación do orzamento. Nestes expedientes cumpriranse os seguintes requisitos:

- Proposta razoada da necesidade que motiva a modificación, valorando a incidencia que esta poida ter na consecución dos obxectivos no momento de confeccionar o orzamento.
- Todo o expediente de modificación orzamentaria será informado por Intervención.
- As modificacións aprobadas polo Pleno non serán executivas ata que se teñan cumprido os trámites que esixe a aprobación do orzamento.
- As modificacións aprobadas polo Órgano distinto do Pleno serán executivas dende a adopción do acordo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 8ª.- Créditos extraordinarios e suplementos de crédito

1.-Cando proceda tramitar estes expedientes

Tramitaranse expedientes de crédito extraordinario ou suplemento de crédito cando se teña que efectuar un gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non exista crédito (non existe aplicación->crédito extraordinario) ou o existente resulta insuficiente.

2.-Financiamento

Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

- Remanente líquido de Tesourería.
- Novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, que as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.
- Operacións de crédito cando se trate de gastos de investimentos.
- Cando recoñeza o Pleno a insuficiencia doutros medios de financiamento para os gastos correntes, con operacións de crédito sempre que se cumpran as seguintes condicións:

-Que o seu importe total anual non supere o 5 por cento dos recursos por operacións correntes.

-Que a carga financeira total da Entidade, incluída a das operacións en tramitación, non supere o 25 por cento dos recursos por operacións correntes.

Entenderase por carga financeira a existente ó principio do exercicio, calculada en función dos dereitos liquidados correntes do exercicio inmediato anterior, incrementada coa carga que se deriva das novas operacións en tramitación.

-Que as operacións queden canceladas antes de que se proceda a renovación da Corporación que as vai concertar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.-Tramitación destes expedientes

Serán iniciados nos centros que teñan encomendada a xestión dos créditos obxecto da modificación, por orde da Presidencia ou, no seu caso, o correspondente órgano da Fundación.

No expediente deberá constar a memoria xustificativa da necesidade de realizar o gasto específico e determinado no exercicio, a imposibilidade de demoralo ata o exercicio seguinte e a inexistencia ou insuficiencia de crédito na aplicación e bolsa de vinculación xurídica.

Estes expedientes seguirán unha tramitación idéntica á do orzamento.

Cando a causa do expediente sexa unha calamidade pública ou outras de indubidable interese xeral, a modificación orzamentaria será executiva dende a aprobación inicial.

A aprobación destes expedientes na Fundación compételle ó Pleno da Deputación, previa aprobación inicial por parte do seu órgano competente.

Base 9ª.- Ampliacións de crédito

Considéranse aplicacións ampliables aquelas que correspondan a gastos financiados con recursos expresamente afectados.

En particular, decláranse ampliables as seguintes aplicacións:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS:

24/932.9320.227,60. Para traballos de inspección tributaria

CONCEPTO DE INGRESOS:

24/932.328,09.Taxa de xestión por ingresos da inspección tributaria

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

A ampliación de créditos esixirá a tramitación do expediente no que se acredite o recoñecemento de maiores dereitos sobre os previstos no Orzamento de ingresos.

Os expedientes de ampliación de crédito tramitaraos Intervención a proposta do centro xestor que teña ó seu cargo a xestión dos créditos. Estes expedientes, unha vez informados pola Intervención, serán aprobados pola Presidencia da Corporación.

Base 10ª.-Transferencias de crédito

1.- Cando proceda tramitar transferencias de crédito:

Cando teña que realizarse un gasto para o cal na aplicación ou bolsa de vinculación correspondente non exista consignación suficiente e resulte posible minorar crédito doutras aplicacións correspondentes a diferentes niveis de vinculación xurídica, sen alterar o importe total do orzamento.

2.- Limitacións.

As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán os créditos ampliables nin os extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten ós créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes dos orzamentos xerais.

c) As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiren os programas de imprevistos e funcións non clasificadas, nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

3.- Tramitación.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaraos Intervención a proposta do centro xestor que teña ó seu cargo a xestión dos créditos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Estes expedientes, unha ver sexan informados pola Intervención, serán aprobados por:

a) O Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Economía cando se trate de transferencias entre as distintas áreas de gastos, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Cando a transferencia sexa aprobada polo Pleno a tramitación do expediente será idéntica á seguida para a aprobación do orzamento.

b) A Xunta de Goberno cando se trate de transferencias de crédito pertencentes á mesma area de gasto pero xestionados por centros xestores distintos.

c) A Presidencia da Corporación ou da Fundación, cando se trate de transferencias dentro da mesma area de gasto e dentro do mesmo centro xestor.

d) Cando se trate de créditos de persoal pertencentes a distintos centros xestores será competente a Xunta de Goberno.

As transferencias de crédito aprobadas pola Xunta de Goberno ou pola Presidencia e a Presidencia da Fundación, serán inmediatamente executivas.

Base 11ª.-Xeración de créditos por ingresos

1.- Cando procede a xeración de créditos (artigos 43, 44 e 45 do R.D. 500/90). Poderán xerar créditos nos estados de gastos do orzamento xeral da Deputación os ingresos de natureza non tributaria derivados das operacións seguintes:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Deputación ou da Fundación, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.

b) Alleamento de bens da Deputación ou da Fundación.

En ambos supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito que se dea o acto formal do compromiso firme de achega ou de recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados por Intervención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

c) Prestación de servizos polos que liquidaran prezos públicos nunha contía superior ós orzamentados.

d) Reembolso de préstamos.

Nestes dous supostos o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade de ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que haberán de ser acreditados por Intervención.

e) Os importes procedentes de reintegros de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria.

Neste suposto será requisito indispensable, para que se xere o crédito, a efectividade do reintegro, extremos que serán acreditados por Intervención.

Os expedientes de xeración de crédito tramitaraos Intervención e, no seu caso, a administración da Fundación, correspondéndolle a súa aprobación, previo informe de Intervención, á Presidencia da Deputación e, no seu caso, a Presidencia da Fundación.

A xeración de créditos poderá afectar ás aplicacións de gastos con ou sen dotación de crédito (dando lugar, no seu caso, a alta da aplicación orzamentaria).

Base 12ª.-Incorporación de remanentes de crédito

1.- Con anterioridade á aprobación da liquidación do orzamento, Intervención elaborará o estado comprensivo de:

a) Saldos de gastos comprometidos, con cargo ós cales non foron recoñecidas obrigas (diferenza, para cada aplicación, entre gastos comprometidos e obrigacións recoñecidas).

b) Saldo de gastos autorizados (diferenza, para cada aplicación, entre gastos autorizados e gastos comprometidos).

c) Saldos de créditos ou reserva de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

2.- Os remanentes de crédito, os efectos da súa posible incorporación ó orzamento do exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles e que permanezan nesta situación ó pechar o exercicio nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados os correspondentes créditos dos orzamentos de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

1.- Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que foran concedidas ou autorizadas no último trimestre (182-1, a) do TRLRFL)

2.- Créditos que correspondan a compromisos de gastos do exercicio anterior, ó que fai referencia o artigo 26-2, b) do R.D. 500/90, (debidamente adquiridos, suposto de créditos recoñecidos).

3.- Créditos por operacións de capital (artigo 47-1, c) do R.D. 500/90 e 182-1- c) do TRLRFL

4.- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados (artigo 47-1, d) do R.D. 500/90 e 182-1, d) do TRLRFL).

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que compoñen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente sen que lles sexan de aplicación as regras de limitación no número de exercicios salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

3.- A incorporación de remanentes queda condicionada ou subordinada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

a) Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada un, a súa concesión ou autorización; poderán aplicalos tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia suficiente de recursos financeiros.

b) En relación cos créditos que correspondan a compromisos de gastos debidamente adxudicados no exercicio anterior os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

c) Ós créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, se ben deberán contar con suficientes recursos financeiros.

4.- Para os efectos de incorporar os remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros os seguintes:

a) O remanente líquido de Tesourería.

b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento.

c) No caso de incorporar remanentes para gastos con financiamento afectado, consideraranse recursos financeiros suficientes:

- Os recursos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados ó financiamento dos remanentes que se pretenden incorporar.

- No seu defecto, ou de no ser suficientes, os recursos citados no parágrafo anterior.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

5.- Tramitación:

As propostas de incorporación de remanentes que formulen os respectivos servizos ou centros xestores as tramitara Intervención e na Fundación as súa administracións, informando á Intervención da Deputación e da Fundación, da suficiencia dos recursos para financiar os remanentes que se propoñen incorporar.

As propostas de incorporación de remanentes terán en conta as seguintes prioridades:

a) Os recursos dispoñibles aplicaranse en primeiro lugar á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gasto financiados con ingresos afectados.

b) O exceso, se o houbese, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gastos de exercicios anteriores.

c) Os recursos sobrantes das incorporacións anteriores aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

A aprobación destes expedientes, previo informe da Intervención, corresponderalle á Presidencia da Deputación ou da Fundación se se trata de incorporacións ó seu orzamento.

Base 13ª.- Baixas por anulación

1.- Calquera crédito do orzamento de gastos poderá darse de baixa por anulación ata a contía correspondente ó saldo de crédito sempre que dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do funcionamento do servizo.

2.- Poderán dar lugar a unha baixa de créditos:

a) O financiamento de remanentes de Tesourería negativa.

b) O financiamento de créditos extraordinarios e os suplementos de crédito.

c) A execución doutros acordos do Pleno da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.- Na tramitación dos expedientes de baixa por anulación seguiranse os seguintes pasos:

a) Iniciación do expediente por parte da Presidencia da Deputación ou da Fundación

b) Informe de Intervención

c) Ditame da Comisión de Economía

d) Aprobación do Pleno das baixas por anulación dos créditos incluídos no orzamento xeral.

4.-Os créditos dados de baixa por anulación non serán susceptibles de reposición.

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Capítulo I.- Execución do orzamento de gastos

Base 14ª.-Créditos non dispoñibles

1.- Cando se considere necesario declarar como non dispoñible, total ou parcialmente, crédito dunha aplicación orzamentaria, de cuxa execución é responsable a Presidencia ou deputado (por desconcentración ou delegación) da Deputación ou Fundación, estes formularán unha proposta razoada que, informada por Intervención, se someterá á aprobación do Pleno.

2.- Con cargo ó saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ó orzamento do exercicio seguinte, de manterse esta situación ó peche do exercicio.

3.- Os gastos que haxa que financiar total ou parcialmente mediante subvencións ou achegas doutras institucións, quedarán en situación de non dispoñibles ata que se reciba o documento que contén o acordo ou compromiso por parte das entidades que conceden a subvención ou achega e certificación de existencia de crédito para facer fronte ó seu pagamento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 15ª.- Retención de crédito

1.- Cando a contía do gasto ou a complexidade do expediente o aconsellen, o responsable do centro xestor poderá solicitar a retención do crédito na aplicación ou aplicacións orzamentarias correspondentes. Así mesmo, poderán ser obxecto de retención os créditos destinados a gastos ordinarios ou obrigatorios polo seu importe estimado ou real, o que será efectuado por Intervención.

2.- Recibida a solicitude en Intervención, verificarase a suficiencia de saldo na aplicación ou, no seu caso, na bolsa de vinculación. Unha vez expedida a certificación e asinada polo interventor, o saldo quedará retido.

Base 16ª.- Autorización e disposición de gastos

En virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.D.L 781/86, de 18 de abril e 61 do R.D. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, a autorización e compromiso de gastos, sobre os créditos consignados no orzamento será competencia dos seguintes órganos:

1.- Presidencia

a) Gastos de persoal, cando a normativa aplicable así o dispoña.

b) Os de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos e subministro segundo o apartado 1º da disposición adicional segunda da LCSP, así como a competencia para realizar os requirimentos aos que fan referencia os artigos 150 e 151 da LCSP nos contratos da súa competencia e por delegación nos contratos de competencia plenaria.

c) Subvencións. Podemos distinguir:

- Consignación nominativa ou específica no presuposto (cuxo detalle figura nas bases de execución ou nas aplicacións orzamentarias), compétenlle todas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Consignación global, compétenlle as que se concedan por concorrencia competitiva e non superen o 10 por cento dos recursos ordinarios nin os 6.000.000 euros.

- Concesión directa, compétenlle as que non superen os 6.000,00 euros para un mesmo beneficiario, unha mesma finalidade e nun mesmo exercicio. Así mesmo, compétenlle por delegación do Pleno as que superen os 6.000,00 euros e non superen os 60.000,00 euros.

d) Cando así o establezan outras normas que resulten de aplicación.

e) Os de carácter plurianual de conformidade co disposto no apartado 1º da disposición adicional segunda da LCSP.

Gastos de emerxencia. Cando a Deputación teña que realizar obras, servizos, adquisicións ou subministros de emerxencia, a causa de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidade que afecten directamente á seguridade pública, a Presidencia é o **órgano competente para declarar a emerxencia** á vista, no seu caso, dos informes técnicos correspondentes, dando conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre. Non é necesario que o Pleno ratifique as decisións da Presidencia, dado que entre ambos órganos non existe relación de xerarquía. A Presidencia poderá autorizar e dispoñer gastos para a directa execución das obras, prestación de servizos ou realización de adquisicións ou subministros sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos, para os procesos ordinarios, suxeitándose ó excepcional previsto para estes efectos. Así mesmo, estarase o disposto no artigo 120 da LCSP, no artigo 117 do TRRL e demais normativa que resulte de aplicación.

f) En relación aos proxectos de gastos acollidos a fondos da UE, e con especial relevancia os financiados con fondos NEXT GENERATION UE, para a súa axilización, a Presidencia poderá aceptar e asumir os compromisos de financiación, mediante Resolución Presidencial. Unha vez ditada esta RP o órgano interventor controlará que dito crédito se dote nos orzamentos respectivos, no informe de intervención ó orzamento, sendo motivo de reclamación contra o acto de aprobación inicial do orzamento o non dotar dito crédito (Art. 170-2, b) TRLRFL.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

2.- Xunta de Goberno

A Presidencia delega na Xunta de Goberno a competencia para aprobar os expedientes dos acordos marcos e sistemas dinámicos de adquisición cuxo valor estimado supere o importe referido na letra a) deste apartado, así como a competencia para autorizar e comprometer os gastos que de seguido se sinalan, agás, en materia de contratación, a competencia para clasificar as ofertas presentadas e realizar os requirimentos aos que fan referencia os artigos 150 e 151 da LCSP:

a) Os de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos e subministros, etc., cuxo "valor estimado" supere o importe de 200.000,00 euros nos contratos de obras e 100.000,00 euros no resto de contratos.

A delegación da competencia para autorización e disposición de gasto nos contratos baseados nun acordo marco ou específicos de sistemas dinámicos, entenderase referida ao importe correspondente a cada un dos contratos baseados ou específicos.

b) Gastos plurianuais: os de carácter plurianual cando sexan competencia da Presidencia, e superen os importes sinalados no apartado a).

c) Subvencións. Aquelas que, sendo competencia orixinaria da Presidencia, superen os 60.000,00 euros, agás as nominativas cuxo detalle figure nas bases de execución ou nas aplicacións orzamentarias. Así mesmo, no caso de concesión directa, compétenlle por delegación do Pleno, as que superen os 60.000,00 euros.

O Pleno delega na Xunta de Goberno a competencia para autorización e disposición do gasto dos contratos baseados ou específicos, que non superen os límites previstos na letra b) do seguinte apartado, correspondentes con acordos marco ou sistemas dinámicos de adquisición de competencia plenaria, así como a competencia para a clasificación das ofertas presentadas e realización dos requirimentos aos que fan referencia os artigos 150 e 151 da LCSP.

A delegación abrangue a resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos ditados por delegación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.- O Pleno

Compételle ó Pleno a autorización e disposición de gastos nos seguintes casos:

a) Gastos: Cando non sexan competencia da Presidencia ou Xunta de Goberno.

b) Gastos plurianuais. Cando a súa duración sexa superior a catro anos, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere os 6.000.000 euros ou cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).

c) Subvencións. As que se concedan por concorrencia competitiva e que non sexan competencia da Presidencia. Así mesmo, compétenlle as de concesión directa que superen os 6.000,00 euros para un mesmo beneficiario, unha mesma finalidade e nun mesmo exercicio.

4.- Delegacións

A Presidencia pode delegar, mediante resolución Presidencial, as súas competencias para autorizar e comprometer gastos que non estean xa delegadas na Xunta de Goberno.

5.- Outras normas a ter en conta na fase de autorización e disposición.

- Cando, ó iniciar un expediente de gasto, se coñezan o seu importe exacto e o nome do perceptor acumularanse as fases de autorización e disposición, tramitándose o documento contable "AD".

  Cando se trate de gastos de pequena contía que non superen os **3.000** euros **IVE engadido,** as fases A e D produciranse simultaneamente coa fase O (documento mixto ADO).

- Para os gastos de persoal, os intereses e amortizacións de préstamos e todos aqueles cuxo importe e perceptor sexan coñecidos a principio do exercicio por derivar de contrato os compromisos adquiridos en exercicios anteriores, no primeiro mes do ano expedirase o correspondente documento AD.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- As fases "A.D." produciranse simultaneamente á fase "O" naqueles gastos que superen os 3.000 euros que por calquera motivo non fosen previamente autorizados e dispostos e, no seu caso, coa fase "P", emitíndose o correspondente documento contable "ADOP", de acordo co previsto no artigo 73-6 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Nos supostos de acumulación das fases de autorización e disposición de gasto (AD) a competencia determinarase en referencia ao órgano competente para a disposición de gasto.

Base 17ª.- Recoñecemento e liquidación da obriga

1.- Competencia

En virtude do disposto no artigo 185 do TRLRFL, aprobado por R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, correspóndelle á **Presidencia** o recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos, incluídos os compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores (artigo 26.2, b) do R. D. 500/90).

A Presidencia pode delegar, mediante Resolución Presidencial, a súa competencia para o recoñecemento e liquidación de obrigas que non estean xa delegadas na Xunta de Goberno.

No suposto de que no proceso de fiscalización se detecte que a factura ou certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, procederase do seguinte modo:

a. Se os requisitos incumpridos **implican a nulidade radical** da obriga, procederase ó recoñecemento da obriga polo sistema de **recoñecemento extraxudicial de crédito**.
   Neste caso a competencia será:

   - Da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación.
   - Do Pleno cando non exista crédito no orzamento da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Os gastos que superen o importe de 6.000 euros que sexan realizados sen seguirse o procedemento propio dos contratos menores serán aprobados polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos. Os gastos que superen os 3.000 euros e non superen os 6.000 euros serán aprobados mediante o procedemento de validación.

No caso de subvencións en especie que superen os 500,00 euros, **IVE engadido,** sen que se dite RP de concesión, as facturas serán aprobadas polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos.

b. Se os requisitos incumpridos **non implican a nulidade radical** da obriga **validaraos a Xunta de Goberno** da Deputación, agás a validación dos gastos de persoal (engadidas as indemnizacións por razón de servizo), dos empregados públicos e corporativos, que lle corresponderá ao mesmo órgano ao que lle corresponda ditar o acto de "autorización e compromiso do gasto".

Considerarase que existe dotación orzamentaria:

a. Se a aplicación ou bolsa de vinculación se destina a gastos obrigatorios. Cando se estime que sobra crédito do consignado, extremo que deberá ser acreditado na memoria-proposta da Presidencia e obxecto de comprobación no informe de Intervención.
b. Se a aplicación ou bolsa de vinculación se destina a gastos voluntarios, poderase destinar a financiar expedientes de modificación de créditos ou de recoñecemento extraxudicial de obrigas a parte do crédito non comprometido.
c. Cando se trate de compromisos de gastos indebidamente adquiridos en exercicios anteriores (artigo 26.1, b) do R. D. 500/90), co obxecto de acelerar o proceso de recoñecemento e pago das obrigas, evitando o devengo de xuros por mora, e que os acredores paguen as consecuencias do mal funcionamento dos servizos.

2.- Procedemento

Cando pola natureza ou sistema de gasto sexan simultáneas as fases de autorización-disposición-recoñecemento da obriga, poderán acumularse, tramitándose o documento contable "ADO".

Cando, despois de autorizado un gasto sexan simultáneas as fases de disposición e recoñecemento da obriga, poderán acumularse, tramitándose o documento contable "DO"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.- Facturación

As facturas, en xeral, e as facturas electrónicas, en particular, están reguladas polo Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. Este Regulamento establece as normas que deben cumprir obrigatoriamente as facturas, tanto en papel como electrónicas.

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, de acordo co artigo 2 da Lei, resulta de aplicación ás facturas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e as Administracións Públicas.

Como indica o artigo 4 da devandita Lei 25/2013, todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica.

En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra, as entidades seguintes:

- Sociedades anónimas;
- Sociedades de responsabilidade limitada;
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;
- Unións temporais de empresas;
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

As facturas electrónicas destinadas á Deputación de Pontevedra deberán:

- Estar escritas nunha linguaxe informática determinada (Facturae 3.2 ou 3.2.1).
- Estar asinadas electrónicamente.
- Indicar o destinatario da factura electrónica co código DIR3 correspondente.

As facturas respectarán o contido mínimo obrigatorio segundo o disposto nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012. No que atinxe ao concepto facturado, deberá detallar a descrición das operacións (obxecto da factura), incluíndo o desglose de unidades e prezos unitarios.

Recibidas as facturas no rexistro, trasladaranse ao centro xestor, co obxecto de que poidan ser conformadas polo responsable do centro, facendo constar o "recibido e conforme" ou, no seu caso, "realizado e conforme", facéndose responsable das calidades, cantidades, prezos, data e do cumprimento da lexislación aplicable"; sinalando a data e estampando a súa sinatura e especificando o cargo e a identidade persoal. A sinatura dixital da factura ou certificación polo Xefe/a do Servizo e/ou responsables do contrato, implica a conformidade dos asinantes coa prestación recibida ou realizada e coas cantidades, calidades, prezos e prazos previstos no contrato.

A dilixencia á que se refire o parágrafo anterior, forma parte da comprobación obrigatoria da realización do gasto ou investimento para todos os que non se xustifiquen con certificacións de obras, e a mesma considerase que fai as veces do acto formal e positivo de recepción ou conformidade á que fai referencia o artigo 210.2 da LCSP.

No caso de que a comprobación precise de coñecementos técnicos complexos que non constitúan a especialidade do responsable do centro xestor ou cando o equipo de goberno ou intervención o consideren necesario, para a tramitación da factura ou certificación deberá, ademais da dilixencia de "realizado ou recibido e conforme", axuntarse certificación do técnico provincial competente ou informe dalgunha persoa física ou xurídica externa especialista na materia que acredite o pleno cumprimento do obxecto do contrato.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Unha vez conformadas ditas facturas, trasladaranse a Intervención para a súa fiscalización e contabilización, elaborándose unha relación de facturas para a súa aprobación por parte do órgano competente. En casos especiais de urxencia poderanse tramitar facturas individualmente sen necesidade de incluílas nunha relación.

4.- Intervención da comprobación material do investimento

Antes de liquidar o gasto ao recoñecer a obriga verificarase materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos da Deputación. O órgano interventor asistirá á recepción material de todos os contratos, agás os contratos de contía inferior á prevista no artigo 20.3 do Real Decreto 424/2017 (ou normativa posterior que a modifique ou substitúa), e aqueles outros que pola súa natureza non admitan a realización dun acto de recepción.

A realización da recepción de calquera contrato no que sexa obrigada a asistencia do órgano interventor sen que se solicite a súa presenza terá as mesmas consecuencias que a omisión da función interventora.

No caso de investimentos cuxo importe determine a obriga de realizar a comprobación material da súa realización por intervención á certificación final ou á última factura deberase acompañar a correspondente acta de recepción, na que se reflectirá o resultado da intervención da comprobación material do investimento.

Nas normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento aprobadas por resolución presidencial e nas Instrucións de contratación para a tramitación dos expedientes de contratación na Deputación de Pontevedra, regúlanse outros aspectos da realización da comprobación material do investimento.

5. Tramitación dos reparos

a) Os reparos deberán ser motivados con razoamento fundado nas normas nas que se apoie o criterio sustentado, comprendendo todas as obxeccións observadas no expediente.

b) Que cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formulará ao Presidente ou Pleno da entidade local, segundo corresponda, unha discrepancia. A discrepancia deberá se motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

c) No procedemento de recoñecemento e liquidación da obriga, nos supostos nos que a función interventora fora preceptiva e se tivera omitido, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pago, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos seguinte termos:

Se o órgano Interventor ao coñecer dun expediente observara omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciara o expediente e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta. Este Informe, que non terá natureza de fiscalización, porá de manifesto, como mínimo, os seguintes extremos:

i. Descrición detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, cando menos, o órgano xestor, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica, a data de realización, a aplicación orzamentaria e o exercicio económico ao que se imputa.

ii. Exposición dos incumprimentos normativos que, a xuízo do interventor informante, se produciron no momento no que se adoptou o acordo o acto con omisión da preceptiva fiscalización ou intervención previa, enunciando expresamente os preceptos legais incumpridos.

iii. Constatación de que as prestacións efectivamente se levaron a cabo e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado, paro o cal se terán en conta as valoracións e xustificantes aportados polo órgano xestor, que haberá de solicitar o asesoramento e informes técnicos que resulten precisos a tal fin.

iv. Comprobación de que existe crédito orzamentario axeitado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

v. Posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento, que será apreciada polo interventor en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a súa valoración, así como dos incumprimentos legais que se produciron. Para este fin, terase en conta que o resultado da revisión do acto se materializará acudindo a vía da indemnización de danos e prexuízos derivada da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia de producirse un enriquecemento inxusto ao seu favor e de incumprir a obriga ao seu cargo, polo que por razóns de economía procesual, só seria procedente instar dita revisión cando sexa presumible que o importe de ditas indemnizacións sexa inferior ao que se propón".

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

d) De ser o caso, deben esixirse as responsabilidades que correspondan establecidas na normativa vixente.

Base 18ª.- Documentos necesarios para o recoñecemento da obriga.

1.- Cos gastos do capítulo I teranse en conta as normas seguintes:

a) As retribucións básicas e complementarias do persoal eventual, funcionario e laboral (artigos 10, 11, 12 e 13) xustificaranse mediante as nóminas mensuais, nas que se estampará a dilixencia do responsable do Servizo de Recursos Humanos, acreditativa de que o persoal relacionado foi incorporado regulamentariamente á nómina, así como do funcionario de Intervención que as comprobe e colabore na súa fiscalización.

b) As remuneracións polos conceptos de produtividade e gratificacións (artigo 15) precisarán que o responsable do centro xestor formulase as propostas e que estas as aprobase o órgano de goberno competente.

As nóminas, asinadas polo responsable ou habilitado para a súa confección, coas dilixencias do Servizo de Persoal, co revisado e intervido da Intervención e o "páguese" da Presidencia, teñen consideración de documento "O". A principio de exercicio expedirase o documento "AD" polo importe das prazas e postos ocupados.

c) As cotas de Seguridade Social quedan xustificadas mediante as liquidacións correspondentes, que terán a consideración de documento "O", unha vez devengadas e aprobadas pola Presidencia.

d) Noutros conceptos, cuxo gasto está destinado a satisfacer servizos prestados por un axente externo será preciso presentar as facturas, minutas, etc.

2.- Nos gastos do capítulo II esixirase presentar a factura ou, no seu caso, a certificación de obras.

Os gastos de axudas de custo e locomoción (artigo 23) que se entreguen mediante o sistema de anticipos de caixa fixa, unha vez xustificados, fiscalizados e aprobados orixinarán a expedición do documento "ADOP". En todo caso, observaranse as prescricións do R.D. 462/2002 e a orde de 8 de novembro de 1994, e do Acordo regulador e convenio colectivo nos aspectos cuantitativos, se fose procedente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.- Nos gastos financeiros (capítulos III e IX) teranse en conta as normas seguintes:

a) Os gastos por intereses e amortización que orixine un cargo directo en conta bancaria haberá de xustificarse coa conformidade de Intervención respecto ó seu axuste ó cadro financeiro e aprobación por parte da Presidencia. Tramitará o documento "O" Intervención. A principio de exercicio tramitarase o documento "AD".

b) Do mesmo modo procederase respecto a outros gastos financeiros, se ben a xustificación será máis completa e o documento "O" deberá xustificarse coa copia dos documentos formalizados ou a liquidación de intereses de demora.

4.- Nos bens e dereitos inventariables presentarase xunto á factura ou certificación documento de alta en inventario expedido polo centro xestor. O contratista deberá presentar factura ou certificación e factura, se sé trata de obras.

Base 19ª.-Ordenación e realización do pagamento

A ordenación de pagamentos é competencia da Presidencia, e na Fundación do seu presidente/a ou Directores/as (xerentes), ou de quen se determine nas súas bases específicas. As ordes de pagamento deberán dar prioridade, en todo caso, os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios cerrados.

A Presidencia pode delegar, mediante resolución Presidencial, a súa competencia para a ordenación e realización do pago.

O pago material xustificarase mediante o "recibiu" do preceptor e orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

Non poderán expedirse ordes de pago nin efectuar pagos de calquera gasto sen que previamente se acreditase documentalmente a realización da prestación que da orixe á obriga, excepto nos supostos previstos en normas de rango superior (acopios de materiais e anticipos de maquinaria nos contratos de obra, subvencións de pago anticipado, etc.), sendo, nos demais casos, necesaria a constitución de garantía suficiente polo importe do pago máis un 25 por cento. En casos especiais, como poden ser convenios e outros similares, poderase expedir a orde de pago e efectuar o pago anticipado sen garantía, previo informe favorable de intervención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Capítulo II.- Procedemento administrativo

Base 20ª.-Autorización-Disposición (documento administrativo)

1.- Cando se trate de gastos que han de ser obxecto de expediente de contratación tramitarase, ó inicio do expediente, documento "RC" por un importe igual ó proxecto ou orzamento. Unha vez aprobado o expediente de contratación expedirase o documento "A".

2.- Coñecidos o adxudicatario e o importe exacto do gasto tramitarase o documento "D".

3.- Sucesivamente e á recepción das facturas ou certificacións, fiscalizadas por Intervención, expedirase o documento "O".

4.- Pertencen a este grupo, entre outros:

- Realización de obras de investimento ou de mantemento.
- Adquisición de inmobilizado.
- Adquisición de subministro.
- Outros gastos cuxa natureza fan aconsellable a separación entre os actos de autorización e disposición.

Base 21ª.-Autorización e disposición simultáneas

1.- Aqueles gastos nos que se coñezan a principio de exercicio o importe e o perceptor e aqueles outros que respondan a compromisos legalmente adquiridos en exercicios anteriores pola Corporación e se incorporase o crédito, tramitarase documento mixto "AD" a principio de exercicio ou desde o momento en que se coñezan o importe e o perceptor se con anterioridade non se expediu o documento "A".

2.- Suxeitaranse a este procedemento:

- Gastos plurianuais, polo importe da anualidade comprometida e consignada polo Pleno no orzamento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Contratos de arrendamento.
- Contrato de tracto sucesivo (limpeza, vixilancia, etc.)
- Intereses de créditos concertados.
- Cotas de amortización de créditos concertados.
- Adquisicións, obras e servizos obxecto de adxudicación negociada.

Base 22ª.-Autorización, disposición e obrigación simultáneas

1.- Os gastos non suxeitos ó procedemento de contratación e aqueles que, estando suxeitos por razóns de urxencia, non se poida seguir o trámite ordinario, orixinarán a expedición de documento mixto "ADO".

2.- Pertencen a este grupo, entre outros, os seguintes:

- Adquisición de material por un importe non superior a 3.000 euros .
- Axudas de custo.
- Gastos de locomoción.
- Intereses de demora.
- Outros gastos financeiros.
- Anticipos reintegrables a funcionarios.

Base 23ª.-Gastos de persoal

Na tramitación do proceso de execución do capítulo I do orzamento de gastos teranse en conta as normas seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

a) A aprobación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo por parte do Pleno supón a autorización do gasto que deriva das retribucións básicas e complementarias. Polo importe destas, correspondente ós postos efectivamente ocupados tramitarase a comezos dos exercicios documento mixto "AD".

b) As nóminas mensuais cumprirán a función de documento "O", que se elevará á Presidencia da Deputación ou ó órgano competente dos entes dependentes da Deputación, para efectos de ordenar o pagamento.

c) O nomeamento de funcionarios ou a contratación do persoal laboral orixinará a tramitación de sucesivos documentos "AD" por un importe igual ó das nóminas que se prevé satisfacer no exercicio.

d) Respecto ás cotas por S.S., ó inicio do exercicio tramitarase documento "AD" por un importe igual ó das cotizacións previstas. As posibles variacións orixinarán documentos complementarios ou inversos daquel.

e) En canto ó resto de gastos do capítulo I, se son obrigatorios e se coñecen a principio de exercicio o importe e o perceptor tramitarase documento mixto "AD". Se os gastos fosen variables, en función das actividades que leve a cabo a Corporación ou das circunstancias persoais dos perceptores, xestionaranse de acordo coas normas xerais que se recollen nestas bases.

Base 24ª.- Proceso do gasto en achegas e subvencións

1.- No caso de achegas obrigatorias, se o importe é coñecido ó inicio do exercicio ou no momento en que sexa coñecido, tramitarase documento "AD".

2.- Se o importe da achega non se coñece, procederase á retención de crédito pola contía estimada (documento "RC").

3.- As subvencións con consignación nominativa no orzamento, unha vez autorizados pola Presidencia, orixinará a expedición do documento "AD".

4.- Para as subvencións con consignación global no orzamento tramitarase documento "A" ó aprobarse as normas reguladoras da súa concesión e documento "D" cando se faga a concesión individualmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 25ª.- Normas xerais reguladoras das subvencións

1ª Réxime xurídico

O réxime xurídico ven constituído por:

a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).

b. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

c. Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40, 189.2 e 214.2 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL).

d. Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e R.D. 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).

e. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO.

2ª. Procedementos de concesión.

Estarase ó disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra., OXSDEPPO.

3ª. Concesión directa.

As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptivas nin a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos casos establecidos na OXSDEPPO e cando a subvención non supere os 6.000 euros para un mesmo beneficiario, unha mesma finalidade e nun mesmo exercicio. Nestes casos, a solicitude deberá cumprir os requisitos esixidos con carácter xeral na OXSDEPPO.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

4ª. Compensación débedas de entidades locais.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha entidade local e teña débedas coa Deputación, estas poderán ser compensadas con calquera pago concreto que lle teña que facer a Deputación ou a beneficiaria poderá autorizar á Deputación a compensalas con calquera pago que lle teña que facer o ORAL, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo.

Así mesmo, nos convenios que se asinen con administracións públicas e que impliquen a obriga para estas de facer achegas para o financiamento do obxecto do convenio, deberanse recoller expresamente no texto do convenio as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación que se sinalan no parágrafo anterior.

5ª. Subvencións non condicionadas, transferencias e cotas de socio, patrón ou membro de outras asociacións.

Os beneficiarios deberán aportar xunto coa solicitude, o orzamento do exercicio e as contas anuais do exercicio anterior e no momento da xustificación as contas do exercicio corrente ou no seu caso o estado de execución do orzamento.

1. A xustificación de transferencias a asociacións, fundacións e outras entidades asociativas. Para a adecuada xustificación das transferencias que financian de forma xenérica ou non condicionada os gastos correntes ou de capital de consorcios, fundacións, asociacións, universidades e outros entes públicos ou privados, de conformidade co establecido nas súas normas estatutarias ou de constitución, en atención ó seu excepcional interese público do seu obxecto e actividade, deberán presentar a seguinte documentación:

    i. Orzamento da entidade beneficiaria para o exercicio corrente, no que debe constar a achega provincial.

    ii. Liquidación ou balance do exercicio anterior, no que se poña de manifesto a efectiva aplicación das transferencias feitas no exercicio anterior.

    iii. No caso de que no exercicio anterior houberan tido resultado positivo ou de superávit, deberase acreditar que o mesmo se dedica integramente ó financiamento de novas actividades ou investimentos non incluídos inicialmente no orzamento do exercicio corrente, en caso contrario poderase minorar a achega do exercicio corrente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

iv. Para o pago das transferencias requirirase a documentación anterior debidamente aprobada polos órganos competentes de cada entidade, conforme ás normas de aplicación.

v. No caso de superávit no exercicio anterior e non se xustifique axeitadamente a súa aplicación, procederase á minoración das seguintes transferencias.

vi. Non se procederá ó primeiro pago de cada exercicio en tanto non se reciba o orzamento do exercicio corrente definitivamente aprobado. Tampouco se tramitarán os pagos seguintes en tanto non se reciban as contas anuais do exercicio anterior debidamente aprobadas. Se dita documentación non se recibe antes do día 1 de outubro do exercicio, procederase a tramitar o reintegro das cantidades aboadas no exercicio anterior que se considerarán así non xustificadas.

2. A xustificación das cotas de socio, patrón ou membro de pleno dereito de asociacións, fundacións ou entidades formalmente constituídas. Para a adecuada xustificación destas cotas deberase aportar á Deputación a seguinte documentación:

i. Orzamento da entidade beneficiaria para o exercicio corrente, no que debe constar a achega provincial.

ii. Liquidación ou balance do exercicio anterior, no que se poña de manifesto a efectiva aplicación das cantidades aportadas no exercicio anterior.

iii. O importe da achega pagarase de conformidade co establecido nos estatutos correspondentes, se a Deputación forma parte da entidade como membro, socio ou patrón. Se non estivera establecido expresamente a achega farase no primeiro semestre nunha soa vez.

6ª. Comprobación das xustificacións

A comprobación das xustificacións a realizara:

- O centro xestor que tramitou a concesión da subvención, verificando que as xustificacións preséntense nos prazos fixados e comprobándoas formalmente, podendo requirir ó beneficiario para que emende defectos, complete a documentación ou amplíe a información.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Intervención

A Deputación poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados utilizando os criterios que se citan no artigo 33 da LXS.

A Deputación poderá comprobar directamente a execución da obra ou actividade subvencionada xa sexa mediante persoal propio, ou ben a través de empresas ou profesionais contratados para o efecto.

No caso de presentación incompleta ou defectuosa, o beneficiario só terá un único período de subsanación de dez días.

7ª. Outras normas en materia de subvencións

Unha vez finalizado o prazo de xustificación da subvención sen presentarse a mesma, o órgano competente requirirá inmediatamente ó beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada. A falta de presentación neste prazo levará aparellada a iniciación do expediente de perda de dereito ó cobro da subvención. En dito requirimento notificarase que o beneficiario incorreu nunha infracción leve, tipificada no art. 56 - a) da LXS, que leva unha multa de 75 a 900 €.

O pago das subvencións concedidas para o financiamento das escolas deportivas da Deputación, poderase pagar o principio de cada un dos dous períodos anuais, anticipando ata o 100 por cento do importe correspondente a cada un deles. O importe correspondente a cada período calcularase dividindo o importe total da subvención entre o número de meses dos dous períodos, e logo multiplicar por o número de meses de cada período. Non se poderá anticipar o pago dun período si está pendente de xustificar algún dos anteriores.

O pago anticipado terá que ser solicitado polos beneficiarios, proposto polo Xefe do Servizo de Deportes, informado por Intervención e autorizado pola Presidencia. En atención á natureza e interese público no desenvolvemento das actividades subvencionadas, limitación de recursos e carácter non lucrativo das entidades beneficiarias, non se exixirá garantía para o libramento destes pagos anticipados.

No caso de que nas bases reguladoras das convocatorias non se estableza outra cifra, os beneficiarios das subvencións provinciais deben utilizar formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc.), sempre que dito gasto supere o importe de 900,00 €.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

A concesión de subvencións non implicará relación contractual algunha de carácter civil, mercantil, laboral ou administrativa ou de calquera outro tipo entre a Deputación de Pontevedra e a persoa física ou entidade.

En todo o non previsto nesta base será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento, así como na normativa estatal de réxime local e a normativa autonómica aplicable.

O subministro de información á base de datos nacional de subvencións será efectuado polo Servizo de Contabilidade e Auditoría dependente da oficina de Intervención.

Réxime xeral de garantías: estarase o establecido nos artigos 42 a 54 ambos incluídos do RLXS.

8ª. Doazón de obras e bens producidos pola Deputación

1. A doazón de obras que se elaboran na Escola de Cantería, froito do proceso formativo dos alumnos, que se fan a favor de administracións públicas ou asociacións sen ánimo de lucro para a súa colocación en lugares emblemáticos ou para celebrar ou conmemorar feitos e datas singulares, farase, no caso de que houbese máis dunha solicitude para unha mesma obra, seguindo os seguintes criterios:

    a. Terán preferencia as administracións públicas, e dentro destas a local sobre as demais.

    b. No caso de máis dunha Administración do mesmo ámbito ou asociacións sen ánimo de lucro, teranse en conta, entre outros criterios, a relevancia do acto conmemorativo, o escenario de localización, etc., e a data da solicitude.

2. A doazón de bens móbeis elaborados polos distintos servizos da Deputación poderá facerse mediante convocatoria pública ou seguindo o procedemento do apartado anterior, en función da cantidade e valor dos bens que se elaboren.

Base 26ª.- Gastos de investimento

1.- A autorización de gastos de primeiro establecemento e os de ampliación e mellora condicionase ó resultado previo dos correspondentes estudos de adecuación á legalidade e existencia de consignación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

2.- No expediente deberá conter a seguinte documentación:

a) Proxecto, cando sexa necesario, segundo o previsto na LCSP e o seu regulamento e nas normas complementarias.

b) Orzamento que conterá a totalidade do custo. Se houbese que realizar obras de urbanización avaliarase o custe destas.

c) Prego de cláusulas económico-administrativas e técnicas.

d) Proposta de aplicación orzamentaria.

e) Coa última factura ou certificación achegarase acta de recepción provisional.

Base 27ª.- Proxectos de gasto

1.- Ten a consideración de proxecto de gasto o conxunto de créditos destinados á consecución dunha finalidade determinada, entre eles os proxectos convidos coa Unión Europea.

Os proxectos de gasto e os créditos orzamentarios destinados para a súa execución son os que figuran no anexo I a estas bases.

Os créditos dos proxectos de gasto de investimentos serán vinculantes en si mesmos.

2.- Todo proxecto de gasto estará identificado por un código, que se manterá invariable ó longo de toda a súa execución e que fará referencia:

- Ó ano de inicio.
- Ó tipo de proxecto de investimento ou non.
- Se é un proxecto de gasto con financiamento afectado.
- Identificación dentro dos do mesmo tipo e iniciados neste exercicio.

3. Nos demais aspectos estarase ó disposto nas regras 21 a 24 da ICN.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 28ª.- Gastos con financiamento afectado

1.- Os créditos orzamentarios consignados para executar gastos con financiamento afectado e os ingresos previstos para financiar aqueles son os que figuran como anexo ó orzamento.

2.- Se ó rematar o exercicio o volume de dereitos liquidados polos conceptos referenciados difire da suma que corresponde percibir no exercicio en función das obrigas recoñecidas, practicarase o axuste regulamentario no resultado orzamentario e no remanente de Tesourería.

3.- Nos demais aspectos estarase ó disposto nas regras 25 a 29 da ICN.

Base 29ª.- Realización de gastos ou investimentos para persoas alleas á Deputación.

No caso de gastos ou investimentos que se realicen ou executen pola Deputación para persoas alleas á mesma, nos convenios que se aproben deberanse facer constar os seguintes extremos:

1.- No caso de que os gastos ou investimentos se realicen nunha soa anualidade, a achega da persoa para a que se realizan ten que estar ingresado na Tesourería provincial antes da aprobación do expediente de contratación (autorización do gasto).

2.- No caso de gastos ou investimentos plurianuais, a achega da persoa para a que se realizan correspondente ó exercicio no que se inicia a realización do gasto ou investimento ten que ingresarse na Tesourería provincial antes da aprobación do expediente de contratación (autorización do gasto), as anualidades seguintes terán que ingresarse dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, nos prazos que se sinalen na liquidación que se notifique.

Nos apartados anteriores, cando as esixencias de celeridade na tramitación dos proxectos cofinanciados con fondos NextGenerationEU dificulten a sinatura dos Convenios cos Concellos que participan no financiamento, así como a disposición das achegas municipais con carácter previo á autorización do gasto, poderá aprobarse o expediente, efectuándose a retención de crédito con cargo a recursos propios, condicionando a adxudicación á sinatura do Convenio.

O prazo para o ingreso das achegas municipais especificarase nos Convenios, que deberá facerse efectivo, en todo caso, nas anualidades que figuran nos mesmos ou "acordos de concesión".

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3.- Co obxecto de evitar que o pago ós acredores se vexa demorado por falta ou demora no ingreso das achegas, poderase en casos especiais, nos que por razón do importe das achegas (superior o millón de euros), por tratarse de concellos que en situacións anteriores realizaron as achegas con moita demora, ou cando existan outras razóns que o xustifiquen, poderase esixir, ademais do previsto nos apartados anteriores, o ingreso de todas as achegas que teña que realizar ou a presentación dunha garantía pola parte non ingresada, de conformidade co previsto no artigo 116.5 da LCSP.

Base 30ª.- Transmisión de dereitos de cobro fronte á Administración

1.- Os contratistas e demais acredores da Administración que, por estaren regulamentariamente permitido, decidan cederlle a un terceiro os seus dereitos de cobro fronte á Administración, notificaranlle dita cesión á oficina de Intervención, achegando a documentación que cumpra para poñer de manifesto que a transmisión se realizou conforme a dereito.

As propostas de pagamento que se tramiten despois de recibida esta notificación, expediranse a favor do cesionario. O documento contable "P" incorporará os datos identificativos do cedente e do cesionario a favor de quen se propón o pagamento. Unha vez rexistrado, a oficina de Intervención (contabilidade) expedirá certificación acreditativa de dita toma de razón si o solicita o cesionario.

2.- No caso de cesión de dereitos de cobro derivados de certificacións anticipadas de obra expedidas excedendo o importe da anualidade en curso, o procedemento a seguir será análogo ó indicado no punto anterior.

Base 31ª.-Gastos plurianuais

1.- A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

2.- Ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas no artigo 174 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3.- No caso de investimentos, transferencias de capital e transferencias correntes, o gasto que se impute a cada uno dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar as porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte ó importe que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial da aplicación orzamentaria de aplicación ás seguintes operacións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais adquiridos en exercicios anteriores, na parte imputable ó exercicio corrente.
- Incrementos derivados de modificacións de crédito tramitados no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de créditos ou por transferencias a outras aplicacións.

4.- As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán para o exercicio inmediato seguinte o 70 %, para o segundo exercicio o 60 % e nos terceiro e cuarto exercicio o 50 %. Estas porcentaxes so se aplicarán sobre a parte do crédito que teña que poñer a Deputación, non lle sendo de aplicación ás achegas alleas que cofinancien o gasto.

5.- Débense limitar ó máximo a realización de gastos plurianuais, agás os que se autoricen con cargo a créditos do plan de investimentos plurianual para os concellos.

6.- Nos contratos de obra de carácter plurianual efectuarase unha retención adicional de crédito do 10 % do importe da adxudicación, no momento en que esta se contabilice. Esta retención aplicarase ó exercicio no que finalice o prazo fixado no contrato para a terminación da obra ou ó seguinte, segundo o momento no que se prevea realizar o pago da certificación final. Estas retencións computarán dentro das porcentaxes establecidas neste artigo.

Capítulo III.- Pagamentos para xustificar e anticipos de caixa fixa

Base 32ª.- Pagamentos para xustificar

1.- Só se expedirán ordes de pagamento para xustificar con motivo de adquisicións ou servizos necesarios e nos que non sexa posible dispoñer de comprobantes con anterioridade á súa realización.

2.- A expedición e execución de ordes de pagamento "para xustificar" deberán efectuarse previa aprobación polo órgano competente e expedición do documento "ADOP", razoándose na proposta os motivos polos que non se poden achegar os documentos xustificativos antes da orde de pagamento e o informe de Intervención.

3.- Os fondos librados para xustificar poderán situarse, a disposición da sinatura autorizada, na conta corrente bancaria aberta ó efecto, ou ben entregándoselle en efectivo ó perceptor. Dita conta deberá figurar no arqueo do balance.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

4.- Os conceptos orzamentarios contra os que se poden expedir ordes de pagamento para xustificar son os correspondentes ós capítulos 2 e 4 da clasificación económica do orzamento de gastos e excepcionalmente dos capítulos I e VI.

5.- A xustificación dos fondos librados para xustificar deberá efectuarse no prazo de 3 meses, sempre e cando o acordo de autorización non fixe un período inferior e, en xeral, antes de que remate o exercicio.

6.- Os perceptores de fondos librados para xustificar deberán presentar en Intervención a conta xustificativa de ditos gastos xunto coas facturas e documentos **orixinais** que xustifiquen esta co "recibín" dos perceptores. A citada conta coa súa xustificación e o informe de Intervención someteranse á aprobación do órgano competente para recoñecer a obriga.

Cando non se xustifique gasto polo importe dos fondos percibidos procederase ó reintegro dos percibidos en exceso, achegándolle á dita conta un xustificante do ingreso efectuado.

De non recibirse a conta nos prazos establecidos nesta base, procederase a instruír un expediente de alcance contra o perceptor de ditos fondos, de conformidade co disposto para o efecto na Lei xeral orzamentaria. De igual modo procederase contra os perceptores de fondos librados para xustificar en calidade de subvencións polas cantidades non xustificadas nin reintegradas nos prazos establecidos.

7.- Só se poderán expedir ordes de pagamento para xustificar nos seguintes supostos:

- Que o perceptor non teña pendente de xustificar para este fin fondos librados para xustificar.
- Que non teñan carácter periódico e repetitivo, caso este no que terán carácter de anticipo de caixa fixa.

8.- Da custodia dos fondos responsabilízase o perceptor.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 33ª.- Anticipos de caixa fixa

Os fondos librados para xustificar con carácter de anticipo de caixa fixa rexeranse polas seguintes normas:

1.- Con carácter de anticipos de caixa fixa poderanse efectuar provisións de fondos a favor dos habilitados ou pagadores que se decida mediante resolución Presidencial para atender gastos que teñan tal natureza, con cargo ás aplicacións que se determine na propia resolución Presidencial.

2.- Serán autorizados pola Presidencia ou polo responsable da Fundación, previo informe de Intervención, e o seu importe non poderá exceder da cuarta parte do crédito consignado na aplicación orzamentaria, á que serán aplicados os gastos que se financian mediante anticipos de caixa fixa. A Presidencia poderá autorizar anticipos por un importe superior ó 25 por cento da dotación cando se estime conveniente para o correcto funcionamento dos servizos.

3.- Situación dos fondos

Para situar os fondos correspondentes a cada habilitado ou pagador procederase a abrir unha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada para cada habilitado, co título de "Excma. Deputación Provincial. Habilitado X. Centro X. Anticipo de Caixa Fixa".

Os fondos situados en ditas contas terán a todos os efectos carácter de fondos públicos provinciais e os seus intereses ingresaranse nos conceptos do capítulo 5º da clasificación económica do orzamento da Deputación ou da Fundación. Dita conta deberá figurar no arqueo da Deputación.

4.- Disposición de fondos

As disposicións de fondos das contas antes citadas efectuaranse mediante cheque nominativo, transferencia bancaria, tarxeta de débito, autorizadas pola sinatura do director e administrador do centro ou, no seu defecto, polas persoas habilitadas para o efecto mediante resolución Presidencial.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Para aquelas situacións nas que teñan que realizarse pagamentos en efectivo poderase dispoñer de fondos a un dos titulares da conta, que será responsable da custodia e xustificación destes. Nos xustificantes de pagamento farase constar o número do cheque ou transferencia na que se materializou a operación.

5.- Control

Cando se presente a conta xustificativa dos gastos e pagamentos cada trimestre como mínimo achegarase o estado demostrativo do movemento da conta bancaria e saldo desta.

En calquera momento Tesourería ou Intervención poderán solicitar estados de situacións das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

6.- Contabilización. Aplicarase o previsto na regra 36 da IC.

7.- Xustificación

Cando el habilitado ou pagador necesite repoñer fondos presentará conta xustificativa dos gastos e pagamentos realizados, que unha vez fiscalizada aprobaraa o órgano competente expedíndose os documentos ADOP, ingresando o importe na conta correspondente.

Os gastos efectuados en calidade de anticipos de caixa fixa non están suxeitos a fiscalización previa cando o seu importe non supere o 3.005,06 €, nos termos sinalados no artigo 219-1 do TRLRFL., aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

Antes do 15 de decembro os habilitados e pagadores deberán render contas xustificativas dos gastos realizados no exercicio. Non en tanto, cando se trate da mensualidade do mes de decembro de gastos de carácter recorrente que admitan como única modalidade de pagamento a domiciliación ou gastos que excepcionalmente se realicen na segunda quincena do mes de decembro, ampliarase o prazo de presentación da documentación xustificativa correspondente aos referidos gastos ata o 15 de xaneiro do ano seguinte.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Capítulo IV.- Procedemento de contratación

Base 34ª.-Excesos de medición no contrato de obras.

Nos contratos de obra efectuarase unha retención adicional de crédito do 10 % do importe da adxudicación, no momento en que esta se contabilice, no caso de investimentos tramitados coma gastos plurianuais, esta retención aplicarase a última anualidade.

Base 35ª.- Normas para a determinación do orzamento de execución por contrata

O orzamento de execución por contrata das obras que se realicen directamente para esta Deputación obterase incrementando o de execución material nos seguintes conceptos:

1.- Gastos xerais de estrutura

a) Gastos xerais da empresa. Aplicarase o 13 por cento, salvo que o proxecto o achegue outra Administración, caso no que se podería aceptar outro distinto.

b) Beneficio industrial. Aplicarase o 6 por cento.

2.- O IVE aplicarase sobre a suma do orzamento de execución material e os gastos xerais de estrutura.

3.- Calquera variación sobre o prezo de adxudicación haberá de ser autorizada polo órgano de contratación, segundo o expediente no que conste a existencia de crédito.

Base 36ª.- Planificación dos contratos

Os servizos da Deputación, na medida do posible, realizarán as actuacións preparatorias coa antelación precisa, co fin de que estean ultimadas nos primeiros meses de cada exercicio, período durante o que deberán normalmente adxudicarse os contratos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Para estes efectos, os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación do contrato e a formalización correspondente, aínda cando as obras, servizos, e subministros, etc., deban iniciarse no exercicio seguinte; nestes casos incluirase no prego de cláusulas a condición suspensiva a que fai referencia o art. 117.2 da LCSP.

Capítulo V.- Transparencia na xestión

Base 37ª.- Información da xestión económico-financeira

1. Información para os grupos políticos. Cada mes facilitase a cada grupo político unha copia das resolucións Presidenciais; neste extracto figurará a relación detallada das facturas. Trimestralmente comunicarase a cada grupo político as resolucións ou acordos de concesión de subvencións ou axudas.

2.- Información periódica para o Pleno. En relación coa información a que fai referencia a regra 105 da IC, esta remitirase ó Pleno, por conduto da Presidencia, con periodicidade anual coincidindo coa liquidación, e o seu contido será o previsto na regra 53 da ICN.

TÍTULO IV.- NORMAS REGULADORAS DOS INGRESOS

Base 38ª.- Plan de Tesourería

1.- Corresponderalle ó tesoureiro elaborar o plan anual de Tesourería, que aprobará a Presidencia.

2.- A xestión dos recursos líquidos rexerase polo principio de caixa única e levarase a cabo co criterio de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas nos seus vencementos temporais.

3.- Os recursos que se obteñan en execución do orzamento destinaranse a satisfacer o conxunto de obrigas, salvo que se trate de ingresos específicos afectados a fins determinados. Teñen esta condición os seguintes:

- Contribucións especiais

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Subvencións finalistas

- Operacións de crédito

- Alleamento de investimentos reais, excepto parcelas sobrantes

- Outros

Base 39ª.- Recoñecemento de dereitos

1.- Procederá o recoñecemento de dereitos ó producirse o nacemento dun dereito a favor da Deputación.

2.- Nas liquidacións de contraído previo, de ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento de dereitos cando se aproben as liquidacións.

3.- Nas liquidacións de contraído previo, ingreso por recibo, a contabilización do recoñecemento de dereitos terá lugar ó producirse a aprobación do Padrón.

4.- Nas autoliquidacións, de ingreso sen contraído previo, cando se presenten e se ingrese o produto destas (contraído e ingreso simultáneo).

5.- No caso de subvencións ou transferencias a recibir de entidades ou organismos estraños á Deputación, condicionados ó cumprimento de certas condicións, recollerase o compromiso en base ó acordo formal, mediante cargo na conta de "compromisos concertados" e aboamento na de "ingresos comprometidos". Ó cumprir as condicións establecidas para que a subvención ou transferencia sexa esixible, contabilizarase o recoñecemento do dereito.

6.- A participación en tributos do Estado, unha vez recibida a comunicación das entregas a conta, contabilizarase o recoñecemento do dereito polas que correspondan ó exercicio.

7.- Nos préstamos ou créditos concertados, cando se formalice o contrato contabilizarase o compromiso e a medida que se dispoña contabilizarase o recoñecemento e o ingreso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

8.- Nos intereses e outras rendas o recoñecemento do dereito esixirase no momento en que son esixibles.

9.- O recoñecemento de dereitos no caso de prezos públicos e taxas nos que se esixe a constitución de depósitos previos, a constitución do depósito contabilizarase como operación non orzamentaria, unha vez que se realiza a actividade, prestación do servizo ou utilización do dominio público contabilizaranse na contabilidade orzamentaria.

Base 40ª.- Xestión de tributos e prezos públicos de titularidade da Deputación de Pontevedra

1.- Cada centro xestor ou servizo tramitará as liquidacións que por cada tributo ou prezo público procedan. Sen embargo, no Negociado de intervención - ingresos tramitaranse as liquidacións que non se fagan nos centros xestores.

2.- No Negociado de intervención - ingresos farase a fiscalización das liquidacións. As liquidacións, unha vez fiscalizadas, serán aprobadas individual ou colectivamente (relacións) mediante resolución Presidencial ou do/a deputado/a delegado/a.

3.- A vía de prema dos ingresos tributarios producirase ó día seguinte de finalizar o período de ingreso en voluntaria, e xestionarase dende o centro xestor ORAL.

4.- A dirección da recadación correspóndelle á Tesourería, que deberá establecer o procedemento para verificar o cumprimento da normativa vixente en materia de recadación, con especial referencia ás anulacións, suspensións, aprazamentos e fraccionamento do pagamento.

5.- O Negociado de intervención - ingresos tramitará as liquidacións das achegas de terceiros en función de convenios, saldos debedores que proceda liquidar por outros motivos (reintegro de pagos indebidos, reclamación de débedas a favor doutras administracións, etc..).

6.- Non se esixirá garantías nas solicitudes de aprazamento e fraccionamento de ingresos de dereito público cando o seu importe en conxunto non exceda de 30.000 euros, ou o importe que se estableza na normativa estatal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 40ª BIS.- Xestión de tributos e outros ingresos de dereito público delegados na Deputación de Pontevedra

O centro xestor ORAL – Servizo de xestión tributaria e catastral – ten a encomenda de recadar e xestionar os tributos e outros recursos de dereito público das entidades locais e demais administración públicas que efectúen a delegación na Deputación de Pontevedra. Os servizos que presta regúlanse na disposición adicional V das presentes bases de execución e servirán a tódolos efectos como norma reguladora do seu funcionamento.

Base 41ª.- Contabilización da recadación

1.- Os ingresos que se produzan, e en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, orixinándose un cargo na conta de "Caixa" ou "Bancos" cun aboamento á conta "Ingresos pendentes de aplicación en Caixa ou Bancos".

2.- Os ingresos cuxa recadación xestionen entes públicos, entidades colaboradoras ou axentes recadadores contabilizaranse mediante aplicación provisional a operacións non orzamentarias.

3.- Os demais ingresos que se produzan aplicaranse á contabilidade orzamentaria de forma directa, a non ser que existan razón que aconsellen a súa contabilización diferida.

Base 42ª.- Fianzas, depósitos e préstamos recibidos

1.- As fianzas e depósitos que, a favor da Deputación, deban constituír os contratistas ou calquera outra persoa ou entidade, terán carácter de operación non orzamentaria.

2.- Os préstamos que conceda ou reciba a Deputación e non estean previstos no orzamento terán carácter de operación non orzamentaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

TÍTULO V.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Base 43ª.- Operacións previas no estado de gastos

1.- Á fin do exercicio verificarase que todos os acordos de recoñecemento da obriga tiveron o seu reflexo contable.

2.- Os centros xestores pediranlles ós contratistas que presenten as facturas dentro do exercicio. Sen prexuízo do cal se verificará o estado de determinados gastos por consumos ou servizos imputables ó exercicio e cuxo recoñecemento da obriga non se produza por non dispoñer de factura o 31 de decembro.

Cando sexan gastos correntes e obre un informe do centro xestor xustificando que tivo lugar a adquisición ou servizo, as facturas a recibir terán a consideración de documento "O".

3.- Os créditos para gastos que o derradeiro día do exercicio non estean afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados, sen máis excepcións cás derivadas dos puntos anteriores.

4.- Correspóndelle á Presidencia da Deputación, previo informe de Intervención, a aprobación da liquidación do orzamento da Deputación e da Fundación a proposta das xerencias respectivas.

Base 44ª.- Operacións previas no estado de ingresos

1.- Todos os cobros orzamentarios existentes ata o 31 de decembro deben ser aplicados na contabilidade do orzamento de Ingresos, se é posible.

2.- Verificarase a contabilización do recoñecemento de dereitos en todos os conceptos de ingresos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 45ª.- Peche da contabilidade

1.- Os orzamentos da Deputación e da Fundación liquidaranse por separado, elaborándose os estados demostrativos da liquidación e as propostas de incorporación de remanentes do ano natural seguinte.

2.- Para efectos de determinar o remanente de Tesourería considerararanse ingresos de difícil recadación os que teñan unha antigüidade superior a 1 ano, a non ser que as especiais características do debedor xustifiquen outra consideración.

Base 46ª.- Conta xeral consolidada

1) Para efectos de elaborar os estados integrados e consolidados da Conta da Corporación coas dos seus organismos dependentes, que se unirán á Conta Xeral, e en virtude do disposto no art. 209 do TRLRFL, teranse en conta as seguintes consideracións:

a) Eliminación das transferencias correntes e de capital calquera que sexa a súa situación económica e a súa función.

b) Eliminar os gastos e ingresos derivados de cesión de persoal e prestación de servizos.

c) En xeral, eliminar calquera ingreso e gasto que se produza entre os diferentes entes.

2) O estado de liquidación do orzamento consolidado presentarase como mínimo a nivel de capítulo.

3) Tamén se confeccionarán os estados consolidados do resultado orzamentario, movementos de Tesourería, estado demostrativo de exercicios pechados (gastos e ingresos), remanente de Tesourería e movementos non orzamentarios.

4) O balance e a conta de resultados consolidados presentarase como mínimo a nivel de conta de tres díxitos.

5) Unirase o desglose das operacións internas obxecto de eliminación.

6) O informe do Interventor á que fai referencia o artigo 218 do TRLRFL, no seu caso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

TÍTULO VI.- CONTROL E FISCALIZACIÓN

Base 47ª.- Control interno

1.- A función fiscalizadora desempeñarase baixo a dirección do interventor xeral.

2.- O exercicio das funcións de control financeiro e control de eficacia desenvolverano, baixo a dirección do interventor, os funcionarios que se designen polo Pleno, podendo auxiliarse cando cumpra con auditores externos.

3.- A intervención da comprobación material do investimento realizarase polo órgano interventor, pola viceinterventora ou os funcionarios, dos grupos A1 ou A2 da Área de Intervención, en quen delegue o interventor.

Para asesorar ao órgano interventor na realización da comprobación material do investimento poderase nomear un asesor polo Deputado delegado de persoal, a proposta do interventor, entre funcionarios dos distintos servizos da Deputación especializados no obxecto do contrato, que non haxan intervido no proxecto, dirección, adxudicación e, sempre que sexa posible, que non teña participado na celebración do contrato ou execución do gasto, e pertencente a un servizo distinto ao que teña tramitado a realización do contrato ou a realización do gasto. A realización destas labores de asesoramento considerase parte integrante das funcións dos seus postos de traballo.

4.- A viceinterventora e os xefes de servizo de intervención, de conformidade co disposto no artigo 15 do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, asumirán, por encomenda expresa do interventor xeral, as competencias que este lles delegue mediante resolución da Presidencia.

Base 48ª.- Normas particulares de fiscalización

Non estarán suxeitas a fiscalización previa as fases de autorización e disposición de gastos menores, contratos menores e os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó acto ou contrato inicial, así como nos supostos que se determinen na normativa xeral aplicable.

Estes gastos serán fiscalizados con carácter previo á súa aprobación (recoñecemento da obriga).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Considéranse gastos menores aqueles que non excedan de **3.000 euros, IVE engadido** ou os que determinen as disposicións de carácter xeral, sendo en todo caso necesario que exista dotación orzamentaria

Nos gastos por importe superior ós 6.000 euros**, IVE engadido** e ata o importe máximo dos contratos menores incorporarase ao expediente, con carácter previo á realización do gasto, certificado de existencia de crédito. En caso de existir observacións ou discrepancias, xunto co documento RC, incorporarase un informe ou dilixencia da Intervención.

A fiscalización previa dos dereitos faise polo negociado de fiscalización de ingresos, comprobando as distintas liquidacións que se fan polos centros xestores, e polo Servizo de Contabilidade do ORAL, e noutros conceptos de ingresos substitúese pola toma de razón en contabilidade (ingresos doutras AAPP, etc.), podendo, si se estima oportuno, facer comprobacións posteriores.

A fiscalización previa dos actos de xestión correspondentes aos dereitos que, por delegación doutros Entes Públicos, tramita a Deputación a través do ORAL, referidos á aprobación dos padróns, beneficios fiscais sen dereito a devolución, aprazamentos/fraccionamentos e anulación de liquidacións por causas distintas á prescrición ou insolvencia, substituirase pola toma de razón en contabilidade. En función dos medios dispoñibles, proporase a realización dun control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para dar cumprimento o previsto no artigo 218 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, o Interventor elevará o seu informe ó Pleno como parte integrante da conta xeral.

TÍTULO VII.- RÉXIME DO PERSOAL ACTIVO

Capítulo Iº.- Normas xerais

Base 49ª.- Relacións de postos de traballo.

As relacións de postos de traballo da Deputación e os seus organismos dependentes poderán ser obxecto das modificacións necesarias para, no seu caso, recoller a creación ou modificación das existentes, mediante sentencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Se a persoa declarada laboral indefinida non estiver adscrita a un posto de traballo, este incluirase na relación de postos de traballo do servizo ou organismo da Deputación no que corresponda, de tal xeito que, unha vez modificada esta, a persoa afectada pola sentenza será adscrita ao posto de nova creación. Posteriormente procederase á súa inmediata cobertura polo procedemento previstos legal ou regulamentariamente.

Base 50ª.- Haberes e nóminas de persoal

1.- O pagamento de toda clase de retribucións e indemnizacións ó persoal desta Deputación efectuarase normalmente mediante nómina mensual.

2.- Todas as nóminas relativas a persoas que ocupen prazas do cadro de persoal, confeccionaranse mediante ordenador e estruturada por centros xestores. Ás nóminas acompañarase un parte das variacións existentes na mesma en relación coa do mes anterior para a súa debida fiscalización.

3.- As nóminas serán autorizadas pola Presidencia da Deputación e levarán a conformidade do Xefe do Servizo de recursos humanos e Formación, pola que se entende acreditado que o persoal comprendido na mesma prestou os servizos que se retribúen, excepto o persoal de confianza (eventuais) dos que responde a sinatura da Presidencia.

4.- O pagamento dos haberes de persoal activo e pasivo farase por transferencia a contas abertas en entidades bancarias ou caixas de aforro, ou ben mediante entrega ós perceptores de cheques nominativos emitidos polas citadas entidades.

5.- En todo o que se refire á percepción de axudas de custo (indemnizacións por razón do servizo) do persoal que presta servizos na Deputación, estarase ó disposto na lexislación específica contida basicamente no R.D. 462/2002, de 24 de maio, e actualizacións posteriores, incluíndose no grupo 1º ós funcionarios con nivel 29 e 30, sen prexuízo do que dispoña o Acordo Regulador Convenio Colectivo vixente. Non obstante, a Presidencia, excepcionalmente, poderá ordenar comisións de servizo co carácter de gastos a xustificar, cando o motivo da comisión teña un interese directo e inmediato para a Deputación, o que se xustificará debidamente. En todo caso, a xustificación levarase a cabo consonte a dito R.D. e Orde de 8 de novembro de 1994 (BOE núm. 270, do día 11).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Así mesmo, autorízase ó persoal da Deputación a percibir asistencias por participar en órganos colexiados de organismos con personalidade xurídica propia dependentes da Deputación, nas mesmas condicións cos cargos electos, excepto o persoal propio dos citados organismos, o persoal da Deputación adscrito ós mesmos e o persoal da deputación que realiza tarefas de colaboración na xestión dos organismos e que perciba gratificacións ou produtividade dos citados organismos por dita colaboración.

6.- No caso de persoal que teña consolidado un nivel superior como consecuencia da aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, acreditaráselles o nivel máximo consolidado, dotando á aplicación orzamentaria correspondente polo exceso sobre o nivel asignado ó posto de traballo que desempeñen. Así mesmo, e de conformidade co disposto na Lei 2/98, de 8 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicarase ós funcionarios provinciais e da Xunta de Galicia o principio de reciprocidade previsto no seu artigo 9, coa mesma solución, para efectos orzamentarios, que o caso anterior. Ver Lei 7/98, artigo 9, da Xunta, de acompañamento para 1999.

Base 51ª.- Retribucións do persoal da Deputación que vai a realizar o traballo que viñan realizando nos extintos OOAA e na Fundación da EU de Enfermería.

1.- O persoal da Deputación que vai a seguir realizando as funcións de colaboración que viñan realizando nos extintos OOAA dependentes da Deputación e na EU de Enfermería recibirán un complemento de produtividade, que se tramitará ó principio de cada exercicio.

2.- O persoal colaborador que cobre retribucións, por calquera concepto, dun organismo non terá dereito a percibir asistencias as sesións dos órganos colexiados ós que asista.

Capítulo II.- Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación

Base 52ª.- Retribucións e indemnizacións

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (redacción Lei 14/2000, do 29 de decembro), artigo 225 da Lei 5/97, de réxime local de Galicia e segundo o artigo 13 do Regulamento de organización,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais vixente, os membros electivos da Deputación Provincial de Pontevedra, percibirán durante o exercicio de **2024 as seguintes** retribucións e indemnizacións, segundo se determina a continuación.

1.- Retribucións

Dedicación exclusiva Presidencia ..... 82.827,61 euros anuais

Dedicación exclusiva deputados (2) ..... 69.205,19 euros anuais

Dedicación parcial do 85% (1)..... 58.824,41 euros anuais

Dedicación parcial do 79% (1) ..... 54.672,10 euros anuais

Dedicación parcial do 50% (1)..... 34.602,59 euros anuais

Os cargos con dedicación percibirán, ademais, a antigüidade que lles corresponda pola súa condición de persoal en situación de servizos especiais segundo o artigo 87 da Lei 7/2007, de 12 de abril, e normativa de desenrolo aplicable.

Estas retribucións experimentarán a mesma variación que a que determine, no seu momento, a LPGE do próximo exercicio para os empregados públicos.

2.- Indemnizacións por asistencia a sesións de órganos colexiados

a) Por cada sesión do Pleno ..... 475 euros

b) Por cada sesión da Xunta de Goberno e das comisións informativas ..... 200 euros

c) Por cada sesión doutros órganos colexiados ..... 93 euros

Estas asistencias só serán compatibles cos gastos de locomoción e non poderán percibirse polos membros da Deputación con dedicación exclusiva ou parcial (art. 75-3 da Lei 7/85, redacción Lei 14/2000 do 29 de decembro).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Se nos mesmo día coinciden mais dunha sesión do Pleno da Corporación, os membros solo cobrarán indemnizacións pola asistencia a unha sesión.

3.- Indemnizacións por gastos de asistencia a actos fóra do pazo provincial no exercicio das súas funcións ou en representación da Deputación.

a) Réxime de axudas de custo e gastos de locomoción:

Todos os membros da Deputación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas, contidas basicamente no R.D. 462/2002 e actualizacións posteriores e Orde de 8 de novembro de 1994 sobre xustificación, quedando todos incluídos no Grupo I para efectos de axudas de custo, todo isto en aplicación do art. 75-4 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, art. 13- 5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo R.D. 2568/1986, e art. 225 -2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia. Os membros da Deputación poderán optar polo reintegro dos gastos efectivamente realizados, caso no que achegarán os correspondentes xustificantes da totalidade dos seus gastos, (facturas ou documentos equivalentes segundo a normativa xeral), ou pola aplicación plena do disposto na normativa aplicable ós funcionarios.

Os servizos con dereito a indemnizacións disporaos ou ratificaraos a Presidencia ou o deputado que teña delegada a competencia.

b) Xustificación:

Segundo a normativa de carácter xeral anteriormente indicada para as administracións públicas, mediante conta rendida polo interesado, á que se unirán os xustificantes que sexa necesario en cada caso, entre eles, a disposición de servizo ou ratificación deste, e sempre coa conformidade da Presidencia cando non sexa este o propio interesado, caso no que se limitará á conta ou declaración das circunstancias que motivaron o nacemento do dereito indemnizatorio, achegando os xustificantes que proceda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

4º. Indemnización dos gastos de aparcadoiro.

En virtude do disposto no artigo 75.4 da LRBRL que establece que o pleno pode aprobar normas de desenrolo do réxime de xeral aplicación nas Administracións públicas en materia de indemnizacións de gastos por razón do servizo, a Deputación compensará os gastos de aparcadoiro ós deputados que teñan delegadas competencias para a xestión de áreas e ó resto de deputados para os días que teñan que asistir á actos ou reunións para os que sexan oficialmente convocados.

5º. Autorización para a realización de viaxes con dereito a indemnización por razón do servizo.

Os deputados/as con delegacións de competencias da Presidencia teñen autorizados as viaxes que precisen realizar por razón da súas delegación sempre que se realicen dentro da Provincia de Pontevedra.

As viaxes que teñan que realizar os deputados fora do ámbito provincial terán que ser autorizados pola Presidencia ou o/a deputado/a delegado/a.

Disposición adicional I.- Asignacións aos grupos políticos, réxime de contabilidade, control e transparencia.

1º. Dotación económica

Ó amparo do establecido no artigo 73-3 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, asígnaselles ós grupos políticos da Corporación provincial as seguintes dotacións:

-Cantidade fixa por grupo: 2.000,00 euros mensuais a cada grupo.
-Cantidade variable: 900,00 euros mensuais por cada membro dos grupos políticos.

2º. Natureza xurídica

Estas dotacións económicas teñen natureza de subvención, sendo beneficiarios os grupos políticos, tendo a condición de responsables solidarios os membros do grupo, xa que este carece de personalidade xurídica.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

3º. Obrigas dos grupos políticos beneficiarios

Para ser beneficiarios destas achegas, os grupos políticos provinciais deberán dar cumprimento as seguintes obrigas:

- Constituírse legalmente.
- Obter o NIF propio, diferente ao do partido político, coa denominación "Grupo Provincial..."
- Facilitar código da conta corrente aberta a nome do Grupo .
- Designar a un membro do grupo como responsable da contabilidade e da autorización da disposición de fondos, así como da representación perante a Deputación da xustificación do destino destas asignacións.
- Presentar certificados de non ter débedas tributarias coa Facenda estatal e Autonómica, Seguridade Social e a Deputación, ou autorizar a Deputación para solicitalos.
- Declaración responsable de non ter prohibido recibir subvencións
- Levar unha contabilidade específica para o control destas asignacións, dando cumprimento, como mínimo, aos principios previstos na normativa contable dos partidos políticos, e ao réxime contable destas normas.
- Practicar as retencións cando proceda e ingresalas na Delegación da AEAT.
- Conservar os xustificantes dos gastos, pagos e ingresos que se reflicten na contabilidade, durante seis anos
- Solicitar tres ofertas cando pretendan formalizar contratos que superen o importe dos contratos menores
- Non contratar servizos e subministros con entidades que non teñan o NIF ou CIF correspondente
- Pagar as obrigas dentro dos prazos previstos na Lei de medidas de loita contra a morosidade (Lei 3/2004, modificada pola Lei 15/2010)
- Pagar por medio de instrumentos propios da entidades financeiras (transferencia, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo, etc.), de tal xeito que quede constancia na conta do grupo o destinatario e o importe de todos os pagos e ingresos. Só, con carácter excepcional, admitirase o pago en efectivo para importes inferiores a 100 euros, e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao acredor debidamente identificado e coa sinatura do "recibín".
- Render a conta xustificativa co contido e periodicidade que se determina nestas norma.
- Colaborar cos órganos de control interno e externos, facilitando toda a documentación e información que lle soliciten e obre no seu poder.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

4º. Destino dos fondos

Estas asignacións poderán destinarse aos seguintes gastos:

- Atendendo á finalidade do gasto, só se poden utilizar para gastos de funcionamento do grupo político, como por exemplo:

    - Actos públicos que realice o grupo para a difusión das súas iniciativas e propostas políticas
    - Gastos de difusión nos medios de comunicación, folletos, buzoneo e similares das iniciativas e propostas do grupo
    - Gastos de representación, gastos de manutención por reunións con alcaldes, concelleiros e deputados co fin de coordinar actuacións, negociar asuntos e cuestións que afecten ás funcións e tarefas do grupo
    - Gastos de formación dos membros do grupo, en cuestións relacionadas coas tarefas dos mesmos dentro do grupo.
    - Gastos de desprazamento e manutención con motivo de actos, reunións, etc.. de interese para o funcionamento do grupo
    - Subministracións, servizos, arrendamentos e outros similares que sexan necesarios para o adecuado funcionamento do grupo

- Atendendo á natureza do gasto, poderanse destinar as seguintes clases de gastos:
    - 202 Arrendamento de edificios e outras construcións
    - 204 Aluguer de material de transporte
    - 205 Aluguer de mobiliario e aveños
    - 206 Aluguer de equipos para procesos de información
    - 220.00 Material de escritorio común non inventariable
    - 220.01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións
    - 220.02 Material informático non inventariable
    - 222 Comunicación (todos os subconceptos)
    - 223 Transportes
    - 226.01 Atencións protocolarias e representativas
    - 226.02 Publicidade e propaganda
    - 226.04 Xurídicos
    - 226.06 Reunións e conferencias
    - 227.02 Traballos de valoracións e peritaxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- 227.06 Estudos e traballos técnicos
- 227.99 Outros traballos profesionais
- Comisións de entidades financeiras de xestión e mantemento da conta corrente

- Os gastos aplicables a cada concepto serán os previstos na Orde de EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- En caso de gastos en atencións protocolarias e representativas, deberase presentar informe ou memoria explicativa indicando a identificación das persoas e as razóns de ditos gastos.
- Todos os gastos teñen que xustificarse con facturas, tíckets e calquera outros xustificantes admitidos na normativa sobre facturación.

Non se poderán destinar a:

- Retribucións de persoal.
- Retribucións aos integrantes do grupo político (STS 03/07/2012)
- Aportacións aos partidos políticos (S. do Tribunal de Contas de 19/12/2011), soamente é posible pola prestación de servizos concretos e facturados, debendo os partidos políticos emitir factura (Art. 3.1.a do RD1619/2012, de 30 de novembro, modificado polo RD 1512/2018, de 28 de decembro). Non obstante, no caso de traballos conxuntos entre o Grupo provincial e o partido político difíciles de deslindar, ou por servizos prestados polo partido de forma indistinta a un conxunto de Grupos institucionais que non resulten susceptibles de facturación individualizada, o partido emitirá certificación das transferencias con periodicidade ao menos trimestral en virtude dos convenios de colaboración e asistencia, que deberán contar co oportuno detalle, e emitirá unha memoria anual xustificativa dos servizos e actividades desenvolvidas sobre a base dos convenios de colaboración e asistencia, que se incorporarán á contabilidade do Grupo provincial aos efectos da oportuna xustificación.
- Adquisición de inmobilizado material (investimentos e inventariables).
- Xuros e amortización de débeda.
- Gastos que teñan financiamento finalista provinte de fondos públicos ou privados, agás que sexan gastos asumidos polo partido e que lle resulten imputables total ou parcialmente ao grupo político, sendo necesario neste caso achegar:
  - Copias auténticas dos xustificantes dos gastos e dos pagos efectuado polo partido político.
  - Informe xustificativo do responsable contable do partido explicando os criterios de imputación de custos e gastos ao grupo dos gastos asumidos polo partido, debendo contar tamén dito informe co conforme do responsable contable do grupo político.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

5º. Contabilidade específica do uso das asignacións

Cada grupo político levará unha contabilidade específica dos gastos realizados con cargo a asignación aprobada polo Pleno.

Esta contabilidade deberá respectar os principios establecidos na normativa contable dos partidos políticos (Resolución de 8 de outubro de 2013, pola que se publica o Acordo do Pleno de 26 de setembro de 2013, de aprobación do Plan de Contabilidade Adaptado as Formacións Políticas).

Os libros de contabilidade que haberá que utilizar con carácter mínimo, son os libros de gastos, de ingresos e de caixa.

Nos libros de gastos e ingresos rexistraranse, por orde de datas, todas os gastos e ingresos que se vaian realizando. O rexistro contable é suficiente con que se faga por "partida simple" e aplicando o principio de caixa, é dicir, rexistraranse os pagos e ingresos no momento en que se produza a saída ou a entrada de fondos, reflexando a data, nº da operación, concepto, terceiro e importe.

GASTOS

Data	Nº operación gasto	Nº factura	Concepto	Terceiro	NIF	Importe
	G….					
	G….					

INGRESOS

Data	Nº operación ingreso	Concepto	Terceiro	NIF	Importe
	I …				
	I…				

No libro de caixa rexistraranse as entradas e saídas do efectivo (unicamente movementos de efectivo por caixa, excluídos por tanto, os movementos bancarios), consignando as primeiras no debe e as segundas no haber, resultando deste xeito as existencias do efectivo en cada momento ou saldo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Nº operación ingreso	Nº operación gasto	Concepto	Debe (ingresos)	Haber (pagos)	SALDO

O responsable contable terá que conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo durante seis anos contados desde a data da súa remisión aos órganos de control interno e externo e poñela ao dispor destes cando o precisen no exercicio das súas funcións legais, así como os seus rexistros contables e bancarios.

6º. Xustificación

A xustificación deberá facerse coa presentación da seguinte documentación:

- Memoria explicativa das actuacións realizadas no período ao que se estende a xustificación.
- Conta xustificativa na que se detalle, por orde de data, os gastos e ingresos, debendo especificar (pode ser unha copia auténtica da contabilidade):
    - O terceiro
    - Concepto
    - Importe
    - Se se pagou por banco ou en efectivo
    - Data de pago
    - As retencións practicadas e o seu ingreso

  Non se admitirán gastos que non estean pagados.

- Xustificantes,

    - Admitiranse como xustificantes dos gastos as facturas ou recibos nos que se identifique o concepto, importe, provedor e o grupo político e cumpran co establecido na normativa tributaria sobre facturación (artigos 6 e 7 do Rd. 1619/2012, do 30 de novembro, regulador dos deberes de facturación). As facturas simplificadas e os tíckets dos establecementos comerciais só serán admitidas nos supostos previstos no art. 4 da mesma norma.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- As facturas deben ser expedidas a nome do grupo, e a mesma debe reunir os requisitos esixibles pola normativa fiscal de facturación.
- Os xustificantes poden ser orixinais ou copia auténtica dos mesmos.

- Listado dos movementos bancarios da conta corrente para xustificar os pagos feitos por medio de instrumentos bancarios e os "recibidos" asinados no caso de pagos en efectivo.

As xustificacións deberán presentarse nos primeiros vinte días do mes seguinte ao de cada trimestre natural.

En ano electoral, con motivo da renovación dos grupos, deberase presentar unha conta xustificativa polo período correspondente ao mandato que finaliza (data inicio: primeiro día do trimestre natural que corresponda, data fin: día anterior á sesión constitutiva e prazo de presentación: vinte días posteriores á data fin).

Os novos grupos presentarán a primeira conta xustificativa polo período que corresponda ao novo mandato (data inicio: á da sesión constitutiva, data fin: o derradeira día do trimestre natural que corresponda e prazo de presentación: primeiros vinte días do mes seguinte).

As xustificacións, unha vez sexan fiscalizadas por Intervención, serán aprobadas polo órgano competente para aprobación e recoñecemento das obrigas de gasto.

7º. Pago e reintegro

O pago da asignación a cada grupo farase con carácter trimestral. En ano electoral, o primeiro farase unha vez os grupos estean constituídos e dean cumprimento ao previsto nestas normas, e os seguintes faranse unha vez se aprobe a xustificación do trimestre anterior.

As cantidades non xustificadas seguirán en poder do grupo ata a última xustificación trimestral do ano natural, ou, en período electoral, ata a última xustificación correspondente coa finalización do mandato.

As cantidades non xustificadas ou indebidamente xustificadas no período anual (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) ou, en ano electoral, nos períodos 1 de xaneiro ao día anterior á sesión constitutiva, e desde a data da sesión constitutiva ao 31 de decembro, para os grupos cesantes e novos grupos respectivamente, deberán ser reintegradas, podendo acordarse a realización do reintegro en formalización.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Non se poderán aboar as asignacións no caso de non estar aprobada a xustificación do período anual anterior, agás no primeiro aboamento correspondente a cada novo mandato.

8º. Publicidade e transparencia

Da concesión destas asignacións/subvencións aos grupos políticos farase a publicidade seguinte:

- Publicarase na Base Nacional de Subvencións (BNDS) a concesión polo importe anual correspondente. En ano electoral publicarase a concesión con distinción dos importes que corresponden aos grupos cesantes e novos grupos.
- Darase conta ao Pleno provincial da conta xustificativa sen os xustificantes en caso de que o solicite.

Disposición adicional II. Fondo de continxencia.

Conforme establece o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, no orzamento dótase a aplicación 24/931-9290-500.00 con 1.000.000,00 euros, de fondo de continxencia, que se destinará a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ó longo do exercicio, é dicir, poderase aplicar para atender gastos extraordinarios non previstos, previo expediente de modificación de créditos.

Disposición adicional III. Endebedamento para o exercicio de 2024.

Para financiar os investimentos previstos no orzamento para o exercicio de 2024, non é necesario concertar operación de crédito/préstamo.

Disposición adicional IV. Contabilización do "Plan de Garantía e Sustentabilidade Financeira dos Concellos" – 2024.

O plan conta coas seguintes liñas de subvencións para os Concellos que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións:

-24/942-9425-462.00 Plan de cooperación cos concellos_24. "Actividades".

-24/942-9425-462.03 Plan de cooperación cos concellos_24. "Emprego para a conservación e mantemento de bens e servizos".

-24/942-9425-462.45 Plan de cooperación cos concellos_24. "Gastos correntes, amortización e pagamento de débedas".

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

-24/942-9425-652.45 Plan de cooperación cos concellos_24. "Investimentos xestionados para concellos".

-24/942-9425-762.45 Plan de cooperación cos concellos_24. "Investimentos".

Para facilitar a xestión das liñas de acción do plan, de acordo coas súas bases reguladoras, establécense os seguintes procedementos:

- Por cada Concello abrirase un proxecto de gastos que recolla os créditos que lle asine o plan, en cada unha das aplicación orzamentarias.
- De acordo coa regra 23 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, os créditos asinados a cada proxecto serán vinculantes en si mesmos, creándose unha bolsa de vinculación xurídica entre as aplicacións do plan, xa detalladas, que serán vinculantes entre si por cada proxecto.

Por outra parte, antes de rematar o exercicio orzamentario, verificarase que a aplicación da vinculación xurídica sinalada, non suporá unha distorsión entre os créditos asignados en cada capítulo, para o conxunto do plan, e os gastos realizados ou comprometidos. No caso de que os gastos comprometidos ou realizados por capítulos fose superior á súa dotación económica, tramitaranse as correspondentes modificacións orzamentarias (transferencias de crédito), para que na liquidación a 31/12/2024, a información orzamentaria sexa coherente para cada un dos capítulos afectados.

Disposición adicional V – Regulación do servizo do ORAL

O Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) é o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica que, con dependencia xerárquica orgánica da Presidencia da Deputación, desenvolve as funcións de recadación e de xestión catastral, censual, tributaria, inspectora e de colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico e outros ingresos públicos ás Entidades locais que teñan delegada de forma expresa ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ou lle sexa encomendada segundo o establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Do mesmo xeito, tamén desenvolverá as funcións de recadación e outras que lle sexan expresamente encomendadas respecto dos recursos propios da Deputación.

A composición e réxime de funcionamento do ORAL será o que se estableza no seu propio Regulamento. En ausencia do mesmo ou para o non disposto no mesmo se estará ao establecido nestas bases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 1.-Funcións

A Deputación, a través do ORAL, desenvolve as funcións de recadación e de xestión catastral, censal, tributaria, inspectora e de colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico ás Entidades locais que teñan delegada de forma expresa ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Do mesmo xeito, tamén pode desenvolver as funcións de recadación e xestión respecto dos recursos de outras Entidades Públicas ós que lles sexa de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral.

A realización das funcións descritas que se realicen por encomenda de xestión se axustará ao establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

A Deputación exercerá, por medio da Presidencia da mesma, o control do órgano ORAL así como a dirección estratéxica do mesmo. Para o exercicio de tales funcións contará co apoio de persoal directivo integrado no mesmo.

As competencias atribuídas ao titular da Tesourería da Deputación na lexislación vixente, ao respecto da xestión e recadación dos ingresos propios poderán, a proposta do mesmo, ser exercidas a través dos medios persoais e materiais adscritos ao ORAL.

Base 2.-Servizos que se prestan

Os servizos que se prestan polo ORAL son: xestión tributaria e catastral, inspección tributaria, recadación voluntaria e executiva de ingresos de dereito público así como a xestión e recadación das sancións de tráfico; cuxas funcións se detallan na Ordenanza Reguladora das Relacións Interadministrativas publicada no BOP nº 114 do 14 de xuño de 2023 e na Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación De Recursos Locais (Oral) da Deputación de Pontevedra (BOP nº 83 Martes 30 de Abril do 2013).

Base 3.-Delegación de competencias.

A delegación das competencias das Entidades Locais e demais entes de dereito público implicará a asunción por parte da Deputación das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de xestión, inspección e recadación en cada caso.

O procedemento para formalizar tanto a delegación coma a encomenda de xestión na Deputación das competencias e funcións anteriormente detalladas, axustarase ó disposto no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 7 do Real

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, actuando con carácter supletorio o artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Ordenanza Reguladora das Relacións Interadministrativas.

Base 4.-Colaboración das Entidades locais

A colaboración das entidades locais delegantes axustaranse ao disposto na Ordenanza Reguladora das Relacións Interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo ORAL.

Base 5.-Compensación económica

A compensación económica que as Entidades locais e demais entidades de dereito público deban satisfacer polos servizos prestados pola Deputación vén determinada polas taxas fixadas na correspondente Ordenanza Reguladora da Taxa polos servizos de Xestión, Inspección e Recadación que se prestan na Deputación.

Base 6.-Órganos de Goberno

Tendo en conta a configuración xurídica do ORAL, que exerce a súa actividade en xestión directa pola propia Entidade, correspóndelle a adopción das decisións e acordos relativos ó seu goberno e funcionamento interno ós órganos de goberno da Deputación Provincial, actuando, en todo caso, baixo as directrices e supervisión destes.

As competencias atribuídas ao titular do ORAL, nas ordenanzas da Deputación e demais normativa de aplicación, serán exercidas pola Tesourería, tendo en conta que no acordo plenario do 29 de xuño de 2012, estableceuse a integración na devandita Tesourería de todo o persoal, servizos e actividades que se viñan realizando polo ORAL.

Os órganos de goberno provincial, de acordo coas súas respectivas atribucións, adoptarán as medidas organizativas, persoais e materiais necesarias e suficientes para que aqueles que ostenten responsabilidades administrativas nas funcións atribuídas ás que se refire esta disposición, no exercicio das mesmas, teñan garantía do cumprimento das súas obrigas con total independencia, obxectividade e imparcialidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Base 7.-Corresponde á Presidencia

De conformidade coas funcións establecidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na lei 5/1997, de 22 de xullo da Administración Local de Galicia e no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, correspóndenlle entre outras o exercicio das seguintes competencias:

- Establecer as directrices xerais de actuación.
- Aquelas outras que non estean atribuídas expresamente a outro órgano da Deputación, en especial, as seguintes:

    - De conformidade có establecido na Lei Orgánica 2/87, de 18 de maio, de conflitos xurisdicionais, promoverá conflito de xurisdición fronte ós Xulgados e Tribunais cando estes coñezan dos procedementos de constrinximento sen ter esgotada previamente a vía administrativa.
    - O exercicio de acción nos supostos nos que os rexistradores da Propiedade incumpran os termos establecidos pola lei na práctica de asentos e expedición de certificacións que interesen ó procedemento executivo.
    - Autorización para a venda polo procedemento de concurso dos bens embargados
    - Solicitude ás autoridades competentes da protección e auxilio necesario para o exercicio da función recadatoria.
    - Aprobar a adxudicación directa de bens ó ente acredor previa consulta ó Concello ou entidade respectivos, sobre a utilidade dos mesmos.
    - Autorización, si procede, para a subscrición de acordos ou convenios nos procedementos concursais.
    - Autorizar o procedemento de adxudicación directa dos bens embargados, si existen razóns de urxencia ou en aqueles casos nos que non sexa posible ou non conveña promover a concorrencia.
    - Acordar a compensación das débedas de Entidades públicas.
    - Autorizar como colaboradoras ás entidades de crédito.
    - Aprobar no seu caso, mediante resolución, a instrución á que se debe axustar a declaración de créditos incobrables.
    - Autorizar os anticipos a conta aos concellos delegantes.
    - Aprobar a conta de xestión e recadación.

Base 8.-Da Tesouraría

Sen prexuízo das atribucións que corresponden aos órganos de goberno e de administración da Deputación, e en todo caso baixo a supervisión e superior dirección daqueles, as funcións administrativas de xestión e recadación de recursos públicos delegados que se realizan no ORAL se

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

levarán a efecto baixo a dirección funcional da Tesourería da Deputación Provincial de conformidade coas sinaladas na lexislación vixente, e nos acordos dos órganos da Deputación Provincial, desenvolvendo entre outras:

- As sinaladas no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- As sinaladas en materia de xestión, inspección e recadación de ingresos de dereito público nos acordos dos Órganos de Goberno e nas Resolucións Presidenciais.
- A dirección, impulso e xestión dos servizos, unidades e departamentos que integran o ORAL, así como a supervisión e inspección das actividades que constitúen o seu obxecto.
- Ditar as Providencia de Prema e resolver os recursos contra a mesma.
- Ditar os actos necesarios para a execución dos bens dos debedores dentro do procedemento de prema.
- A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- Vixiar o cumprimento das disposicións regulamentarias e normas legais.
- Formular propostas organizativas e de distribución de funcións en aras a eficacia e eficiencia na prestación dos servicios así como propor a adopción de medidas conducentes a cubrir as necesidades dos servizos e de persoal para a súa maior eficacia, propoñendo á Presidencia da Deputación/Deputado delegado entre outras:
    - As propostas de plantilla orgánica e a relación e clasificación dos postos de traballo dos Servizos do ORAL.
    - O destino e traslado do persoal entre as diferentes unidades.
    - Aquelas outras na materia que non estean asignadas a outros órganos da Deputación
- Propor a contratación de bens e servizos.
- Conformar as propostas de gastos e facturas.
- Propoñer ó órgano competente da Deputación a autorización das transferencias de fondos ás entidades delegantes polo importe que se lle outorgue.
- Propoñer os anticipos ordinarios aos entes delegantes conforme ao establecido no artigo 149.2 do TRLFL e aos criterios de concesión aprobados.
- A Proposta dos convenios que se realicen.
- A Autorización e conformidade dos informes e comunicacións dirixidas ás entidades delegantes.
- A expedición das certificacións relacionadas cós actos administrativos da súa competencia, a solicitude dos contribuíntes ou polas esixencias dos distintos procedementos recadadores.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Aprobar o "Plan de Inspección" dos tributos e demais ingresos de dereito público que xestione o ORAL, ditando as superiores directrices que sexan necesarias para a súa realización.

Base 9.- Estrutura Organizativa

As unidades administrativas que configuran o ORAL están comprendidas polos Servizos seguintes: Servizo de Recadación, Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI, Servizo de Xestión de Recursos Públicos, Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, Servizo Xurídico Tributario e o Servizo de Coordinación do ORAL; que están situados na capital da provincia. No resto do territorio provincial, as Oficinas Periféricas situadas naqueles municipios en que se determine. O volume de xestión do órgano xustifica a existencia dun Servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, con dependencia funcional da intervención xeral da Deputación.

Os órganos de goberno provincial, de acordo a súas respectivas atribucións, adoptarán as medidas organizativas, persoais e materiais necesarias e suficientes para que aqueles que ostenten a responsabilidade administrativa das funcións atribuídas aos órganos a que se refire esta disposición adicional, e, no exercicio das mesmas, se lles garanta o cumprimento das súas obrigas con total independencia, obxectividade e imparcialidade

Base 10.- Servizos Centrais

Os Servizos Centrais se organizan estruturalmente en Servizos, Seccións e Negociados, cuxas denominacións e funcións son as que se detallan a continuación, sen prexuízo da descrición máis completa contida na Relación de Postos de Traballo e nas que no seu caso podan ser asignadas

10.1.- Servizo de Recadación.

Realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Proposta do calendario de recadación, control e modificacións dos períodos de cobramento.
- Seguimento e control dos procedementos de recadación en período voluntario e executivo.
- Control e execución das actuacións necesarias para a aplicación das instrucións internas e verificar que os procedementos recadatorios se desenvolvan de conformidade có disposto na lexislación vixente, na Ordenanza Fiscal Xeral e nas bases de execución.
- Tramitación de compensacións entre suxeitos pasivos, sexan persoas físicas ou xurídicas, produzan ou non devolucións de ingresos indebidos así como aquelas con cargo a terceiros.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Elaborar as propostas de falidos ós obrigados ó pago e incobrables as súas débedas conforme ás instrucións ditadas pola Presidencia.
- Control e supervisión das propostas de baixa en período voluntario e executivo de cobro.
- Requirimentos de informes sobre bens dentro do procedemento de constrinximento.
- Tramitación de recursos de reposición contra a providencia de constrinximento e a Dilixencia de embargo, de acordo cos motivos de oposición que enumeran taxativamente os artigos 167.3 e 170.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, incluíndo os dirixidos contra os títulos executivos.
- Tramitación das solicitudes de suspensión do procedemento recadatorio en período executivo cando este Servizo sexa competente para coñecer do recurso de reposición formulado, segundo o establecido nos puntos anteriores.
- Tramitación de solicitudes e recursos sobre aprazamentos/fraccionamentos e devolucións de ingresos indebidos nos seguintes casos:
    - por duplicidade no pago.
    - para a devolución dos recargos do período executivo, cando o importe principal sexa correcto.
    - para a devolución das cantidades correspondentes a embargos indebidos realizados a pensionistas/asalariados cando se excedan os límites previstos no artigo 607 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuízamento Civil.
    - Devolucións correspondentes a títulos executivos.
    - Compensacións que proceda realizar en relación ás devolucións mencionadas.
- Tramitación de solicitudes e recursos sobre domiciliacións bancarias.
- Tramitación de solicitudes de adhesión ó sistema especial de pago do IBI.
- Tramitación de solicitudes de adhesión ó plan personalizado de pagos.
- Tramitación de procedementos para declarar a responsabilidade subsidiaria por afección real de bens inmobles, así como a resolución dos recursos que se formulen contra estas.
- Tramitación de procedementos de derivación e recursos contra as resolucións que se diten nos supostos de responsabilidade subsidiaria así como fronte aos sucesores da débeda tributaria.
- Tramitación de recursos fronte a débedas remitidas polos concellos delegantes para o seu cobro en período executivo.
- Tramitación dos recursos extraordinarios de revisión en materias da súa competencia.
- Tramitación de terceiras de dominio ou de mellor dereito.

10.2.- Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI.

Realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Tramitación, impulso e seguimento dos diversos expedientes que se derivan do Convenio de colaboración en materia catastral coa Dirección Xeral do Catastro.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Elaboración e mantemento dos diversos padróns do imposto sobre bens inmobles.
- Práctica de liquidacións de ditos tributo, así como do IIVTNU.
- Tramitación no seu caso, dos expedientes de devolución de ingresos indebidos de IBI y IIVTNU derivados de actos de xestión, así como as compensacións que proceda realizar en relación ás citadas devolucións.
- Tramitación de recursos sobre o IBI e IVTNU. Tramitación de compensacións por minoración do valor catastral, división de recibos do IBI nos supostos de co titularidade, beneficios fiscais (de oficio ou a instancia de parte) así como de suspensión do procedemento recadatorio en período voluntario e executivo dentro do recurso de reposición que deba coñecer o Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI de acordo có establecido nos apartados anteriores.
- Aplicación das variacións na información catastral que se produzan mediante a información facilitada por la Xerencia Catastral.
- Tramitación no seu caso e en coordinación có servizo de recadación, de procedementos e recursos sobre derivacións de responsabilidade solidaria en materias de competencia do Servizo.
- Tramitación dos recursos extraordinarios de revisión en materias da súa competencia.
- Outras actuacións de colaboración, cuxa execución sexa aprobada polo órgano competente.

10.3.- Servizo de Xestión de Recursos Públicos

Realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Proposta de aprobación dos padróns (IAE, IVTM, TAXAS e PP) e liquidacións directas trala súa comprobación e xestión.
- Comunicación e apoio ó persoal técnico dos concellos delegantes, para todo tipo de consultas e aclaracións da súa competencia.
- Ordenación das cobranzas na xestión das taxas municipais segundo o establecido no calendario fiscal aprobado.
- A supervisión e coordinación de tódalas actuacións nas que o ORAL deba realizar o desenvolvemento dos convenios ou delegacións que se correspondan coa xestión censual del IAE, IVTM y Taxas y Prezos Públicos.
- Tramitación das devolucións de ingresos indebidos derivadas de actos de xestión, en relación ós impostos, taxas e multas da súa competencia, así como as compensacións que proceda realizar en relación a las citadas devolucións.
- Tramitación de recursos de reposición contra actos de xestión censual e tratamento da información derivada de ditos actos en relación ós impostos, taxas e multas da súas competencia, con independencia do momento recadatorio no que estean os recibos ou liquidacións no seu caso.
- Tramitación de solicitudes de suspensión do procedemento recadatorio en período voluntario e executivo en función do establecido no apartado anterior.
- Tramitación de procedementos e recursos sobre derivacións de responsabilidade solidaria en materias propias do Servizo.
- Tramitación de solicitudes de beneficios fiscais de oficio ou a instancia de parte dos tributos e taxas da súa competencia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

10.4.- Servizo de Inspección e procedementos sancionadores, con funcións tales como:

- Elaboración e coordinación de planes de inspección dos impostos e taxas.
- Realización de actuacións de comprobación e investigación, nos termos regulados no Regulamento xeral de inspección, e no R.d. 243/1995, de 17 de febreiro, no que se refire á xestión censual do IAE.
- Tramitación de expedientes sancionadores incoados no exercicio das súas propias funcións.
- Exercicio das facultades de verificación de datos, comprobación limitada de valores.
- Outras actuacións de colaboración en tarefas de inspección, cuxa execución sexa aprobada polo órgano competente.
- Instrución do procedemento de inspección (ICIO/IAE/TASA 1,5%), así como a supervisión dos traballos de revisión dos censos de taxas

Unidade de Colaboración na Xestión das Sancións de Tráfico

Encadrada dentro do Servizo de Inspección e procedementos sancionadores a xestión das multas de tráfico incluirá a tramitación dos expedientes sancionadores (unha vez gravados no aplicativo de xestión), o que implica:

- O estudo e tramitación das alegacións presentadas consecuencia do inicio do expediente sancionador, petición de informes aos axentes municipais así como probas complementarias no seu caso.
- Publicación de actos administrativos no "taboleiro edital de sancións de tráfico" (TESTRA) nos casos de imposibilidade de notificación persoal ó interesado.
- Remisión dos ficheiros informáticos á DXT para a detracción de puntos, así como posibles devolucións dos mesmos.
- Tramitación de recursos de reposición interpostos contra a resolución sancionadora.

10.5.- Servizo Xurídico Tributario

Realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Asistencia letrada do ORAL, así como a defensa ante os órganos xudiciais dos distintos procedementos contencioso-administrativos e mercantís, en función das actuacións delegadas.
- Emisión de informes técnico xurídicos nos expedientes tramitados polo ORAL que así se determinen.
- Asesoramento no seu caso, aos distintos Servizos do ORAL, na aplicación das normas xurídico-tributarias, mediante a emisión de informes e ditames.
- Emisión de informes sobre materias xurídico tributarias a proposta da Presidencia da Deputación e da Tesourería.
- Tramitación con proposta de resolución dos expedientes de revogación.
- Asesoramento na tramitación de queixas e suxestións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Propoñer o nomeamento de asistencias letradas externas no seu caso, para una mellor representación e defensa dos distintos procedementos xudiciais.
- Supervisión das tarefas de custodia e conservación do fondo documental do Arquivo Xeral do ORAL.

10.6.- Servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade

A contabilidade do ORAL é materia reservada ao órgano interventor da Deputación. As funcións de contabilidade asumidas por este servizo realizaranse baixo a dependencia funcional da Intervención xeral.

Realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- Contabilidade financeira e orzamentaria e de control das aplicacións orzamentarias asignadas ó ORAL.
- Control e fiscalización dos gastos xerados polas unidades administrativas para a determinación do custo e rendemento do servizo.
- Control, contabilización e seguimento dos recursos dos entes públicos delegantes.
- Rexistro dos movementos e da situación da tesourería da Recadación doutros entes públicos.
- Control dos fondos e contas bancarias de recadación.
- Elaboración das liquidacións definitivas de recadación, correspondentes ó período voluntario de cobro e ó executivo, con transferencia de fondos e elaboración e traslado da documentación resultante.
- Elaboración das contas anuais da xestión da recadación das entidades delegantes.
- Por delegación da Intervención, as funcións que lle correspondan no relativo ó órgano xestor ORAL.

Actuacións e tramitación de asuntos en materia económico-contable e orzamentaria que se lle encomenden.

10.7.- Servizo de Coordinación do ORAL , integrada nos Servizos centrais que terá entre outros os seguintes cometidos :

- Xestión das infraestruturas do ORAL
- Xestionar os sistemas de información do ORAL e propoñer as accións necesarias para a mellora da comunicación e transparencia do órgano ORAL.
- Analizar requirimentos de hardware a medio/longo prazo coa periodicidade que se estableza e coordinar co servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación o desenvolvemento de novos aplicativos, así como a interoperabilidade dos desenvolvementos.
- Planificar os períodos de carga, validación de ficheiros, control, mantemento e mellora dos datos incorporados ao sistema.
- Posta a disposición de notificacións e o seu control centralizado, incluíndo a carga de resultados.
- Mantemento, parametrización e explotación do Sistema de Información Tributaria e explotación das bases de datos tributarias

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- Mantemento, explotación e desenvolvemento da Oficina Virtual Tributaria.
- Prestar asistencia e soporte ás persoas usuarias, incluíndo a definición de perfís de usuario/a e o seguimento estatístico das atencións realizadas.
- Implantación e seguimento de sistemas de control de calidade.
- Coordinar as accións de cumprimento efectivo en relación á Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais, transparencia, acceso á información pública e aplicación de códigos de bo goberno no ORAL.
- Coordinar a atención requirida polos servicios en orde as instalacións onde se prestan os servicios e atención aos medios materiais necesarios das unidades administrativas.
- Atender e coordinar a atención das consultas dos concellos e entes delegantes e as súas necesidades de información, así como a das persoas contribuíntes.
- Coordinación e colaboración co servicio de recursos en materia de Recursos Humanos.
- Elaboración e tramitación das propostas de Contratación Administrativa que correspondan
- Coordinación Oficinas Periféricas do ORAL cas funcións propias de cada un dos servizos que integran os servizos centrais
- Coordinación do/s Centro/s de Atención integral ó Contribuínte (CAC)
- Coordinación e mantemento dos contidos informativos do ORAL no portal institucional da Deputación
- Colaboración coa Tesoureira e coa Presidencia na elaboración de Memorias, cadros de mando e seguimentos de obxectivos .
- Coordinar a análise dos procesos e procedementos identificando as posibles disfuncións e propoñendo liñas de mellora
- Todas aquelas que lle sexan requiridas pola Presidencia e a Tesoureira en materias propias de coordinación e mellora da eficacia e eficiencia do ORAL.

Base 11.- Servizos Periféricos

Os servizos periféricos estrutúranse en Oficinas de xestión integral e asistencia que desenvolverán todas as funcións necesarias para levar a cabo con eficacia as tarefas de xestión e recadación e asistencia a cidadanía de conformidade có disposto na normativa aplicable. Os servicios periféricos coordinaranse a través do Servizo de Coordinación do ORAL.

Dentro do ámbito territorial provincial, as funcións sinaladas anteriormente poderán desenvolverse por zonas xeográficas comprendendo cada unha delas un municipio ou varios.

O número de zonas e a relación de municipios nos que se situarán as distintas Oficinas Periféricas se determinarán por acordo da Presidencia da Deputación existindo actualmente as seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

- O.P. da Comarca do Deza.
- O.P. da Comarca de Tabeirós –Terra de Montes.
- O.P. da Comarca de Caldas – Salnés.
- O.P. de la Comarca do Morrazo–Val Miñor.
- O.P. da Comarca de Louriña.
- O.P. do Baixo Miño.
- O.P. da Comarca do Condado e Paradanta.

A actividade para desenvolver por cada Oficina Periférica poderá levarse a cabo nun ou varios centros de traballo.

Á fronte de cada oficina ou oficinas existirá un coordinador - xefe de Oficina, que supervisará o cumprimento das funcións e cometidos da mesma. Para elo, realizará as actuacións necesarias para coordinar e impulsar os procedementos que lle sexan asignados.

A atención presencial nos municipios incluídos na zona de influencia de cada Oficina Periférica, salvo causa de forza maior, será asumida polo persoal da mesma.

Entre outras funcións, corresponderá ás oficinas periféricas:

- A expedición de cartas de pagamento / notificacións.
- Tramitación de exencións / bonificacións de IVTM, así como de outros procedementos que sexan obxecto de normalización e/ou descentralización.
- Requirimentos de documentación ó contribuínte, así como solicitudes, no seu caso, de informes ó concello correspondente.
- Información e asistencia ó contribuínte.
- Tramitación de outros procedementos que lle sexan asignados

Base 12.-Entidades colaboradoras.

En aras ó principio de eficacia administrativa, poderá autorizarse a actuación como colaboradoras ás entidades bancarias que se consideren idóneas e suficientes para permitir o pago dos recursos xestionados nunha multiplicidade de lugares, de forma que o obrigado tributario poda satisfacer a débeda en calquera municipio onde teñan aberta oficina ditas Entidades.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

A solicitude de colaboración na xestión recadatoria pola entidade de crédito dirixirase á Presidencia da Deputación, facendo constar a data de inicio da prestación, que en ningún caso poderá exceder de dous meses desde que se considere concedida a correspondente autorización. Na mesma, designarase a oficina da entidade para relacionarse con esta Administración.

A Presidencia da Deputación valorará as solicitudes presentadas e será o órgano competente para conceder a autorización de prestación do servizo.

Estimada a solicitude, o acordo concesión da autorización deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e formalizarase no correspondente convenio de colaboración en materia de xestión recadatoria.

As funcións para realizar as entidades colaboradoras da recadación son as establecidas nos propios convenios de colaboración asinados, así como nos cadernos 19, 34, 43,60 e 63 da AEB, CECA e UNAC.

As entidades colaboradoras en ningún caso terán o carácter de órganos da recadación, sendo gratuíta a colaboración por parte das mesmas.

Base 13.-Transferencias de fondos

As liquidacións das contías recadadas, as entregas conta da recadación e a correspondente transferencia de fondos ós concellos e entidades delegantes, así como as operacións de tesourería que se realizasen para facilitar os pagos a conta, se realizarán ó amparo do disposto no artigo 149.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, así como no sinalado na Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo ORAL.

As liquidacións e os anticipos dos fondos procedentes da actividade recadadora axustaranse con carácter xeral ás normas seguintes:

1. As liquidacións por ingresos parciais se realizarán antes do 1 de marzo de cada ano. Na conformación do expediente deberá constar:

a) Informe do servicio de recadación e de contabilidade sobre contías que tiveron entrada nas contas abertas da Deputación en concepto de ingresos parciais procedentes de cobro en período executivo, ingresos fraccionados e aprazados e contías parciais recadadas en procedementos concursais

b) Proposta da Tesourería e Resolución da Presidencia.

2. As liquidacións provisionais practicaranse a solicitude dos entes delegantes. Na conformación do expediente deberá constar:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

a) Informe do servicio de recadación e de contabilidade da contía da recadación efectiva nas contas de recadación - ORAL da Deputación de Pontevedra pendentes de liquidación definitiva aos concellos delegantes

b) Proposta da Tesourería Resolución da Presidencia.

3. Os anticipos ordinarios tramitaranse de oficio no mes de xaneiro de cada ano da cordo coa proposta da Tesourería do ORAL e mediante Resolución da Presidencia da Deputación onde constará a totalidade dos anticipos anuais que corresponden a cada concello.

4. Os anticipos extraordinarios tramitaranse a solicitude previa da entidade delegante cos seguintes requisitos administrativos:

a) Anticipo sobre padróns ou listas cobradoras das taxas e prezos públicos, unha vez que estes estean aprobados polo órgano competente:

a. Certificación do acordo de aprobación

b. Proposta da Tesourería e Resolución da Presidencia

b) Anticipo dos padróns de taxas e PP pendentes de aprobación polo órgano competente:

a. Informe favorable dos servizos de xestión correspondentes coa determinación da contía estimada de aprobación.

b. Proposta da Tesourería Resolución da Presidencia.

c) Anticipos sobre liquidacións de IBI resultado de regularizacións catastrais e outros procedementos de valoración colectiva ou análogos.

a. Informe favorable dos servizos de xestión correspondentes coa determinación da contía estimada de aprobación.

b. Proposta da Tesourería Resolución da Presidencia.

Base 14.-Rendición das contas da xestión recadatoria

A rendición de contas de xestión recadadora ante os entes delegantes se efectuará conforme ao establecido na Base 29 da "Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo ORAL" (BOPPO 14/06/2023).

Disposición transitoria I. Créditos non dispoñibles por redución de ingresos procedentes do Estado.

No caso de que os ingresos procedentes do Estado sexan inferiores ós previstos neste presuposto, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución Presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

Disposición final.

Este orzamento terá vixencia dende o día 1 de xaneiro de 2024.

O PRESIDENTE,

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

ANEXO I

GASTOS PLURIANUAIS

APLICACIÓN e/ou CONCEPTO	**FINALIDADES**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**	**2025**
232-2312-632,03	**2021030761 MELLORA DO CEIP DARIA GONZALEZ GARCIA**			***2.158.153,19 €***		
232-797,10	FINANCIACION UE (PIREP%)*CONCEDIDA*			*1.764.323,75 €*		
333-3330-62201; 63203	**2022068830 -CONSOLIDACIÓN, REST.E INTERCONEXIÓN ACCESIBLES A TRAVÉS SUBSUELO EDIFICIOS CENTRALES DEL MUSEO**		***7.854.987,56 €***	***3.088.581,79 €***		
333-720,91	FINANCIACION UE, MINISTERIO T.M.A.U.(PIREP) CONCEDIDA			*3.000.000,00 €*		
231-2317-XXX	**2210004 HUB PARA LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL E A SOIDADE NON DESEXADA NO M. RURAL P. PONTEVEDRA, Orden TED/1358/2021, M.T.E.R. DEMOGRAFICO)**		**2.339,91 €**	**476.036,63 €**	**21.623,46 €**	
231-420,90; 720,90	ACHEGAS M.TRANSICIÓN ECOLÓXICA R. DEMOGRAFICO		2.339,91 €	278.318,09 €		
240-2418-xxx	**1900001 PRACTICUM_DEPO 19-21 (672.278,40€)**	**67.227,84 €**				
240-497,04	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A05/2019 (SEPIE: 509,302,00€)	50.930,20 €				
240-2420-xxx	**2000002 PRACTICUM_DEPO 20-22 (734.027,40€)**	**73.402,74 €**	**73.402,74 €**			
240-497,04	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A05/2020 (SEPIE: 571.051,00€)	57.105,10 €	57.105,10 €			
240-2427-xxx	**2100003 PRACTICUM_DEPO 21-23 (974501,40€)**	**779.601,12 €**	**97.450,14 €**	**97.450,14 €**		
240-497,04	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A0x/2021 (SEPIE: 811,525,00€)	649.220,00 €	81.152,50 €	81.152,50 €		
240-2428-xxx	**2200002 PRACTICUM_DEPO 22-24 (796,865,00€)**		**637.492,00 €**	**79.686,50 €**	**79.686,50 €**	
240-497,03	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A0x/2022 (SEPIE: 599,765,00€)		479.812,00 €	59.976,50 €	59.976,50 €	
240-2429-xxx	**2300005 PRACTICUM_DEPO 23-25 (1.382.155,00€)**			**1.105.724,00 €**	**138.215,50 €**	**138.215,50 €**
240-497,09	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A0x/2023 (SEPIE: 1.182.155,00€)			945.724,00 €	118.215,50 €	118.215,50 €
240-2426-XXX	**1800005- LABORA 2020 (FSE. 80%)**	**966.415,35 €**				
240-490,02	*FINANCIACION FSE (80%)*	773.132,28 €				

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

APLICACIÓN e/ou CONCEPTO	**FINALIDADES**	**2021**	**2022**	**2023**	**2024**	**2025**
240-4314-xxx	**92210002 - DA TÚA MAN (MS-010000-2021-206 NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO),**		***1.289.962,85 €***			
22/240-797,10	*FINANCIACION NEXT GENERATION UE*		*746.259,50 €*			
22/240-762,01	*C. A CAÑIZA*		*17.349,77 €*			
22/240-762,24	*GONDOMAR*		*19.224,77 €*			
22/240-762,30	*MOAÑA*		*17.974,77 €*			
22/240-762,28	*MEAÑO*		*7.240,43 €*			
22/240-762,42	*PONTE CALDELAS*		*9.835,18 €*			
22/240-762,38	*O ROSAL*		*14.199,77 €*			
22/240-762,53	*SILLEDA*		*16.599,77 €*			
22/240-762,50	*SALCEDA CASELAS*		*11.546,27 €*			
22/240-762,55	*TOMIÑO*		*11.055,02 €*			
22/240-762,41	*POIO*		*19.224,77 €*			
22/240-762,48	*RIBADUMIA*		*12.423,77 €*			
250-2315-XXX	**2100002 DEPO_GEGAME 21-22 (ERASMUS + "2020-1-HU01-KA201-078801-04)) (28,042,00€)**	**22.433,60 €**	**5.608,40 €**			
250-497,07	FSE (ERASMUS+)	22.433,60 €	5.608,40 €			
330-3344-XXX	**92200006 -CONECTA LAB (M.R. RESILENCIA; M.CULTURA Y DEPORTE, "Incubadoras prox. Audiovisuales"),**		***88.770,00 €***	*45.730,00 €*		
22/330-497,10	*FINANCIACION M.R. RESILENCIA UE*		*45.730,00 €*	*45.730,00 €*		
332-3323-640,03	**21100003 DIXITALIZACIÓN DOS FONDOS DO ARQUIVO DA DEPUTACIÓN (PR606A-2020-00000022-00 FEDER_AMTEGA "XUNTA")**	***90.789,00 €***	***23.970,67 €***			
332-791,03	*FINANCIACION FEDER_AMTEGA "XUNTA*	*71.912,00 €*	*17.978,00 €*			
240-2418-xxx	**1900001 PRACTICUM_DEPO 2019-21 (ERASMUS + "EAC/A03/2019)**	***67.227,84 €***				
240-497,06	PROGRAMA ERASMUS + EAC/A03/2016 (SEPIE: 509,302€)	*50.930,20 €*				
410-4100-421,10	**CONV. MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA**	**50.000,00 €**	**50.000,00 €**			
410-4120-213,00	**CONV. CONFEDERACIÓN DE ASOCIACIONES DE FRISONA ESPAÑOLA (CONAFE)**	**2.980,00 €**	**2.980,00 €**	**2.980,00 €**		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

APLICACIÓN e/ou CONCEPTO	FINALIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
410-1360-XXX	**2110002 "0760_INTERLUMES_6_E - DEFENSA C. INC. FORESTALES NA FRONTEIRA HISPANO-LUSA (250,000€)"**	**175.270,35 €**	**74.729,65 €**			
410-791,12	AXUDA FEDER _ INTERRREG V A (187,500€)	131.452,76 €	56.047,24 €			
410-4151-XXX	**2000003 - DEPOMAR (PROGRAMA PLEAMAR FEMP)**	***59.280,00 €***				
410-490,10	*FINANCIACION F. E. MARÍTIMO E PESCA (FEMP) [75%]*	*44.460,00 €*				
413-4125-XXX	**2200003_GO PLASMOWINE - OPTIMIZACIÓN TRATAMENTOS MILDIU MINIMIZAR RESIDUOS VIÑO (FEADER 2022/011B - AEI(MR331B))**		***7.481,70 €***	***18.496,75 €***	***16.021,55 €***	
413-490,10	*ACHEGA FEDER AEI (C. MEDIO RURAL)*		*7.481,70 €*	*18.496,75 €*	*16.021,55 €*	
413-480,13	*FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD (FB)*		*19.468,64 €*			
410-1708-XXX	**240000X - BIOCOSTEIRO - INTERREG VI - A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027**				***188.848,28 €***	***77.265,20 €***
433-491,08	*FINANCIACION FEDER (POCTEP -75%)*				*141.636,21 €*	*57.948,90 €*
433-4314-xxx	**92210001 - COMMERCE INSIDE (ACT-010000-2021-18 NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO),**		***1.327.793,50 €***			
22/433-797,10	*FINANCIACION NEXT GENERATION UE*		*768.145,00 €*			
22/433-762.08	*BAIONA*		*11.846,25 €*			
22/433-762.04	*A GUARDA*		*17.426,22 €*			
22/433-762.10	*BUEU*		*18.801,22 €*			
22/433-762.56	*TUI*		*17.426,22 €*			
22/433-762.54	*SOUTOMAIOR*		*12.721,22 €*			
22/433-762.11	*CALDAS DE REIS*		*15.301,22 €*			
22/433-762.35	*NIGRAN*		*17.426,22 €*			
22/433-762.52	*SANXENXO*		*17.426,22 €*			
22/433-762.12	*CAMBADOS*		*17.426,22 €*			
22/433-762.36	*O GROVE*		*18.801,48 €*			
433-4324-xxx	**92210004 -DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (P Panca V_ Compoñente 14) NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO),**		***502.150,00 €***	***1.827.670,00 €***	***173.670,00 €***	
22/433-797,10	*FINANCIACION NEXT GENERATION UE*		*415.000,00 €*	*1.654.000,00 €*	*0,00 €*	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

APLICACIÓN e/ou CONCEPTO	FINALIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
433-4325-xxx	**92210005 -"CONDADO PARADANTA, UNA TIERRA ENTRE RIOS" (CCAA-EELL, Compoñente 14_Investimento 1) NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO),**		***342.430,00 €***	***1.329.350,00 €***	***143.220,00 €***	
22/433-797,10	*FINANCIACION NEXT GENERATION UE*		*283.000,00 €*	*1.217.000,00 €*	*0,00 €*	
926-4330-XXX	**92200007 - CREACIÓN OFICINAS ACELERA PYME RURAL (NEXT GENERATIÓN UE)**		***124.951,47 €***	***228.839,12 €***	***158.709,41 €***	
926-479,10	*ACHEGA RED.ES (FONDOS NEXT)*		*22.451,47 €*	*228.839,12 €*	*158.709,41 €*	
942-2410-XXX	**1900004 TI© EMPRENDES 2019-21 "FSE eje 5, EMP-POEJ" (R.D. 1234/2018)**	***140.595,00 €***				
942-490,04	*FINANCIACION FSE (91,89%)*	*129.192,75 €*				
413-4125-XXX	**2000001 VITICAST (FEDER-AEI-AGRI) 2020-21, (89,484,08€);** ***[F. PROPIOS = COSTES INDIRETOS DO SERVIZO]***	***43.511,75 €***				
410-490,10	*FINANCIACION FDER-AEI-AGRI (94,77%)*	*43.511,75 €*				
942-3420-762,58	**REMODELACIÓN ESTADIO F. BALAIDOS (Protocolo inicial+ ADDENDAS)**	**100.000,00 €**	**100.000,00 €**			
942-16XX-652,15	**PROX. ILUMINACIÓN E XESTION AUGA (IDAE, FEDER-EELL-2020)** ***(PREVISIÓNS ACHEGAS DEPUTACIÓN)***	*210.370,00 €*				
942-16XX-652,15	**PROX. BIOMASA_ TERMICA (IDAE, FEDER-EELL-2020)** ***(PREVISIÓNS ACHEGAS DEPUTACIÓN)***	*94.086,00 €*				
942-1700-652,15	**2110001_ ENVOLVENTA TERMINCA SOSTIBLE I, REHAB. ENERX.ESCOLA DE VILASOBROSO" (IDAE, FEDER-EELL-)**	***264.816,49 €***	***113.492,78 €***			
942-791,11	"AXUDA CONCEDIDA IDAE" (80%)	189.154,63 €	113.492,78 €			
21/942-768,00	ACHEGA E.L.M. VILASOBROSO (C. MONDARIZ)	55.661,86 €				
942-1650-652,15	**21_0009_V_A GOLADA, ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V" (IDAE, FEDER-EELL-2020-004168)**	***184.369,89 €***	***16.032,16 €***			
942-791,11	"AXUDA CONCEDIDA IDAE" (80%)	144.289,48 €	16.032,16 €			
942-762,03	ACHEGA CONCELLO A GOLADA	20.080,41 €				
942-1650-652,15	**21_0010_V_BAIONA, ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V" (IDAE, FEDER-EELL-2020-004168)**	***175.387,47 €***	***15.251,08 €***			
942-791,11	"AXUDA CONCEDIDA IDAE" (80%)	137.259,76 €	15.251,08 €			
942-762,08	ACHEGA CONCELLO BAIONA	19.063,86 €				

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:8X1JRLTRE6EZXF5E

APLICACIÓN e/ou CONCEPTO	FINALIDADES	2021	2022	2023	2024	2025
942-1650-652,15	**21_0011_V_BARRO, ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V" (IDAE, FEDER-EELL-2020-004168)**	***177.244,41 €***	***15.412,56 €***			
942-791,11	"AXUDA CONCEDIDA IDAE" (80%)	138.713,01 €	15.412,56 €			
942-762,09	ACHEGA CONCELLO BARRO	19.265,70 €				
942-1650-652,15	**21_0012_V_BUEU, ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V" (IDAE, FEDER-EELL-2020-004168)**	***153.293,64 €***	***32.306,70 €***			
1.1.95.2	ATS/DUE de empresa	23	A1			1	N	C		AE	31	ATS/DUE Empresa		17.749,30
1.1.15.21	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3			13.807,91
1.1.284.1	Xefatura de sección de organización	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	31.948,90
1.1.42.1	Técnico de organización	23	A1			1	S	C		AE	10		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.42.3	Técnico de organización	23	A1			1	S	C		AE	10		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.269.1	Xefatura de sección de formación	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.427.1	Xefatura de departamento de formación	23	A1	A2	B	1	N	C		AX/AE	10/9/8		Libre dispoñibilidade	21.071,54
1.1.15.58	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3			13.807,91
1.1.431.1	Técnico/a especialista en xestión	21	B			1	N	C		AE	45			16.320,12
1.1.15.88	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3			13.807,91
	SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA													
1.1.302.1	Xefatura de servizo de informática e administración electrónica	29	A1			1	S	CE		AX/AE	10		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	40.422,93

Número de anuncio 2023/4386

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	ESPECÍFICO 2023
1.1.303.1	Xefatura de sección de asistencia informática	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.45.12	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.90.13	Analista técnico	23	A2			1	N	C		AE	36			17.603,54
1.1.290.2	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.5	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.6	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.281.1	Xefatura de sección de administración electrónica	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.45.6	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.45.11	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.289.6	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	2		At. continua público	17.421,73
1.1.90.12	Analista técnico	23	A2			1	N	C		AE	36		At. continua público	17.603,54
1.1.290.7	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.14	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.437.1	Xefatura de departamento	23	A1	A2	B	1	N	C		AX/AE	10/9/8		Libre dispoñibilidade At. continua público	21.981,95
1.1.452.1	Xefatura de sección de seguridade da información	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.45.14	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.90.14	Analista técnico	23	A2			1	N	C		AE	36			17.603,54
	SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE													
1.1.301.1	Xefatura de servizo de sistemas e soporte	29	A1			1	S	CE		AX/AE	10		Xornada especial dedicación Incompatibilidade total Dispoñibilidade total	40.422,93
1.1.319.1	Xefatura de sección de sistemas e infraestruturas	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.45.7	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.45.8	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.290.9	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.10	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.304.1	Xefatura de sección de soporte e atención a usuarios	25	A1	A2		1	S	C		AX/AE	10/9		Libre dispoñibilidade	26.787,93
1.1.45.9	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.45.10	Técnico superior informática	23	A1			1	N	C		AE	15		Plena dispoñibilidade	19.296,55
1.1.90.10	Analista técnico	23	A2			1	N	C		AE	36			17.603,54
1.1.90.11	Analista técnico	23	A2			1	N	C		AE	36			17.603,54
1.1.290.15	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.16	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.290.17	Analista programador	21	B			1	N	C		AE	16			16.320,12
1.1.438.1	Xefatura de departamento	23	A1	A2	B	1	N	C		AX/AE	10/9/8		Libre dispoñibilidade At. continua público	21.981,95
1.1.15.167	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.718,31
1.1.15.168	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.718,31
1.1.15.170	Administrativo admón. xrl.	20	C1			1	N	C		AX	3		At. continua público	14.718,31
						780								
* Posto ocupado por persoal laboral														

Número de anuncio 2023/4386

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	ESPECÍFICO 2023
	ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO													
	Técnico	28	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	40.422,93
	Técnico	25	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	35.653,01

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGR.			DOT.	TP	F. PROV	ADM.	ESC.	TIT.	FORM. ESPECÍF-	OBSERVACIÓNS	ESPECÍFICO 2023
	Auxiliar	17	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	18.559,46
	Auxiliar	17	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	18.559,46
	Auxiliar	17	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación Funcións de confianza e asesoramento especial	18.559,46
						27								

DOT:	Dotación
TP:	Tipo de posto
S:	Singularizado
N:	No singularizado
F.PROV.:	Forma de provisión
LD:	Libre designación
CE:	Concurso específico
C:	Concurso
ESC:	Escala
AG:	Administración xeral
AE:	Administración especial
TIT.:	Titulación/s
ADM:	Administración
A3:	Aberto a outras administracións

Importe do complemento específico do persoal docente	2023
Profesores Dirección + Dirección residencia	27.973,53
Profesores Dirección	26.070,25
Profesores Subdireción	20.917,48
Profesores Xefatura residencia	20.917,48
Profesores Xefatura estudios	20.917,48
Secretaria	20.917,48
Profesores Xefatura Dto.	17.129,49
Profesores	16.433,12

TITULACIÓNS:	
1	Grao ou Licenciatura en dereito, económicas, políticas ou empresariais, Intendente mercantil ou Actuario ou equivalente
2	Grao ou Diplomatura en dereito, económicas ou empresariais, relacións laborais ou graduado social ou equivalente
3	Bacharel, técnico ou equivalente
4	Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente
5	Sen requisito de titulación
6	Enxeñería industrial, enxeñería de camiños canais e portos, licenciatura ou enxeñería en informática, enxeñería de telecomunicacións, licenciatura en administración e dirección de empresas, psicoloxía, psicopedagoxía, periodismo, publicidade e relacións públicas, física, matemáticas, química, socioloxía ou ciencias do traballo ou equivalentes.
7	Grao ou Licenciatura en socioloxía, filoloxía inglesa, alemana, italiana ou francesa, historia, periodismo, documentación, bioloxía ou equivalentes.

Número de anuncio 2023/4386

8	Técnico/a superior ou equivalente
9	Grao ou Diplomatura universitaria
10	Grao ou Licenciatura universitaria
11	Grao ou Licenciatura en Dereito
12	Grao ou Licenciatura en filoloxía hispánica, especialidade: galego ou equivalente
13	Grao ou Licenciatura nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
14	Grao ou Diplomatura nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas
15	Licenciatura ou enxeñería en informática, enxeñería en telecomunicacións ou equivalente
16	Técnico/a superior da familia profesional: informática e comunicacións, Técnico/a especialista en informática de xestión ou equivalente
17	Arquitecto/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto
18	Enxeñeiro/a técnico industrial ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a industrial
19	Arquitecto/a técnico/a ou titulación equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a técnico/a
20	Técnico/a superior en proxectos de edificación ou en proxectos de obra civil ou en deseño en fabricación mecánica ou en deseño e edición de publicacións impresas e multimedia, ou equivalentes
21	Enxeñeiro/a de camiños canais e portos ou titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a de camiños, canais e portos
22	Enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas
23	Enxeñeiro/a técnico/a en topografía ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a en topografía
24	Enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a agrícola
25	Grao ou Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagoxía ou pedagoxía ou equivalente
26	Diplomatura en traballo social ou grao nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais ou xurídicas
27	Grao ou Licenciatura en psicoloxía, pedagoxía ou psicopedagoxía ou equivalente
28	Grao ou Licenciatura en psicoloxía ou equivalente
29	Diplomatura en educación social, pedagoxía ou profesor de educación primaria ou grao oficial universitario equivalente
30	Técnico/a superior en educación infantil, Técnico/a superior en integración social ou equivalente.
31	Grao universitario en enfermería
32	Grao, Licenciatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente
33	Grao, Diplomatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente
34	Graduado/a en música ou equivalente
35	Graduado/a en danza ou equivalente
36	Diplomatura ou enxeñería técnica en informática ou grao oficial universitario equivalente
37	Técnico/a de grao medio na familia profesional de Imaxe e son
38	Técnico/a superior na familia profesional de artes gráficas
39	Graduado/a universitario en dereito, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñería ou enxeñería técnica.
40	Licenciado/a ou Graduado universitario en CC. Económicas, Empresariais, Dereito, Relacións laborais, Ciencias do traballo, Ciencias políticas e da administración, Administración e dirección de empresas, Dirección e xestión pública, Psicoloxía ou Socioloxía.
41	Técnico/a superior en marketing e publicidade.
42	Grao universitario en Xornalismo, CC. Da comunicación, Marketing e comunicación dixital ou Comunicación audiovisual.
43	Técnico/a en cociña e gastronomía ou equivalente.
44	Técnico/a superior en educación infantil, Técnico/a superior en integración social ou equivalente.
45	Técnico/a superior na familia profesional de administración e xestión, Técnico/a especialista na rama administrativa ou equivalente.
46	Grao universitario en turismo, Historia da arte, Socioloxía, Xeografía e ordenación do territorio, Historia ou equivalente.
47	Grao ou Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagoxía ou pedagoxía, educación social, traballo social, Igualdade ou equivalente.
48	Grao universitario en ciencias da actividade física e do deporte ou equivalente.
49	Licenciatura universitaria en ciencias químicas ou equivalente

A Coruña, 2 de xuño de 2023

O Presidente
PDFR 26013 do 29/07/2019
O Deputado
Antonio Leira Piñeiro

O Secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2023/4386

Número de anuncio 2023/4386

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INSTANCIA XENÉRICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome/Razón social:	1.º apelido:	2.º apelido:	NIF:
PATRICIA	GARCÍA	MARTÍNEZ	44079005B

ENDEREZO

Tipo de vía:	Nome da vía:			Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
AVENIDA	DE MARIN			5	H		
Provincia:	Concello:	Código postal:		País:			
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	36003		ESPAÑA			
Correo-e:		Tel.:		Móbil:			
PATRICIA.GARCIA@DEPO.ES				656534205			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome:	1.º apelido:	2.º apelido:	NIF:
En calidade de:		Correo-e:	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:	◉ Persoa solicitante	○ Persoa representante
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico indicado a continuación:		Correo-e: PATRICIA.GARCIA@DEPO.ES

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente. As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición das persoas interesadas no Servizo de Notificacións Electrónicas para que poidan acceder ao seu contido de forma voluntaria.

◉ Electrónica a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal

○ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Tipo de vía:	Nome da vía:			Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:	Concello:	Código postal:		País:			

SERVIZO OU ÓRGANO DA DEPUTACIÓN AO QUE SE DIRIXE

GABINETE DA PRESIDENCIA

EXPOÑO

QUE NA MIÑA CONDICIÓN DE DELEGADA DE PERSOAL DA UGT, DENTRO DO PRAZO ACORDADO, ACHEGO O DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS DA UGT AO CAPÍTULO I DO PROXECTO DE ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O ANO 2024. ACOMPAÑAMOS SENTENZA DO TS STS 4128/2021 QUE OBRIGA Á AXE A CLASIFICAR NO GRUPO B AO CORPO DE DELINEANTES DE FACENDA.TAMÉN ACOMPAÑANOS CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN DA CORUNA (BOCORUÑA DE 5 DE XUÑO DE 2023), TOMADO COMO REFERENCIA PARA COMPARAR A SITUACIÓN DO ORAL CO SERIVZO DE RECADACIÓN TRIBUTARIA DA CORUÑA (VER PAXINAS 7 A 14 DO DOCUMENTO)

COD SIA: 760768 Mod: 920.004G

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INSTANCIA XENÉRICA

SOLICITO

TER POR PRESENTADAS AS ALEGACIÓNS FORMULADAS, PARA A SÚA TOMA EN CONSIDERACIÓN E DEBATE NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DO ORZAMENTO 2024.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa solicitante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da persoa/entidade solicitante	☐
NIF da persoa representante	☐

DOCUMENTACIÓN

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven. Así mesmo, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, poderá verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a norma de rango legal recollida no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en https://sede.depo.gal
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

SINATURA

Lugar e data:

	,		de		de	

COD SIA: 760768 Mod: 920.004G

DATOS CERTIFICADO:
TITULAR: 44079005B PATRICIA GARCÍA MARTÍNEZ

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
Data Rexistro: 25/10/2023 13:51:47
Nº Rexistro: WEB2023059376
ENTRADA

INSTANCIA XENÉRICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Razón social/nome/apelidos:	NIF:
PATRICIA GARCÍA MARTÍNEZ	44079005B

ENDEREZO

Tipo de vía:	Rúa:	Núm:	Portal:	Piso:	Porta:
AVENIDA	DE MARIN	5	H		

Provincia:	Localidade:	Código postal:
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	36003

Email:	Móbil:	Teléfono:
patricia.garcia@depo.es	656534205	656534205

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

(acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Razón social:	NIF:

Cargo na entidade:	Correo-e:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Nome do documento	CSV	SHA1
Anexar documentación	25BMFUT95U6RBY6Z	4bb9337e3af8e1e158ddf24d193f819d790bfca6
Anexar documentación	205JA7P1IUSU2D00	beba0223b07ea693b900dc0b32427d79f435ca12
Instancia xenérica	2ZQU268B3V2J6GL6	2244d465f18a4f23896920c5679669b55d814b4c

DATOS ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA

NIF/CIF: 44079005B

Apelidos, Nome: GARCÍA MARTÍNEZ, PATRICIA

NIF/CIF representado/a:

Apelidos, Nome representado/a: ,

IP: 172.17.40.195

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:3PNWD9TZK0JGQLJC

ALEGACIÓNS INICIAIS UGT NEGOCIACION CAPÍTULO I DO ORZAMENTO PROVINCIAL 2024

(NEGOCIACIÓN MXN 20 e 27 de OUTUBRO 2024)

ANTECEDENTES

1.º O pasado día 19 de outubro, o Servizo de Recursos Humanos e Formación remitiu a través de dous e-mail ás organizacións sindicais unha convocatoria para mesa xeral de negociación a celebrar ao día seguinte, venres 20 de outubro, para a negociación do Capítulo I (gastos de persoal) do proxecto de orzamentos da Deputación Provincial para o exercicio económico 2024. Á dita convocatoria achégase a seguinte documentación:

a. Proposta do Deputado Delegado de Persoal, sobre o cadro de persoal e RPTS
b. Proposta de RPT de Persoal Funcionario para o ano 2024
c. Proposta de RPT de Persoal Laboral Fixo para o ano 2024
d. Proposta de previsión de persoal funcionario interino sen praza para execución de programas para o ano 2024
e. Proposta de previsión de laborais temporais para o ano 2024
f. Proxecto de bases de aplicación de retribucións do persoal que presta servizos na Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024
g. Informe conxunto do Servizo de RRHH – Secretaría coa proposta de aprobación de RPT e cadros de persoal.

2.º O día 20 de outubro tivo lugar unha primeira reunión entre os representantes da Deputación e as organizacións sindicais, na que o equipo de goberno explicou a documentación previamente facilitada e deu a coñecer as modificacións máis relevantes do vindeiro orzamento da Deputación para o exercicio 2024, no que afecta ao cadro de persoal, e emprazou ás organizacións sindicais para a achega de propostas e alegacións ata o día 25 de outubro, co obxecto de seren avaliadas e debatidas na seguinte mesa xeral convocada automaticamente para o venres, día 27 de outubro ás 9:00 horas.

En base ao exposto, a sección sindical da UGT a Deputación, e na súa representación, as delegadas abaixo asinantes, unha vez analizada a documentación e a información facilitada, realizan as seguintes

ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE ORZAMENTO PROVINCIAL 2024. CAPÍTULO I

1. **ALEGACIÓNS XERAIS**

A. CRECEMENTO DO GASTO DE PERSOAL. Corresponde ao Goberno do Estado a través da lei de orzamentos xeral do estado (LPXE) fixar o teito de gasto para dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Pero dadas as limitacións derivadas da situación de interinidade do Goberno en funcións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Goberno galego na elaboración do proxecto de orzamento para o vindeiro ano 2024 prevé un aumento de ata un 6% o gasto en persoal (ata 4.867 millóns de euros no capítulo I, segundo as propias nota de prensa remitidas dende a Presidencia da Xunta), e non só para garantir as subidas salariais das persoas empregadas públicas derivadas da aplicación do Acordo Marco para unha administración do século XXI, senón tamén para afrontar as necesidades adicionais de recursos humanos, especialmente no ámbito da sanidade pública.

E dende a UGT consideramos que a Deputación pode estar en condición de facer unha previsión similar á Comunidade Autónoma, co fin de consignar orzamentariamente as partidas que deben garantir os incrementos retributivos previstos para o ano 2024 xa acordados (que non precisa de ningún desenvolvemento normativo nin orzamentario específico), así como a cobertura adicional de necesidades de persoal. E por elo, que dende a UGT solicitamos acoller a mesma liña de previsión da CCAA de Galicia, e adaptala ao orzamento provincial.

B.FUNCIONARIZACIÓN DO PERSOAL LABORAL. Xa nas alegacións presentadas pola UGT ao orzamento do ano 2023, reclamamos a necesidade de levar a cabo un novo proceso para acomodar ao réxime funcionarial ao persoal laboral fixo, unha vez rematado o primeiro proceso de funcionarización levado a cabo no ORAL. A Deputación asumiu nese intre o compromiso de levar adiante os procesos de funcionarización para completar a acomodación ao réxime

funcionarial do persoal laboral fixo, atopándose actualmente en execución os procesos de selección convocados neste ano.

Con todo, a UGT non entende que unha vez firme este compromiso, na documentación remitida ás organizacións sindicais non exista previsión ningunha para continuar no ano 2024 cos procesos de funcionarización pendentes.

É por elo que, neste punto, **SOLICITAMOS expresamente:**

- que a Deputación manteña e cumpra co compromiso adquirido, e avalíe os postos de traballo que cumpran os requisitos legais esixidos, informando a esta parte das prazas susceptibles de ser acomodadas ao novo réxime, e,
- Que se inclúa no orzamento as acomodacións necesarias para facilitar que poida iniciarse o proceso durante o ano 2024 para todo o persoal laboral da Deputación que reúna as condicións para ser funcionarizado.

C. BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS

Complemento Específico. Especial Dificultade Técnica (EDT). Por mor das queixas que algunhas persoas traballadoras trasladaron a esta organización sindical, tivemos coñecemento que a lo menos o persoal temporal contratado ou nomeado por substitución das persoas titulares das prazas non perciben na nómina parte deste complemento.

Nas bases de aplicación de retribucións non figura aparentemente ningunha exclusión que faga referencia a este suposto, solicitando aclaración expresa a prol deste suposto.

En calquera caso, na descrición deste concepto retributivo, faise a seguinte referencia á *"(…) valórase a complexidade técnica das tarefas inherentes aos distintos postos de traballo, en base **ao tempo requirido para adquirir os coñecementos técnicos e específicos do posto**, o nivel de estudos e o seu contido cualitativo, así como a dificultade e o nivel de complexidade das tarefas que teñen encomendadas, fundamentalmente as referidas á carga mental, sendo o valor do punto de 112,90 €/mes (…)"*

Resulta chamativo que se tome como referencia para o pagamento de este complemento a variable do tempo requirido para adquirir os coñecementos necesarios para desempeñar o posto de traballo, pero ao mesmo tempo**, na valoración técnica deste concepto, non se fai referencia á aplicación de ningunha variable de tempo**.

E neste punto, apreciamos disfuncións na aplicación práctica deste concepto retributivo, que provoca situación inxustas, e das que poñemos o seguinte exemplo:

En pura teoría, a descrición deste concepto reflexa a diferenza polo tempo que debe transcorrer ata que as persoas traballadoras se afagan ás tarefas propias do posto de traballo. Pero *aplicando o sistema de puntos que recollen as bases de aplicación de retribucións, a Deputación paga este concepto a calquera persoa funcionaria de calquera grupo que acaba de aprobar e tomar posesión, dende a primeira nómina (aínda que nunca traballara antes na Deputación), pero non llo paga a esa mesma persoa se antes de aprobar estivera apuntado nas bolsas de emprego e é chamado para substituír a un compañeiro en situación de incapacidade temporal, con independencia da experiencia que esta persoa xa teña acumulada na cobertura de postos de traballo e do tempo que poida ter xa traballado nese mesmo posto ou noutros similares. Tal situación (que acontece de xeito real nesta Deputación, non é ficticia), pon de manifesto a incongruencia na aplicación práctica deste concepto no pago de retribucións.*

A UGT parécenos que o máis axeitado sería revisar con carácter xeral a descrición e as variables aplicables a este concepto. Pero tamén entendemos que por razón obvias de tempo, e polos prazos dos que agora dispoñemos para a negociación, non resulta posible. E neste punto, dende a UGT solicitamos:

- acometer a revisión deste concepto retributivo, aínda que tamén somos conscientes que esta revisión require dun traballo e unha negociación a facer con mais tempo, que seguramente dificulta a aplicación de cambios de xeito inmediato neste intre.
- Como medida transitoria, e ata unha nova regulación, e unha vez posta de manifesto as situacións inxustas e de desigualdade que se produce coa aplicación deste criterio na confección das nóminas, que por outra banda, non aparece expresamente recollido (non pagar ao persoal nomeado ou contratado por substitución a parte correspondente a este complemento), **solicitamos o seu pagamento con carácter xeral para todo o persoal temporal, sen facer diferenza ningunha e por outra banda totalmente inxustificada, no seu pagamento**, conforme ao sistema de puntos que recolle a Base Segunda B), apartado 1).

Complemento de produtividade.

Na Base Segunda C) para o complemento de produtividade disponse literalmente que:

"(...) O complemento de produtividade regulado no artigo 37.3 do V Acordo regulador e artigo 45 do I Convenio colectivo acreditarase o persoal que a continuación se relaciona cando concorran as circunstancias sinaladas no apartado anterior seguindo o procedemento previsto en ditos artigos:

a) Funcionarios de carreira

b) Funcionarios interinos con cargo a vacante

c) Laborais fixos

d) Funcionarios interinos sen praza por execución de programas ou contratados laborais de interinidade ~~ou por obra ou servizo determinado~~ cun ano de servizos prestados de forma ininterrompida na Deputación Provincial ***desde o último contrato de traballo ou nomeamento en vigor****. Neste suposto a produtividade devengarase a partir do primeiro día do mes seguinte (…)".*

A aplicación literal do apartado d) deste punto provoca situacións inxustas e de desigualdade no pagamento do complemento de produtividade nos meses de xuño, setembro e decembro, no caso de persoas que se manteñen en activo de xeito continuado na Deputación pero cambian de contrato ou nomeamento por acollerse, por exemplo a unha mellora de emprego. Coñecemos casos de persoas que levan traballando máis de tres anos de xeito ininterrompido na Deputación e por mor de acollerse a unha mellora, ven como non se lle paga este complemento, porque se require un ano de servizos prestados de forma ininterrompida, pero tómase como referencia ou punto de partida o último contrato en vigor.

Dende a UGT **solicitamos eliminar do texto deste concepto, dentro das bases de execución o parágrafo** ***"(…)desde o último contrato de traballo ou nomeamento en vigor(…)",*** permitindo así a súa percepción a este persoal.

Xefaturas de Unidade: Só se fai referencia a Unidades dentro dos conceptos retributivos de Responsabilidade, pero non nos conceptos de Especial dificultade técnica, no que unicamente se fai referencia a negociados. Se son equiparables, debería facerse referencia ou incluílo dentro dos cadros que corresponden aos diferentes conceptos retributivos.

Horas extraordinarias. Neste apartado previsto nas Bases de Aplicación de Retribucións, disponse que *"(…)no réxime de xornada laboral continuada,* ***non terán a consideración de horas extraordinarias os excesos de xornada diaria inferior a unha hora (…)****",* mentres que no caso de xornada laboral en quendas non se fai referencia a ese cómputo diario. Dende a UGT chamamos á revisión deste parágrafo, eliminando a referencia "diaria" nos excesos de xornada continuada, **solicitando que se compute de xeito acumulado por mes os traballos autorizados e realizados fóra de xornada ordinaria e se retribúa segundo a suma realizada dende o primeiro minuto que exceda a xornada diaria, eliminando a referencia a non computar os excesos de xornada inferiores a unha hora**, co fin de evitar os prexuízos que actualmente se causan, e que deixan sen retribuír moitas horas realizadas.

A UGT formulou unha petición conxunta co sindicato CCOO e CIG o pasado día 17 de outubro do ano que andamos, no que poñemos de manifesto a inxustiza que supón non computar as horas extras realizadas dende o primeiro minuto que exceda a xornada ordinaria de traballo, como si acontece co traballo que desenvolven as persoas que compren coas horas a realizar con cargo ao complemento de especial dedicación.

Retribucións por xornadas especiais: No apartado 1) disponse que *"(…) Os funcionarios que desenvolvan a súa xornada laboral en domingos e festivos percibirán a cantidade de 31,74 € por xornada traballada e **11,73 € por cada sábado** (…)"*

Tendo en conta que recentemente o Goberno do estado actualizou e subiu certos conceptos retributivos (por exemplo as axudas por gastos de locomoción por empregar o vehículo particular), consideramos necesaria tamén unha revisión das contías que a Deputación paga polas xornadas especiais, en particular, pola contía que se paga pola xornada realizada en sábado, que nos parece "irrisoria". Hai centros de traballo, como acontece por exemplo na CIPF, nas que a atención continuada é imprescindible, e nos que mesmo hai cadros de rotacións entre o persoal para atender o funcionamento do servizo. Cando sobreveñen circunstancias que implican unha ausencia diaria en fin de semana, ou por situacións de IT ata a cobertura temporal do posto, hai moitos problemas para cubrir os postos de traballo en xornada de sábado, e en parte, precisamente pola escasa cantidade pagada pola xornada traballada neste día. Dende a UGT consideramos que **como mínimo debe equipararse a xornada de sábado á xornada de domingo, coa mesma valoración en ámbolos días da fin de semana**.

Nomeamento de funcionarios Interinos por programas e acumulación de tarefas e retribucións do persoal laboral temporal equivalente. Nas Bases de Aplicación de Retribucións establécense as retribucións a percibir tendo en conta unha clasificación segundo o grupo/subgrupo de clasificación e nivel de complemento de destino, que nalgúns casos provoca situacións de discriminación. Tal circunstancia acontece por exemplo no caso das persoas funcionarias interinas e laborais temporais con categoría de auxiliar administrativo C2. Neste caso, na Deputación ao persoal funcionario de carreira, laboral fixo e interino con cargo a vacante dentro desta categoría se lle atribúa un de complemento de destino de nivel 18, mentres que no caso das persoas nomeadas ou contratadas por programas ou acumulación de tarefas se lle paga en base a un nivel 16, desenvolvendo na práctica totalidade dos casos, funcións equivalentes coas desempeñadas polo persoal fixo. Ta circunstancia supón un agravio

comparativo importante que convén corrixir, solicitando a UGT a **revisión das táboas propostas** coa distribución en 8 postos, para todos os grupos e **equiparar co nivel atribuído a ese grupo de clasificación ou categoría equivalente con carácter xeral** (por exemplo, no caso dos auxiliares administrativos sería pagando un complemento de destino de nivel 18, que é o que ten atribuída a meirande parte dos postos desa categoría na Deputación, e non de nivel 16).

Axuda económica por asistir a cursos, xornadas, congresos. Solicitamos aclaración a prol da necesidade de que a persoa traballadora teña que xustificar a imposibilidade de solicitar con a lo menos 15 días de antelación a asistencia a cursos ou actividades formativas, para ter dereito a percibir a axuda.

Anticipos reintegrables. Convén revisar os seguintes parágrafos: **"***No suposto no que un empregado ó que se lle outorga un anticipo cause baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da finalización da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia, permiso sen soldo ou suspensión da relación laboral, o reintegro das cantidades pendentes, non devoltas, será practicado dentro do mesmo mes no que se produza a mencionada baixa.*

Así mesmo, deberá terse en conta que na situación de Pago Directo da prestación por incapacidade temporal (IT) polo INSS dende os 365 dias da IT en adiante e ata un máximo de 180 días, o reintegro das cantidades pendentes farase efectivo polo funcionario afectado mensualmente e ata que se resolva dita situación, ben ingresando dito importe na Tesourería da Deputación ou ben mediante transferencia bancaria".

Solicitamos aclaración expresa de se esta base se aplicaría de xeito restritivo e literal unicamente aos permisos sen soldo, ou se tamén se aplicaría no caso da concesión de certas licenzas, como poden ser as reguladas no artigo 131 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia (por exemplo unha licenza sen soldo dun máximo de 30 días nos casos de enfermidade grave que requira hospitalización prolongada ou repouso domiciliario da ou do cónxuxe, parella ou familiares cos que convive), ou a licenza por asuntos propios por un período máximo de 3 meses cada 2 anos, regulada no art. 127 da mesma lei. Consideramos que **a medida proposta pode ser especialmente gravosa para o persoal nestes casos, nos que deixa de percibir a nómina por un período de tempo curto, que pode obrigalo, non obstante, á devolución íntegra do anticipo concedido, polo que solicitamos precisar máis detalladamente aqueles supostos aos que se refire a posibilidade de reintegro total das cantidades debidas.**

D. TRANSFORMACIÓNS, CAMBIOS DE ADSCRIPCIÓN DE POSTOS ENTRE CENTROS E SERVIZOS E REDISTRIBUCION DE EFECTIVOS

No informe conxunto do Servizo de RRHH e Secretaría proponse ao Pleno a aprobación de varios movementos de persoal que implican traslados entre Servizos ou centros de traballo, e cambios de adscrición por unha suposta redistribución de efectivos e transformación de postos.

Algúns destes movementos xustifícanse unicamente no coñecemento e na experiencia previa acumulada desenvolvendo funcións, ou para integrar á persoa titular do posto no servizo no que desenvolve a súa actividade.

Mais aló da necesidade de consolidar e regularizar situacións anómalas, que veñen de lonxe, dende a UGT temos que lembrar que o artigo 86 da Lei de emprego público de Galicia (e no mesmo senso se pronuncia o TREBEP), garante o dereito á mobilidade do persoal funcionario de carreira, de acordo cos procedementos previstos na mesma norma. E neste punto temos que poñer de manifesto que:

- Nas RPT's facilitadas, non figura a información referida ao sistema de provisión definitiva de cada praza ou posto de traballo (concurso xeral ou específico, ou libre designación)
- Cónstalle a UGT que nalgunhas destas situacións anómalas que resulta necesario regularizar, si se convocou un proceso compatible co principio de libre concorrencia, quedando a expensas a provisión definitiva da praza ou posto por calquera dos procedementos reglados establecidos.
- E noutros casos, cónstalle tamén á UGT que os movementos de persoal entre postos de traballo se fixeron sen seguir ningún dos procedementos legalmente establecidos para a súa provisión temporal, pretendendo agora consolidar con carácter definitivo situacións irregulares saltando calquera dos procedementos legalmente habilitados para elo.
- E no caso dalgúns movementos por razóns de suposta redistribución de efectivos, mesmo dubidamos se realmente se compren todos os requisitos, xa que detéctanse casos de movementos de persoas en destino provisional, que non ocupan postos de traballo con carácter definitivo, resultando este un requisito imprescindible para a súa validez (art. 59 do RD 364/1995), aos que se pretende trasladar dun posto de traballo a outro dentro do mesmo grupo de clasificación, pero sen pertencer á mesma categoría

profesional sendo persoal laboral, e dubidamos se á mesma escala no caso de ser persoal funcionario.

E máis alo da necesidade de regularizar situacións anómalas, a UGT non pode apoiar nin conformar con prácticas que nos parece que deixan de lado os procedementos legalmente habilitados, mesmo conculcando dereitos de outra parte do funcionariado que ve limitada as súas posibilidades de mobilidade por mor de prácticas que consideramos totalmente discrecionais, faltas de motivación, e nalgúns casos, mesmo arbitrarias, e por tanto, totalmente contrarias ao ordenamento xurídico. Dende a UGT rexeitamos a practica de adscribir a persoas temporalmente a postos de traballo pola vía dos *"feitos consumados"* e sen garantir os principios xerais de publicidade, e libre concorrencia a postos de traballo, e logo aproveitar a aprobación do orzamento para consolidar con carácter definitivo estas situacións anómalas que en todo caso, deberan ter carácter moi excepcional.

É por elo que dende a UGT solicitamos

- Que se inclúa nas RPT's a información referida aos sistemas de provisión de cada posto de traballo e praza, e á súa clasificación na administración xeral e especial.
- Que en adiante, calquera movemento no cadro de persoal que implique traslados de postos, de servizos ou de centros de traballo, ou afecte á provisión de postos con carácter provisional ou definitivo, se realice garantindo en todo caso os principios de convocatoria pública, publicidade e libre concorrencia.
- E en caso de necesidade de cobertura temporal urxente, se adopten criterios de xeral aplicación no eido da negociación colectiva para a provisión temporal por comisión de servizos ou adscrición provisional.

E. DISFUNCIÓNS NO CADRO DE PERSOAL. Tal e como vimos dicindo dende hai anos, e parece que cae en saco roto, apreciamos no cadro de persoal algunhas disfuncións graves que convén corrixir con urxencia. Dende a UGT consideramos imprescindible negociar un novo cadro de persoal adaptado ás necesidades da administración do século XXI, con valoracións técnicas específicas que recollan de xeito real o traballo que se desenvolve na práctica en cada praza e en cada posto de traballo, con integración do teletraballo, e con avaliacións das circunstancias concretas de cada posto e praza. E tales valoracións e avaliacións deben ser os instrumentos xerais para negociar e fixar os diferentes conceptos que forman parte do complemento

específico, tanto nos conceptos que xa se aplican na actualidade (a responsabilidade, a incompatiblidade, a dispoñibilidade, a especial dificultade técnica e a especial dedicación e a perigosidade ou penosidade), como outros conceptos que consideramos imprescindible introducir (como pode ser, por exemplo, o caso da atención continua á cidadanía ou a condución habitual).

Nalgúns dos conceptos retributivos que na actualidade se aplican dentro do complemento específico, a UGT descoñece qué valoracións técnicas se aplican, e outras non semellan axeitadas ou mesmo incongruentes:

- xa fixemos antes mención a que no concepto de especial dificultade técnica (EDT) se toms como referencia para o seu pagamento a variable do tempo requirido para adquirir os coñecementos necesarios para desempeñar o posto de traballo, pero ao mesmo tempo**, na valoración técnica deste concepto, non se fai referencia á aplicación de ningunha variable de tempo**.
- e no caso da asignación do complemento de especial dedicación, se manifesta que "(...) a súa asignación obedece á actual organización e sistema de funcionamiento dos distintos servizos provincias (…)". Existe na Deputación moito persoal que desenvolve funcións moi por enriba das tarefas propias do grupo no que se clasifica o seu posto ou praza, cunha dedicación e implicación extraordinaria, que non se cuantifica nin se mide de xeito obxectivo co fin de valorar a asignación deste complemento, máis aló das referencias ou solicitudes (ou denegacións) que poidan realizarse dende as xefaturas dos diferentes Servizos. E, en relación co exposto, ás veces á asisgnación puntual e concreta a un posto de traballo ou praza deste concepto retributivo, se xustifica únicamente no *"(...) elevado número de informes técnicos (…)"* que desenvolve a persoa que a desenvolve.
- O actual sistema de distribución deste complemento leva en numerosas ocasións problemas nunha doble vertente:
    - para as persoas traballadoras que non teñen asignado este concepto retributivo e desenvolven en moitos casos as mesmas funcións que compañeiros que si o teñen asignado.
    - Para as persoas responsables dos servizos, pola incomodidade que en moitos casos se atopan ante a dificultade para plantexar a posibilidade da súa

asignación, e mesmo en moitos casos polas negativas recibidas, sen aparente xustificación técnica.

Por outra banda, resulta inconcibible que existan no cadro de persoal actual escalas ou categorías profesionais coa mesma denominación e clasificadas en grupos distintos realizando as mesmas funcións. Así, por exemplo:

- OFICIAIS DE CONTROL E VIXILANCIA. Nesta corpo, existen 5 prazas clasificadas dentro do grupo C1, nivel 20, con complemento específico de especial dedicación. Na RPT figuran prazas coa mesma denominación, desenvolvendo en aparencia as mesmas funcións, figurando na RPT clasificados como C2, nivel 17, e 1 responsable de control e vixilancia clasificado como C2, nivel 18, no Centro Príncipe Felipe. Solicitamos expresamente que:
    - Se de traslado a esta organización sindical da diferenza de funcións a desenvolver entre subgrupo C1 e C2,
    - De non existir as mencionadas diferenzas, que se inicien os procedementos para a promoción ao grupo C1, nivel 20, de todas as prazas que actualmente están no C2, nivel 17 ou 18, con esa denominación por desenvolver as mesmas funcións.
- CONDUTORES DO PARQUE MÓBIL, clasificados, no subgrupo C1 e C2, debendo tamén unificarse e corrixir no cadro de persoal esas diferenzas que non se xustifican na propia organización do traballo.
- PARQUE DE MAQUINARIA. Na RPT figuran 13 prazas de OFICIAL DE INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS grupo C2 Nivel 17, E 7 prazas de OPERARIO ESPECIALISTA – PEON CAMIÑEIRO grupo E nivel 14. As persoas titulares das prazas desenvolven dentro do grupo de traballo as mesmas función na práctica pero cunha diferencia retributiva de gran importancia, polo que resulta preciso corrixir o cadro de persoal e unificar dentro do grupo C2 todas as prazas do grupo E, e habilitando o correspondente proceso selectivo para a súa cobertura pola quenda de promoción interna

Dende a UGT queremos manifestar que as consideracións expostas teñen como única finalidade poñer de manifesto a necesidade urxente de realizar un traballo rigoroso e técnico que permita analizar a realidade arcaica do cadro de persoal actual, e a necesidade de negociar unha nova RPT conforme a criterios técnicos actualizados, que permitan recoñecer o traballo realizado e

que sirva como instrumento para a asignación dos conceptos do complemento específico, co fin de acadar unha distribución máis xusta das retribucións, desbotando a alta discrecionalidade actual que nalgúns casos se produce.

E. CREACIÓN DO GRUPO B. Xa coa negociación do orzamento do ano en curso, a UGT salientou a necesidade de desenvolver na Deputación o grupo B, que noutras administracións públicas locais e autonómicas figura xa creado e recollido nos respectivos instrumentos normativos e cadros de persoal. No funcionariado da Deputación existen profesionais que perden retribucións mes a mes por mor da pasividade da administración, que ata o de agora se negou a facer ese traballo de desenvolvemento que debe finalizar coa aprobación polo Pleno da Corporación. O corpo de delineantes, técnicos de laboratorio, técnicos ambientais, cociñeiros, persoal informático, e en xeral, todas aquelas prazas para as que se esixiu no seu momento como requisito para presentarse ao proceso selectivo estar en posesión de titulación de FP Superior, deben ser clasificados no grupo B, e desenvolver a parte referida a asignación do intervalo de niveles do grupo, e a asignación das retribucións complementarias.

No recente acordo asinado coa representación sindical para a subida salarial dos empregados das administracións para o período 2022-2024, o Goberno do Estado comprometeuse á aplicación da clasificación profesional adaptada ás novas titulacións (grupo B), en parte como consecuencia da recente sentenza do Tribunal Supremo (STS 4128/2021, da que achegamos copia) que condena á AXE a que clasifique precisamente ao Corpo de Delineantes de Facenda dentro do Grupo B do art. 76 do EBEP (recurso de casación promovido e gañado pola Asociación Profesional de Delineantes de Facenda). Mais o retraso no desenvolvemento a nivel estatal motivado en grande medida pola situación do goberno en funcións, non exclúe o seu desenvolvemento nas demais administracións públicas que teñen competencias lexislativas (caso das comunidades autónomas), e mesmo no caso da administración local. É certo que o artigo 75.2 do TREBEP establece que os corpos e escalas de funcionarios créanse, modifican e suprimen por lei das Cortes Xerais ou das Asembleas lexislativas das comunidades autónomas pero a habilitación legal contida tanto no artigo 167.4 TRRL, é o suficientemente precisa e recoñece facultades, neste aspecto tan claramente organizativo, de desenvolvemento normativo por estar intimamente ligadas á autonomía local.

E en base a estas habilitacións normativas, no caso da CCAA de Galicia, a Disposición Adicional Novena da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, recoñece xa varias escalas, clasificándoas dentro do Grupo B. E mesmo no eido das administracións locais da nosa contorna, a Deputación da Coruña (BOP Coruña de 5 de xuño de 2023) ou o Concello de Santiago de Compostela (BOP Coruña de 16 de marzo de 2022), concellos como os de Baiona, Vilanova de Arousa ou Rodeiro xa teñen clasificados correctamente aos seus profesionais dentro do grupo B, e mesmo publicaron ofertas de emprego dentro dos recentes procesos de estabilización que inclúen prazas clasificadas no grupo B (ver BOPPO de Pontevedra de 27 de maio de 2022 (Baiona), de 9 de maio de 2022 (Vilanova de Arousa), ou de 20 de maio de 2022 (Rodeiro)).

Dende a UGT consideramos que non se trata, polo tanto, dunha falta de habilitación normativa e de ter que esperar ao desenvolvemento por parte do Estado, senón dunha cuestión de vontade política, referida á vontade de regularizar situacións totalmente anómalas. E en base ao exposto, **solicitamos:**

- **A creación dun grupo de traballo** na mesa xeral de negociación para identificar todas as prazas afectadas e comezar a negociar a parte referida ás retribucións complementarias e o recoñecemento do intervalos de niveles que deben asignarse ao grupo B, co compromiso de proceder a unha modificación do cadro de persoal unha vez adoptados os referidos acordos para a súa incorporación.
- Unha vez identificadas as prazas afectadas, e ata proceder á creación formal do Grupo B, recoñecer con carácter inmediato o **pagamento dun complemento con carácter transitorio**, equivalente á diferenza retributiva da actual clasificación dentro do grupo C1, e o que corresponda ao nivel da mesma praza no grupo B segundo o importe de retribucións da táboa aprobada pola administración xeral do Estado. Propoñemos que o pagamento deste complemento se faga con cargo á partida do complemento de produtividade de libre disposición da Presidencia.

F. POSTOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO. As persoas traballadoras destinadas nas oficinas de asistencia en materia de rexistro, nas oficinas de atención ao público do ORAL, e naqueles outros centros de traballo nos que se prestan servizos administrativos directos de atención á cidadanía, deben desenvolver certas habilidades e facer fronte a especiais situacións distintas daquelas prazas do mesmo grupo de clasificación que non teñen tal atribución. É por elo, que dende a UGT entendemos imprescindible a revisión do complemento específico destas prazas, debendo

incluír un **factor específico que retribúa a atención continua á cidadanía**, e debendo como tal incorporarse tal información na descrición destas prazas no cadro de persoal.

A tal efecto, solicitamos tamén a creación dun grupo de traballo específico para a análise e identificación destas prazas, e a configuración do importe deste complemento.

G. CONFIGURACIÓN DO CADRO DE PERSOAL: Para unha mellor seguridade xurídica e transparencia, e en cumprimento do disposto no art. 38 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, solicitamos que para o vindeiro exercicio se introduza nas RPt's, a seguinte información, que non figura nos documentos que foron entregados ás organizacións sindicais para a súa avaliación:

a) código alfanumérico de cada praza ou posto, denominación e natureza xurídica.
b) A súa clasificación profesional (administración xeral ou especial)
c) O sistema de provisión.
d) A adscrición orgánica.
e) O complemento retributivo do posto.
f) Os requisitos e, nos casos en que proceda, as áreas funcionais, méritos, capacidades, experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
g) Calquera outras circunstancias relevantes para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente. Neste punto, por exemplo entendemos que debe incluírse as especialidades de quenda partida, traballo a quendas, determinados requisitos como por exemplo permisos de conducir, o réxime de dispoñibilidade, incompatibilidades, desprazamentos, ou certas limitacións como pode ser por exemplo para a flexibilidade horaria.

2. ALEGACIÓNS ESPECÍFICAS SEGUNDO A SITUACIÓN DE DETERMINADOS SERVIZOS OU CENTROS DE TRABALLO

MUSEO PROVINCIAL:

Analizadas as necesidades desta centro de traballo, dende a UGT solicítase:

Identificación dos postos de persoal laboral fixo que compren os requisitos para que no exercicio 2024 poidan entrar no proceso de promoción interna horizontal

(**funcionarización**). A ollos da UGT, pensamos que no Museo Provincial cumprirían tales requisitos:

- 5 postos de traballo de axudantes de educación (A2)
- 1 posto de traballo de técnico/a de mantemento (A2)
- 2 postos de Técnicos/as auxiliares de biblioteca

Solicítase a **creación de 7 prazas do grupo A2 para ou departamento de educación** para ser cubertas pola quenda de promoción interna, con cargo á amortización das prazas xa existentes de Técnico auxiliar de educación do grupo C1.

Creación de 1 praza de Técnico/a do grupo B para o departamento de educación correspondente a un Técnico auxiliar de educación do grupo C1, para ser cuberta pola quenda de promoción interna.

Creación de 1 praza de A1 de Técnico/a superior en educación, con cargo á praza de axudante/a de educación, xefatura de sección públicos, para cubrir pola quenda de promoción interna.

Creación de 9 prazas do grupo C2 para ou departamento de mantemento- servizos xerais, para ser cubertas pola quenda de promoción interna, con cargo á amortización das prazas xa existentes de Subalternos de oficios varios do grupo E.

Na "PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE RRHH SOBRE o CADRO DE PERSOAL E RPTS", no punto 5 MUSEO PROVINCIAL dentro do apartado 5.3 *"Estrutura organizativa do servizo"* non figura no cadro correspondente a "Posto de traballo" a **Xefatura de Unidade de Rexistro de Bens**" que se está recollida na RPT DE FUNCIONARIOS para ou ano 2024, debendo incorporarse.

Nos postos de traballo correspondentes as Xefatura de Unidade de Arquivo e a Xefatura de Unidade de Rexistro de Bens solicitamos que se leve a cabo unha **revisión dos niveis de complemento de destino que se asignan, pasando dun nivel 25 a un nivel 26**, co fin de adaptalos ás necesidades reais do servizo e as funcións que están a desenvolver.

No caso específico dá Xefatura de Unidade de Rexistro de Bens , tal e como se recolle e recoñece na Resolución da Presidencia ditada con data do 20 de xuño de 2023, as **funcións de maior responsabilidade** estanse a desenvolver dende ou 23 de xuño de 2021. Dentro das funcións atribuídas a este posto, no que se conta co apoio dun técnico auxiliar de rexistro de bens culturais, están recollidas con detalle no correspondente protocolo, sendo as seguintes:

- Control de ingreso de obras no Museo de Pontevedra coordinando e supervisando todas as tarefas que tal función implica, sendo o momento, entre outras actuacións, non que se lle asigna un número de entrada e se procede ao asento no correspondente libro de rexistro.
- Control de ingreso e baixas dos depósitos temporais (exposicións temporais, estudo, valoración técnica, restauración)
- Xestión das salas de reserva incluíndo o control e seguimento dos movementos internos e externos. Estas tarefas son extensivas á sala de corentena e á cámara de anoxia.
- Control de movementos internos e externos das coleccións

Ou volume de traballo e a importancia do mesmo para a estrutura de organización e funcionamento do Museo de Pontevedra motivan e xustifican a transformación desta unidade nunha sección independente de carácter transversal, tendo en conta que o rexistro de coleccións xoga un papel fundamental en tódalas áreas de acción de calquera Museo, sendo a base na que se sosteñen os tres piares básicos dá labor museal: conservación, investigación e difusión. Sen o adecuado rexistro das coleccións, a información como ou seu contexto, a historia ou a súa manipulación perderíanse no tempo, provocando inevitablemente que dita colección perda a súa condición de valor patrimonial. Argumentos de peso que xustifican a transformación de posto coas implicacións que dita transformación implica no orzamento de 2024.

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS:

Grupo B: as prazas de delineantes deben ser tidas en conta na creación do grupo B, para a súa correcta clasificación

Oficiais de infraestructuras e servizos. No cadro de persoal figuran:

- 13 postos de OFICIAL DE INFRAESTRUCTURAS E SERVIZOS grupo C2 Nivel 17
- 7 postos de OPERARIO ESPECIALISTA – PEON CAMIÑEIRO grupo E nivel 14

Nos grupos de traballo, todos eles desenvolven as mesmas funcións pero cunha diferencia retributiva de gran importancia entre ambolos dous grupos, solicitándose a amortización das prazas do grupo E, e a creación das mesmas prazas no grupo C2, para a súa provisión pola quenda de promoción interna.

SERVIZO DE ARQUITECTURA: A praza de delineante debe ser tida en conta na creación do **grupo B,** para a súa correcta clasificación

SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS:

Aínda que celebramos a creación de dúas prazas de técnico/a de sistemas, subgrupo A2, a día de hoxe hai nove persoas no servizo que debido ás tarefas que realizan e a titulación que ostentan podería ser susceptibles **de promocionar ao A2**, polo que existe unha **necesidade de crear máis prazas deste subgrupo**. Por iso, solicitámoslle á Deputación que, se non é neste orzamento, se comprometa a establecer un **cronograma** para ir regularizando de forma gradual a situación destas persoas.

Por outra banda, como xa se sinalou no apartado no apartado correspondente, cómpre regularizar a situación de varios técnicos que pertencen ao nivel C1 e que polas tarefas que realizan e os seus estudios (FP2) terían cabida no **grupo B.**

Así mesmo, solicitamos a o aumento de nivel do 20 ao 21 da praza do técnico informático que presta soporte técnico integral na Estación Fitopatolóxica do Areeiro, quen, ademais, desde hai anos tamén é responsable da modernización tecnolóxica da Finca Mouriscade debido ao aumento das súas tarefas, que cumpre con notable eficiencia y efectividade.

No tocante ao informe do deputado delegado, detectamos un **erro** no punto *17.3. Postos que permanecen na RPT de persoal fixo*. No posto Xefatura de negociado de proxectos figura o nivel 20 cando tería que figurar o 22; o mesmo acontece no punto 17.4. *Cambio de adscrición*, en ambas as dúas prazas que figuran no cadro, os niveis de complemento figuran como 20 cando terían que ser do nivel 22, solicitando a súa corrección en ámbolos dous casos.

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE –MOURISCADE: As prazas de seis analistas de laboratorio deberían ser tidas en conta **na creación do grupo B**, para a súa correcta clasificación.

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE:

Tamén na creación do **grupo B,** debe terse en conta as prazas de oficiais da cociña e cociñeiros.

Así mesmo, a atención continuada aos menores da CIPF implica traballar na fin de semana, e parécenos moi necesario o incremento da retribución de xornadas especiais, e, en particular no caso da xornada de sábado. Hai centros de traballo, como acontece por exemplo na CIPF, e nos que mesmo hai cadros de rotacións entre o persoal para atender o funcionamento do servizo. Cando sobreveñen circunstancias que implican unha ausencia diaria en fin de semana, ou por situacións de IT ata a cobertura temporal do posto, hai moitos problemas para cubrir os postos de traballo en xornada de sábado, e en parte, precisamente pola escasa cantidade pagada pola xornada traballada neste día. Dende a UGT consideramos que **como mínimo debe equipararse a xornada de sábado á xornada de domingo, coa mesma valoración en ámbolos días da fin de semana**.

FINCA AREEIRO:

Vistas as necesidades manifestadas dende este centro de traballo, a UGT apoia e solicitase:

Creación da praza de técnico/a especialista en calidade, C1. No tocante ás necesidades de persoal do centro, por parte da xefa de Servizo solicítase a creación dunha praza de técnico/a especialista en calidade, nivel C1, a cal xa se leva solicitando desde hai varios anos. Os labores propios desta praza son desenvolvidos desde hai tempo por unha técnica superior de calidade, a cal se ocupa de levar a cabo as actividades necesarias para a implantación e mantemento da norma de calidade UNE-EN ISO 9001:2015, no que ata o ano pasado estaban implicados tres laboratorios de la EFA: a Unidade de Bacterias, Virus e Nematodos da Sección de Fitopatoloxía; e as Seccións de Edafoloxía e de Bioloxía Molecular; este ano, ademais, incorporase ao sistema de calidade da EFA a Sección de Fruticultura e Ornamentais, co cal se ampliou o alcance desta.

En todas as auditorías realizadas no centro se obtivo o resultado de CONFORME, poñendo de manifesto tanto o alto grao de colaboración e participación coma a competencia técnica do persoal auditado, e os resultados obtidos nos ensaios interlaboratorio, entre outros; **traballo desenvolvido pola técnica superior de calidade que facilitou todos os rexistros e requisitos finalizados a tempo para a auditoría.**

Por este motivo, para axudar a manter as certificacións de calidade, amplialas a máis laboratorios e, en consecuencia, mellorar o funcionamento do centro, é necesario **a creación da praza de Técnico/a Especialista en Calidade C1**

Praza de técnico/a especialista en Edafoloxía, C1: A sección de edafoloxía e un servizo que ten un incremento de mostras ano a ano, superando as 3000 análises anuais. Ademais das análises en solo, realízanse análises foliares, que tamén vai aumentando ano a ano. Este incremento ven motivado, en parte, polas normativas de solo agrícola, principalmente determinación de metais pesados nos abonos orgánicos que preferentemente se deben empregar nos solos agrícolas. A través destas análises se detectan deficiencias nutricionais, enfermidades ou presenza de metais pesados nos cultivos da provincia, polo que exercen un labor que é fundamental para o sector agrícola na provincia. A pesar de que contan cos equipos necesarios para a determinación dos 7 principais metais pesados, non poden ofrecer este novo servizo debido a falta de persoal. É unha realidade que, a pesar do incremento de traballo, esta sección leva co mesmo número de efectivos desde hai vinte anos.

Por todo isto, consideramos necesaria a creación dunha Praza de Técnico/a especialista en Edafoloxía C1, petición que tamén figura no informe da xefa de Servizo,

Persoal de campo. Na Estación Fitopatolóxica Areeiro os operarios de campo, en concreto dous operarios/as de campo grupo E nivel 14 e un operario/a condutor/a grupo E nivel 14, están a desenvolver tarefas de superior categoría; é dicir, realizan as mesmas tarefas que os seus compañeiros que son oficiais agrícolas do grupo C2 nivel 17.

Por iso, consideramos que debería terse en conta para a súa promoción interna ao grupo de oficial agrícola grupo C2 nivel 17.

Xefe/a de sección de fruticultura e ornamentais: Segundo o informe da xefa de Servizo, considérase necesario a creación de xefe/a de sección de fruticultura e ornamentais. Esta tarefa recae sobre una praza de técnico/a en Biotecnoloxía Vexetal A1 nivel 25 e solicitase revisar o nivel de complemento de destino pasando do nivel 25 ao 26 transformando o posto de técnico/a Biotecnoloxía Vexetal en xefe/a de Sección de Fruticultura e Ornamentais, co fin de adaptarse ás necesidades reais do servizo e as funcións que se realizan.

Grupo B. Por outra banda, como xa sinalamos no apartado correspondente, cómpre regularizar a situación de varios técnicos de laboratorio e persoal de campo que pertencen ao nivel C1 e que polas tarefas que realizan e os seus estudios (FP2) terían cabida no grupo B.

Persoal de administración: Ante o aumento no volume da carga de traballo, precísase crear unha praza de auxiliar administrativo. Esta dotación é de carácter estrutural, xa que se ocuparía de tarefas que se realizan de forma habitual (atención telefónica e ao público, emisión de facturas e cargos, realización de pedidos). Neste momento o departamento de administración unicamente conta cunha auxiliar administrativa.

Deste xeito, poderase liberar deste traballo ao persoal funcionario de administración do grupo C1 que pode así dedicarse a outras tarefas que requiren unha maior especialización.

RPT 2024. Segundo a proposta de RPT 2024, parece que poden existir dúas prazas duplicadas, que pensamos que están vacantes e que, de ter consignación orzamentaria, se poderían empregar para dotar as novas prazas.

- Hai unha praza de oficial agrícola C2 nivel 17 está contemplada na RPT e non está ocupada. A persoa que a ocupaba tomou posesión da praza de técnico en Ensaios Agrícolas C1 nivel 20, polo que tamén cremos que está vacante.
- Praza de Xefe/a Sección Loita Biolóxica A2 nivel 25 está contemplada na RPT e non está ocupada. Esta praza estaba ocupada por unha persoa que promocionou á xefatura de sección de artrópodos e control integrado A1 nivel 26, polo que cremos que está vacante.
- Hai outra praza de Enxeñeiro forestal A2 nivel 23, que figura na RPT 2024 e que cremos que tamén está vacante. Esta praza era ocupada por outra persoa que promocionou á de xefa de Sección de virus, bacterias e nematodos, A1 nivel 26.

Polo informe do deputado delegado de RR. HH., sabemos da creación dunha praza de Enxeñeiro Forestal, A2, que se podería corresponder con algunha destas dúas últimas, pero con respecto ao resto pensamos que están vacantes e teñen dotación orzamentaria, polo que reiteramos que estas consignacións se poderían utilizar para satisfacer algunha das necesidades que acabamos de expoñer.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL.

Segundo nos trasladan dende o propio Servizo, cómpre modificar cuestións relativas ao persoal para garantir o correcto funcionamento do Servizo e evitar situación de inxustiza entre as súas traballadoras e traballadores. Deste xeito, proponse pola Xefatura para garantir as condicións e traballo e desempeño do seu persoal o seguinte:

- **Xefaturas de negociado de Prensa e Redes Sociais.** O servizo de comunicación institucional está conformado por varias seccións (prensa, imprenta, contidos web, redes sociais, imaxe institucional e protocolo). Nestes momentos as dúas únicas seccións que carecen de xefe/a de sección ou negociado son as de prensa e as de redes sociais polo que se propón que o **posto de Redactora Xefa (A1-25)**, ocupada por unha persoa que levan preto de 18 anos de servizo na Deputación de Pontevedra, **lle sexa asignada a xefatura de sección ou negociado de prensa**, necesaria para a coordinación e control das tarefas e o correcto desenvolvemento do traballo. Do mesmo xeito se propón que a funcionaria coa **praza de redactora (A1-25)** lle sexa asignada **a xefatura de sección ou negociado de redes sociais**.
- **Praza de Técnico en Comunicación A2:** Dende o servizo proponse a creación dunha nova praza A1, equiparándoa co resto de prazas do servizo que desempeñan as tarefas propias dun técnico de comunicación e información, a ocupar por promoción interna e a posterior amortización da praza de técnico de comunicación A2.
- **Praza de Auxiliar de Deseño Gráfico (C2-17):** Solicítase a revisión do complemento de destino, subindo do 17 ao nivel 18, por equiparación das funcións que desenvolve coas funcións asignadas con carácter xeral no cadro de persoal a prazas de contido auxiliar.

Deste xeito proponse, para garantir o equilibrio no Servizo, que se activen os mecanismos para a promoción interna da praza de técnico de comunicación A2 a A1, de igual forma que se solicita que as prazas relativas á redacción que poidan ser obxecto de sucesivas convocatorias se axusten ao mesmo grupo.

SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO: Unha das traballadoras deste servizo que ocupa actualmente o posto de técnica/o auxiliar en composición e edición (grupo

C1 e nivel 20) leva realizando labores de categoría superior durante varios anos, polo que se solicita a creación dunha praza de técnico A2, con cargo á amortizaicón da praza de C1, para a súa cobertura pola quenda de promoción interna, ou, subsidiramente, subida de nivel correspondente á dunha xefatura de negociado dentro do subgrupo C1 (nivel 22).

Entre outras funcións, encárgase dos contidos da web de Patrimonio Documental, de levar a cabo o proceso para a obtención do ISBN, da difusión editorial, e é a responsable do catálogo de libros.

SERVIZO PROVINCIAL DE RECADACIÓN - ORAL:

Solicitase tamén que nas **prazas de Técnico/a Media de Xestión Tributaria se modifique a súa clasificación dentro do cadro de persoal, debendo clasificarse dentro da administración xeral** e non dentro da administración especial. A propia disposición adicional 8ª da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, encadra dentro da administración xeral as escalas superior e técnica de finanzas da administración autonómica, ás que atribúe as funcións propias de dirección e apoio na xestión dos procedementos tributarios e recursos de dereito público, así como as funcións de xestión, recadación, liquidación e inspección, todas elas desenvolvidas de xeito analóxico para o ámbito local no caso dos tecnicos/as medios de xestión tributaria no ORAL, e esixindo como requisito necesario para o ingreso a posesión do título de Diplomado o graduado en una titulación de calquera rama no caso do subgrupo A2).

En segundo lugar, resulta imprescindible a posta en valor do traballo realizado polo persoal que traballa no ORAL, que leva moitos anos encadrado nunha estrutura organizativa moi arcaica, e carente de medios de persoal, que non foi adaptada á nova realidade administrativa máis recente, facendo verdadeiros esforzos no desenvolvemento da súa actividade e con moi pouco recoñecemento. A actividade tributaria local require duns coñecementos técnicos moi específicos no desenvolvemento do traballo diario, e concorren ademais circunstancias que deben traducirse nunha modernización estrutural adaptada á realidade que comezou a iniciarse nos derradeiros anos coa creación e cobertura dalgunhas prazas de carácter técnico. Cómpre mencionar algúns datos que poñen de manifesto as necesidades desta adaptación *(fonte: memoria do ORAL 2022):*

- O Oral ten asumidas delegacións dun total de 63 entes delegantes, dos cales, 54 son municipios da provincia de Pontevedra, xestionando un total de 209,3 millóns de euros por conta deles. No ano pasado, a recadación elevouse a un total de 136,1 millóns de euros no ano 2022, que foi entregada aos entes delegantes, prestando un servizo de vital importancia, especialmente no caso do concellos de menos de 20.00 habitantes da provincia.
- Nos derradeiros 5 anos, o ORAL asumiu un importante incremento de competencias delegadas, especialmente nos anos 2020 e 2022, segundo o seguinte detalle:

NOVAS COMPETENCIAS ASUMIDAS	
Ano 2018	+6
Ano 2019	+11
Ano 2020	+21
Ano 2021	+3
Ano 2022	+42
TOTAL	**+83**

- Pero, pola contra, o incremento de competencias asumidas, a grande especialización que require a xestión e recadación tributaria e dos recursos públicos no eido local, acompañada dun importante aumento da actividade administrativa a xestionar, e a necesidade de implantación e desenvolvemento de novos procedementos, non tivo un acompañamento axeitado, incluíndo apenas algúns cambios no cadro de persoal, totalmente insuficientes e de xeito moi escaso: salientamos o proceso de funcionarización do persoal laboral C1 e C2 (*que non tivo repercusión orzamentaria en custe de persoal, ou si a tivo, en todo caso, foi de xeito positivo para a Deputación, aforrando nalgúns conceptos de cotización, xa que por exemplo deixou de ingresar no sistema de seguridade social as cantidades correspondentes á cotización por desemprego*), e a creación e cobertura de apenas 10 prazas de persoal técnico dos grupos A1 e A2.

E se botamos unha ollada na nosa contorna, podemos facer unha comparativa con outras administracións locais que asumen competencias similares ás desenvolvidas no ORAL, como pode ser o Servizo de Recadación Tributaria da Deputación da Coruña, que xestiona un volume de poboación similar (arredor dos 500.000 habitantes), e mesmo traballa coa mesma aplicación informática (GTT), desenvolvendo os procedementos administrativos de xestión e recadación coa mesma operativa funcional. Nos indicadores de similitude salientamos nos seguintes datos:

DATOS	**DEPUTACIÓN DA CORUÑA**	**ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**
Estrutura Básica Funcional	6 centros traballo fixos e 6 centros traballo temporais	14 centros traballo permanentes e 9 centros traballo temporais
Persoal Servizos Tributarios	85 prazas A1/A2	24 prazas A1/A2
	64 prazas C1	92 prazas C1
	3 prazas C2	16 prazas C2
TOTAL	**152 prazas**	**132 prazas**
Poboación dos concellos xestionados	545.184 habitantes aprox.	483.697 habitantes aprox.
Xestión padróns taxas	NON	SI (en 50 concellos e noutros 6 entes delegantes)
Concellos xestionados	77	54
Fonte: Portal de Transparencia Deputación da Coruña e RPT's Deputación de Pontevedra 2024		

Do cadro exposto, extráese facilmente a conclusión de que xestionando un volume de poboación similar, o ORAL conta cun cadro de persoal de 20 efectivos menos en termos absolutos respecto do Servizo de Recadación da Deputación da Coruña, co agravante de ter presenza en moitos máis zonas da provincia e ter que atender máis centros de traballo na atención á cidadanía. E outro dato que resulta moi salientable, é a posta de manifesto da máis que deficiente tecnificación do ORAL, que necesitaría crear ata 61 postos técnicos/as A1/A2 para

igualar o número da deputación da Coruña. Pola contra, o ORAL ten 44 persoas máis nos subgrupos C2 e C1, do que podemos extraer as seguintes **conclusións**:

- Traballando de xeito similar e coas mesmas ferramentas, tanto na Deputación da Coruña como no ORAL, seguramente se fan as mesmas cousas e de xeito semellante (cónstalle a este sindicato que é así), desenvolvendo procedementos de xestión, recadación e inspección tributaria de maneira parecida. E tendo que valorar ademais, a favor da Deputación de Pontevedra, que ten asumida a maiores, a xestión dos padróns de taxas en 50 concellos e noutros 6 entidades delegantes da nosa provincia, que a Deputación da Coruña non xestiona.
- A actividade administrativa recae na Deputación de Pontevedra en persoal técnico sobrecargado e desbordado de funcións, e en persoal administrativo que realiza funcións de persoal técnico que a Deputación nin lle recoñece, nin lle retribúe. É dicir, a Deputación ten persoal técnico "*de facto*", e "*a prezo de saldo"* a costa do persoal administrativo.

Para o vindeiro orzamento provincial do ano 2024, na proposta do deputado delegado figura para o ORAL a creación de 1 praza de técnico A2 e de 8 prazas de administrativo C1. E se xustifica tal proposta pola amortización de 11 prazas de auxiliares de xestión tributaria C2. E se botamos contas do custe orzamentario extraído do documento da RPT do ORAL facilitada, conclúese que tal proposta non só non ten transcendencia no incremento do gasto, senón que nin sequera chega a esgotar a asignación orzamentaria que o ORAL tiña recoñecida no orzamento do ano 2023, resultando un importe sobrante na proposta formulada de 22.309,73 €, do seguinte xeito:

<table>
<tr><td colspan="2">AMORTIZACIÓNS PRAZAS (orzamento 2023)</td><td colspan="2">CREACIÓN PRAZAS (orzamento 2024)</td></tr>
<tr><td>PRAZAS</td><td>CUSTE ORZAMENTARIO</td><td>PRAZAS</td><td>CUSTE ORZAMENTARIO</td></tr>
<tr><td rowspan="2">11 prazas C2</td><td rowspan="2">285.762,73 €</td><td>1 praza A2</td><td>34.689,40€</td></tr>
<tr><td>8 prazas C1</td><td>228.763,60</td></tr>
<tr><td>TOTAL</td><td>285.762,73 €</td><td>TOTAL</td><td>263.453,00 €</td></tr>
<tr><td colspan="4">Diferenza de crédito a favor ORAL no orzamento 2024 (285.762,73 € -263.453,00 € = 22.309,73 €)</td></tr>
</table>

Dende a UGT deducimos que esta diferenza de crédito que se constata, non chegou para crear outra praza de técnico/a de xestión tributaria A2 (cun custe orzamentario previsto de 34.689,40 €) nin outra praza de administrativo C1 (cun custe orzamentario previsto de 28.595,45 €), e que, a pesares das necesidades postas de manifesto con datos obxectivos que non sabemos si as persoas que teñen que tomar estas decisións na Deputación coñecen, non se fixo ningún esforzo por sumar á diferenza de crédito a favor do ORAL o importe necesario que faltaba para dotar ao ORAL dunha praza máis en calquera destes dous grupos de clasificación.

E só podemos entender tal decisión se o criterio a seguir na elaboración da proposta que se formula foi o de evitar por calquera medio incrementar o gasto público en materia de persoal no ORAL.

Con todo, unha vez posta de manifesto na comparativa anterior a escaseza de persoal técnico e administrativo a nivel retributivo, entendemos que esa diferenza de crédito a favor do ORAL, non debe ser destinada para outros centros de traballo nin para outros conceptos no orzamento, xa que pode ser destinado a retribuír o complemento específico do persoal técnico adscrito ao ORAL que non ten recoñecido tal complemento.

O persoal técnico do ORAL desenvolve a súa función cunha sobrecarga de traballo moi por enriba da media habitual, derivada da escaseza de efectivos. Unha parte dese persoal, sobre todo as xefaturas dos diferentes servizos e tamén no caso das prazas adxuntas á xefatura, ven retribuído en parte o seu traballo. Pero outra parta do persoal técnico, que figura debaixo das xefaturas dos diferentes servizos, ademáis das dificultades derivadas da sobrecarga na xestión interna, asumen responsabilidades na execución e supervisión dos procedementos xa implantados, no desenvolvemento e a implantación dos novos procedementos, tendo ao seu cargo diversas áreas de xestión e responsabilidade que non están recoñecidas no cadro de persoal e que non van acompañadas da percepción dos conceptos retributivos axeitados. E a atención das funcións a desenvolver require, pola contra, un esforzo adicional que nalgúns casos se traduce na realización de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral.

E en relación a esta cuestión, mostramos tamén un cadro comparativo das prazas que figuran nos cadros de persoal do Servizo de Recadación da Deputación da Coruña e da Deputación de Pontevedra e da retribución asignada ao complemento específico:

CADRO COMPARATIVO DE EFECTIVOS DE PERSOAL E DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO (GRUPOS A1 E A2)

RECADACIÓN – DEPUTACIÓN A CORUÑA			ORAL-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA			
Grupo de Clasificación	**Numero Efectivos**	**Complemento específico**	**Grupo de Clasificación**	**Numero Efectivos**		**Complemento específico**
Técnico/a A1	19	40.422,93 €	Tecnico/a A1	9	6 X.S cubertas con F. Dedicac.	34.024,20 €
		37.118,87 €			1 X.S vacante con F. Dedicac.	
		26.787,93 €			1 cuberta (con F. Dedicación)	29.196,71 €
		19.615,50 €				
		17.794,69 €			1 cuberta (sen F. Dedicación)	11.078,55 €
Prazas abertas Técnicos A1, A2 e mesmo Grupo B	30	26.787,93 €	Técnico/a A2	15	4 Adxuntos X.S cubertas con F. Dedicac.	21.779,75 €
		22.892,35 €			2 cubertas con F. Dedicac.	19.717,56 €
		21.071,54 €				20.167,20 €
					6 cubertas (sen F. Dedicac.	9.139,48 €
Técnico/a A2	36	18.332,08 €			1 vacante sen F. Dedic.	10.310,60 €
		16.511,27 €			2 vacantes sen F.Dedic	9.139,48 €
TOTAL	**85**		**TOTAL**	**24**		
Fonte de datos: Portal Transparencia Deputación Coruña. RPT publicada no BO Coruña de 5/6/2023			*Fonte de datos: Deputación Pontevedra. RPT proposta para ano 2024*			

E da análise dos datos que figuran no cadro exposto, podemos extraer as seguintes conclusións:

- O persoal técnico do ORAL na Deputación ten o complemento específico máis baixo en calquera caso en comparación co complemento específico do grupo equivalente na Deputación de Coruña. E entre os importes mais baixos, hai unha diferenza de 7.700 aproximadamente no caso do grupo A1 e de 7.400€ aproximadamente no caso do persoal técnico A2
- Das 21 prazas de persoal técnico do ORAL que se atopan cubertas un total de 7 prazas (1 de técnico superior A1 e 6 de Técnico medio A2) non teñen asignado o factor de especial dedicación dentro do complemento específico.

Por elo, á vista dos datos obxectivos ofrecidos, e tendo en conta a diferenza de crédito no orzamento resultante da amortización das 11 prazas de C2 asignadas ao orzamento do ORAL, e

da creación das 9 prazas que crean na proposta do Deputado delegado, que amosa un total de **22.309,73 €, dende a UGT consideramos imprescindible que esta cantidade sirva para "paliar" as deficiencias do persoal técnico e a sobrecarga de traballo ao que se lle somete a este persoal e se manteña no cadro retributivo do persoal adscrito ao ORAL, empregándose para mellorar o complemento específico dotando do factor dedicación ás prazas de Técnicos/as cubertas no ORAL ata o seu esgotamento, resultando suficiente para cubrir dúas prazas co factor dedicación, ou 4 prazas co factor de media dedicación** ***(figuran no ultimo cadro sobre fondo de cor máis escura)*****. E solicitamos neste punto o compromiso e a implicación do equipo de goberno para:**

- **Continuar co proceso de tecnificación do ORAL, incrementando en vindeiros exercicios a creación de prazas dos grupos A1 e A2**
- **Que as prazas de persoal técnico xa cubertas con responsabilidade nas áreas de xestión que neste ano puideran quedar sen mellora retributiva por esgotamento do crédito, sexan dotadas no vindeiro ano co complemento de especial dedicación en atención ás tarefas que desenvolven**

En atención a este extremo, a UGT xa invocou nas alegacións ao orzamento provincial formuladas a lo menos nos tres anos anteriores a situación de escaseza de persoal técnico no ORAL, e a necesidade de dotar co factor de especial dedicación o seu complemento específico. E cónstalle a esta organización sindical que dende as xefaturas dos servizos e dende a Dirección de xestión se formularon varias peticións tanto para cubrir a autorización de servizos extraordinarios a realizar fóra da xornada laboral, como para a dotación destas prazas co factor dedicación, concedéndose só nunha delas a través dunha modificación do cadro de persoal levada a cabo no primeiro semestre do ano 2022.

O que se traslada para a súa toma en consideración e debate na mesa xeral de negociación.

(*Documento asinado dixitalmente*)

A/A SR. PRESIDENTE

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INSTANCIA XENÉRICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome/Razón social:	1.º apelido:	2.º apelido:	NIF:
PATRICIA	GARCÍA	MARTÍNEZ	44079005B

ENDEREZO

Tipo de vía:	Nome da vía:			Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
AVENIDA	DE MARIN			5		3	H
Provincia:	**Concello:**	**Código postal:**		**País:**			
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	36003		ESPAÑA			
Correo-e:		**Tel.:**		**Móbil:**			
PATRICIA.GARCIA@DEPO.ES				656534205			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome:	1.º apelido:	2.º apelido:	NIF:
En calidade de:		**Correo-e:**	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:	◉ Persoa solicitante	○ Persoa representante
Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico indicado a continuación:		Correo-e: PATRICIA.GARCIA@DEPO.ES

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente. As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición das persoas interesadas no Servizo de Notificacións Electrónicas para que poidan acceder ao seu contido de forma voluntaria.

◉ Electrónica a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra, https://sede.depo.gal

○ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Tipo de vía:	Nome da vía:			Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:	**Concello:**	**Código postal:**		**País:**			

SERVIZO OU ÓRGANO DA DEPUTACIÓN AO QUE SE DIRIXE

GABINETE DA PRESIDENCIA

EXPOÑO

QUE NA MIÑA CONDICIÓN DE DELEGADA DE PERSOAL DA UGT, DENTRO DO PRAZO ACORDADO, E COMO COMPLEMENTO DA SOLICITUDE CON REXISTRO DE ENTRADA (REX WEB2023059376) ACHEGO O DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS DA UGT AO CAPÍTULO I DO PROXECTO DE ORZAMENTO PROVINCIAL PARA O ANO 2024 (POR ESQUECEMENTO DE INCLUIR O DOCUMENTO AO REXISTRO DE ENTRADA MENCIONADO)

COD SIA: 760768 Mod: 920.004G

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INSTANCIA XENÉRICA

SOLICITO

SE TEÑA POR PRESENTADO O DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS FORMULADO.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa solicitante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da persoa/entidade solicitante	☐
NIF da persoa representante	☐

DOCUMENTACIÓN

Non será necesario achegar os documentos que xa se presentasen anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Deputación de Pontevedra
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven. Así mesmo, a Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias, poderá verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a norma de rango legal recollida no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha do procedemento en https://sede.depo.gal
Destino dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.depo.gal/proteccion-de-datos

SINATURA

Lugar e data:

	,		de		de	

COD SIA: 760768 Mod: 920.004G

DATOS CERTIFICADO:
TITULAR: 44079005B PATRICIA GARCÍA MARTÍNEZ

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
Data Rexistro: 25/10/2023 14:00:26
Nº Rexistro: WEB2023059381
ENTRADA

INSTANCIA XENÉRICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Razón social/nome/apelidos:	NIF:
PATRICIA GARCÍA MARTÍNEZ	44079005B

ENDEREZO

Tipo de vía:	Rúa:	Núm:	Portal:	Piso:	Porta:
AVENIDA	DE MARIN	5		3	H

Provincia:	Localidade:	Código postal:
PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	36003

Email:	Móbil:	Teléfono:
patricia.garcia@depo.es	656534205	656534205

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

(acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Razón social:	NIF:

Cargo na entidade:	Correo-e:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Nome do documento	CSV	SHA1
Anexar documentación	VK0JDPNGQ0AXOVIG	ef780ec38ab406763d18b0ed9f05317ff4d17f75
Instancia xenérica	V2PVHQDBXZOL4C8V	28dd07c7d273c981c242396d5c7e3b1309c8f940

DATOS ACCESO Á SEDE ELECTRÓNICA

NIF/CIF: 44079005B

Apelidos, Nome: GARCÍA MARTÍNEZ, PATRICIA

NIF/CIF representado/a:

Apelidos, Nome representado/a: ,

IP: 172.17.40.195

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:V25KPRU1CYEWZ8NP

SIA: 760768

SECCIÓN SINDICAL DE CC.OO. NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Avda. Montero Ríos s/n
Pontevedra
Telef. 986.80.41.00 Ext. 40822

Roberto Crespo Barreiro, Secretario da Sección Sindical CC.OO. con domicilio a efectos de notificación no Edificio administrativo na Avda. Montero Ríos, s/n, de Pontevedra

PROPOSTAS

AOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024

A).- PROPOSTAS XERAIS:

1º).- Elaboración dunha nova relación de postos de traballo e guía de funcións.

Coma xa estaba na fase de tramitación con dotación económica propia, solicítase que se acelere o proceso de contratación para a súa elaboración.

Mentres non se desenvolve esta nova RPT é prioritario a **RECLASIFICACIÓN** das prazas/postos de traballo do **GRUPO E** (mediante unha promoción interna vertical), xa que actualmente hai na Deputación **44** prazas/postos de traballo do Grupo E en todo o cadro de persoal, sendo unha cuestión completamente asumible polo pequeno número de traballadores/a e que realizan as mesmas funcións que os postos de categoría inmediatamente superior (C2), aplicando a premisa de " a igual traballo, mesma remuneración" eliminando deste xeito as discriminacións que se están a producir nos distintos servizos.

Traballadores/a do Grupo E na RPT do 2023

Funcionarios de Carreira:

CIPF	6	4 Operarios/as de servizos varios 1 Axudante de control e vixilancia 1 Axudante de almacén
Patrimonio Documental e Bibliográfico	1	1 Operario/a de servizos varios
Museo de Pontevedra	2	1 Operario/a de limpeza 1 Subalterno/a de oficios varios
Deportes	3	2 Operarios/as de instalacións deportivas 1 Operarios/as deservizos varios
Medio Ambiente	3	1 Axudante agrícola 1 Axudante de servizos varios 1 Operario/a agrícola
Finca de Areeiro	3	2 Operario/a agrícola 1 Operario/a condutor
Infraestruturas	7	7 Operarios/as especialistas – Peón camiñeiro
Arquitectura	1	1 Operarios/as de servizos varios
Secretaría Xeral	6	6 Ordenanzas
TOTAL	**32**	

Laboral Fixo:

CIPF	1	1 Operarios de servizos varios – 25 h.
Museo de Pontevedra	10	1 Limpador/a 9 Subalternos/as de oficios varios
Arquitectura	1	1 Operario/a de servizos varios – 25 h.
TOTAL	**12**	

Nesta mesma liña, e como xa vimos reivindicando moitos anos, solicitamos **a reclasificación dos auxiliares administrativos(C2/18) en administrativos(C1/20)**, en función do traballo desempeñado, dos coñecementos demostrados e a experiencia adquirida, nun contesto de reorganización e modernización da Deputación de Pontevedra. O traballo que desempeñan os auxiliares administrativos non se limita as funcións que o art. 160 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril atribúe á Subescala Auxiliar de Administración Xeral, sino que vai máis alá. Na Deputación de Pontevedra é práctica habitual encomendar a este colectivo funcións, tarefas e responsabilidades superiores ó contido funcional e o nivel técnico do posto de traballo que desempeñan. Dicha competencia debe facerse efectiva e trasladarse á RPT como instrumento que ten a Administración exercendo a súa potestade de autoorganización.

Solicitamos para todo colectivo de persoas traballadoras que levan ocupando os mesmos postos co mesmo complemento de destino durante 10 anos continuados se lle aumente un punto en este complemento para a compensación da falta de carreira profesional e a escasa oferta de promoción interna dentro desta administración.

Solicitamos a creación **de Prazas de Encargados de áreas do Grupo C1 para a reclasificación dentro do colectivo de Oficiais do Grupo C2**, existen moitos centros e unidades que se debe recoñecer ó persoal que xa está realizando as funcións de coordinación de estas áreas.

Taller Parque de Maquinaria

Almacén Parque de Maquinaria

Lavandería C.I. Principe Felipe

Oficiais costura e roupeiro C.I. Principe Felipe

Control e Vixiancia C.I. Principe Felipe

Mantemento de C.I. Principe Felipe

Oficiais Servicios Xerais e Subalternos do Museo de Pazo Prov.

Creación do Grupo B na RPT.

A identificación por parte do Servizo de RRHH, daquelas prazas susceptibles de aplicación por os requisitos esixidos para o seu acceso ou aqueles outros que non cumprindo este requisito poidan a través dun proceso acceder ao novo grupo B, estruturado no EBEP.

2º).- Implantación da Carreira Profesional:

Este novo concepto retributivo, que introduciu a Lei de Emprego Público de Galicia, afectando a toda Administración Local debe ter a súa implantación na Deputación como xa se ven solicitando hai varios anos. Xa se está a aplicar na Xunta de Galicia e en moitos concellos.

3º.- Reactivación das aportacións da Deputación ao Plan de Pensións e o incremento desta cantidade.

É necesario normalizar este procedemento no ano natural e incrementar a aportación mensual que realiza a Deputación a cada beneficiario, xa que ven sendo o mesmo importe dende a súa creación 35,00 €.

4º).- Actualización dos importes dos gastos de deprazamento do persoal por razón de prestación de servizos.

Aínda que xa se actualizou o importe da quilometraxe, é necesario actualizar agora os gastos de aloxamento e o importe das axudas de custo, polo menos as máis baixas a 15,00 €.

5º).- Ampliar as dotacións orzamentarias dos beneficios sociais do persoal da Deputación.

Incremento necesario para facer fronte o aumento de traballadoras e traballadores do cadro de persoal (funcionariado e laborais) derivados dos últimos procesos de estabilizacións e incluír tamén, de acordo coas directivas da Unión Europea, as persoas traballadoras interinas, polo menos cun ano de antigüidade.

6º).- Igualdade retributiva no CD dos traballadores interinos.

Atendendo a Directiva europea 1999/70/CE e no art. 25 do EBEP, e no caso de laborais, no Estatuto dos traballadores que prohibe expresamente diferenzas retributivas. Polo que é preceptivo modificar as Bases Quinta e Sexta de Aplicación de Retribucións do persoal que presta servizos na Deputación de Pontevedra para o ano 2024.

7º).- Seguro Sanitario Privado Colectivo.

Rematar a tramitación da contratación dun Seguro Sanitario Privado Colectivo para o persoal da Deputación. Solicítase axilizar o concurso público para proceder a súa definitiva contratación tal e como se acordou.

8º).- Revisión da normas de aplicación das taxas de inscrición en procesos selectivos.

Tal e como levamos solicitando desde fai anos, débese facer unha redución da ordenanza onde se recollen os beneficios fiscais que se deben aplicar aos colectivos máis vulnerables socialmente, como familias numerosas, persoas con discapacidade, familia monoparental, en situación de desemprego, etc …) e a exención no caso de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Consideramos que tamén se deben suprimir as **taxas** para obter documentos oficiais aos traballadores da propia administración (certificados de servizos prestados, trienios, et..). así como a supresión nos procesos selectivos de promoción interna.

9º).- Incremento das contías das seguintes gratificacións:

- Gratificacións por horas extraordinarias: a contía, en ningún caso, debe ter un valor inferior ao da hora ordinaria. Esta cuestión xa se ven propoñendo por esta Sección Sindical nos últimos anos, polo que solicitamos un aumento do 50 % no importe da hora extraordinaria actual en todos os niveis e grupos de clasificación.

Por acordo de todas as Seccións Sindicais na Deputación, rexistrouse un escrito onde se solicita que se teñan en consideración todos os excesos de xornada aínda que sexan inferiores a unha hora.

- Retribución das xornadas especiais: este concepto leva moitos anos sen actualizar, a pesar da perda do poder adquisitivo e da comparación con outras Administracións. Solicitamos o aumento nos seguintes termos:
  - Domingos e festivos: 50 €
  - Sábado: 30 €
  - Quenda de noite: 50 €
  - Quendas rotatorias ou xornada partida: 100 €
  - Funcionarios quenda fixa de noite: 1.500 € anuais
  - Gardas localizadas: 60€
  - Persoal da explotación agrícola da Finca Mouriscade : 150€

10º).- Funcionarización.

Tras o segundo proceso de funcionarización levado a cabo e co acordo obtido coa Administración para recoller en este orzamento as prazas que non cumprían o ano pasado, solicitamos a revisión daqueles postos laborais fixos que se podan funcionarizar no ano 2024.

11º).- Teletraballo.

Implantación e posta en marcha real e igual para todo o persoal traballador con postos susceptibles desta modalidade de traballo.

12º).- Horas Extras.

Aumentar a contía da Hora extra por non poder ser o importe inferior ó importe da hora ordinaria como recolle o Real Decreto 2001/1983.

Débese garantir a consignación orzamentaria suficiente para a autorización das horas extras necesarias en cada Servizo.

Solicitamos a supresión do límite Xeral de 50 horas extras ó mes, por ser unha cuestión que non se pode definir antes da necesidade. No Parque de Maquinaria para atender as incidencias e inclemencias dos temporais e fácil sobrepasar as 100 horas en algún mes, o mesmo no Servizo de Arquitectura para o persoal que atende os eventos e que a bolsa de horas non cobren as necesidades, son algún exemplos.

Para as horas extras estruturais, por necesidades do traballo ordinario, repuntes do traballo en épocas específicas do ano, necesidades da produción, cobertura de ausencias, etc ,o límite non debe ser inferior ó que viña sendo de 50 horas/mes

Para as horas extras por forza maior non debe existir límite, por ser imposible a súa previsión.

Solicitamos tamén a flexibilidade do programa de rexistro horario, e se un traballador/a ou colectivo, por necesidade do evento ou incidencia que están a cubrir, traballa despois das 22:00h as gratificacións débense remunerar como recollen as bases de aplicación incrementando ó seu valor un 50%. Actualmente, o programa non rexistra a incidencia se a fichaxe e posterior a esta hora.

13º) En canto á forma de provisión proposta para as prazas de Xefatura de Cultura, Deportes, NNTT, e E.F. AREEIRO, recollido no punto 23 da Proposta do Deputado delegado, solicitamos se elimine esta decisión, baseándonos na Lei de Función Pública que especifica que ten que haber criterios de reciprocidade, esas prazas abertas deben recollerse por acordo e no caso de que sexan abertas a prioridade debe ser cubrilas cos traballadores/as da mesma administración ou da propia corporación para non limitar ou cortar o dereito a carreira profesional.

Solicitamos os criterios de reciprocidade ao abeiro do recollido na Lei de emprego público de Galicia e o Acordo regulador/convenio colectivo.

14º).- Solicitamos a modificación **do HORARIO DE OBRIGADA PRESENZA** para o suposto de flexibilidade automática, debe pasar de 9:00 a 14:30h **a 9:00 a 14:00h**, por ser o que se está a aplicar na maioría das administracións e coincidir co horario de atención ó público que está normalizado.

B).- PROPOSTAS ESPECÍFICAS POR SERVIZOS OU CENTROS

1º).- ORAL

Solicitamos a creación de 4 prazas de Administrativo C1/20 para reducir a temporalidade no Servizo do *Call center* e de Atención, a situación actual con unha gran parte dos traballadores con contratos temporais que derivan na inversión de tempo e recursos continuos para a súa formación e o pouco aproveitamento que a administración fai de esta inversión sendo que ós poucos meses da prestación do seu traballo cesan e a administración ten que volver a formar as persoas que entren de novo. Engade a este feito a recente licitación dun novo *software* para centralita que permite abrir máis liñas telefónicas, fluxos de chamada, etc..o que vai incrementar as necesidades de persoal.

Insistimos na necesidade de revisar o **plus de perigosidade e penosidade** dos postos do ORAL xa que, como documentamos moitas veces, a exposición das persoas traballadoras deste Servizo a insultos e a ameazas é unha realidade. Por parte desta Sección Sindical rexistrouse unha proposta de **Protocolo de actuación contra a violencia no traballo**, que debe ser negociada **para todo o persoal traballador da Deputación**, no seu conxunto, e debe dar cobertura de actuación fronte a este e outros tipos de situacións de violencia verbal, descualificacións, ameazas, agresións, etc….

Para todo o persoal que se desprace, cubra e atenda as oficinas auxiliares, solicitamos un **plus pola dispoñibilidade e responsabilidade** que require o exercicio das súas funcións.

Creación de **2 prazas de técnico medio de xestión tributaria** por necesidades do servizo.

Creación de **15 prazas de administrativo rama tributaria C1** para a reclasificación por promoción interna do persoal auxiliar de xestión tributaria (C2), dada a similitude das funcións realizadas.

- No **Servizo Xurídico**:

No Departamento de Contencioso:

Creación urxente de **1 praza de Administrativo** (C1) para cubrir a necesidade estrutural deste servizo na alta cantidade de xestións da documentación (envío e recepción de documentos a través do Lexnet) e o

apoio ,no tempo que esta carga de traballo lle permite, á parte concursal do servizo, xa que actualmente está cuberta con persoal temporal.

A **reclasificación da actual Técnica Adxunta A2 en un posto A1**, estando máis que xustificado xa que leva varios anos realizando este labor de letrada polo aumento dos litixios que supón unha carga de traballo moito maior e unha implicación maior deste servizo xurídico xunto con outros servizos internos e externos (concellos) derivando nunha maior delegación no Adxunto, que teñen que estar retribuída e recoñecida.

No Departamento Concursal:

A **creación de 1 posto de Administrativo C1** pola necesidade intrínseca do Servizo na defensa da Deputación fronte o acredor nos concursos de acredores, nas personacións do Xulgado do Mercantil e na reclamación das débedas tributarias.

- No **Servizo de Recursos Públicos:**

Se ocupe a praza de **Xefe de Recursos públicos A1/29**, que actualmente está vacante, e está sendo desempeñada de xeito provisional.

No Departamento de Taxas:

A **cobertura definitiva dos 2 Administrativos** que actualmente son temporais xa este departamento necesita de persoal con competencias informáticas profundas para realizaren cruces informáticos (sacar base de datos, modificación,..) co aplicativo GTT e que de novo o departamento está a formar o persoal para despois ter que volver a formar.

- No **Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores**:

Cobertura definitiva da Xefatura deste Servizo, estando actualmente de maneira temporal en Comisión de Servizos ata coma máximo xullo do 2024.

O ánimo negociador ten que quedar patente. As súas propostas teñen que terse en conta, se non, non ten sentido que formen parte desta comisión.

Esta Sección Sindical aproveitou as reunións e mesas anteriores para insistir, na súa quenda de palabra, que hai situacións de desigualdade que temos que empezar a corrixir, sobre todo nas prazas que traballando man a man, coas mesmas funcións pertencen a grupos de clasificación diferentes e coa diferenza salarial correspondente.

O malestar do persoal, polo tanto, segue crecendo. Son un sindicato de clase e hai liñas vermellas que non poden traspasar.

A maioría das solicitudes non son capricho, hai servizos onde se solicitan creacións de prazas que non só están xustificadas, e que como non se reforce o servizo, hai serio perigo de non poder xustificar subvenciones de proxectos europeos, que pode supoñer a devolución de millóns de euros.

Polo tanto solicitan, que se volvan a estudar as propostas sindicais e convocar outra mesa xeral de negociación a semana que ven, onde se recollan melloras encamiñadas a evitar desigualdades e discriminacións, noutro caso, o cadro de persoal aprobarase co voto en contra da sección sindical de CCOO na Deputación de Pontevedra.

Queren insistir na importancia da negociación dunha nova RPT e catálogo de funcións para todo o persoal, onde se poña remedio ás desigualdades e discriminacións que se están sufrindo, o caso do grupo E, que levan tempo denunciando é sangrante. Co soldo máis modesto desta administración, e en moitos casos soportado no tempo.

Hai un caso dun operario que se lle chama nas súas vacacións para cubrir unha baixa dun compañeiro do grupo C1, renuncia ás súas vacacións, fai funcións de dous grupos por encima e a administración non lle recoñece nada.

Neste caso, están todos os compañeiros/as do grupo E, traballando ó lado dos oficiais, e non hai ningunha diferenza de funcións pero si de salario.

Esixen que a igual traballo igual salario.

Están aquí para negociar, son coñecedores e entenden que tantas desigualdades non se poden corrixir nun único período orzamentario. Por iso solicitan que se estude, se valoren estas propostas e asumamos compromisos de corrección destas situacións, que podería ser por tramos e/ou por colectivos. Hai catro anos por diante.

O gasto para corrixir a situación das 44 prazas do grupo E desta administración é un grao de arena nunha praia.

Non poden admitir a creación da nova praza de xefatura do Servizo de Benestar Social como A2/25, por infravaloración discriminatoria, co resto de xefaturas de servizo, que son todas A1/29. Isto é unha liña vermella.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

Estaríase incorrendo en fraude de lei, pola prohibición de discriminar postos iguais e homoxéneos e coa mesma responsabilidade.

Por outra banda tamén é perigoso, porque se abre unha porta que despois xa nunca se cerra, en canto quede vacante outra xefatura, xa se lle encarga a xefatura ó técnico medio do servizo.(Deportes)

Isto o consultarán xuridicamente e o levarán ó foro correspondente.

Queren comentar algunhas propostas que non implican aumento de gasto, e que simplemente se trata de vontade política.

1.- SEGURO SANITARIO PRIVADO COLECTIVO, axilizando o concurso público e definitiva contratación da póliza colectiva privada.

2.- FUNCIONARIZACIÓN, das prazas de laborais fixos que non puideron participar no anterior plan de funcionarización e así estaba pactado coa administración.

3.- TELETRABALLO, posta en marcha real en todos os postos que o solicitaron e cumpren os criterios.

4.- COBERTURA DEFINITIVA DO POSTO DE DIRECTOR DO CENTRO AGARIMO C.I.PRINCIPE FELIPE, que leva un ano sen resolverse.

5.- Persoal reciclado dentro do mesmo grupo de clasificación como condutor-maquinista do Parque de maquinaria, que levan más de tres anos como vixilante de estradas de forma provisional.

6.-Paralizar a privatización da oficina de turismo (4 traballadores/as técnicos de turismo) encargada da xestión turística e visitas guiadas do Castelo de Soutomaior.

En canto ó punto 23 da proposta do deputado delegado de persoal, onde se recolle a forma de provisión aberta a outras administracións de 4 xefaturas, tres delas cubertas, solicitan que se elimine esta decisión.

A apertura desas prazas a outras administracións debe recollerse por acordo e sempre dando prioridade ó persoal da mesma administración para non limitar ou cortar a carreira profesional.

En caso de elaborar un acordo teñen que garantirse os criterios de reciprocidade para que o persoal da Deputación poida optar a postos doutras administracións.

Solicitan que non se reduza de 50 a 40 a consignación mensual de horas extras autorizadas.

As funcións que desempeñan os traballadores/as ben por necesidades estruturais de cada unidade ou por necesidades de forza maior, redundan na mellora dos servizos da Deputación, que demanda dos seus empregados un desempeño especializado, técnico e eficiente das súas tarefas. Impedir que se desenvolvan no tempo necesario, repercutirá na calidade do servizo público.

Na proposta da administración recóllense varias reclasificacións, pero hai outras moitas, moi urxentes e que levan soportando moitos anos unha situación de provisionalidade que hai que resolver.

1.- Como veñen solicitando e con urxencia todo o persoal de grupo E.

2.- Oficiais que son responsables o encargados de áreas como:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

- Taller e almacén do Parque de Maquinaria.

- Costura e roupeiro, lavandería, control e vixilancia, mantemento de CI Príncipe Felipe.

- Oficiais de servicios xerais do Museo.

A reclasificación do persoal auxiliar administrativo, para que pasen ó grupo superior que se levou a cabo en varios servizos, debe facerse extensivo ó resto da administración.

3.- Xefaturas de negociado, para recoñecemento ás persoas que levan moitos anos traballando nos seus servizos con funcións diferenciadas e asumindo responsabilidades.

4.- É necesario creacións de prazas do grupo A1 para promoción interna do persoal técnico.

A continuación pasa a explicar algunhas situacións específicas que lles parecen importantes que se fale delas para propoñer as medidas e solucións necesarias:

No **Servizo do Oral** fai falta a creación de prazas urxentes, xunto co plus de perigosidade ou de dispoñibilidade que solicitan porque as funcións diferenciadas hai que pagalas.

En **Secretaría xeral** e concretamente en **rexistro** hai unha situación moi precaria, a falta de persoal por baixas e prazas sen cobertura, fai que se dilaten os tempos de rexistro, un bo exemplo é o rexistro das súas alegacións, o mércores non chegaron a RRHH ata o día seguinte. Toda un ala da oficina de información e rexistro está sen persoal e agora mesmo están traballando 3 persoas, a isto se lle engade o horario de tarde, sen acceso a conciliación nin teletraballo pero no confinamento si se dou a opción interesadamente.

Todo isto crea un malestar e un estrés, que desde aquí solicitan que se poña remedio coas súas propostas.

No **Parque Mobil**, hai 4 condutores que son C2, deben reclasificar a C1 como os seus compañeiros. Este persoal leva moitos anos nesta situación e a súa implicación e horarios sen definición débense de recompensar.

Non hai diferenzas de funcións entre os ordenanzas (grupo E) e os oficiais de servizos xerais, como recollen nas súas propostas xa hai un posto ofertado, e débense de ofertar os que quedan.

Finca Areeiro: Na liña das peticións do servizo fai falta crear prazas para a zona de campo, son moitas hectáreas e poucos traballadores, como veñen insistindo, o persoal do grupo E non difire en funcións dos oficiais C2, polo tanto débense reclasificar, aquí existe unha praza de operario-condutor (grupo E), con funcións de categoría moi superior e que ademais manexa un dron para control de pragas que grazas ó seu apoio facilítanse as tarefas ó persoal técnico, estas funciones non son ni de C2, estamos falando de funciones de C1 que desempeña un grupo E.

En Administración fai falta un técnico. Un centro de 40 traballadores non se pode xestionar cun administrativo e dous auxiliares.

CI Príncipe Felipe:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

Control e vixilancia, este colectivo debido á organización e proxecto educativo da actual dirección, viu como se ían aumentando as súas funcións ás xa recollidas no catálogo. Son persoal C2, incluído o responsable, en agravio comparativo cos seus compañeiros do Pazo que son C1.

Son unha plantilla reducida que cobren quendas de mañá, tarde e noite e que a maior parte do tempo a quenda a cubre un só traballador, polo que non pode abandonar a garita, onde é o encargado de abrir e cerrar a barreira, controlar cámaras, teléfono, sotfware alarmas e todo tipo de emerxencias incluído o helicóptero de Montecelo e o 112.

Ningunha destas funcións ven no catálogo de postos e hai que engadir que durante as fins de semana e noites, tamén se lles cargou coas funcións de xestión das emerxencias, que poden xurdir en Príncipe Felipe. Calquera que coñeza as instalacións tan antigas, sabe que as incidencias son numerosas.

Solicitan que este colectivo polo número e dificultade das súas funcións sexa reclasificado ó grupo superior C1, como o están os seus compañeiros/as do Pazo.

As prazas **de almacén** débense cubrir por promoción interna entre o persoal da Deputación.

Parque de maquinaria:

É urxente que se cubran as prazas das brigadas de mantemento, coas inclemencias dos temporais destes días, as gardas nocturnas e de fin de semana fai que o persoal actual no teña descanso, enlanzando traballos nocturnos coa xornada ordinaria.

Opóñense taxantemente á privatización das brigadas.

Fai uns anos tomouse a decisión de privatizar parte das Brigadas de mantemento, o cal fixo que se foran amortizando ano tras ano moitas prazas de oficiais de mantemento.

A privatización non soamente lle sae máis cara á administración, que ten que pagar o 30% de beneficio de empresa, senón que reduce a boa prestación do Servizo, que garante a xestión pública e non os intereses empresariais.

Para o Parque de Maquinaria hai que explicar que o colectivo de condutores-maquinistas que aparecen na RPT non é real, pois coa organización do equipo de goberno anterior, recicláronse en vixilantes de estradas e obras, pero algún segue constando ó non formalizarse o proceso.

Solicitan que se formalice e se adscriba a cada traballador segundo o seu destino e se creen prazas de condutor-maquinista para darlle sentido ó novo Parque de maquinaria de Barro-Meis, e poder formar dous equipos de traballo.

Creación de 5 prazas de condutores-maquinistas para ter un cadro de 10 traballadores formalizados en dous equipos de traballo que dean cobertura á rede de estradas provinciais.

Por último teñen que felicitar a este equipo de Goberno, porque non todo é malo, hai algún detalle bonito que son os seguintes:

O recoñecemento a unha traxectoria de moitísimos anos de dúas traballadoras de Secretaría Xeral.

Unha reivindicación desta Sección, da praza del deseñador gráfico de NNTT.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

A solución do grave problema da cociña de Príncipe Felipe, outra proposta desta Sección Sindical que se leva a cabo e que corrixe unha desigualdade.

Por último, para finalizar, solicitan o estudio e revisión das súas propostas e unha nova mesa xeral de negociación, para que se teñan en conta algunhas das desigualdades aquí denunciadas.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, comenta que se o voto é negativo non vale a pena modificar a proposta inicial da Administración. Fai constar que levan escasos tres meses e fixeron unha análise inicial e un esforzo co bo equipo da Deputación e de RRHH para ver as cuestións que se podían mellorar. Sinala que teñen un ano por diante para analizar a situación con máis profundidade.

A delegada sindical de CCOO, pide que haxa un compromiso polo equipo de goberno de reclasificar o grupo E.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, manifesta que evidentemente o van a ver. Sinala que se abren a ese tema e a calquera outro que teña posibilidade de mellora.

A delegada sindical de CCOO, salienta a discriminación existente coa praza do grupo A2 do Servizo de Benestar Social.

O delegado sindical de CCOO, explica que están falando de persoas, situacións complicadas e familias. Os traballadores esíxenlle e a súa sección sindical tómao moi en serio. Pide que a Administración volva a valorar as propostas e reunirse a próxima semana.

A delegada sindical de CCOO, advirte dun erro nas prazas do Museo C2-16, cando deberían ser C2-17.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, aclara que se corrixirá.

A delegada sindical de UGT, propón crear grupos de traballo para afrontar ámbitos de actuación concretos. Manifesta que a proposta que fixeron é para poñer en antecedentes ó equipo de goberno co fin de abordalas nos próximos anos. A pesar de que son conscientes que é difícil co pouco tempo que tiveron, sábelle a pouco a proposta da Administración.

Sinala que os maiores problemas parten das disfuncións da RPT. Salienta as diferenzas retributivas dos postos que fan a mesma función, o que provoca situacións de desigualdade, enfado e inxustiza. Cren que as bases de aplicación están desfasadas e hai que revisalas. Pide que se lle envíe por email un resumo das prazas de funcionarización, dado que teñen que revisalo. Así mesmo, propoñen:

- A elaboración dun novo cadro de persoal.
- A creación e desenvolvemento do grupo B.
- A implantación e regulación de procedementos de mobilidade para o persoal. Sobre este asunto cren que a mobilidade ten que ser excepcional. Manifesta que aquí móvense os postos sen dar explicación e a utilización abusiva deste procedemento conculca dereitos doutros traballadores, dado que se priva a carreira profesional, entre outras, polo que non están de acordo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

Pide compromiso do equipo de goberno para traballar nesta liña.

O delegado sindical da CIG, manifesta que a súa sección sindical mantén o criterio. Desde sempre a CIG solicitou un estudo do cadro de persoal e saben que hai unhas cantidades de diñeiro reservadas para iso. Solicitan falar de todo o cadro de persoal. Consideran que a postura máis coherente sería facer un calendario ou cronograma para explicarlle ós traballadores cando lle toca a eles. Leva 40 anos nesta Administración e sempre se fixeron modificacións puntuais da RPT. Non lles parece xusto que a uns colectivos se lles apliquen melloras salariais e a outros non. Manifesta que manteñen o seu voto negativo, dado que entenden que os cambios son necesarios para todo o cadro de persoal. Non comparten a proposta do grupo de goberno no que a un compañeiro se lle dá máis carga de traballo manténdoo no mesmo nivel.

Salienta a necesidade dun cronograma e calendario e usar o diñeiro existente para o estudo do cadro de persoal, sen máis remendos.

O delegado sindical de CCOO, vota en contra da proposta da Administración.

A delegada sindical de UGT, vota a favor da proposta da Administración pero á súa sección sindical parécelle insuficiente e queren un compromiso do grupo de goberno de abordar as cuestións formuladas.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, manifesta o seu claro compromiso.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as dez horas e vinte minutos, do que como secretaria dou fe.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):FL9BXR685BORZXCL

ORZAMENTO PROVINCIAL 2024
PROPOSTA DO DEPUTADO DELEGADO DE RRHH SOBRE O CADRO DE PERSOAL E RPTS

Iniciado o trámite de elaboración do orzamento provincial do próximo exercicio e unha vez reunido coas vicepresidencias e deputados/as delegados/as de área sobre a valoración das peticións das distintas xefaturas de servizo e centros da Deputación Provincial, considerando as necesidades que se estiman prioritarias para mellorar a organización e funcionamento desta Institución e dos seus órganos de goberno, formulase a seguinte **PROPOSTA** de modificación do cadro de persoal e RPTs, na que se contemplan diferentes variacións por Servizo ou Centro, as cales se detallan a continuación:

1. BENESTAR SOCIAL

1.1. Cambio de denominación do Servizo

Modificase a denominación deste Servizo, de "Cohesión Social e Xuventude" por "Benestar Social", distribuíndose o persoal adscrito ao mesmo entre este Servizo e un novo de "Xuventude e Reto demográfico", o cal se estrutura noutro apartado.

1.2. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a	C1	Administrativo/a	20	Benestar Social	231

A creación desta praza de administrativo/a de admón. xeral, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, responde a insuficiente dotación de persoal administrativo para a tramitación dos expedientes de subvencións do Servizo, e sobre todo tendo en conta que por redistribución de efectivos trasladase un posto de administrativo ao Servizo Oral por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións nese Servizo.

1.3. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, ocupado por BVS, ao Centro Príncipe Felipe, co obxecto de incorporar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións por motivos de saúde.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo, subgrupo C1, nivel 20, deste Servizo ao Oral (DLP), por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións autorizada en base a experiencia adquirida en anos anteriores.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

1.4. Modificación da estrutura de persoal do Servizo de Benestar Social

Estando prevista a creación do novo Servizo de "Xuventude e Reto demográfico", no que integran parte das competencias do Servizo de Benestar, procede adecuar a estrutura de persoal, que queda integrada polo seguintes postos:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Traballador/a social	A2	Xefatura de Servizo	25	Adscrición Provisional SVV
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico xestión	23	Vacante
1	Traballador/a social	A2	Xefatura de negociado de programas Concellos	24	Reservada FC en CS (MCF)
1	Traballador/a social	A2	Traballador/a social	23	Reservada FC Exced. CH (ACC)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante de nova creación

2. PRÍNCIPE FELIPE 232

2.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Oficial/a de control e vixilancia	C2	Oficial/a de control e vixilancia	17	Príncipe Felipe	232
1 Administrativo de admón. xeral	C1	Administrativo	20	Príncipe Felipe	232

A creación de dunha praza de oficial/a de control e vixilancia, subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao **Príncipe Felipe**, contemplase co fin de unificar no mesmo grupo de clasificación as prazas que veñen realizando as mesmas funcións. A creación desta praza levarase a cabo sobre a praza de axudante de control e vixilante, do grupo E, a cal se declara a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación da praza de administrativo de admón. xeral, subgrupo C1, proponse con cargo á amortización dunha praza de auxiliar do subgrupo C2, e solicitase para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal, que require dispor de persoal especializado para colaborar na tramitación de expedientes, elaboración de informes, preparación da documentación etc..

2.2. Cambios de adscrición de postos de traballo

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar de xestión tributaria e información do Servizo Oral ao Centro Príncipe Felipe, resulta dunha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Servizo no que desenvolve a súa actividade (SCP).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, ocupado por BVS, do Servizo de Cohesión Social a Príncipe Felipe, xustificase na incorporación da titular no centro no que ven exercendo as súas funcións por motivos de saúde.

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna deste Centro ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, obedece a unha atribución temporal de funciones da titular (CNC) por motivos de saúde.

2.3. Transformación de postos de traballo

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR
2 Oficial/a xefe de Cociña	C2-18	2 Cociñeiro/a	C2-18
1 xefe/a de cociña	C1-21	1 xefatura de cociña e comedor	C1-21

A transformación dos dous postos de traballo de oficial/a xefe/a de cociña, do subgrupo C2, nun posto de Cociñeiro/a, do mesmo grupo e retribución, responde a un cambio na denominación do posto para adecualo ás funcións que realmente teñen atribuídas e que veñen desempeñando, marcando a diferencia nas tarefas que lles corresponden, de cociñeiro e axudante de cociña.

A transformación do posto de trabalo de xefatura de cociña nunha xefatura de unidade de cociña e comedor deriva da integración nun mesmo posto das funcións que teñen encomendadas estas dúas unidades.

2.4. Revisión de niveis de Complemento de destino

Revisase o nivel de complemento de destino de catro postos de oficial/a de cociña, subgrupo C2, adscritos ao Centro Príncipe Felipe, que se transforman en catro postos de cociñeiros, pasando do nivel 17 ao 18, co fin de adaptalos ás necesidades reais do servizo e as funcións que están a desenvolver.

3. PROMOCIÓN DE EMPREGO

3.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a medio/a de admón. xeral	A2	Técnico/a medio/a de admón. xeral	23	Promoción de emprego	

A creación desta praza de técnico/a medio/a de admón. xeral, subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, efectúase para poder garantir un correcto funcionamento do servizo, dado o elevado número de programas formativos que nestes momentos se están xestionando.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

3.2. Cambios de adscrición de postos de traballo

Cámbiase a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión para integralo no Servizo de NNTT, por redistribución de efectivos, co obxecto de incorporar ao titular no servizo onde veu desempeñando este posto de traballo nos últimos anos, e tendo en conta que coñece os procedementos que xestiona o Servizo e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden

4. IGUALDADE 250

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de auxiliar, subgrupo C2, nivel 18 de Igualdade a Tesourería, por atoparse a titular realizando funcións nesta área (BCD).

5. MUSEO PROVINCIAL 333

5.1. Amortizacións:

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
ARQUIVEIRO/A	1	A1	25
BIBLIOTECARIO/A	1	A1	25
CONSERVADOR/A	4	A1	25
RESPONSABLE DE EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES CULTURAIS	1	A1	25
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	1	A2	23
AXUDANTE/A BIBLIOTECA	1	A2	23
AXUDANTE/A CONSERVACION ARQUIVO GRAFICO	1	A2	23
AXUDANTE/A DE EDUCACION	1	A2	23
CONSERVADOR/A RESTAURADOR/A	3	A2	23
TECNICO/A AUXILIAR DE EDUCACION	7	C1	20
RESPONSABLE DE MONTAXE	1	C2	18
OFICIAL/A DE SERVIZOS XERAIS E SUBALTERNOS	5	C2	16
SUBALTERNO/A DE OFICIOS VARIOS	8	E	14

Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

5.2. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantéñense na RPT de persoal laboral fixo os postos de traballo ocupados polas persoas que non participaron no proceso selectivo, que son os seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
COORDINADOR/A DE PUBLICACIÓNS	1	A1	25
ADMINISTRATIVO XEFE DE NEG	1	C1	22
LIMPIADOR/A	1	E	14

5.3. Estrutura organizativa do servizo

De acordo coa estrutura organizativa existente no Museo Provincial no momento no que se crean as prazas de persoal funcionario para levar a cabo os procesos de promoción interna horizontal a prazas de persoal funcionario, procede manter a asignación de niveis de complemento de destino e importe de complemento específico que se tiveron en conta para a provisión dos anteriores postos de maior responsabilidade, quedando tal e como se detallan a continuación:

PRAZA	RX	G	NIV	POSTO DE TRABALLO
ARQUIVEIRO/A (MJFA)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCIÓN DOCUMENTACIÓN
CONSERVADOR/A (MATJ)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCIÓN DE COLECCIÓN
AXUDANTE/A DE EDUCACION (PTO)	FC	A2	25	XEFATURA DE SECCION DE PUBLICOS
RESPONSABLE DE EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES CULTURAIS (FCR)	FC	A1	26	XEFATURA DE SECCION DE EXPOSICIONS
CONSERVADOR/A (MCED)	FC	A1	25	XEFATURA DA UNIDADE DE ARQUIVO
CONSERVADOR/A RESTAURADOR/A (MSBV)	LF	A2	24	XEFATURA DA UNIDADE DE CONSERVACION/RESTAURACION (A2-24)

Así mesmo, co fin de completar a estrutura organizativa do Museo Provincial, tras a constitución do novo goberno da Deputación Provincial, créanse dúas novas Seccións, que son as seguintes:

- Xefatura de Sección de Rexistro de Bens, A1-26, asociada a unha praza de conservador/a, integrada na escala de admón. especial subescala técnica, clase superior
- Xefatura de Sección de Publicacións, A1-26, asociado ao posto laboral fixo de coordinador/a de publicacións, que non participou no proceso de promoción interna horizontal

Todos os demais postos que pasan a formar parte da RPT de persoal funcionario conservan a retribución total que tiñan recoñecida, con plena garantía das condicións establecidas nas bases da convocatoria destes procesos selectivos.

5.4. Cambio de adscrición de posto de traballo

O cambio de adscrición do posto de traballo de administrativo do Servizo de Contratación ao Museo Provincial, proponse por redistribución de efectivos e para integrar á titular no servizo no que desenvolve a súa actividade (AMPA).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

5.5. Transformación de prazas de postos de traballo

Ao quedar vacantes tres postos de traballo de laboral fixo no Museo Provincial pola xubilación dos titulares, transfórmanse ditos postos en prazas de persoal funcionario do mesmo grupo de clasificación , vinculados a postos de traballo de igual denominación e nivel de complemento de destino, coa pretensión de unificar o réxime xurídico do persoal adscrito a este Centro, quedando da seguinte forma:

AMORTIZACIÓNS

POSTO DE TRABALLO		
CONSERVADOR/A	A1	25
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	A2	23
AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	23

CREACIÓNS

PLAZA	GR	POSTO DE TRABALLO	Nivel
CONSERVADOR/A	A1	CONSERVADOR/A	25
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	A2	AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	23
AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	AXUDANTE/A DE EDUCACION	23

6. PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO. 332

6.1. Creación de prazas

Praza	**GR**	**Posto de traballo**	**CD**	**Servizo**	**CX**
técnico/a medio/a en tradución		técnico/a medio/a en tradución		Patrimonio Documental e B	332

A creación dunha praza de técnico/a medio/a en tradución do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación nivel 23, deriva da falta dun perfil técnico que se encargue da tradución, corrección lingüística e revisión de textos da Editorial. Esta creación compensase coa amortización dunha praza de arquiveiro/a bibliotecario/a do subgrupo A2, con posto de traballo de técnico/a medio/a de arquivo e biblioteca que se atopa vacante por xubilación da titular.

6.2. Cambio de adscrición

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna do Centro Príncipe Felipe a este servizo, obedece a unha atribución temporal de funciones da persoa titular por motivos de saúde (CNC).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

7. CULTURA 330

Cambiase a adscrición dunha persoa funcionaria con posto de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, de Intervención a Cultura, por atoparse desempeñando as súas funcións neste Servizo (MATG).

8. DEPORTES 340

Cambiase a adscrición dunha persoa funcionaria con posto de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, de Intervención a Deportes, por atoparse desempeñando as súas funcións neste Servizo (AMD).

9. SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. 410

9.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Analista laboratorio	C1	Analista de laboratorio	20	Medio ambiente FM	410

A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade**, motivase no volume de traballo existente no laboratorio e nos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos.

9.2. Cambio de adscrición do posto de traballo

O cambio de adscrición do posto de xefatura de Sección de Pesca e Cultivos Mariños de Asistencia Intermunicipal a este Servizo, prodúcese por ter a persoa titular, dereito á reserva de dito posto de traballo neste destino, atopándose actualmente en situación administrativa de servizos especiais.

O cambio de adscrición de dous postos de traballo de analista de laboratorio, do subgrupo C1, un para a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, e outro para o Polígono de Lalin, efectúase un por redistribución de efectivos para incluílo no centro no que está executando as súas funcións (SCP) e outro por atribución temporal de funcións por motivos de saúde (PARR).

9.3. Revisión do complemento específico

Asignase o factor dedicación dentro do complemento específico ao posto de traballo de xefatura de Sección da Explotación Gandeira da Finca Mouriscade, pola dispoñibilidade e responsabilidade que require o exercicio das súas funcións, así como polo volume de traballo e a particularidade da

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

actividade que desenvolve en gran parte, fóra da xornada laboral, nas diferentes granxas da provincia coa implantación de embrións.

10. FINCA AREEIRO 413

10.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Enxeñeiro/a forestal	A2	Enxeñeiro/a forestal		E.F. Areeiro	413

A creación da praza de enxeñeiro/a forestal, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23 de complemento de destino, xustificase para poder atender a demanda da práctica totalidade dos concellos da provincia que están solicitando a realización de estudos e informes de arboredo e xardíns. Este posto encargaría das tarefas de campo tales como mapificación e identificación de especies obxecto de estudio, recollida de mostras e elaboración de informes seguindo as indicacións e protocolos da EFA.

10.2. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición do posto de traballo de analista de laboratorio, subgrupo C1, ocupado por SCP da Finca Mouriscade á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, coa intención de integrar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións.

11. SERVIZO DE TURISMO 433

11.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo AX	C1	Administrativo	20	Turismo	433
1 Técnico/a informador/a turístico/a	C1	Técnico/a informador/a turístico/a	20	Turismo	433

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, efectúase por necesidades de servizo, ao non dispor de persoal suficiente para a tramitación administrativa, e para cadrar os movementos de persoal por atribución temporal de funcións.

A creación dunha praza de técnico/a informador turístico, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, ven a reforzar o servizo de atención ao público e información turística.

11.2. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
Técnico/a de administración	1	A1	25
Técnico/A de turismo xefatura de Sección servizos turísticos	1	A2	25
Técnico/a de turismo xefatura de negociado de intelixencia turística	1	A2	24
Técnico/a de turismo	2	A2	23
Administrativo/a	2	C1	20

Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

12. ARQUITECTURA E URBANISMO 457

12.1.Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Enxeñeiro/a técnico/a industrial	A2	Enxeñeiro/a técnico/a industrial	23	Arquitectura	457
1 Arquitecto/a técnico/a	A2	Arquitecto/a técnico/a	23	Arquitectura	457

A creación da praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23, xustificase na falta de persoal técnico que se encargue da xestión, coordinación, control e resolución da contratación da subministración eléctrica e de gas, así como, das incidencias relativas ao subministro eléctrico e as operacións de revisión e mantemento das instalacións dos edificios nos proxectos e obras que executa este Servizo; así como para levar a dirección de execución de obras en materia de instalacións, elaboración de proxectos parciais, memorias, informes, medicións, orzamentos, estudos, planos relativos ás instalacións dentro dos proxectos e obras, etc.

A creación da praza de arquitecto/a técnico/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, débese á necesidade de dotar o Servizo de persoal técnico especializado que colabore na preparación da documentación técnica, supervisión das numerosas contratacións de asistencias técnicas para a redacción dos proxectos de obras; dirección de execución de obras, ou a elaboración de informes técnicos de distinta índole (urbanísticos, relativos á execución de obras relacionadas con subvencións concedidas etc.)

12.2. Amortización de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Arquitecto/a	A1	Arquitecto/a	25	Arquitectura eUrban	457

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

A amortización desta praza de arquitecto/a, do subgrupo A1, que quedou vacante dos procesos de estabilización de emprego temporal, utilizase para compensar a creación de dúas prazas neste Servizo.

13. CONTRATACIÓN, FACENDA E PATRIMONIO 922

14.1 Cambios de adscrición

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, de Intervención ao Servizo de Contratación proponse por redistribución de efectivos e para integrar á titular no Servizo no que desenvolve a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de traballo deste Servizo ao Museo Provincial, responde a unha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Servizo no que leva a cabo a súa actividade (APA).

14. SECRETARÍA XERAL 920

13.1. Revisión de niveis de Complemento de destino

Asignase ao posto de traballo de administrativo/a, subgrupo C1, ocupado por ROT, a xefatura de negociado de actas do pleno, co nivel 22 de complemento de destino, para que se encargue de dirixir, coordinar e supervisar a actividade do negociado e do seu persoal.

Asignase ao posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, ocupado por SAL, a xefatura de negociado de servizos xerais co nivel 22 de complemento de destino, para que se encargue de dirixir, coordinar e supervisar a actividade do negociado e do seu persoal.

13.2. Revisión complemento específico

Asignase ao posto de traballo de asesor/a xurídico en administración electrónica, transparencia e protección de datos o factor dedicación dentro de complemento específico, ante o elevado número de informes técnicos que se lle requiren.

14. RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN 921

14.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Técnico/a auxiliar relacións laborais	C1	Técnico especialista en relacións laborais	20	RRHH e Formación	922

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

A creación da praza de técnico/a auxiliar en relacións laborais, con posto de traballo de técnico especialista, nivel 20, proponse con cargo á amortización dunha praza de auxiliar do subgrupo C2, co fin de completar o equipo de traballo de nóminas, e ante a necesidade de efectuar unha redistribución de funcións para mellorar a organización do servizo, sobre todo tendo en conta a próxima xubilación da persoa responsable da sección de nóminas.

14.2. Cambios de adscrición

Cambiase a adscrición da persoa titular dun posto de traballo de administrativo de Intervención a este Servizo por redistribución de efectivos e para integrala no Servizo no que está exercendo as súas funcións.

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo deste Servizo á area de Intervención por redistribución de efectivos e co propósito de consolidar a dotación de persoal existente nesa área de actividade.

14.3. Revisión complemento específico

Asignase ao posto de traballo de xefatura de sección de formación o factor dedicación dentro de complemento específico, como consecuencia do elevado número de accións formativas que se organizan cada ano a través da plataforma de teleformación, o incremento da participación, así como pola atención e apoio que se debe prestar aos docentes fóra da xornada laboral cando están a desenvolver as accións formativas, asumindo a maior parte das tarefas de forma autónoma e independente conforme a criterios previamente establecidos.

Suprímese o factor dedicación nun posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, en compensación da nova asignación á xefatura de sección de formación.

15. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL 923

Asignase o factor dedicación ao posto de traballo de xefatura de Sección de Residuos, dado o volume de traballo que a titular está a desenvolver fóra da xornada laboral para a emisión dos informes técnicos que se solicitan, especialmente en materia de residuos e medio ambiente, ou para prestar asesoramento e asistencia aos concellos que o requiren, entre outras.

16. COMUNICACIÓN 924

16.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
Técnico/a auxiliar en preimpresión	C1	Técnico/a auxiliar en preimpresión	20	Comunicación Institucional	924

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en preimpresión, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista, nivel 20, levase a cabo con cargo á amortización dun posto das mesmas características, de técnico/a auxiliar teclista, de persoal laboral fixo, e configurase cun perfil mais adecuado ás actividades que competen ao servizo.

16.2. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantense na RPT de persoal laboral fixo o posto de traballo ocupado pola persoa que non participou no proceso selectivo de promoción interna horizontal a prazas de persoal funcionario, que é o seguinte:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
Técnico/a auxiliar maquina offset	1	C1	20

17. NOVAS TECNOLOXÍAS 926

17.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Deseñador/a	C1	Deseñador/a	20	NNTT	926
2 Técnico/a de sistemas	A2	Técnico/a de sistemas	23	NNTT	926
1 Programador/a web	C1	Programador/a web	20	NNTT	926

A creación dunha praza de deseñador/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, prodúcese por equiparación con outras do mesmo contido e grupo de clasificación, a través do sistema de reclasificación de persoal e con cargo a amortización dunha praza de informático gravador/a, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño gráfico, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo e co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

De igual forma, para a creación de dúas prazas de técnico/a de sistemas, subgrupo A2 con postos de traballo de igual denominación, niveis 23, utilizase o mesmo procedemento, estando motivadas no volume de traballo existente así como na necesidade de dar estabilidade e mellorar a estrutura de persoal do Servizo e adecuala ao contido das labores que se deben acometer.

A creación dunha praza de programador do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, ven a completar a estrutura do persoal do servizo, asegurando o soporte informático da administración electrónica.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

17.2. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo

Amortízase o posto de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
XEFATURA DE NEGOCIADO DE PROXECTOS	1	C1	20

Ao mesmo tempo, dótase de consignación económica a praza e posto creado para a promoción interna horizontal que vai a ser ocupada por persoal funcionario.

17.3. Postos que permanecen na RPT de persoal laboral fixo

Mantéñense na RPT de persoal laboral fixo os postos de traballo ocupados polas persoas que non participaron no proceso selectivo, que son os seguintes:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	CD
XEFATURA DE NEGOCIADO DE PROGRAMACIÓN	1	C1	20
XEFATURA DE NEGOCIADO DE SISTEMAS	1	C1	20

17.4. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión, subgrupo A2, do Servizo de Promoción de Emprego a NNTT, por redistribución de efectivos e fin de incorporar o titular no Servizo no que veu desenvolvendo a súa actividade nos últimos anos, tendo en conta que coñece os procedementos e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden (JRPG).

18. INTERVENCIÓN 931

18.1. Creación de prazas

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a	C1	Administrativo/a	20	Intervención	931

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, ven a reforzar a dotación de persoal no Servizo de Fiscalización e Asesoramento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

18.2. Cambio de adscrición

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, subgrupo C2, de Intervención a Contratación, ten por obxecto integrar a persoa titular no Servizo no que ven desempeñando as súas funcións (RCR).

O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de auxiliar subgrupo C2, do Servizo Oral a Intervención, deriva da súa integración no servizo no que se atopa realizando as súas funcións (ABGS)

O cambio de adscrición de dúas persoas funcionarias que ocupan dous postos de auxiliar administrativo, subgrupo C2, nos Servizos de Cultura e Deportes (MATG e AMD) motivase na incorporación definitiva na RPT dese Servizo.

O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de administrativo, subgrupo C1, de Asesoría Xurídica a Intervención, prodúcese por estar desenvolvendo as súas funcións nesta área (NOR)

O cambio de adscrición da persoa funcionaria que ocupa un posto de administrativo, subgrupo C1, de Prevención a Intervención, levase a cabo por estar realizando funcións nesta área, por necesidades do servizo (SLR).

O cambio de adscrición de dúas persoas funcionarias con postos de administrativo/a, subgrupo C1, de Intervención a Tesourería (AT e MVBF), promovese para que se proceda a súa incorporación definitiva no Servizo no que ven desempeñando as súas funcións.

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, do subgrupo C2, de Recursos Humanos e Formación a esta área, xustificase por redistribución de efectivos e coa pretensión de consolidar a dotación de persoal existente en Intervención.

18.3. Creación dunha xefatura de Servizo de fiscalización de persoal

Por razóns organizativas, transformase o posto de adxunto/a á xefatura de Servizo de fiscalización en materia de persoal do subgrupo A1, nunha xefatura de Servizo de Fiscalización de persoal, co fin de constituír un Servizo independente dos que conforman esta área, ao tratarse de materias completamente diferentes, e tendo en conta o volume de traballo, a complexidade da funcións e responsabilidades que derivan do seu ámbito de actuación, tanto polo seu contido como pola súa especificidade.

19. **SERVIZO ORAL 932**

19.1. Creación de prazas de persoal funcionario:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a xurídico/a	A1	Adxunto/a á xefatura de servizo xurídico tributario	23	Oral	932
1 Técnico/a medio de xestión tributaria	A2	Técnico/a de xestión tributaria	23	Oral	932
8 Administrativo/a	C1	Administrativo/a rama tributaria	20	Oral	932

A creación de oito prazas de administrativo/a rama tributaria, subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, nivel 20, unha praza de técnico/a medio/a de xestión tributaria, con posto de traballo de igual denominación, adscritos ao **Servizo ORAL**, proponse para completar a estrutura de persoal, amortizando os postos de auxiliar, do subgrupo C2, que se se atopan ou queden vacantes, para así unificar as funcións que están realizando e favorecer a promoción e consolidación do persoal nun grupo superior. Así mesmo inclúese a creación dunha praza de técnico/a xurídico tributario, subgrupo A1, con posto de adxunto/a á xefatura do servizo, nivel 27, por reclasificación e adecuación da praza ás funcións que ten encomendadas.

19.2. Amortización de prazas de persoal funcionario

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a medio/a xurídico tributario	A2	1 Técnico/a medio/a xurídico tributario	25	Oral	932
1 Auxiliar administrativo (DLP)	C2	1 Auxiliar administrativo (DLP)	18	Oral	932
2 Auxiliar de xestión tributaria e información (MGC), (ABGS)	C2	2 Auxiliar de xestión tributaria e información (MGC), (ABGS)	18	Oral	932
6 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	6 Auxiliar de xestión tributaria e información	18	Oral	

A amortización de nove prazas de auxiliar do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, nivel 18, obedece a promoción ou traslado das titulares, así como á creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións ao posto de traballo a desempeñar. Destas 9 prazas, seis quedarán vacantes en canto finalicen os procesos selectivos convocados para promoción interna vertical. Así mesmo amortizase unha praza de técnico/a medio/a xurídico por reclasificación noutra de nivel superior, seguindo o procedemento establecido para estas situacións.

19.3. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo vacantes

Posto de traballo	GR	CD	Servizo	CX
2 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18	Oral	934

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):QVD8KBAS5P8UKV8W

A amortización de dous postos de traballo laborais fixos, de auxiliar de xestión tributaria e información, do subgrupo C2, nivel 18, adscritos **ao Servizo Oral**, xustifícase na creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións ao posto de traballo a desempeñar.

19.4. Amortización de postos de traballo de persoal laboral fixo funcionarizado

Amortízanse os postos de traballo de persoal laboral fixo que superou o proceso selectivo de promoción interna horizontal:

POSTO DE TRABALLO	Nº postos	GR	Nivel
Administrativo/a de xestión tributaria	4	C1	20
Auxiliar de xestión tributaria	21	C2	18

Ao mesmo tempo, dótanse de consignación económica as prazas e postos creados para a promoción interna horizontal e que van a ser ocupadas por persoal funcionario.

19.5. Cambio de adscrición

Cambiase a adscrición dun posto de traballo de administrativo, subgrupo C1, nivel 20, de Cohesión Social ao Oral (DLP), por atoparse o titular cunha atribución temporal de funcións neste Servizo, autorizada en base a experiencia adquirida en anos anteriores.

Cambiase a adscrición do posto de traballo de auxiliar, do subgrupo C2, ocupado por (SCP), ao Centro Príncipe Felipe, co obxecto de incorporar a esta persoa no Servizo no que ven desenvolvendo as súas funcións por motivos de saúde.

Código seguro de verificación (CSV):RG0T2WBJAJLUUQC1

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

PEET(2021): RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PERSOAL FUNCIONARIO ANO 2024

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A PROMOCION DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	C. ESPECIFICO	T	P	AD	ES	GRUPO	CP	OBSERV.
240	TECNICO/A DE FORMACION	1	23	5.994,65	N	C	AE	TE	A2	TM	PEET -fun
240	TECNICO/A DE PROMOCION ECONOMICA	1	23	5.994,65	N	C	AE	TE	A2	TM	PEET -fun
Total 240		**2**									

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	C. ESPECIFICO	T	P	AD	ES	GRUPO	CP	OBSERV.
456	ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS	1	25	6.790,14	N	C	AE	TE	A1	TS	PEET -fun
Total 456		**1**									

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A COOPERACION COS MUNICIPIOS:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	C. ESPECIFICO	T	P	AD	ES	GRUPO	CP	OBSERV.
942	TECNICO/A DE PROXECTOS DE OBRA CIVIL	1	25	6.790,14	N	C	AE	TE	A1	TS	PEET -fun
Total 942		**1**									

Total xeral **4**

POSTOS DE TRABALLO PERSOAL LABORAL FIXO ANO 2024

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO CENTRO PRINCIPE FELIPE:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
232	OPERARIO/A SERV. VARIOS (T.P. 25 horas)	1	E	15.143,18
Total 232		1		15.143,18

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO MUSEO PROVINCIAL:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
333	XEFATURA DE SECCION PUBLICACIONS MUSEO	1	A1	42.138,16
333	COORDINADOR/A DE DIFUSION E CONTIDOS DIVULGATIVOS	1	A1	39.889,37
333	AXUDANTE/A DE EDUCACION	4	A2	34.689,40
333	TECNICO/A DE MANTEMENTO	1	A2	34.689,40
333	ADMINISTRATIVO/A	1	C1	28.595,45
333	ADMINISTRATIVO/A / XEFE/A NEGOCIADO	1	C1	30.094,93
333	TECNICO/A AUXILIAR DE BIBLIOTECA	2	C1	28.595,45
333	AUXILIAR DE ATENCION AO PUBLICO	3	C2	25.978,43
333	LIMPIADOR/A	1	E	22.735,51
333	SUBALTERNO/A DE OFICIOS VARIOS	1	E	22.746,47
Total 333		16		

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A DEPORTES:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
340	TECNICO/A SUPERIOR ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1	A1	42.138,16
Total 340		1		

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A ESTACION FITOPATOLOXICA DO AREEIRO:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
413	TECNICO/A DE ARTROPODOS	1	A1	36.069,58
Total 413		1		

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A ARQUITECTURA:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
457	OPERARIO/A SERV. VARIOS (T.P. 25 horas)	1	E	15.143,18
Total 457		1		

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A COMUNICACION INSTITUCIONAL:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):RG0T2WBJAJLUUQC1

924	TECNICO/A AUX. MAQUINISTA OFFSET	1	C1	30.581,08
Total 924		1		
RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A NOVAS TECNOLOXIAS:				
UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
926	XEFE/A NEGOCIADO DE PROGRAMACION	1	C1	39.888,12
926	XEFE/A NEGOCIADO DE SISTEMAS	1	C1	39.888,12
Total 926		2		
RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO ORAL:				
UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
932	ADMINISTRATIVO/A-XEFE/A NEGOCIADO	2	C1	39.888,12
932	OPERADOR/A DE TECLADO	1	C1	28.595,45
932	ADMINISTRATIVO/A	4	C1	28.595,45
932	AUXILIAR DE XESTION TRIBUTARIA E INFORMACION	3	C2	25.978,43
Total 932		10		

Total xeral **33**

PEET: POSTOS DE TRABALLO PERSOAL LABORAL FIXO ANO 2024

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO MUSEO PROVINCIAL:				
UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
333	TECNICO/A MEDIO/A CONSERVADOR/A	1	A2	29.990,27
Total 333		1		
RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A TURISMO RIAS BAIXAS:				
UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**
433	TECNICO/A DE TURISMO	1	A2	29.990,27
Total 433		1		

Total xeral **2**

RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PERSOAL DIRECTIVO CON RANGO DE ALTO CARGO ANO 2024

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO CENTRO PRINCIPE FELIPE:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	PROVISION
232	DIRECTOR/A XERENTE DO CENTRO PRINCIPE FELIPE	1	29	66.911,70	S	L		A1/A2	TS		Art.56 R.O. de la Deputacion e art.32-bis LBRL

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A CULTURA :

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	PROVISION
330	DIRECTOR/A DE COORDINACION E XESTION DE CULTURA E DEPORTES	1	29	66.911,70	S	L		A1	TS		Art.56 R.O. de la Deputacion e art.32-bis LBRL

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO MUSEO PROVINCIAL:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	PROVISION
333	DIRECTOR/A MUSEO PROVINCIAL	1	29	66.911,70	S	L		A1	TS		Art.56 R.O. de la Deputacion e art.32-bis LBRL

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A MOBILIDADE:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):RG0T2WBJAJLUUQC1

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	PROVISION
456	DIRECTOR/A DE INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS	1	29	66.911,70	S	L		A1	TS		Art.56 R.O. de la Deputación e art.32-bis LBRL
RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS A COOPERACION:											
UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	CD	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	PROVISION
942	DIRECTOR/A DE PROXECTOS EUROPEOS	1	29	66.911,70	S	L		A1	TS		Art.56 R.O. de la Deputación e art.32-bis LBRL

Total xeral **5**

RELACION DE POSTOS DE TRABALLO PERSOAL EVENTUAL ANO 2024

RELACION POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS AO GABINETE DA PRESIDENCIA:

UNIDADE	DESCRICION POSTO	DOT	TOTAL RETRIB.	T	P	AD	GRUPO	CP	REQUISITOS	OBSERV.
912	Coordinador/a de réxime interno	1	65.386,05	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Director/a da área de coordinación intermunicipal	1	61.305,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Director/a de comunicación	1	56.280,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Xefe/a de gabinete	1	40.702,50	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Coordinador/a de proxectos	1	39.898,50	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Coordinador/a de estratexia	1	39.898,50	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a delegado/a	1	38.190,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a	1	34.170,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a de prensa	1	32.160,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a de prensa	1	32.160,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Fotógrafo/a	1	34.170,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a de protocolo	1	34.170,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Xefe/a de Gabinete	1	54.270,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Xefe/a de prensa Vicepresidente	1	45.225,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a de prensa	1	45.225,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a	1	35.175,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Xefe/a de prensa Vicepresidente	1	45.225,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a	1	30.150,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Coordinador/a de comunicación	1	40.702,50	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a de comunicación	1	36.180,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a delegado/a	1	38.190,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a	1	31.155,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a	1	36.180,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Administrativo/a	1	31.155,00	E	L					PERS.EVENTUAL
912	Asesor/a	1	36.180,00	E	L					PERS.EVENTUAL

Total xeral **25**

ESCOLA DE ENFERMERIA: RPT PERSOAL LABORAL FIXO 2024

DESCRICION POSTO	DOT	GRUPO	**TOTAL**	OBSERV.
Xefe/a Superior	1		24.194,00	

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):RG0T2WBJAJLUUQC1

Oficial/a de primeira	1		19.076,61	
Ordenanza	2		15.214,88	
Profesor/a T.P. (ESTADISTICA)	1		8.516,04	
Profesor/a Enfermería a tempo completo	5		29.530,60	

Total xeral **10**

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):RG0T2WBJAJLUUQC1

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

INFORME CONXUNTO DE RECURSOS HUMANOS, SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO, LABORAL E EVENTUAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2024

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- De conformidade coa proposta do deputado delegado de persoal no orzamento provincial do ano 2024 modificase o cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario e laboral da Deputación de Pontevedra pola incorporación dunha serie de cambios que se explican nos seguintes apartados:

a) Creación das seguintes prazas e/ou postos:

Unha vez valoradas as peticións das diferentes xefaturas de Servizo, direccións de centros, vicepresidencias e deputados delegados de área, co fin poder cubrir as necesidades de carácter permanente, optimizar os servizos e levar a cabo con eficacia, eficiencia e dilixencia os numerosos programas de actuación e proxectos de inversión que se pretenden executar neste novo mandato, contemplase a creación das seguintes prazas e postos:

1. RELACIÓN DE PRAZAS DE NOVA CREACIÓN NA RPT DO PERSOAL FUNCIONARIO Nº prazas 27 + 5 reconversión

Praza	GR	Posto de traballo	CD	Servizo	CX
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Benestar social	231
1 Oficial/a control e vixilancia **(R)**	C2	Oficial/a de control e vixilancia	17	Príncipe Felipe	232
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Príncipe Felipe	232
1 Técnico/a medio/a de admón. xeral	A2	Técnico/a de xestión	23	Promoción de emprego	240
1 Técnico/a medio/a en tradución	A2	Técnico/a medio/a en tradución	23	Patrimonio documental	332
1 Conservador/a	A1	1 Conservador/a	25	Museo Provincial	333
1 Axudante/a arquivo documental	A2	1 Axudante/a arquivo documental	23	Museo Provincial	333
1 Axudante/a de educación	A2	1 Axudante/a de educación	23	Museo Provincial	333
1 Analista laboratorio	C1	Analista de laboratorio	20	Medio ambiente FM	410
1 Enxeñeiro/a forestal	A2	Enxeñeiro/a forestal	23	E.F. Areeiro	413
1 Administrativo/a admón. xeral	C1	Administrativo/a	20	Turismo	433

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

1 Técnico/a informador/a turístico/a	C1	Técnico/a informador/a turístico/a	20	Turismo	433
1 Enxeñeiro/a técnico/a industrial	A2	Enxeñeiro/a técnico/a industrial	23	Arquitectura	457
1 Arquitecto/a técnico/a	A2	Arquitecto/a técnico/a	23	Arquitectura	457
1 Técnico/a auxiliar en relacións laborais	C1	Técnico/a especialista en relacións laborais	20	RRHH e Formación	921
1 Técnico/a auxiliar en preimpresión	C1	Técnico/a auxiliar en preimpresión	20	Comunicación	924
2 Técnico/a de sistemas **(R)**	A2	Técnico/a de sistemas	23	NNTT	926
1 Programador/a web	C1	Programador/a web	20	NNTT	926
1 Deseñador/a **(R)**	C1	Deseñador/a	20	NNTT	926
1 Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Intervención	931
1 Técnico/a xurídico **(R)**	A1	Adxunto/a á xefatura de servizo xurídico tributario	23	Oral	932
1 Técnico/a de xestión tributaria	A2	Técnico/a medio/a de xestión tributaria	23	Oral	932
8 Administrativos/as rama tributaria	C1	Administrativo/a de xestión tributaria	20	Oral	934
1 Técnico/a de admón. xeral	A1	Técnico/a administrativo	25	Cooperación	942

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Benestar Social,** responde ao cambio de adscrición do posto e do funcionario titular ao Servizo Oral, así como a insuficiente dotación de persoal administrativo para a tramitación dos expedientes de subvencións do Servizo.

A creación de dunha praza de oficial/a de control e vixilancia, subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrita a **Príncipe Felipe**, contemplase co fin de unificar no mesmo grupo de clasificación as prazas que veñen desenvolvendo as mesmas funcións. A creación desta praza levarase a cabo sobre unha praza de axudante de control e vixilante, do grupo E, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo, co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao **Centro Príncipe Felipe**, realizase con cargo á amortización dunha praza de nivel inferior de auxiliar, para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal, que require dispor de persoal especializado para colaborar na tramitación de expedientes, elaboración de informes, preparación da documentación etc..

A creación dunha praza de técnico/a medio/a de admón. xeral, subgrupo A2, con posto de traballo de técnico/a de xestión, nivel 23, adscrito ao **Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local,** efectúase para poder garantir un correcto funcionamento do servizo, dado o elevado número de programas formativos que nestes momentos se están xestionando.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

A creación dunha praza de técnico/a medio/a en tradución do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación nivel 23, adscrito ao **Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico**, deriva da falta dun perfil técnico que se encargue da tradución, corrección lingüística e revisión de textos da Editorial.

A creación das prazas de conservador/a do subgrupo A1, de axudante/a de arquivo documental do subgrupo A2 e de axudante/a de educación do subgrupo A2, con postos de traballo de igual denominación adscritos ao **Museo Provincial**, compensase coa amortización de tres postos de traballo vacantes na RPT de persoal laboral fixo dese Centro, de igual categoría, coa intención de unificar o réxime xurídico do persoal adscrito a este Centro.

A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade**, motivase no volume de traballo existente no laboratorio e nos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos.

A creación da praza de enxeñeiro/a forestal, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo da Estación Fitopatolóxica de Areeiro**, xustificase para a elaboración de estudos e informes de arboredo e xardíns, que demandan a práctica totalidade dos concellos da provincia. Este posto encargarase das tarefas de campo, como mapificación e identificación de especies obxecto de estudio, recollida de mostras e elaboración de informes seguindo as indicacións e protocolos da EFA.

A creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Turismo**, proponse por necesidades do servizo, ao non dispor de persoal suficiente para a tramitación administrativa, e para cadrar os movementos de persoal por atribución temporal de funcións.

A creación da praza de enxeñeiro/a técnico/a industrial, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23, adscrito ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, xustificase na falta de persoal técnico que se encargue da xestión, coordinación, control e resolución da contratación da subministración eléctrica e de gas, así como, das incidencias relativas ao subministro eléctrico e as operacións de revisión e mantemento das instalacións dos edificios nos proxectos e obras que executa este Servizo; así como para levar a dirección de execución de obras en materia de instalacións, elaboración de proxectos parciais, memorias, informes, medicións, orzamentos, estudos, planos relativos ás instalacións dentro dos proxectos e obras, etc.

A creación da praza de arquitecto/a técnico/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 23, adscrito ao Servizo de Arquitectura e Urbanismo, débese á necesidade de dotar o Servizo de persoal técnico especializado que colabore na preparación da documentación técnica, supervisión das numerosas contratacións de asistencias técnicas para a redacción dos

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

proxectos de obras; dirección de execución de obras, ou a elaboración de informes técnicos de distinta índole (urbanísticos, relativos á execución de obras relacionadas con subvencións concedidas etc.)

A creación dunha praza de técnico/a informador/a turístico/a, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de Turismo**, ven a fortalecer o servizo de atención ao público e información turística.

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en relacións laborais, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista en relacións laborais, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Recursos Humanos e Formación**, impulsase para completar o equipo de traballo na Sección de nóminas, dada a alta responsabilidade e complexidade das tarefas a desenvolver, o elevado número de variables e incidencias que se resolven mensualmente así como as comprobacións e cálculos mensuais que se teñen que realizar para o cadre de nómina e seguros sociais, sendo preciso efectuar unha redistribución de funcións para mellorar a organización do servizo, sobre todo tendo en conta a próxima xubilación da persoa responsable da sección de nóminas.

A creación dunha praza de técnico/a auxiliar en preimpresión, subgrupo C1, con posto de traballo de técnico/a especialista, nivel 20, adscrito ao **Servizo de Comunicación,** levase a cabo con cargo á amortización dun posto das mesmas características, de técnico/a auxiliar teclista, de persoal laboral fixo, e configurase cun perfil mais adecuado ás actividades que competen ao servizo.

A creación de dúas prazas de técnico/a de sistemas, subgrupo A2 e programador do subgrupo C1, con postos de traballo de igual denominación, niveis 23 e 20, respectivamente, adscritos ao **Servizo de NNTT**, deriva do volume de traballo existente así como da necesidade de dar estabilidade e mellorar a estrutura de persoal do Servizo e adaptala ao contido das labores que se deben acometer. A creación desta prazas promóvese sobre outras do subgrupo C1, unha de programador de expedientes e outra de técnico informático, que se declaran a extinguir unha finalizados os correspondentes procesos selectivos para así non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de deseñador/a, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito ao **Servizo de NNTT**, prodúcese por equiparación con outras do mesmo contido e grupo de clasificación, a través do sistema de reclasificación de persoal e con cargo a amortización dunha praza de informático gravador/a, do grupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño gráfico, a cal se declara a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo e co obxecto de non duplicar a consignación orzamentaria.

A creación dunha praza de administrativo/a, subgrupo C1, con posto de igual denominación, nivel 20 de complemento de destino, adscrito a área de **Intervención**, ven a completar a dotación de persoal no Servizo de Fiscalización e Asesoramento.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

A creación de oito prazas de administrativo/a rama tributaria, subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, nivel 20, unha praza de técnico/a medio/a de xestión tributaria, con posto de traballo de igual denominación, adscritos ao **Servizo ORAL**, proponse para completar a estrutura de persoal, amortizando os postos de auxiliar, do subgrupo C2, que se se atopan ou queden vacantes, para así unificar as funcións que están realizando e favorecer a promoción e consolidación do persoal nun grupo superior. Así mesmo inclúese a creación dunha praza de técnico/a xurídico tributario, subgrupo A1, con posto de adxunto/a á xefatura do servizo, nivel 27, por reclasificación e adecuación da praza ás funcións que ten encomendadas.

A creación dunha praza de técnico/a de admón. xeral, subgrupo A1, con posto de traballo de técnico/a administrativo/a, nivel de CD 25, adscrito ao Servizo de Cooperación, fundamentase no volume de traballo existente e a insuficiente dotación de persoal técnico para asumir a xestión de todos os plans e proxectos do Servizo.

b) <u>Amortización das seguintes prazas e/ou postos:</u>

A creación das prazas relacionadas no apartado anterior será compensada coa amortización das seguintes prazas e postos de traballo, que se atopan vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral:

1. RELACIÓN DE PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO QUE SE AMORTIZAN **16 prazas** (+5 de reconversión)

Prazas	GR	Postos de traballo	CD	Servizo	CX
1 Axudante/a de control e vixilancia **(R)**	E	Axudante/a de control e vixilancia	14	Príncipe Felipe	232
1 Arquiveiro/a bibliotecario/a	A2	Técnico/a medio/a de arquivo e biblioteca	23	Patrimonio documental	332
1 Conservador/a	A1	Conservador/a	25	Museo Provincial	333
1 Axudante/a arquivo documental	A2	Axudante/a arquivo documental	23	Museo Provincial	333
1 Axudante/a de educación	A2	Axudante/a de educación	23	Museo Provincial	333
1 Auxiliar de admón. xeral	C2	Aux.. administrativo/a	18	Príncipe Felipe	432
1 Arquitecto/a	A1	Arquitecto/a	25	Arquitectura e Urban	457
1 Auxiliar de admón. xeral	C2	Aux. administrativo/a	18	RRHH	921
1 Programador/a de xestión expedientes **(R)**	C1	Programador/a de xestión de expedientes	20	NNTT	926
1 Técnico/a informático/a **(R)**	C1	Técnico/a informático/a	20	NNTT	926
1 informático/a gravador/a **(R)**	C2	Aux. deseño gráfico web	18	NNTT	926

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

1 técnico/a medio/a xurídico **(R)**	A2	Adxunto/a xefatura servizo xurídico tributario	25	Oral	934
1 Auxiliar administrativo (DLP)	C2	Auxiliar administrativo/a	18	Oral	934
2 Auxiliar admón. xeral (MGC), (ABGS)	C2	Auxiliar de xestión tributaria e información	18	Oral	934
6 Auxiliar admón. xeral	C2	Auxiliar de xestión tributaria e información	18	Oral	934

A amortización da praza de auxiliar de admón. xeral, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar administrativo, nivel 18 adscrito ao **Centro Príncipe Felipe,** motivase na creación doutra de nivel superior para reforzar o servizo de administración e xestión do persoal.

A amortización da praza de arquiveiro/a bibliotecario/a do grupo A2, con posto de traballo de técnico/a medio/a de arquivo e biblioteca, adscrito ao **Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico,** levase a cabo para poder crear unha praza do mesmo grupo de tradutor/a con destino á Editorial.

A amortización de tres postos de traballo de persoal laboral fixo no **Museo Provincial**, ven a financiar a creación das respectivas prazas no cadro de persoal funcionario, coa intención de unificar o réxime xurídico do persoal adscrito a este Centro.

A amortización da praza de axudante de control e vixilancia, do grupo E, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao **Centro Príncipe Felipe** ten por obxecto a creación doutra do grupo superior C2, por reclasificación e unificación dos postos que desenvolven as mesmas funcións.

A amortización desta praza de arquitecto/a, do subgrupo A1, que quedou vacante dos procesos de estabilización de emprego temporal, utilizase para compensar a creación de dúas prazas neste Servizo.

A amortización da praza de auxiliar de admón. xeral, do subgrupo C2 do **Servizo de RRHH e Formación**, xustificase na necesidade de crear outra praza cun perfil específico e determinado para prestar apoio na xestión de nóminas e seguros sociais.

A amortización de dunha praza de programador/a de xestión de expedientes e outra de técnico/a informático/a, do subgrupo C1, con postos de traballo de igual denominación, nivel 20, adscritos ao **Servizo de NNTT**, prodúcese para poder fortalecer a estrutura de persoal creando prazas de nivel superior, que respondan ás necesidades do servizo.

A amortización dunha praza de informático/a gravador/a, do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de deseño web, nivel 18 adscrito ao **Servizo de NNTT**, efectúase para poder crear unha de nivel superior equiparada a outras do mesmo contido e grupo de clasificación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

A amortización de nove prazas de auxiliar do subgrupo C2, con posto de traballo de auxiliar de xestión tributaria e información, nivel 18, adscritas **ao Servizo Oral**, obedece á promoción ou traslado dos titulares, así como á creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións aos postos de traballo a desempeñar. Así mesmo inclúese a amortización da praza de técnico/a medio/a xurídico por reclasificación noutra de nivel superior, seguindo o procedemento establecido para estas situacións.

2. RELACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL LABORAL QUE SE AMORTIZAN (3 postos)

Posto de traballo	GR	CD	Servizo	CX
1 Técnico/a auxiliar teclista	C1	22	Comunicación	924
2 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18	Oral	934

A amortización do posto de traballo laboral fixo de técnico/a auxiliar teclista, do grupo C1, nivel 22, adscrito ao **Servizo de Comunicación**, deriva da xubilación do titular.

A amortización de dous postos de traballo laborais fixos, de auxiliar de xestión tributaria e información, do subgrupo C2, nivel 18, adscritos **ao Servizo Oral**, xustifícase na creación doutras de nivel superior, para así garantir a adecuación de funcións aos postos de traballo a desempeñar.

Así mesmo, a creación das prazas sinaladas no apartado anterior compensase coa amortización de dez postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola de Cantería que se traspasaron á Xunta de Galicia por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial celebrado o pasado 28/04/2023.

c) <u>Creación dun novo Servizo</u>

Na estrutura organizativa do persoal funcionario da Deputación Provincial créase un novo Servizo de "Xuventude e Reto demográfico", dependente do deputado delegado de Xuventude e reto demográfico, para integrar e por en marcha unha serie de medidas relacionadas con estas materias, algunhas das cales se levaban dende outros Servizos da Deputación, como o Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

A este Servizo atribúenselle unha serie de competencias, nas que se inclúen o Encontro provincial de Xuventude, os premios provinciais de xuventude, conferencias científicas de centros educativos, o programa de Campamentos de A Lanzada, o servizo de teleasistencia domiciliaria a concellos de menos de 20.000 habitantes, o programa "Hub dixital", as subvencións dirixidas a asociacións xuvenís, os convenios de actividades con nenos, o plan provincial de xuventude e outras de análoga natureza.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

O Servizo constitúese cun organigrama e RPT na que se integran os seguintes postos, procedentes dos Servizos que xestionaban parte das materias que se trasladan ao novo Servizo:

Nº	Praza	Gr	Posto	CD	Situación
1	Técnico/a AX	A1	Xefatura de Servizo	29	Adscrición Provisional (BEB)
1	Técnico/a medio AX	A2	Técnico/a xestión	23	Ocupada por FI (HBR)
1	Administrativo/a AX	C1	Administrativo/a	20	Vacante nova creación
1	Encargado/a de instalacións	C1	Encargado/a de Instalacións A Lanzada	22	Ocupada por FC
2	Oficial/a de mantemento	C2	Oficial/a de mantemento	17	Ocupado por 1 FC e 1 FI

Así mesmo adscríbense a este Servizo as persoas que teñen un nomeamento de carácter temporal vinculado a estas materias, incluída a persoa contratada en prácticas polo plan "A túa primeira experiencia laboral".

d) <u>Cambio de adscrición de postos de traballo entre Centros e Servizos</u>

Ó abeiro do disposto no artigo 61 do Real decreto 364/95, de 10 de marzo, cambiase a adscrición dos seguintes postos de traballo co propósito de optimizar os efectivos ás necesidades reais existentes nos distintos Centros e Servizos da Deputación:

POSTO TRABALLO	Servizo/Centro RPT 2023	Servizo/Centro RPT 2024
Auxiliar administrativo/a (BVS)	Benestar Social	Príncipe Felipe
Administrativo/a (DLP)	Benestar Social	Oral
Técnico/a de xestión de proxectos (JRPG)	Promoción de Emprego	NNTT
Técnico/a especialista en educación diúrna (CNC)	Príncipe Felipe	Patrimonio Documental
Auxiliar administrativo/a (BCD)	Igualdade	Tesourería
Analista de laboratorio (SCP)	Medio Ambiente F.M.	E.F. Areeiro
Analista de laboratorio (APRR)	Medio Ambiente FM..	Polígono Barro Meis Cooperación
Auxiliar administrativo/a	RRHH e Formación	Intervención
Administrativo/a (AMPA)	Contratación	Museo Provincial
Xefatura de Sección Pesca e Cultivos Mariños	Asistencia Intermunicipal	Medio ambiente
Auxiliar administrativo/a (RCR)	Intervención	Contratación, Facenda e P
Administrativo/a (ECP)	Tesourería	Cooperación
Operador/a de teclado	Tesourería	Oral
Administrativo/a xefatura de negociado (JRA)	Oral	Tesourería
Auxiliar de xestión tributaria e información (SCP)	Oral	Príncipe Felipe

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo de **Cohesión Social** ao Centro Príncipe Felipe deriva dunha redistribución de efectivos para integrar á titular no Servizo no que exerce as súas funcións.

O cambio de adscrición de tres postos de administrativo dos **Servizos de Benestar Social, Tesourería e Contratación** aos Servizos do Oral, Cooperación e Museo, respectivamente, responde a unha redistribución de efectivos que pretende integrar aos titulares nos Servizos nos que desenvolven a súa actividade.

O cambio de a adscrición dun posto de traballo de técnico especialista en educación diúrna do **Centro Príncipe Felipe** ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, motivase nunha atribución temporal de funciones por razóns de saúde.

O cambio de adscrición do posto de traballo de técnico/a de xestión de proxectos, grupo A2, do **Servizo de Promoción de Emprego e DL** a Novas Tecnoloxías, prodúcese por redistribución de efectivos, co fin de incorporar ao titular no servizo onde veu desempeñando este posto de traballo nos últimos anos, e tendo en conta que coñece os procedementos que xestiona o Servizo e non existe outro posto que poda asumir as tarefas que lle corresponden.

O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo do **Servizo de Igualdade** a Tesourería levase a cabo por redistribución de efectivos para integrar á titular no Servizo no que realiza as súas funcións.

O cambio de adscrición de dous postos de traballo de analista de laboratorio, grupo C1, ocupados un por SCP e outro por APRR, do **Servizo de Medio ambiente Finca Mouriscade, o primeiro** á Estación Fitopatolóxica de Areeiro e o segundo ao Polígono Barros Meis do Servizo de Cooperación, ten por obxecto integrar á titular no Servizo no que ven desenvolvendo o seu posto de traballo.

O cambio de adscrición de dous postos de traballo de analista de laboratorio, do subgrupo C1, un para a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, e outro para o Polígono Barros Meis, efectúase por redistribución de efectivos para incluílos no centro no que están executando as súas funcións.

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar administrativo de **RRHH e Formación** á area de Intervención, efectúase por redistribución de efectivos e co fin de consolidar a dotación de persoal existente.

O cambio de adscrición do posto de xefatura de Sección de Pesca e Cultivos Mariños de **Asistencia Intermunicipal** a Medio Ambiente, prodúcese por ter a persoa titular, dereito á reserva de posto de traballo neste destino, atopándose actualmente en situación administrativa de servizos especiais.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

O cambio de adscrición de dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, subgrupo C2, **de Intervención** ao Servizo de Contratación, proponse por redistribución de efectivos para integrar ao titular na área ou Servizo no que desenvolven a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de auxiliar de xestión tributaria e información do **Servizo Oral** a Príncipe Felipe, obedece a unha redistribución de efectivos que pretende integrar á titular no Centro no que realiza a súa actividade.

O cambio de adscrición dun posto de operador/a de teclado, do subgrupo C1, nivel 20, do **Servizo Oral** a Tesourería, levase a cabo por estar desenvolvendo as súas funcións nese Servizo.

O cambio de adscrición do posto de traballo de administrativo/a xefatura de negociado do **Servizo do Oral**, ocupado por JRA, á area de Tesourería, responde á incorporación do titular na área na que desempeña o seu posto de traballo.

e) <u>Cambios de adscrición do titular do posto por redistribución de efectivos</u>

POSTO TRABALLO	Servizo/Centro RPT 2023	Servizo/Centro RPT 2024
Administrativo/a (María Varela Porral)	Cooperación	Turismo
Administrativo/a (Nicolás Ortega Rodríguez)	Asesoría Xurídica	Intervención
Administrativo/a (Alexandra Tato)	Intervención	Tesourería
Administrativo/a (María de las Virtudes Blanco Fariña)	Intervención	Tesourería
Administrativo/a (Jacobo Santome Seijas)	Intervención	RRHH e Formación
Administrativo/a (Sara Lago Rivas)	Prevención	Intervención
Auxiliar administrativo/a (Mª Aranzazu Tomé González)	Intervención	Cultura
Auxiliar administrativo/a (Andrea Muíños Dios)	Intervención	Deportes
Auxiliar administrativo/a (Ana Belén González Sanmartin)	Oral	Intervención

O cambio de adscrición dos titulares destes postos de traballo a outro Servizo xustificase na existencia doutro posto vacante no Servizo ao que se destinan, así como no coñecemento e experiencia adquirida na tramitación dos procedementos de xestión dese Servizo.

f) <u>Transformación dos seguintes postos:</u>

Por razóns organizativas transformaranse os seguintes postos de traballo:

Amortización de postos	GR	Creacións de postos	GR
Adxunto/a á xefatura de Servizo Cohesión Social e Xuventude	A1-25	Xefatura de Servizo Benestar Social	A1-25

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

2 Oficial/a xefe de Cociña	C2-18	2 Cociñeiro/a	C2-18
1 Xefe/a de cociña	C1-21	1 Xefatura de cociña e comedor	C1-21
1 Auxiliar administrativo/a	C2-18	1 Auxiliar de xestión tributaria e información	C2-18
1 Administrativo/a de xestión catastral	C1-20	1 Administrativo/a de xestión tributaria	C1-20

A transformación dun posto de traballo de adxunto/a á xefatura de Servizo de Cohesión Social e Xuventude nunha xefatura de Servizo de Benestar Social, xustificase nunha reestruturación do servizo ao trasladar parte das competencias e funcións ao novo Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.
A transformación de dous postos de traballo de oficial/a xefe/a de cociña, do grupo C2, en dous postos de Cociñeiro/a, do mesmo grupo e retribución, responde a un cambio de denominación para adecuar ás funcións que realmente teñen atribuídas e que veñen desempeñando, marcando a diferencia nas tarefas que lles corresponden, de cociñeiro e axudante de cociña

A transformación do posto de trabalo de xefatura de cociña nunha xefatura de unidade de cociña e comedor, deriva da integración nun mesmo posto das funcións que teñen encomendadas estas dúas unidades.

A transformación dos postos de auxiliar administrativo do subgrupo C1-18 (ocupado por MIMG) e de administrativo/a de xestión catastral do subgrupo C1-20 (ocupado por RAMA), nun posto de auxiliar de xestión tributaria e información e nun posto de administrativo/a de xestión tributaria, respectivamente, promóvese co fin de homoxeneizar a súa nomenclatura, dada á similitude das funcións realizadas cos outros postos da mesma categoría e grupo de clasificación.

g) <u>Revisión dos niveis de complemento de destino por cambio de posto</u>

En base a criterios de competencia, mando e especialización no desempeño das correspondentes funcións, modifícase o nivel de complemento de destino nos seguintes postos de traballo por alteración do seu contido:

Posto actual	GR	Novo posto	GR
4 Oficial/a de cociña	C2-17	4 Cociñeiro/a	C2-18
1 Adxunto á xefatura Servizo de fiscalización en materia de persoal	A1-27	1 Xefatura de Servizo de Fiscalización en materia de persoal	A1-29
1 xefatura de sección do Servizo de Cooperación	A1-26	1 Adxunto/a á xefatura de Servizo de Cooperación	A1-27
1 Técnico/a de xestión de Cooperación	A2-23	1 Xefatura de Sección do Plan Cooperación	A2-25
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de servizos xerais	C1-22
1 Administrativo/a	C1-20	1 Xefatura de negociado de actas do pleno	C1-22

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

1 Enxeñeiro/a de proxectos e análise xeográfico	A1-25	1 Xefatura de Sección de proxectos de Cooperación	A1-26

- Os catro postos de oficial/a de cociña, do subgrupo C2, adscritos ao **Centro Príncipe Felipe**, pasan do nivel 17 ao 18, pola conversión deses postos noutros de nivel superior que se corresponden coas función que están a desenvolver.
- O posto de adxunto/a á xefatura de Servizo de fiscalización do subgrupo A1, adscrito a **Intervención**, transformase nun posto de traballo de xefatura de Servizo de Fiscalización en materia de persoal, a fin de constituír un Servizo independente dos que se conforman esta área, ao tratarse de materias completamente diferentes e tendo en conta o volume de traballo, a complexidade da funcións e responsabilidades que derivan do seu ámbito de actuación, tanto polo seu contido como pola súa especificidade.
- O posto de xefatura de sección, do grupo A1, do **Servizo de Cooperación**, pasa do nivel 26 ao 27, para que colabore coa xefatura de Servizo e a substitúa en caso de ausencia ou enfermidade, prestando apoio nas labores de coordinación, control e seguimento dos procedementos.
- O posto de técnico/a de xestión adscrito ao **Servizo de Cooperación** A2, pasa do nivel 23 ao 25, por asignarlle a xefatura de Sección do Plan de Cooperación.
- Un posto de administrativo/a, grupo C1, adscrito a **Secretaría Xeral**, pasa do nivel 20 ao 22 pola creación dunha xefatura de negociado de servizos xerais.
- Un posto de administrativo/a, grupo C1, adscrito a **Secretaría Xeral**, pasa do nivel 20 ao 22 pola creación dunha xefatura de negociado de actas do pleno.
- O posto de traballo de enxeñeiro/a en proxectos e análise xeográfico A1-25, pasa do nivel 25 ao 26 por alteración do seu contido e transformarse nunha xefatura de Sección de proxectos de Cooperación, para que se encargue da dirección, coordinación e supervisión de todos os proxectos do Servizo así como da substitución do enxeñeiro xefe en caso de ausencia ou enfermidade.

h) <u>Revisión do complemento específico (CE)</u>

Tendo en consideración ás características particulares dos postos de traballo modifícanse os factores de valoración do complemento específico en determinados postos, polos motivos que se expresan a continuación:

- **Asignase o factor dedicación** ao posto de traballo de asesor/a xurídico en admón. electrónica, transparencia e protección de datos, ante o elevado número de informes técnicos que se lle requiren sobre estas materias.
- **Asignase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de sección de formación o factor dedicación dentro de complemento específico, como consecuencia da ampliación e diversidade de accións formativas que se organizan cada ano a través da plataforma de teleformación, o incremento da participación, así como pola atención e apoio que se debe prestar aos docentes fóra da xornada laboral cando están a desenvolver as accións

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

formativas, asumindo a maior parte das tarefas de forma autónoma e independente conforme a criterios previamente establecidos.

- **Suprímese o factor dedicación** nun posto de traballo de administrativo/a, do subgrupo C1, do Servizo de RRHH e Formación en compensación da nova asignación á xefatura de sección de formación.
- **Asignase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de Sección de Residuos, dado o volume de traballo que a titular está a desenvolver fóra da xornada laboral para a emisión dos informes técnicos que se solicitan, especialmente en materia de residuos e medio ambiente, ou para prestar asesoramento e asistencia aos concellos que o requiren, entre outras.
- **Asignase o factor dedicación** ao posto de traballo de xefatura de Sección da Explotación Gandeira da Finca Mouriscade, pola dispoñibilidade e responsabilidade que require o exercicio das súas funcións, así como polo volume de traballo e a particularidade da actividade que desenvolve en gran parte, fóra da xornada laboral, nas diferentes granxas da provincia coa implantación de embrións.

i) Dotación económica das prazas de persoal funcionario afectadas polos procesos de promoción interna horizontal de laboral fixo

Finalizados os procesos selectivos para promoción interna horizontal de persoal laboral fixo a prazas de persoal funcionario, procede dotar de consignación económica as prazas das persoas que participaron e superaron os procesos selectivos convocados con cargo ao crédito que deriva da amortización dos postos de traballo de laboral fixo, coa mesma retribución total.

En consecuencia, dotase de consignación económica as seguintes prazas, as que se lle asignan os postos de traballo que no mesmo cadro se detallan:

CX	Nº	PRAZA	Posto de traballo	Gr.	CD
RPT MUSEO PROVINCIAL					
333	**1**	Arquiveiro/a	Arquiveiro/a, xefatura de Sección Documentación	A1	26
333	**1**	Bibliotecario/a	Bibliotecario/a	A1	25
333	**1**	Conservador/a	Conservador/a, xefatura de Sección de Coleccións	A1	26
333	**1**	Conservador/a	Conservador/a, xefatura da unidade de arquivo	A1	25
333	**1**	Conservador/a	Conservador/a, xefatura de Sección Rexistro Bens	A1	26
333	**1**	Conservador/a	Conservador/a	A1	25
333	**1**	Técnico/a superior exposicións e actividades culturais	Xefatura de Sección de exposicións e actividades culturais	A1	26
333	**1**	Axudante Biblioteca	Axudante Biblioteca	A2	23
333	**1**	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador, xefatura de unidade de conservación –restauración	A2	24
333	**1**	Axudante/a educación	Axudante/a educación, xefatura Sección públicos	A2	25
333	**2**	Conservador/a restaurador	Conservador/a restaurador	A2	23

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

333	**1**	Axudante/a conservación arquivo gráfico	Axudante/a conservación arquivo gráfico	A2	23
333	**1**	Axudante/a arquivo documental	Axudante/a arquivo documental	A2	23
333	**7**	Técnico/a auxiliar de educación	Técnico/a auxiliar de educación	C1	20
333	**1**	Oficial/a de montaxe	Responsable de montaxe	C2	18
333	**5**	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	Oficial/a de servizos xerais e subalternos	C2	16
333	**8**	Subalterno/a de oficios varios	Subalterno/a de oficios varios	E	14
RPT TURISMO					
433	**1**	Técnico/a admón. xeral	Técnico/a administrativo	A1	25
433	**1**	Técnico/a medio/a de turismo	Xefatura de sección de Servizos Turísticos	A2	25
433	**1**	Técnico/a medio/a de turismo	Xefatura de negociado de intelixencia turística	A2	24
433	**2**	Técnico/a medio/a de turismo	Tecnico/a de Turismo	A2	23
433	**2**	Administrativo/a	Administrativo/a	C1	20
RPT COMUNICACIÓN					
924	**1**	Técnico/a de deseño e imaxe	Xefatura de negociado de deseño e imaxe	A2	24
924	**1**	Técnico/a informático/a	Técnico/a informático/a	C1	20
924	**1**	Auxiliar de comunicación	Auxiliar de Comunicación	C2	18
RTP ORAL					
932	**4**	Administrativo/a rama tributaria	Administrativo/a de xestión tributaria	C1	20
932	**21**	Auxiliar de admón. xeral	Auxiliar de xestión tributaria e información	C2	18
RPT NOVAS TECNOLOXIAS					
926	**1**	Tecnico/a auxiliar informático/a	Xefatura de negociado de proxectos	C1	22

As prazas de funcionario de carreira afectadas por este proceso selectivo que quedaron desertas tras a culminación do mesmo serán amortizadas, ó igual que os postos de traballo de persoal laboral fixo ocupados polas persoas funcionarizadas.

O persoal laboral fixo que non participou neste proceso selectivo ou que non o superou mantense nos seus postos de traballo dentro da RPT de persoal laboral fixo, concretamente nos seguintes:

Nº	**CX**	**Posto de traballo**	**Gr.**	**CD**
1	333	Coordinador/a publicacións	A1	25
1	333	Administrativo/xefatura de negociado	C1	22
1	333	Limpador/a	E	14
1	924	Técnico/a auxiliar maquinista Offset	C1	22
1	926	Xefatura de negociado de Programación	C1	22
1	926	Xefatura de negociado de Sistemas	C1	22

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

Ao posto de traballo de coordinador/a de publicacións A1-25 asígnaselle a xefatura de Sección de Publicacións, do nivel 26, para así completar a estrutura organizativa do Museo Provincial tras a constitución do novo goberno da Deputación Provincial.

j) Provisión de postos de traballo

Nas relacións de postos de traballo de persoal funcionario modificase a forma de provisión dos postos das xefaturas de Servizo de Cultura, Deportes, NNTT e Areeiro, para permitir o acceso de persoal funcionario de igual praza, corpo ou escala doutras Administracións Públicas.

k) Modificación da relación de postos de persoal directivo

Na relación de postos directivos, introdúcense as seguintes modificacións:

- Amortizase o posto de director/a de xestión dos servizos do Oral, por razóns organizativas, que esixen una nova configuración da xestión do Oral.
- Amortizase o posto de director/a de Cultura, por razóns organizativas que responden a una nova configuración das áreas de goberno da Institución Provincial.
- Créase un novo posto de director/a de coordinación e xestión de Cultura e Deportes para que se encargue da organización, dirección e xestión dos servizos, actividades e programas relativos ás areas de Cultura e Deportes.

SEGUNDO.- O custo total das modificacións descritas nos apartados anteriores, relativos ó cadro de persoal e ás relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo concrétanse a continuación, xunto cos incrementos previstos para o ano 2024:

PERSOAL FUNCIONARIO - resumo orzamento 2024		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Inicio 2023	26.671.895,87	806
Modificacións RPT marzo e xuño 2023	86.090,93	2
Importe RPT - FUN xullo 2023	**26.757.986,80**	**808**
CREACIÓNS - Modificación RPT outubro 2023	191.225,24	6
AMORTIZACIÓNS - Modificación RPT outubro 2023	-98.530,58	-3
Variacións mes (antigüidades)	0,00	0
Importe RPT - FUN 2023	26.850.681,46	811
Incremento 0,5%	130.923,17	0
Importe inicial RPT-FUN 2024	**26.981.604,63**	**811**
a) Creacións de prazas/postos	857.864,62	28
b) Amortizacións de prazas/postos	-336.734,00	-11
g) Revisión do CD	23.267,35	0
h) Revisión do CE	37.025,61	0

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

i) Funcionarización	2.171.644,86	73
Amortización de prazas funcionarizadas	-155.870,58	-6
Equiparación - PEET 2018-219	340.645,57	11
Importe RPT FUN 2024 aprobación inicial	29.919.448,06	906
Incremento do 2%	598.388,96	
Importe RPT FUN 2024	***30.517.837,02**	**906**
Diferenza RPT 2023 e 2024	**3.845.941,15**	**100**

* No montante total inclúense dous postos de Directivos, que non forman parte da RPT dos funcionarios

PERSOAL FUNCIONARIO - Plans de Estabilización de Emprego (PEET2018 e 2021)		
RESUMO	Retribucións RPT	
Importe INICIAL RPT-PEET (2018 e 2021) 2023	**448.274,74**	**16**
Variacións 2023	-131,10	0
RPT-PEET (2018 e 2021) 2023	448.143,64	16
Incremento del 0,5%	2.185,48	0
INICIAL RPT-PEET (2018 e 2021) 2024	450.329,12	16
b) Amortizacións de prazas/postos	-34.046,66	-1
Equiparación PEET 2018-2021	-288.208,60	-11
Importe RPT-PEET (2018 e 2021) 2024	128.073,86	4
Incremento do 2%	2.561,48	0
Importe FUN RPT-PEET (2018 Y 2021) 2024	**130.635,34**	4
Diferenza RPT 2023 e 2024	**-317.639,40**	**-12**

PERSOAL LABORAL FIXO		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Importe inicial RPT-lab fixo 2023	**3.736.044,25**	**130**
Variacións ano 2023	-116,98	
Retificación de erros - postos orzamento 2023	0,00	-10
Importe RPT 2023	**3.735.927,27**	**120**
Amortización Escola de Canteiros	**-203.273,52**	**-10**
Importe RPT outubro 2023	**3.532.653,75**	**110**
Amortización 1 posto técnico/a aux. pasador/a retocador/a xefe/a de negociado	-30.432,67	**-1**
Importe RPT outubro 2023	**3.502.221,08**	**109**
Incremento 0,5%	18.631,81	0
Importe inicial RPT 2024	**3.520.852,89**	**109**
b) Amortizacións	-82.537,94	-3
g) Revisión do CD	2.248,79	0
Importe 2024	3.440.563,74	106

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

FUNCIONARIZACIÓN	-2.158.603,66	-73
Importe RPT LAB FIXO 2024	**1.281.960,08**	**33**
Incremento 2%	**25.639,20**	**0**
IMPORTE FINAL RPT LAB FIXO 2024	**1.307.599,28**	**33**
Diferenza RPT 2023 e 2024	**-2.428.444,97**	**-87**

* No montante total inclúense catro postos de Directivos, que non forman parte da RPT do persoal laboral fixo

PERSOAL LABORAL FIXO DE ESTABILIZACIÓN		
RESUMO	Retribucións RPT	número
Importe inicial RPT-PEET 2023	**59.706,98**	**2**
Variacións ano 2023	-17,56	0
Importe RPT-PEET 2023	59.689,42	2
Incremento 0,5%	291,12	0
Importe inicial RPT-PEET 2024	59.980,54	2
Incremento 2%	**1.199,61**	0
IMPORTE FINAL RPT-PEET LAB FIXO 2023	**61.180,15**	2
Diferenza RPT 2023 e 2024	**1.473**	

DEDICACIÓNS CORPORACIÓN 2024		
RESUMO	**Retribucións**	**número**
Importes RPT final 2023	**713.475,14**	16
Incremento 0,5%	**3.480,05**	
Importe actualizado RPT 2023 (anterior corporación)	**716.955,19**	16
RPT nova corporación 2023	**367.544,13**	6
Incremento 0,5%	1.792,97	6
RPT nova corporación 2023 actualizada	**369.337,10**	6
Incremento 2%	**7.386,73**	6
IMPORTE FINAL 2024	**376.723,83**	6
Diferenza 2023 a 2024	-336.751,31	-10

PERSOAL EVENTUAL		
RESUMO	**Retribucións**	**número**
Importe final 2023	**1.144.817,11**	25
Incremento 0,5%	33.506,84	
Importe actualizado RPT 2023	1.178.323,95	25
Nova corporación	978.460,75	25
Incremento 0,5%	4.892,30	
Importe final nova corporación RPT 2023	**983.353,05**	25
Incremento 2 %	19.667,06	25

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

IMPORTE 2024	**1.033.773,11**	**25**
Diferenza RPT 2023 a 2024	-111.044,00	**25**

TERCEIRO.- A modo de resumen, os cambios que se introducen no cadro de persoal e na RPT de persoal funcionario, laboral fixo e eventual, reflíctense no seguinte cadro, comparando o inicio do ano 2023 co próximo exercicio e tendo en conta as creacións sen compensación que se produciron a longo do ano:

Relación de emprego	Plantilla 2023	PEET	Amortizacións	Creacións	Plantilla 2024
Persoal Funcionario de carreira	806	4	19	120	907
Persoal laboral fixo	120	2	87		33
Persoal eventual	25				25
Total persoal	**951**	**6**	**106**	**120**	**965 ***
Corporación dedicacións exclusivas/ parciais	16		10		6

*Nesta suma intégranse as 11 prazas de equiparación do plan de estabilización, non contabilizadas no exercicio 2023

CUARTO.- As aplicacións orzamentarias de contratación de persoal laboral temporal e nomeamentos de funcionarios interinos nas súas diferentes modalidades, incluídas no anexo II, destínanse a financiar:

a) Contratacións laborais de substitución de persoas con dereito a reserva de posto de traballo ou para cubrir vacantes en tanto non se desenvolva o correspondente proceso selectivo.
b) Nomeamentos interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de doce meses conforme ó previsto no artigo 10.1 d) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (TRLEBEP), para atender necesidades urxentes e inaprazables.
c) Nomeamentos interinos por execución de programas de carácter temporal, nos Servizos da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, Arquitectura e Urbanismo, Comunicación Institucional, Benestar Social, Contratación, facenda e Patrimonio, Cooperación, Infraestruturas e Vías Provinciais, Intervención, Novas Tecnoloxías, Oral, Recursos Humanos e Formación, Tesourería, Turismo, Museo Provincial así como Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, facéndose unha estimación tanto das prórrogas dos existentes, que teñan continuidade, como dos novos programas de actuación da actual Corporación.
d) Contratos en prácticas, dirixidos a titulados universitarios ou de formación profesional de grado medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente.

A estimación económica total cuantifícase nos seguintes cadros:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

PREVISIÓNS NIEP E NIAT		
RESUMO	**Retribucións**	**NÚMERO**
Importe 2023 INICIAL	2.850.766,68	118
Importe 2024 FISPP		
Importe 2024 FISP	1.673.459,89	72
Importe inicial FISPPP-FISP 2024	689.099,48	42
incremento 2%	**2.362.559,37**	**114**
Importe inicial FISPPP-FISP 2024 co incremento	47.251,19	
Diferenza 2023 a 2024 co incremento	**2.409.810,56**	
	-440.956,12	**-4**

PREVISIÓN DE CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS		
RESUMO	**Retribucións RPT**	**NÚMERO**
Importe 2023 INICIAL	1.655.219,29	93
Importe inicial 2024 previsión laboral temporal	**1.097.876,88**	**69**
incremento 2%	21.957,54	
Importe Inicial 2024 co incremento	1.119.834,42	
Diferenza 2023 a 2024 co 2%	**-535.384,87**	**-24**

QUINTO.- De forma resumida detállase a continuación a valoración total dos custos de persoal en concepto de cota empresarial á seguridade social:

	CUSTO PATRONAL total: retribucións e seguridade social		
	Custo total 2023	**Custo total 2024**	**Diferenzas**
RPT funcionarios/as (incluído PEET)	38.250.010,70	42.621.968,41	4.371.957,71
RPT laborais fixos/as (incluído PEET)	5034649,16	1914409,87	-3.120.239,29
Previsión FIEP e FIAT)	3.740.889,99	3.174.978,18	-565.911,81
Previsión laborais Temporais	2.176.890,34	1.478.024,03	-698.866,31
Corporación dedicación exclusiva e parcial	936.222,50	498.782,35	-437.440,15
Persoal eventual	1.465.004,95	1.361.479,21	-103.525,74

-554,025,59

As cantidades previstas axustaranse nas correspondentes aplicacións orzamentarias en consideración ás vacantes existentes na relación de postos de traballo de persoal funcionario e

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

laboral fixo, para así non duplicar a dotación económica que resulte precisa para cubrir as necesidades dos servizos.

Ademais, nas aplicacións orzamentarias destinadas ao pago da cota empresarial á seguridade social, aumentase a dotación económica para poder atender a subida das bases de cotización e o incremento do custo, que deriva da cotización adicional prevista na DF da Lei 20/2021, de 28 de decembro, que crea o denominado "Mecanismo de Equidade Intergeneracional", consistente nunha cotización finalista aplicable a todos os réximes e en todos os supostos nos que se cotice pola continxencia de xubilación. Nese incremento das bases tamén repercute o importe das axudas sociais que se conceden ao persoal beneficiario.

SEXTO.- As prazas de nova creación obxecto de reclasificación que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán a súa situación de orixe.

SÉTIMO.- Na Escola Universitaria de Enfermería inclúense as seguintes modificacións na relación de postos de traballo de persoal laboral e de persoal colaborador:

- Na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo unificase a denominación de todos os postos de profesor/a de enfermería a tempo completo
- Na relación de postos de persoal colaborador, transformase o posto de profesor/a de prácticas clínicas I nun posto de profesor/a de Psicoloxía, coa mesma dotación económica e asignase ao posto de secretario/a académico/a unha gratificación de 2.460,24 € en cómputo anual.

Así mesmo, tendo en conta que este ano se formalizaron novos contratos de profesor/a enfermería a tempo completo tras a resolución dos procesos de estabilización de emprego temporal convocados ao amparo da Lei 20/2021, e que nos mesmos se recoñece o dereito das persoas contratadas a percibir o complemento de antigüidade, sen determinar o seu importe, en vistas á próxima integración deste persoal na Universidade de Vigo, neste orzamento contemplase o pago deste complemento persoal aplicando os criterios recollidos no Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, cuxo artigo 29 sinala que o persoal docente e investigador contratado con vínculo permanente percibirá por cada tres anos de servizos prestados, unha cantidade igual á do persoal funcionario do mesmo grupo.

A estimación económica total do persoal da Escola Universitaria de Enfermería, cuantifícase nos seguintes cadros:

RPT DE PERSOAL LABORAL FIXO 2024		
RESUMO	Retribucións	Número
Importe final Enfermería 2023	**228.254,27**	**9**
Axustes do Incremento do 1,5% do 2023	499,26	

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

Importe Enfermería 2023	**228.753,53**	**9**
Variacións antigüidade PAZ DIEGUEZ MONTES		
Variacións cotización gratificación un posto		
Incremento tipo cotización COTA MEI		
Importe Enfermería 2023 actualizado	**228.753,53**	9
Incremento 0,5%	1.115,88	
Importe Enfermería 2024	**229.869,41**	**9**
Incremento 2%	4.597,38	
Incrementos antigüidades		
Importe FINAL Laborais Enfermería 2024	**234.466,79**	**9**

ENFERMERÍA PERSOAL COLABORADOR 2024		
RESUMO	Retribucións	Número
Importe final Colaboradores Enfermería 2023	**225.949,64**	**26**
Axustes do incremento do 1,5% do 2023	-63	
Importe inicial Colaboradores Enfermería	225.886,64	**26**
Incremento María González	2.400,00	**26**
Importe Actualizado antes da subida do 0,5%	228.286,64	**26**
subida do 0,5%	1.111,52	
Importe actualizado tras a subida 0,5%	229.398,16	
minoración dunha gratificación	-8.115,91	
Importe Enfermería 2024	221.282,25	**26**
subida do 2%	4.425,64	
Incremento dun posto	8.278,23	**27**
Importe FINAL Colaboradores Enfermería 2024	**233.986,12**	**27**

OITAVO.- Nas bases de aplicación de retribucións do orzamento provincial do próximo exercicio mantéñense as contías dos diferentes conceptos retributivos do ano 2023 en tanto non se aprobe o proxecto de lei de orzamento xerais do Estado para o ano 2024, reprodúcese o contido das anteriores e recóllense as seguintes variacións:

- Redúcese o número máximo de horas que se poden autorizar para traballos fóra da xornada laboral, que pasa de 50 horas mes a 40 horas mes.
- Elimínanse a referencias as retribucións das persoas contratadas en prácticas por estar equiparadas a postos de traballo base.
- Elimínanse a referencias á presentación dos partes en situacións de incapacidade temporal
- Eliminase a referencia á determinación do número de asistencias do tribunal cualificador no momento da constitución, ante a dificultade de facer esa previsión

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

- Requírese nas asistencias a cursos, xornada, congresos ou similares, achegar o programa da actividade para poder comprobar os horarios de inicio e fin das autorizacións en comisións de servizos.
- Requírese ter que xustificar a causa pola que non se presentan as solicitudes de desprazamentos por razón do servizo coa antelación esixida nestas bases.
- Na base segunda apartado C) relativa ao complemento de produtividade e con respecto aos *servizos prestados de forma ininterrompida dende o último contrato ou nomeamento en vigor*, eliminase a referencia ao último contrato ou nomeamento en vigor, sendo preciso que sexan ininterrompidos e se achegue informes favorables de todos os servizos nos que houbese traballado.
- Nas táboas de valoración dos subconceptos retributivos que integran o específico, introdúcese o cargo de xefatura de unidade como equivalente a xefatura de negociado
- As retribucións do persoal funcionario interino ou laboral temporal equipáranse a postos base do mesmo grupo de clasificación de persoal funcionario.

NOVENO.- En data **20 de outubro de 2023** reuniuse a Mesa Xeral de Negociación do Orzamento Provincial para o exercicio 2024. Nesta reunión exponse a proposta da Administración e explícanse as modificacións que se introducen no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo segundo a documentación que se lles entregou xunto coa convocatoria. Ao propio tempo, convocouse a seguinte reunión para o día **27 de outubro** ás 9:00 horas, requiríndose aos representantes sindicais que presentasen a súas propostas con antelación para poder valoralas e darlles contestación ese día. Nesa reunión as seccións sindicais defenderon o contido das súas alegacións e informóuselles dos cambios que se van a ter en conta no cadro de persoal e nas bases de aplicación de retribucións, especialmente en canto a creacións, amortizacións, cambios de adscrición, revisión de niveis de complemento de destino, creación de prazas para continuar cos procesos de promoción interna horizontal, así como a equiparación económica do persoal funcionario interino e contratado laboral temporal a postos base de persoal funcionario, ademais dos compromisos adquiridos con respecto ao estudo da posibilidade de crear o grupo B ou da eliminación das taxas pola expedición de certificados para os procesos selectivos da Deputación por promoción interna, entre outros.

DÉCIMO.- En cumprimento do compromiso asumido na Mesa Xeral de Negociación acordase, con fundamento no previsto na disposición transitoria segunda do RDL 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, completar o proceso de funcionarización por promoción interna horizontal do persoal laboral fixo da Deputación non afectado por procesos anteriores, dado que a actividade que veñen desenvolvendo no desempeño do seu posto de traballo atópase reservada na estrutura organizativa da Deputación a persoal funcionario, o que permitirá unificar o réxime xurídico de todo o persoal.

No seguinte cadro detállanse os postos de traballo obxecto de funcionarización:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

Nº	Praza de persoal funcionario	Posto de traballo laboral fixo	Gr	Nivel	Unid
4	AXUDANTE/A DE EDUCACION	AXUDANTE/A DE EDUCACION	A2	23	333
1	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	TÉCNICO/A DE MANTEMENTO	A2	23	333
2	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA	C1	20	333
2	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	AUXILIAR ATENCIÓN AO PUBLICO	C2	18	333
3	AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL	AUXILIAR DE XESTION TRIBUTARIA E INFORMACION	C2	18	934

12

As funcións que desempeña este persoal entran dentro das reservadas a persoal funcionario, xa que implican a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou en salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

Os postos de traballo obxecto de funcionarización intégranse na Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar e na Escala de Administración especial, subescala técnica, clase media, e auxiliar, así como na subescala de servizos especiais, clase de cometidos especiais. No cadro de persoal funcionario da Deputación créanse as prazas que se van a funcionarizar sen consignación económica e unha vez finalizados os correspondentes procesos selectivos realizaranse as modificacións orzamentarias pertinentes para que os créditos dos postos de persoal laboral fixo pasen a dotar as prazas de persoal funcionario de carreira que supere este proceso.

As prazas de persoal funcionario de carreira afectadas por este proceso selectivo que queden desertas tras a culminación do mesmo serán amortizadas, ó igual que os postos de traballo de persoal laboral fixo ocupados polas persoas funcionarizadas. Os laborais fixos que non participen neste proceso selectivo ou que non o superen mantéñense nos seus postos de traballo dentro da RPT de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo a que pertencían.

Este proceso desenvolverase mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso oposición estando dirixido ao persoal laboral fixo da Deputación Provincial do ámbito afectado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Os artigos 4.1 e 33.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 70.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e artigo 126.3 do texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo.

Tal e como esixe o artigo 90.1 da LBRL compete á Corporación aprobar, a través do orzamento, o cadro de persoal, que deberá conter todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. O cadro de persoal deberá responder os principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral. As Corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Ademais o artigo 126 do TRRL sinala que os cadros de persoal deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder os principios enunciados no artigo 90.1 da LBRL. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

Este mesmo artigo dispón que os cadros de persoal poderán ser ampliadas nos seguintes supostos:

a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.
b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia de establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.
c) O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas nas leis especiais ou conxunturais.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento.

TERCEIRO.- En aplicación dos artigos 2 e seguintes do Real decreto 861/86, do 25 de abril, a contía das retribucións do persoal de Administración Local será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano correspondente para cada un dos grupos de clasificación e nivel do posto de traballo que desempeñen, tendo en conta, respecto os cambios introducidos nas RPTs, que conforme ao prescrito no artigo 18.7 desta Lei, o recollido nos apartados anteriores, en relación co incremento das retribucións, debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo.

Ao non dispor do proxecto de orzamentos xerais do Estado para o ano 2024, recóllense as previsións incluídas no Acordo Marco para unha Administración do século XXI, aprobado en outubro de 2022 entre o Goberno de España e as organizacións sindicais (publicado no BOE nº 276, de data 17/11/2022), que estiman para o ano 2024 unha subida do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas no ano anterior e cal poderá engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

Nas aplicacións orzamentarias de persoal funcionario e laboral consignase o montante total deste incremento.

CUARTO.- A teor do artigo 72 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as Administracións Públicas no marco das súas competencias de autoorganización estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións e conforme ao previsto neste Capítulo.

QUINTO.- Neste sentido, o artigo 74 destaca que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

SEXTO.- En aplicación do disposto no art. 37 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Pública así como a determinación e aplicación de retribucións do persoal funcionario, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras.

Neste sentido, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, recoñece que *o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización*. Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que "*a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos,* (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

Así mesmo, a sentenza da sala terceira do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo (TS), de 09/04/2014 (Rec. 514/2013), declara no fundamento xurídico quinto, en referencia á STS de 16

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

de novembro de 2001, recurso de casación 7185/1997, FX 7º, que o cadro de persoal é un instrumento de ordenación do persoal que se presenta como unha típica manifestación da potestade organizatoria do Concello a confeccionar anualmente a través do presuposto. Conclúe no fundamento xurídico sétimo que non é preciso que "a modificación do cadro de persoal se deba someter á negociación cos sindicatos na Mesa de Negociación ao entendela excluída das materias aludidas no artigo 32 da Lei 9/1987 e si incluíla entre as que, en aplicación do art. 34.2 da mesma lei, require o sometemento a informe nos termos dos artigos 30 e 31.2 ao preponderar os "aspectos organizatorios e orzamentarios propios da potestade organizatoria municipal"

SÉTIMO.- Neste orzamento continuase co proceso de funcionarización do persoal laboral do Museo Provincial e o Servizo Oral iniciado en anos anteriores en cumprimento das seguintes disposicións normativas:

- O artigo 92 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, recolle no seu apartado primeiro que "os funcionarios ao servizo da Administración local réxense, no non disposto nesta Lei, pola Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado Público, pola restante lexislación do Estado en materia de función pública, así como pola lexislación das Comunidades Autónomas, nos termos do artigo 149.1.18.ª da Constitución. Este mesmo artigo puntualiza no apartado segundo que con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local e os seus Organismos Autónomos serán desempeñados por persoal funcionario e no apartado terceiro que corresponde exclusivamente aos funcionarios de carreira ao servizo da Administración local o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais. Igualmente son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado a funcionarios de carreira, as que impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente Lei, resérvense aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.

- A disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), dispón que "o persoal laboral fixo que á entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril, estivese desempeñando funcións de persoal funcionario, ou pasase a desempeñalos en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes de dita data, poderá seguir desempeñándoos. Así mesmo, poderá participar nos procesos selectivos de promoción interna convocados polo sistema de concurso-oposición, de forma independente ou conxunta cos procesos selectivos de libre concorrencia, naqueles Corpos e Escalas aos que figuren adscritos as funcións ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

- O artigo 9 do TRLEBEP delimita as funcións reservadas ao persoal funcionario, indicando no seu apartado segundo que "en todo caso, o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas corresponden exclusivamente aos funcionarios públicos, nos termos que na lei de desenvolvemento de cada Administración Pública establézase.

- Á súa vez o artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, relativo ás funcións e postos de traballo reservados ao persoal funcionario, sinala que corresponde exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou en salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

- Así mesmo a lexislación autonómica contempla a funcionarización do persoal laboral na disposición transitoria primeira da referida Lei de emprego público de Galicia. Así o apartado primeiro reproduce o disposto na LEBEP e o apartado cuarto permite ás demais administracións públicas, incluídas no ámbito de aplicación da presente lei, desenvolver, en condicións análogas ás previstas para a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, procesos selectivos de promoción interna abertos ao seu persoal laboral fixo que reúna os requisitos establecidos no apartado primeiro desta disposición.

- A integración e clasificación das prazas nas Escalas de Admón. Xeral e Admón. Especial efectúase conforme ao que preceptúan os artigos 169 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Polo que se refire aos destinos dos postos de traballo aos que opten os que ocupen as prazas obxecto de funcionarización, o artigo 22.1 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LRFP), relativo ao fomento da promoción interna, sinala que a proposta do Ministerio ou Organismo no que estean destinados, os aspirantes aprobados na quenda de promoción interna poderán solicitar que se lles adxudique destino, dentro do mesmo, no posto que viñesen desempeñando ou noutras postos vacantes dotados presupostariamente existentes no municipio, sempre que sexan de necesaria cobertura e cúmpranse os requisitos establecidos na Relación de Postos de Traballo. Neste caso, quedarán excluídos do sistema de adxudicación de destinos pola orde de puntuación obtido no proceso selectivo.

- Á súa vez o apartado terceiro, determina que a proposta do Ministro de Administracións Públicas, o Goberno poderá determinar os corpos e escalas de funcionarios aos que poderá acceder o persoal laboral dos grupos e categorías profesionais equivalentes ao grupo de titulación correspondente ao corpo ou escala ao que se pretende acceder, sempre que desempeñen funcións substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico, deriven vantaxes para a xestión dos servizos, se atopen en posesión da

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

titulación requirida e presten servizos efectivos durante polo menos dous anos como persoal laboral fixo en categorías do grupo profesional a que pertenzan ou en categorías doutro grupo profesional para cuxo acceso se esixa o mesmo nivel de titulación e superen as correspondentes probas, (número 3 do artigo 22 redactado polo apartado tres do artigo 50 da Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social).

O persoal laboral fixo que non participe ou que, habendo participado nos procesos selectivos, non os supere, manterá a súa condición de persoal laboral fixo, coa mesma clasificación profesional que tivera nese momento ata que se produza a extinción do seu contrato de traballo por calquera das causas legal e convencionalmente establecidas.

OITAVO.- En xeral, os cambios que se introducen no cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario e laboral fixo basease en necesidades estruturais que derivan da reorganización das áreas de goberno da Deputación Provincial, tras a constitución da nova Corporación. Isto conleva a creación de novas prazas con cargo a amortización doutras que se atopan vacantes así como algunha outra modificación de carácter singular e excepcional en determinados postos de traballo por alteración do seu contido ou pola asunción de maiores responsabilidades, que afectan ao nivel do posto e a valoración do complemento específico. En canto á inclusión da posibilidade de abrir a provisión de catro postos de xefatura de Servizo a persoal funcionario doutras Administracións Públicas, hai que advertir que esta opción axustase ao limite previsto no artigo 38 da Lei de Emprego Público de Galicia.

NOVENO.- Por último, haberá que ter en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, cando dispón que a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

Por todo o exposto, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados anteriormente, de conformidade co indicado no artigo 90 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 70.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, **PROPONSE** ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario, laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, nas que se introducen as modificacións da estrutura organizativa e funcións anteriormente transcritas, as cales apróbanse xunto co orzamento provincial para o ano 2024.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

Asinado dixitalmente á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):JMXAQX2PNZ3EZ41R

BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL QUE PRESTA SERVIZOS NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024

Estas bases contemplan as contías retributivas do exercicio 2023 polos diferentes conceptos, sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2024.

PRIMEIRA.- RETRIBUCIÓNS BÁSICAS

En aplicación do previsto no artigo 2º do Real decreto 861/86, de 25 de abril, a contía das retribucións básicas dos funcionarios da Administración local será a que fixe para cada un dos grupos de clasificación a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano correspondente, percibíndose soldos, trienios e pagas extraordinarias de conformidade co disposto legalmente para ós funcionarios da Administración civil do Estado:

a) Soldo e trienio

Grupo	Soldo	Trienios
A1	15.459,72	595,08
A2	13.367,76	485,28
C1	10.036,92	367,32
C2	8.353,56	250,08
E	7.645,68	188,16

b) Pagas extraordinarias

As pagas extraordinarias serán dúas o ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e devengaranse de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para 1988. Incluirán, ademais do importe do complemento de destino ou concepto equivalente mensual que corresponda, a contía mensual que en concepto de soldo e trienios sinale a Lei de orzamentos xerais do Estado, e cuxos importes se detallan no seguinte cadro:

Grupo	Soldo	Trienios
A1	795,00	30,61
A2	812,45	29,48
C1	722,91	26,42
C2	689,78	20,62
E	637,14	15,68

Cando os funcionarios prestaran unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores ós meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

As pagas extraordinarias devengaránse o primeiro día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario en ditas datas, salvo nos seguintes casos:

a) Cando o tempo de servizos prestados ata o día en que se devengue a paga extraordinaria non comprenda a totalidade dos seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria reducirase proporcionalmente, computando cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data do seu deveño tivese correspondido por un período de seis meses entre 182 (183 en anos bisiestos) ó 183 días, respectivamente.

b) Os funcionarios en servizo activo que se encontren gozando de licenza sen dereito a retribución nas datas indicadas devengarán a correspondente paga extraordinaria pero a súa contía experimentará a redución proporcional prevista na letra a) anterior.

c) No mes en que se produza un cambio de posto de traballo que leve consigo a adscrición a unha Administración Pública distinta da Deputación, aínda que non implique cambio de situación administrativa, en cuxo caso a paga extraordinaria experimentará a redución proporcional prevista na letra a) anterior.

d) No caso de cesamento no servizo activo, incluído o derivado dun cambio de Corpo ou Escala de pertenza, a última paga extraordinaria percibirase o día de cesamento e con referencia á situación e dereitos do funcionario na devandita data, pero en contía proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados.

Aos efectos previstos no presente apartado, o tempo de duración das licenzas sen dereito a retribución non terá a consideración de servizos efectivamente prestados.

Se o cesamento no servizo activo se produce durante o mes de decembro, a liquidación da parte proporcional da paga extraordinaria correspondente aos días transcorridos do devandito mes realizarase de acordo coas contías das retribucións básicas vixentes no mesmo.

SEGUNDA.- RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS

A) COMPLEMENTO DE DESTINO

Os funcionarios da Deputación percibirán o complemento de destino segundo ao nivel que teña atribuído o posto e de acordo coas contías previstas na Lei de Orzamentos xerais do Estado referidas a doce mensualidades, e segundo se concretan a continuación, en cómputo anual:

Nivel	Importe euros
30	13.504,20
29	12.112,56
28	11.603,52
27	11.093,76

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

26	9.732,96
25	8.635,20
24	8.125,80
23	7.617,00
22	7.107,24
21	6.598,56
20	6.129,48
19	5.816,64
18	5.503,68
17	5.190,48
16	4.878,24
15	4.564,68
14	4.252,20
13	3.938,88

B) COMPLEMENTO ESPECÍFICO

Rexerase polo previsto no artigos 23 e 24 da Lei 30/1984, de 2 de agosto; artigo 4 do R.d. 861/86, de 25 de abril, Lei de orzamentos xerais do Estado, acordos do Pleno da Corporación provincial e pactos de asignación derivados do cumprimento do acordo regulador e convenio colectivo así coma polas normas contidas neste apartado.

En cómputo anual este complemento experimentará o incremento retributivo previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos marcados.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais das que doce serán de percibo mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

Para a súa determinación teranse en conta as características particulares dos postos de traballo en atención os factores que se relacionan a continuación:

1) Especial dificultade técnica
2) Dedicación
3) Dispoñibilidade
4) Incompatibilidade
5) Responsabilidade
6) Perigosidade e penosidade

1) Especial dificultade técnica

Neste concepto retributivo valórase a complexidade técnica das tarefas inherentes aos distintos postos de traballo, en base ao tempo requirido para adquirir os coñecementos técnicos e específicos do posto, o nivel de estudos e o

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

seu contido cualitativo, así como a dificultade e o nivel de complexidade das tarefas que teñen encomendadas, fundamentalmente as referidas á carga mental, sendo o valor do punto de 112,90 €/mes:

GR	POSTO DE TRABALLO	PUNTOS	Importe
E	Operario/a, axudante	0,72	975,46
C2	Oficial/a	1,17	1.585,12
C2	Encargado/a	1,29	1.747,69
C2	Auxiliar administrativo/a	1,86	2.519,93
C1	FP-II, téc. especialista, delineante, administrativo/a, xefatura de negociado, encargado/a	1,86	2.519,93
C1	Xefatura Parque Maquinaria, adxunto/a.	2,12	2.872,18
A2	Educador/a, asistente social, e técnicos/as medios/as AE	2,31	3.129,59
A2	Técnico/a xestión AG, xefatura negociado, xefatura de unidade	2,57	3.481,84
A2	Xefaturas de sección, director/a, xefaturas de Servizo	2,71	3.671,51
A1	Posto base	3,15	4.267,62
A1	Xefatura de negociado, xefatura de unidade	3,29	4.457,29
A1	Xefatura de sección	3,40	4.606,32
A1	Adxunto/a, xefatura de centro xestor	3,67	4.972,12
A1	Xefatura de servizo	4,35	5.893,38
A1	Vicesecretario/a e viceinterventor/a	4,87	6.597,88
A1	Secretario/a, interventor/a e tesoureiro/a	7	9.483,60

Para determinar o seu importe establecéronse dúas variables, que se aplican en función do nivel de coñecementos, continuidade na formación e complexidade das funcións a desenvolver, estando estruturados en cinco grupos de clasificación, que se dividen en varios graos en atención ó nivel de especialización que se require para desempeñar o posto:

Grupo A1.- Especialización profesional en materias que esixan posuír titulación universitaria superior e actualización permanente de coñecementos xurídicos, técnicos ou científicos, investigación e deseño.
Grupo A2.- Especialización profesional en materias que esixan posuír titulación universitaria media e actualización practicamente continua en coñecementos xurídicos, técnicos ou científicos.
Grupo C1.- Especialización profesional en materias que esixan posuír titulación de COU, FP-2 ou equivalente e actualización de coñecementos periódica ou regular segundo as necesidades do posto.
Grupo C2.- Coñecementos especiais de nivel profesional alto, e actualización ocasional das habilidades manuais técnicas ou administrativas ou cambios no sistema de traballo.
Grupo E.- Coñecementos especias de nivel profesional normal e actualización mínima das habilidades manuais, técnicas ou administrativas por cambio na política de organización.

2) Dedicación

Supón o exercicio do posto de traballo con aplicación superior á ordinaria.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

As asignacións de dedicación que se producen obedecen á actual organización e sistema de funcionamento dos distintos servizos provinciais. Calquera modificación na estrutura destes, tanto organizativa coma funcional, que leve unha alteración operativa destes, poderá posibilitar a modificación das asignacións de dedicación efectuadas.

O persoal sometido ó réxime de dedicación realizará a súa actividade en réxime de total dispoñibilidade, polo que poderá ser requirido para a prestación de servizos en calquera momento fóra da xornada que teña establecida.

A deputado delegado de persoal, de conformidade co previsto no Acordo Regulador e Convenio colectivo, en función das necesidades dos servizos ou as esixencias da Corporación provincial, fixará, con carácter xeral, a xornada de traballo do persoal que teña asignada a dedicación entre as 15,00 e as 22,00 horas. Para tal efecto o persoal que teña asinado o factor dedicación deberá realizar un mínimo de vinte horas mes de traballo efectivo fóra da xornada laboral, sen prexuízo do sinalado no apartado anterior e de que o xefe do Servizo ou Centro poda esixir un aumento do horario, por necesidades do servizo, ata un máximo de 60 horas mensuais de carácter presencial no centro de traballo e fóra da xornada laboral establecida segundo o colectivo.

En caso de incumprirse o mínimo de horas sinalado no apartado anterior aboarase en nómina a dedicación correspondente ó numero de horas realmente traballadas. De reiterarse este incumprimento en tres mensualidades sen causa xustificada, suprimirase no seguinte exercicio o factor dedicación na valoración do complemento especifico do posto de traballo que a teña asinada.

En ningún caso este persoal percibirá unha retribución por gratificacións por traballo realizado fóra da xornada laboral normal.

Exclúense deste réxime de dedicación os funcionarios de habilitación estatal que cubran postos de traballo de tal natureza, que se rexerán polo establecido no acordo plenario de 28 de xullo de 1989.

A dedicación valórase conforme a seguinte táboa, sendo o valor do punto de 112,90 €/mes:

NIVEL	**GRUPOS**									
CD	Puntos A	A1	Puntos B	A2	Puntos C	C1	Puntos D	C2	Puntos E	E
30	15,81	21.419,39								
29	13,75	18.628,50								
28	11,73	15.891,80								
27	8,75	11.854,50								
26	8,56	11.597,09	8,23	11.150,00						
25	8,33	11.285,48	8,08	10.946,78						
24	8,15	11.041,62	7,92	10.730,02						
23			7,77	10.526,80						
22			7,63	10.337,12	6,9	9.348,12				
21			7,46	10.106,81	6,79	9.199,09				
20			7,31	9.903,59	6,66	9.022,97				
19					6,58	8.914,58				

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

18							4,75	6.435,30		
17							4,71	6.381,11		
16							4,65	6.299,82		
15							3,92	5.310,82	3,19	4.321,81
14									3,17	4.294,72

Así mesmo aprobase un réxime de dedicación parcial do 50% do valor previsto no cadro anterior, que se poderá asignar a través da relación de postos de traballo aos postos dos grupos C2, C1 e A que requiren unha dispoñibilidade de luns a venres, cunha presencia obrigada fóra da xornada laboral no centro de traballo, non inferior a **10 horas ao mes, nin superior a 30**. Esta dedicación parcial aplicarase aos postos que non precisen dunha dedicación plena no desempeño do posto e fóra do mesmo.

Estes criterios rexerán en tanto non sexa modificado por acordo plenario adoptado ó respecto.

3) Dispoñibilidade

3.1 De acordo coa Resolución Presidencial de data 27 de abril do 2012, pola que se establece o réxime de xornada laboral continuada ó persoal das brigadas de infraestruturas e o réxime de gardas localizadas inherentes ó desempeño do posto de traballo de 15,00 ás 18,15 horas, asignase o factor dispoñibilidade dentro do complemento específico ós seguintes postos de traballo para atender emerxencias en dito tramo horario:

Postos	Puntos	anual	mes
Xefatura de Brigada	2,05	2.777,34	198,38
Condutor/a de Brigada	1,93	2.614,76	186,77
Oficial/a de infraestruturas	1,69	2.289,61	163,54

En tal situación non causarán dereito a compensación económica por horas extraordinarias nin gratificación por garda, podendo xerar dereito a axudas de custo e desprazamento de darse as circunstancias que se contemplan no Real decreto de indemnizacións por razón del servizo. En caso contrario se valorará a súa compensación.

Estas gardas son implícitas ó posto de traballo e no suposto de que algún empregado se negue a atender unha emerxencia en este tramo horario aplicarase en nómina a dedución correspondente.

4) Incompatibilidade

Percibirán un complemento por este concepto os funcionarios que ocupen postos de traballo para os que o Pleno fixase expresamente a incompatibilidade do seu desempeño con calquera outra actividade retribuída, pública ou privada, por conta allea ou propia, agás a xestión do seu patrimonio persoal, nos termos sinalados na lexislación sobre o réxime de incompatibilidades.

Exclúense desta base os funcionarios con habilitación de carácter estatal que cubran postos de traballo de tal natureza, que se rexerán polo establecido no acordo plenario de 28 de xullo de 1989.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

A valoración deste concepto realízase por niveis de complemento de destino asignados ós respectivos postos de traballo e en valores anuais, sendo o valor do punto de 112,90 €/mes:

Nivel CD	Puntos	Importe anual
30	14,18	19.211,06
29	10,84	14.686,03
28	9,18	12.437,06
27	7,51	10.174,55
26	6,68	9.050,06
25	6,4	8.670,72
24	6,13	8.304,92
23	5,83	7.898,48
22	5,56	7.532,69
21	5,29	7.166,89
20	5	6.774,00
19	4,73	6.408,20
18	4,46	6.042,41
17	4,17	5.649,52
16	3,9	5.283,72
15	3,63	4.917,92
14	3,33	4.511,48
13	3,06	4.145,69

A incompatibilidade non é renunciable por parte do funcionario e o seu cumprimento constituirá unha falta moi grave.

Estes criterios rexerán en tanto non sexa modificado por acordo plenario adoptado ó respecto.

5**) Responsabilidade**

A través deste concepto valórase a importancia relativa das tarefas a desenvolver en cada posto de traballo e o seu impacto sobre o conxunto da organización a fin de poder responder das accións e decisións tomadas (ou omisións) así como das súas consecuencias.

O seu importe determinouse segundo o seguinte baremo de puntuación tendo en conta o grupo de clasificación, nivel de complemento de destino; responsabilidade penal; manexo e traslado de fondos corporativos de forma habitual e en contía considerable; uso e custodia de bens patrimoniais, ferramentas e edificios; relacións con organismos públicos ou privados; volume de persoal subordinado; dirección de persoal; atención ó público e complexidade organizativa, sendo o valor do punto de 112,90 €/mes:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

GRUPO	CATEGORÍA	PUNTOS	IMPORTE AÑO
E	Todos os postos	1,59	2.154,13
C2	Posto base	1,73	2.343,80
C2	Encargado/a	1,93	2.614,76
C2	Auxiliar administrativo/a, xefatura de grupo	2,06	2.790,89
C1	Posto base, administrativo/a, encargado/a	2,06	2.790,89
C1	Xefatura de negociado	2,26	3.061,85
C1	Adxunto/a	2,46	3.332,81
A2	Educador/a, asistente social, enxeñeiros/as técnicos/as	2,59	3.508,93
A2	Xefatura de unidade/xefatura de negociado	2,79	3.779,89
A2	Director/a, /xefatura sección, xefatura de servizo	2,99	4.050,85
A1	Posto base	3,12	4.226,98
A1	Xefatura negociado/xefatura de unidade	3,32	4.497,94
A1	Xefatura de sección	3,52	4.768,90
A1	Adxunto/a, xefatura centro xestor	3,72	5.039,86
A1	Xefatura de servizo	4,25	5.757,90
A1	Vicesecretario/a, viceinterventor/a	6,64	8.995,87
A1	Secretario/a, interventor/a, tesoureiro/a	9,83	13.317,68

6) Perigosidade e penosidade

O complemento de perigosidade trata de compensar o nivel de risco físico que asume o titular do posto de traballo ó desenvolver as súas funcións obrigatorias, tanto no que se refire ó risco de sufrir accidentes como de contraer enfermidades profesionais. En ningún caso se poderá utilizar este complemento para compensar riscos que sexan tecnicamente evitables.

O complemento de penosidade retribúe o grao de incomodidade, normalmente física ou psíquica que necesariamente se terá que soportar para executar as tarefas do posto, tales como as condicións ambientais, o ambiente sonoro e o nivel de ruído, a iluminación e visión do lugar de traballo, a temperatura e humidade, a existencia de vibracións no lugar de traballo, a ventilación e calidade do aire, o traballo a quendas ou en xornada partida e a manipulación de produtos con capacidade de lles orixinar riscos graves a persoas ou bens, por explosión, combustión, radiación ou outros de análoga importancia así como a manipulación ou risco de exposición a produtos tóxicos.

Estes conceptos retribúen os postos de traballo catalogados como perigosos ou penosos en función das especiais circunstancias que concorren en cada un deles, e valoraranse conforme a seguinte táboa, sendo o valor total do punto de 112,90 €/mes:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

PUNTOS	IMPORTE ANO
0,14	189,67
0,28	379,34
0,42	569,02
0,56	758,69
0,7	948,36
0,84	1.138,03

Ó persoal laboral aplicaránselle estas medidas, a través dos sistemas de equiparación retributiva recollidos no Convenio Colectivo e os acordos plenarios posteriores.

6) Valoración final

Ó importe resultante da aplicación dos factores sinalados anteriormente engadiránselle as cantidades que derivan do disposto no capítulo 10º, título 3º sobre o Acordo de mellora das condicións de traballo establecidas no Acordo Administración sindicatos para a modernización da Administración pública de 16 de novembro de 1991, publicado no BOE núm.18 de 21 de xaneiro de 1992, quedando os importes finais do complemento específico os sinalados no cadro de postos de traballo adxunto.

C) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE

1. A cantidade consignada no orzamento para este complemento queda á libre disposición da Presidencia para retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou iniciativa con que se desempeñan os postos de traballo.

O complemento de produtividade regulado no artigo 37.3 do V Acordo regulador e artigo 45 do I Convenio colectivo acreditarase o persoal que a continuación se relaciona cando concorran as circunstancias sinaladas no apartado anterior seguindo o procedemento previsto en ditos artigos:

a) Funcionarios de carreira
b) Funcionarios interinos con cargo a vacante
c) Laborais fixos
d) Funcionarios interinos sen praza por execución de programas ou contratados laborais de interinidade cun ano de servizos prestados de forma ininterrompida na Deputación Provincial. Neste suposto a produtividade devengarase a partir do primeiro día do mes seguinte.

Para proceder ó abono deste complemento de produtividade ós empregados en situación de baixa por incapacidade temporal, de duración superior a 6 meses ininterrompidos, requirirase ditame da Comisión Paritaria Mixta.

2. Nos demais casos o complemento de produtividade poderá asignarse aplicando ós seguintes criterios:

. FACTOR 1) ACTIVIDADE EXTRAORDINARIA

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

a) Actividade extraordinaria polo aumento do volume de traballo nas tarefas asignadas ó posto de traballo, ocasionado por razóns debidamente xustificadas.
b) Actividade extraordinaria pola asignación de tarefas que non corresponden ó posto de traballo.
c) Actividade extraordinaria no desempeño das funcións, cometidos e responsabilidades encomendadas.
d) Realización de funcións de condutor nas brigadas de infraestruturas e vías provinciais.

. FACTOR 2: ESPECIAL RENDEMENTO

a) Especial rendemento no desempeño do posto de traballo. Esta situación está condicionada á consecución dos resultados dentro dos prazos establecidos, así como no acerto, dedicación e entrega con que se desenvolven as correspondentes funcións.

. FACTOR 3: INTERESE E INICIATIVA

a) Dispoñibilidade horaria e resolución das incidencias en determinados programas ou Servizos.
b) Dispoñibilidade para atender as emerxencias e imprevistos.

Para a concesión deste complemento requirirase:

- Informe pormenorizado do responsable do Servizo, Unidade ou Departamento, no que se especifique a cantidade de traballo realizado, tendo en conta indicadores como a eficacia, a calidade, o logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade, ou de ser o caso, as novas funcións, as tarefas do posto acumulado, ou do posto de superior categoría a desempeñar, cometidos asignados, etc. Ademais, se procede, completarase coa avaliación do seu desempeño segundo os indicadores que se definan e a acreditación da maior dedicación horaria se fose necesario.
- Conforme do deputado delegado da área correspondente e do deputado de persoal, salvo que na mesma persoa concorran os dous cargos.

Non se tramitarán nin autorizarán encomendas verbais, sen que exista petición previa do Servizo e o correspondente informe xustificativo, salvo as que deriven de emerxencias ou imprevistos do Servizo de Infraestruturas e vías provinciais.

O xefe de Servizo deberá de dar conta ó Servizo de Recursos Humanos e Formación da finalización do motivo que xustifica o seu abono a partires do día en que se produza.

3. En ningún caso, as contías asignadas por este complemento durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

4. A pesar do indicado nos apartados anteriores, tense en conta que a valoración de dito complemento resulta un tanto complicada ao carecer, en determinados casos, de elementos de medida sobre os que asentar este concepto retributivo. De feito na Deputación non existía un parámetro obxectivo que servise para cuantificar, con carácter xeral, o rendemento esixible, a actividade extraordinaria, ou o interese e iniciativa do funcionario no desempeño do posto de traballo, nin limitación algunha sobre a asignación individual destas cantidades.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

Así, considerando a normativa vixente, o carácter subxectivo deste concepto retributivo e o actual sistema de organización e funcionamento da Deputación, establecese nos seguintes apartados o límite máximo a que pode chegar a valoración do importe deste complemento, base de cálculo, supostos excluídos e período de concesión:

a) BASE DE CÁLCULO

Como base de cálculo tomarase o sumatorio dos conceptos retributivos de soldo base mais complemento de destino, por canto que veñen determinados con carácter xeral para todos os empregados segundo o grupo de clasificación na Lei de orzamentos xerais do Estado.

b) CONTÍA MÁXIMA

O importe máximo a percibir fixase en función de tres factores:

- FACTOR 1.- Ata o 20 por cento da base de cálculo: cando na actividade desempeñada polo funcionario concorra unha das tres circunstancias que fundamentarían a concesión do complemento de produtividade.
- FACTOR 2.- Entre o 20 e 40 por centro da base de cálculo: cando na actividade desempeñada polo funcionario concorra de forma acumulada dúas das circunstancias que fundamentarían a concesión do complemento de produtividade.
- FACTOR 3.- Entre o 40 e o 60 por centro da base de cálculo: cando na actividade desempeñada polo funcionario concorran de forma acumulada as tres circunstancias que fundamentarían a concesión do complemento de produtividade.

En casos excepcionais poderanse superar os referidos límites en función do número de horas traballadas fora da xornada laboral.

Considerando estes limites, o deputado delegado de área realizará, se procede, a proposta de concesión do complemento de produtividade que corresponda, ben por iniciativa propia ou do xefe de Servizo, e valorará de forma estimativa o seu importe. Na mesma deberá xustificarse de forma motivada que concorren as circunstancias obxectivas descritas no apartado primeiro, entre outras, explicando con precisión en que consiste o especial rendemento, a actividade extraordinaria e/ou o interese ou a iniciativa no desempeño do posto. Finalmente será o deputado delegado de persoal o que concretará, de estimala procedente, de forma definitiva a cantidade asignada a cada empregado na Resolución de concesión.

En todo caso, a produtividade estará supeditada á existencia de consignación orzamentaria suficiente.

c) SUPOSTOS EXCLUÍDOS

Pola singularidade dalgúns postos de traballo, quedan excluídos da aplicación da contía máxima a percibir por este concepto ós postos de habilitación nacional, o titular da asesoría xurídica e os condutores do Parque Móbil que determine a Presidencia. Así mesmo poderán excluírse aqueles postos que non podan obxectivamente ser desempeñados por outro funcionario distinto, por requirir unha habilitación profesional ou capacitación técnica que non concorra en ningún outro funcionario de carreira da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

d) PERÍODOS DE CONCESIÓN

A duración do complemento de produtividade poderá ser anual, semestral, trimestral ou mensual. En todo caso, poderá ser revocada en calquera momento si cesa a circunstancia ou circunstancias que motivaron a súa concesión, como consecuencia dunha reasignación de tarefas, así coma no caso de cambio de posto, cese de persoal de libre designación, etc.

TERCEIRA.- GRATIFICACIÓNS

As gratificacións por servizos extraordinarios experimentarán o incremento que determine a Lei de orzamentos xerais do Estado para este concepto retributivo.

Horas extraordinarias

Realizaranse previa autorización expresa do deputado delegado, concedida para un ou varios funcionarios dunha unidade, para un período de tempo concreto e unhas tarefas específicas que xustifiquen a súa necesidade, co tope máximo que resulte das consignacións orzamentarias dispoñibles para o efecto e sempre que non excedan dun máximo de 40 horas/mes, podendo, excepcionalmente superar este límite e ata un máximo de 50 horas/mes, o persoal de oficios nos casos de forza maior ou cando a xefatura do Servizo acredite a urxente e inaprazable necesidade de ter que executar o traballo que se lle encomenda fóra da xornada laboral. Por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, o deputado delegado poderá validar as situacións creadas, previa tramitación do expediente no que, ademais da excepcionalidade, conste a existencia de crédito. A súa valoración determinase para cada suposto concreto no seguinte cadro:

Nivel CD	Grupo A1	Grupo A2	Grupo C1	Grupo C2	Grupo E
28 ó 30	25,67				
17 ó 27	18,68	16,83	14,98	11,99	
10 ó 16				9,72	7,86

As horas extraordinarias en traballos de oficina non se poderán realizar a partir das 20:00 horas, salvo que existan circunstancias excepcionais xustificadas pola xefatura de Servizo e conformadas polo deputado/a delegado/a de persoal.

As horas extraordinarias realizadas entre as 22,00 e as 8,00 horas incrementarán a súa contía nun 50% sobre o valor correspondente. As horas extraordinarias realizadas en domingos e festivos incrementarán a súa contía nun 50% sobre o seu valor correspondente.

As horas extraordinarias compensaranse preferentemente con tempo de descanso acumulable a razón de dúas horas por cada unha realizada, salvo nos casos de horas nocturnas ou en días festivos, que terán unha compensación de dúas horas e media por cada unha realizada. En calquera caso a compensación efectuarase previo informe do xefe de Servizo ou Centro xustificativo da necesidade de realizar traballos fora da xornada laboral e por autorización do deputado delegado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

Dita compensación efectuarase preferentemente dentro do ano natural e polo período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, respectando a preferencia dos que teñan pendente de desfrute días de vacacións ou de asuntos propios.

No réxime de xornada laboral en quendas non terán a consideración de horas extraordinarias os excesos de xornada de duración inferior a unha hora.

No réxime de xornada laboral continuada non terán a consideración de horas extraordinarias os excesos de xornada diaria inferior a unha hora.

Así mesmo, non se aboaran por este concepto as horas de formación realizadas fora da xornada laboral, salvo naqueles supostos no que a formación teña carácter obrigatorio para o desempeño do posto de traballo.

A percepción da axuda de custo por manutención é incompatible coa percepción da gratificación en concepto de traballo realizado fóra da xornada laboral no tempo que resulte preciso para o deveño desta axuda, que se estima dun mínimo de 30 minutos.

Retribucións por xornadas especiais

1) Os funcionarios que desenvolvan a súa xornada laboral en domingos e festivos percibirán a cantidade de 31,74 € por xornada traballada e 11,73 € por cada sábado.

2) Igualmente, os funcionarios que presten servizos na quenda de noite, con excepción daqueles que o desempeñen desta forma, en virtude da propia natureza das súas funcións, percibirán a cantidade de 24,12 € por noite traballada.

3) O persoal que traballe a quendas rotatorias ou en xornada partida, en atención á súa especial dedicación, percibirá a cantidade de 64,59 €/mes.

4) Os funcionarios que presten servizos de noite pola propia natureza das súas funcións percibirán a cantidade de 1.293,97 €/ano.

5) O persoal das brigadas do Servizo de Infraestruturas e vías provinciais percibirá unha gratificación por garda localizada realizada durante a fin de semana ou festivo nas termos e condicións establecidas no V Acordo regulador e no I Convenio colectivo así como na Resolución de instrucións de nóminas

6) Ademais, o persoal das brigadas do Servizo de Infraestruturas e vías provinciais percibirá unha gratificación de 45,55 € por garda localizada efectivamente realizada durante a semana fóra da xornada laboral e no tramo horario comprendido entre as 19,00 horas dun día e ás 8,00 horas do día seguinte, cantidade que se aboará sempre e cando se lle requira a prestación dun servizo determinado, en cuxo caso se lle acreditará o importe da garda e as horas traballadas tendo en conta o disposto nos seguintes apartados.

7) O persoal da Explotación agrícola gandeira da Finca Mouriscade percibirá unha gratificación por garda e traballos de fin de semana de 86,26 €/día de traballo efectivo.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

Retribucións por servizos especiais

O persoal de oficios que preste asistencia aos Concellos como maceros fóra da xornada laboral, percibirá unha gratificación por importe de 115,87 € por día.

O persoal técnico do grupo A, funcionario de carreira, que se lle asigne unha dirección de obra, percibirá unha gratificación de 50€/mes por cada obra, unha vez certificada a súa execución. Na asignación das direccións de obras procurarase un reparto equitativo entre o persoal técnico do Servizo.

CUARTA.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL LABORAL FIXO

As retribucións do persoal laboral fixo experimentarán o incremento que determine a Lei de Orzamento Xerais do Estado e se adecúan o acordo de equiparación salarial previsto no I Convenio Colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial, estando suxeitas o mesmo réxime que o persoal funcionario en canto a determinación, desagregación e pago dos diferentes conceptos polos que se calculan as súas retribucións.

Neste senso, o réxime dedicación e dispoñibilidade esixirase a todo o persoal laboral fixo nos mesmos termos e condicións cas previstas para o persoal funcionario, podendo chegar a suprimirse ou suspenderse o importe de dito subconcepto retributivo, que se ten en conta para calcular o importe do complemento de convenio, de non concorrer as circunstancias recollidas no base segunda apartado B) 2.

Conforme ao recollido no artigo 83 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, poderá asignárselle ao persoal laboral fixo un complemento de posto de traballo pola asunción de funcións de coordinación e maior responsabilidade, de xefaturas de sección, negociado ou unidade, segundo o grupo de clasificación a que pertenzan, que será calculado pola equivalencia resultante cos postos de persoal funcionario do mesmo grupo e nivel.

A asignación destas funcións levarase a cabo por concurso de méritos específico entre aquelas persoas que reúnan as condicións esixidas para o seu desempeño. A remoción destas funcións efectuarse mediante resolución motivada e nos supostos previstos para a remoción de postos de persoal funcionario provistos por concurso de méritos. Este complemento é incompatible coa percepción do factor dedicación.

QUINTA.- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS

As retribucións dos funcionarios interinos, nomeados conforme o previsto no artigo 10.1 apartado c) e d) do EBEP, imputaranse as aplicacións orzamentarias de funcionarios có subconcepto 50.

As retribucións deste persoal deberán equipararse ó posto de traballo que corresponda co seu grupo de titulación. Para tal efecto establécense oito postos base por grupo de titulación e nivel de complemento de destino, estando determinado o importe do complemento específico, segundo as categorías profesionais, en atención á especial dificultade técnica, responsabilidade, perigosidade, penosidade, factor correctivo e outros:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

POSTO BASE	GRUPO	C. Destino
Técnico/a Superior	**A1**	**25**
Técnico/a Medio/a	**A2**	**23**
Técnico/a auxiliar, administrativo/a, FP-II	C1	20
Auxiliar administrativo/a	C2	18
Oficial/a	C2	17
Axudante/subalterno/operario	E	14

O complemento específico será equivalente a dun posto base do mesmo grupo de clasificación, sen dedicación.

SEXTA.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL

As retribucións de todo o persoal laboral temporal deberán equipararse ós postos de traballo que lles corresponda o seu grupo de titulación. Para tal efecto establécense oito postos base por grupo de titulación e nivel de complemento de destino, estando determinado o importe do complemento específico, segundo a categoría profesional, en atención á especial dificultade técnica, responsabilidade, perigosidade, penosidade, factor correctivo e outros:

POSTO BASE	GRUPO	C. DESTINO
Técnico/a Superior ~~con cargo~~	**A1**	**25**
Técnico/a Medio/a ~~con cargo~~	A2	23
Técnico/a auxiliar, administrativo, FP-II	C1	20
Auxiliar administrativo/a	C2	18
Oficial/a	C2	17
Axudante/a, subalterno/a, operario/a	E	14

Nos casos de incapacidade temporal ou maternidade, estas retribucións aplicaranse, en función do grupo, a todos os postos con independencia do nivel de complemento destino e especifico do funcionario ou traballador ó que substitúa.

SÉTIMA.- INSTRUCIÓNS DE NÓMINAS

1) As nóminas de persoal funcionario, laboral e eventual pecharanse no Servizo de Recursos Humanos e Formación o día 5 de cada mes. Unicamente poderán introducirse variacións por altas e baixas nas contratacións de persoal laboral temporal e nomeamentos interinos sen praza en situacións de maternidade, paternidade ou similares que se produzan a partir desa data e ata o 15 de cada mes.

2) As liquidacións de gastos en concepto de gratificacións, axudas de custo e desprazamentos deberán presentarse no Servizo de Recursos Humanos e Formación, debidamente cubertos, a mes vencido e antes do día 5 de cada mes, debendo cubrir todos os apartados destinados a identificar o funcionario ou traballador así como o servizo realizado.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

3) As relacións dos gastos devengados en concepto de axudas de custo, desprazamentos ou asistencias a Plenos, Xunta de Goberno, Comisións Informativas ou outros órganos de goberno deberán ser remitidas ó Servizo de RRHH antes do día 10 de cada mes.

4) As relacións de persoal con dereito a gratificación por traballar en sábados, domingos ou festivos, realizar gardas, etc., deberán confeccionarse por separado, diferenciando entre persoal funcionario, interino ou laboral, e concretar o número de empregado que figura en nómina.

5) As xustificacións de gastos en concepto de axudas de custo ou desprazamentos en comisión de servizos ou residencia eventual que non se correspondan coa autorización ou orde de servizo devolveránselle ao interesado e ao servizo ou unidade administrativa para que emende o defecto ou omisión e, se procede, tramitar o seu pagamento.

6) A documentación de nómina que se entregue con posterioridade a esta data tramitarase antes de que finalice o ano.

7) A nómina retroactiva confeccionarase nos dez primeiros días de cada mes con respecto a aqueles conceptos que afecten ás cotizacións á Seguridade Social.

8) O Servizo de Recursos Humanos deberá remitirlle a nómina a Intervención para a súa fiscalización nos 20 primeiros días de cada mes.

9) O traballo a quendas, en xornada partida ou fóra da xornada laboral deberá respectar o descanso mínimo obrigatorio entre xornadas de polo menos doce horas, podéndose alterar pola tipoloxía do centro ou servizo, a instancia dos interesados e por acordo entre as partes.

11) A programación e realización de gardas por parte do persoal das brigadas do Servizo de Infraestruturas e vías provinciais efectuarase de acordo coas seguintes normas:

a) O responsable dos Servizos Técnicos de infraestruturas e vías provinciais, coa conformidade do director, establecerá o réxime de gardas de fin de semana, que comprende desde as 15,00 horas do venres ás 7,45 horas do luns. Así mesmo, determinará o réxime de gardas durante a semana, que se estenderá das 18,15 ás 7,45 horas de luns a xoves.
b) Este réxime de gardas ten carácter voluntario, polo que anualmente a xefatura de servizo esixirá a cada empregado/a que acepte por escrito as condicións establecidas.
c) As gardas realizaranse por toda a provincia na zona correspondente ou naquelas nas que necesidades do Servizo o requiran. O responsable dos Servizos técnicos de Infraestruturas e vías provinciais deberá comunicarlle ó Servizo de Recursos Humanos e Formación a asignación de gardas nos cinco primeiros días de cada mes.
d) As relacións xustificativas das gardas realizadas presentaranse a mes vencido no Servizo de Recursos Humanos e Formación e deberanse confeccionar no modelo oficial por brigadas e dentro destas por categorías profesionais e por orde alfabético.
e) Os xefes de brigada deberán comunicarlle ó vixilante de quenda da Deputación a hora de regreso da brigada cando finalice a prestación do servizo de garda.
f) A xustificación de gardas deberá indicar o servizo realizado, lugar, día e hora, así como o traxecto percorrido do domicilio ou centro de traballo deica o seu destino.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

g) En casos excepcionais, de producirse continuidade no traballo de garda durante todo o día, valorarase a posible compensación da garda cun día libre a fin de respectar o descanso mínimo obrigatorio entre xornadas.

h) As gardas serán retribuídas en concepto de gratificacións conforme os seguintes importes e segundo a situación en que se produzan:

TIPO DE GARDA	HORARIO	IMPORTE
Garda de fin de semana	Das 15,15 do venres as 8,00 do luns	91,11
Garda de fin de sema con venres festivo	Das 18,15 do xoves a 8,00 do luns	109,33
Emerxencia da semana	De luns a xoves de 15,00 as 18,15 e con regreso anterior as 19,00 horas	0
Emerxencia da semana	De luns a xoves, con regreso posterior ás 19,00 horas e ata as 8,00 horas do día seguinte	45,55
Festivo	Das 8,00 horas do día festivo ás 8,00 horas do día seguinte	36,44
Semana santa: Garda mércores, xoves e venres	Do mércores as 18,15 horas ó sábado as 8,00 horas	91,11
Semana santa: Garda sábado e domingo	Do sábado as 8,00 horas ó luns as 8,00 horas	72,89
24 e 31 de decembro, con saída diúrna	Das 8,00 horas do 24 ó 31 as 8,00 horas do día seguinte	36,44
24 e 31 de decembro, con saída nocturna	Das 22,00 horas do 24 ó 31 ás 8,00 horas do día seguinte	115,87
24 e 31 de decembro, sen saída	Das 8,00 horas do 24 ó 31 ás 8,00 horas do día seguinte	31,74
Fora destas datas non se admiten outras combinacións		

En caso de Garda de fin de semana aboarase a gratificación por Garda de fin de semana, con o sen saída, as horas extraordinarias que correspondan de producirse unha saída, e demais indemnizacións por razón do servizo que contempla o RD 462/2002, de 24 de maio, en concepto de axudas de custo e desprazamentos, de concorrer as circunstancias que no mesmo se detallan.

Todas as saídas das Brigadas de Infraestruturas e vías provinciais por emerxencias que se produzan con anterioridade ás 7:00 horas compensaranse economicamente coa gratificación establecida para atender estas situacións. A hora de referencia, que se terá en conta, será a hora na que se reúna o equipo de traballo para saír en dirección ó lugar do accidente. Polas saídas posteriores á hora sinalada non se aboara dito concepto retributivo.

Así mesmo, de producirse a saída por emerxencia antes das 18,15 horas, e continuar despois das 19,00 horas, aboarase o importe das horas extraordinarias realizadas e o módulo da garda por emerxencias.

Nas saídas por emerxencias posteriores ás 19:00 horas aboarase a axuda de custo de media manutención cando o regreso sexa posterior ás 22 horas e teña un duración mínima de catro horas, sempre que se

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

xustifique o gasto realizado con factura orixinal e ticket de pago. Non se aboará este importe cando as saídas sexan posteriores ás 22 horas.

O réxime de gardas por semana e fin de semana será de aplicación ao persoal condutor maquinista que se incorpore ao sistema de gardas establecidas para as brigadas de infraestruturas e vías provinciais.

OITAVA.- AXUDAS SANITARIAS

Considérase axuda sanitaria o auxilio económico outorgado por esta Deputación en virtude da utilización de potestades discrecionais para compensar gastos de natureza médica ou sanitaria. En documento anexo regulase o procedemento a seguir para a concesión deste tipo de axudas.

Conforme o disposto no art. 147 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, as cantidades abonadas en concepto de axudas de sanitarias computaranse na base de cotización ó Réxime xeral da Seguridade Social.

Como consecuencia, o pago e cotización deberá efectuarse no primeiro trimestre do ano seguinte e a súa cotización será rateada por esta anualidade de xaneiro a decembro.

Ademais, ditas axudas non estarán suxeitas ó IRPF.

Co fin de poder tramitalas con tempo suficiente as solicitudes deberán presentase na sede electrónica da Deputación no **prazo de un mes**, a contar dende a data de expedición da correspondente factura ou desde a finalización do tratamento no caso de estar financiado, en cuxo suposto deberá acreditarse coa declaración xurada do interesado e informe do facultativo.

O prazo máximo de resolución deste tipo de axudas será de 12 meses contados a partires da data de presentación da solicitude na sede electrónica da Deputación.

En caso de xubilación deberán solicitarse con, ó menos, dous meses de antelación á data de xubilación e o seu importe será rateado nas nóminas anteriores do ano no que se proceda ó seu abono, salvo no caso no que se declare ó empregado en situación de incapacidade permanente.

A través da Comisión Paritaria Mixta desenvolveranse as normas que regulen a concesión das axudas sanitarias aos empregados interinos tendo en conta os criterios establecidos para o seu pagamento e cotización

NOVENA.- PERSOAL DE ALTA DIRECCIÓN

Nos contratos laborais do persoal de alta dirección da Deputación ou Organismos Autónomos non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á establecida na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial. A xornada laboral será a prevista

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

legalmente para persoal funcionario, quedando sometido o réxime dedicación salvo que no contrato se estableza outro réxime distinto.

Ó persoal directivo con contrato de alta dirección, que teña a condición de persoal laboral fixo da Administración Pública, se lle aboará a antigüidade que teña recoñecida no posto de traballo da Administración de orixe, aplicándose os importes e o grupo de clasificación equivalente ao do persoal funcionario.

Neste caso concreto, relativo á acreditación da antigüidade, enténdese que o persoal directivo laboral fixo atopase nunha situación comparable ao persoal directivo funcionario de carreira, ao existir identidade substancial nas tarefas desempeñadas por uns e outros. O valor do trienio será o que corresponde ó grupo de clasificación do posto de traballo que desempeñaba na Administración de orixe e por un importe que non poderá exceder do establecido para o persoal funcionario dese mesmo grupo.

DÉCIMA.- ASISTENCIAS A TRIBUNAIS

De conformidade co establecido no artigo 27.1 b) do Real decreto 462/2002 de 24 de maio, enténdese por asistencia a indemnización regulamentaria que proceda abonar por participar en tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou das probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades.

Esta indemnización aboarase por cada sesión ou reunión do tribunal, devengándose unha única asistencia no suposto de que se celebre mais dunha sesión nese día e aínda que sexan exercicios distintos dentro do mesmo proceso selectivo (incluída a sesión de constitución do Tribunal) .

No procesos selectivos de contratacións laborais temporais, cando se designe o mesmo tribunal para a selección de persoal de distintos postos de traballo devengaráse unha única asistencia por día, aínda que teñan lugar varias sesións nese día.

Quedan excluídos deste tipo de indemnizacións as asistencias a tribunais de selección ou valoración de méritos de bolseiros.

DÉCIMO PRIMEIRA.- AXUDA ECONÓMICA POR ASISTIR A CURSO, XORNADA, CONGRESO..

Poderán concederse permisos e axudas económicas para asistir a cursos, conferencias, congresos, xornadas, seminarios ou reunións cando exista unha **correlación inequívoca** entre a materia a tratar e as funcións ou contido posto de traballo que desempeñe o interesado.

O procedemento iniciarase a petición da persoa interesada, mediante a presentación da solicitude na sede electrónica da Deputación, xunto co programa da actividade e informe favorable do xefe de Servizo e o conforme do deputado delegado de área, ou ben a proposta do respectivo xefe de Servizo ou deputado delegado cando a asistencia se produza en comisión de servizos.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

Para súa tramitación requírese que a presentación das solicitudes ou propostas se efectúe con polo menos 15 días naturais de antelación á data de inicio, salvo as comisións de servizos ordenadas pola Presidencia ou deputado delegado. De non presentarse no prazo indicado, deberá xustificarse a imposibilidade de solicitalo con esa antelación.

A concesión deste permiso e axuda económica corresponde ó deputado delegado de persoal. De non tramitarse segundo o establecido, o deputado delegado poderá validar o permiso e as indemnizacións que correspondan, por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, previa tramitación do expediente, no que, ademais da excepcionalidade, conste a existencia de crédito.

Esta axudas poderán aboarse en concepto de gastos de matricula ou inscrición, desprazamentos e axudas de custo, nos termos que se indican a continuación:

A. Gastos de matricula: aboarase o 50% do seu importe. Se o empregado asiste en comisión de servizos por orde da Presidencia ou do/a deputado/a delegado/a aboarase o 100%.
B. Desprazamentos en coche ó lugar do curso (…): Aboarase o importe establecido no Real decreto 462/2002, de 24 maio. Cando varios interesados soliciten a mesma actividade e axuda por desprazamento procurarán utilizar o mesmo vehículo.
C. Desprazamentos no lugar de destino do curso (…) a celebrar fora da provincia: utilizarase preferentemente o transporte público (metro, autobús, tren). En casos excepcionais, de utilizarse o taxi, comprobarase a coincidencia co horario de celebración do curso ou reunión e deberá acreditarse a imposibilidade de utilizar un medio de transporte público. En todo caso, o importe máximo total autorizado nestes casos será de 100,00 €. Se o empregado asiste en comisión de servizos por orde da Presidencia ou do/a deputado/a delegado/a aboarase o 100%.
D. Desprazamento en avión ou tren: Aboarase o importe do billete cun limite máximo de 300 € por curso, xornada ou congreso, salvo nas comisións de servizo ordenadas pola Presidencia ou deputado delegado.
E. Axudas de custo: Aboaranse conforme o previsto no Real decreto 462/2002, de 24 de maio, segundo o grupo de clasificación do empregado en concepto de residencia eventual, salvo que se autorice a asistencia en comisión de servizos, en cuxo caso se satisfará o 100% do importe da axuda recollida no referido RD.

Unha vez finalizado o curso, conferencia, congreso, xornada ou seminario a persoa interesada deberá presentar no prazo de dez días hábiles unha memoria sobre o desenvolvemento da actividade formativa e as conclusións obtidas, debendo xustificar, igualmente, con suxeición á normativa establecida, a asistencia co correspondente certificado ou diploma, os gastos de matrícula aboados, e os gastos xerados de acordo co RD 462/2002. De asistir a reunións deberase achegar a súa convocatoria ou calquera outro documento que acredite a data, hora en lugar da súa celebración.

Nos desprazamentos deberá presentarse a tarxeta de embarque, billete de tren, bus ou documento que acredite os horarios da viaxe.

Nas comisións de servizos que se tramiten co carácter de a xustificar ou con cargo a caixa fixa, a xustificación da manutención deberá de efectuarse coa factura orixinal e de non presentarse aboarase o importe previsto no RD 462/2002, de 24 de maio.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

En caso de asistencia a reunións de traballo deberá xustificarse documentalmente a súa convocatoria, na que se indique o día, hora e lugar na que se celebrará.

As xustificacións das indemnización por razón do servizo que non se presenten dentro do prazo previsto no RD 462/2002 non serán aboadas salvo causa xustificada.

En todo caso, a tramitación e xustificación destas indemnizacións realizarase conforme o disposto na RP nº 2016010945, de 31 de maio de 2016.

DÉCIMO SEGUNDA.- DOCENTES INTERNOS DO PLAN DE FORMACIÓN DA DEPUTACIÓN.

Aqueles empregados da Deputación que sexan propostos para impartir docencia no Plan de Formación da Deputación non poderán percibir por tal concepto unha cantidade superior ós 5.000 € en cómputo anual.

A formación presencial destes docentes aboarase a razón de 65 €/hora, a semipresencial a 50 €/hora presencial, a on line a 10 €/hora, e a teleformación a 50 €/hora.

DÉCIMO TERCEIRA.- ANTICIPOS REINTEGRABLES

De acordo co disposto no artigo 78 do I Convenio Colectivo para persoal laboral e 65 do V Acordo Regulador para persoal funcionario non se tramitará unha nova solicitude de préstamo ou anticipo ata que o interesado teña amortizado a totalidade do anticipo ou préstamo que lle fora concedido con anterioridade.

Os interesados que adianten a amortización para solicitar un novo anticipo estarán suxeitos a un período de carencia de a lo menos tres meses, co fin de garantir a concesión de anticipos ó persoal que non o solicitou con anterioridade, salvo que o motiven por razón de enfermidade grave.

Cando o crédito existente non sexa suficiente para atender todas as solicitudes aplicaranse o seguintes criterios de preferencia na concesión dos anticipos:

- Non ter recibido nunca un anticipo ou préstamo
- Data de amortización do anticipo ou préstamo
- Data de presentación da solicitude

No suposto no que un empregado ó que se lle outorga un anticipo cause baixa no seu posto de traballo, como consecuencia da finalización da súa relación laboral, concesión de calquera tipo de excedencia ou suspensión da relación laboral, o reintegro das cantidades pendentes, non devoltas, será practicado dentro do mesmo mes no que se produza a mencionada baixa.

Así mesmo, deberá terse en conta que na situación de Pago Directo da prestación por incapacidade temporal (IT) polo INSS dende os 365 dias da IT en adiante e ata un máximo de 180 días, o reintegro das cantidades pendentes

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ

farase efectivo polo funcionario afectado mensualmente e ata que se resolva dita situación, ben ingresando dito importe na Tesourería da Deputación ou ben mediante transferencia bancaria.

DÉCIMO CUARTA.- PLAN DE PENSIÓNS

Inclúese na aportación extraordinaria ao plan de pensións por xubilación ou falecemento, a cantidade que lle houbese correspondido ao persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da aportación do promotor polo ano no que causa baixa na Deputación por tal motivo.

DÉCIMO QUINTA.- AXUDAS POR DISCAPACIDADE

A concesión das axudas económicas por persoas discapacitadas e as que deriven de calquera modificación da súa situación terá efectos económicos a partir do primeiro día do mes seguinte ó da presentación da solicitude.

DÉCIMO SESTA.- DESPRAZAMENTOS PERÍODICOS POR RAZÓN DO SERVIZO

Estes desprazamentos realizaranse previa autorización expresa do deputado delegado e concederanse para un ou máis empregados dunha determinada Unidade durante un período de tempo concreto e unhas tarefas específicas, debidamente relacionadas, que xustifiquen a súa necesidade. Por circunstancias excepcionais debidamente motivadas, o deputado delegado poderá validar as situación creadas, previa solicitude explicativa na que, ademais da excepcionalidade, conste a existencia de crédito.

Co fin de facilitar a fiscalización das follas xustificativas destes desprazamentos, considerase conveniente a esixencia a cada traballador do informe de fichaxes emitido polo sistema de control horario, o que se achegará as referidas follas xustificativas.

Naquelas situacións nas que non conste o fichaxe no centro de traballo do empregado que realiza o desprazamento, procederase ó aboamento das indemnizacións por razón do servizo que excedan do percorrido habitual entre o domicilio e o centro de traballo do empregado. Se o desprazamento ao lugar de traballo se efectúa en tren, bus ou barco, aplicarase o desconto sobre o prezo do billete.

Asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):R39N3ZVWECXAAJBJ